

Pel de lixa

Honoré de Balzac

Tradución de María Dolores Ramos Duarte



Pel de lixa

Honoré de Balzac

Tradución de María Dolores Ramos Duarte

Cara á fin do mes de outubro pasado, un pouco despois da hora á que abren as casas de xogo, de conformidade coa lei que protexe, en París, unha paixón esencial que se impón, un mozo chegou ao Palais-Royal e, sen vacilar, subiu a escaleira da timba situada no número 39.

—Señor, o seu chapeu, por favor... —gritoulle cunha voz seca e rouca un vello pálido, agochado na escuridade, protexido por unha barricada e que, erguéndose de súpeto, amosou o rostro dun tipo innobre.

Cando vostede entra nunha casa de xogo, a lei comeza por despoxalo do seu chapeu. É esta unha parábola evanxélica e providencial? Quérese, por casualidade, facilitarlle o pracer de arrincar o pelo cando perda? Será para obrigalo a gardar unha compostura respectuosa perante os que gañaron o seu diñeiro? É unha curiosidade da policía que, buscando en todos as cloacas sociais, está interesada en saber o nome do seu sombreireiro ou o seu, se o leva inscrito no forro? Será, en fin, para tomarlle a medida do seu cranio e redactar unha estatística instrutiva sobre a capacidade cerebral dos xogadores?

Sobre este tema a administración garda un absoluto silencio.

O único certo é que, aínda non deu un paso cara ao tapiz verde e o seu chapeu xa non lle pertence máis do que vostede a vostede mesmo. Vostede, a súa fortuna, o seu chapeu, o seu bastón e o seu abrigo pertécelle ao xogo.

Cando sae, o xogo, por un atroz epigrama, aínda lle deixa algunha cousa ao devolverlle a súa equipaxe pero, se por desgraza, vén vostede cun sombreiro novo, aprenderá, á súa custa, que lle cómpre un traxe de xogador e, sobre todo, non padecer catarro nasal.

A estrañeza, manifestada polo descoñecido cando recibiu unha ficha cun número a cambio do seu chapeu cos bordos endurecidos, indicaba que era unha alma aínda inocente.

O vello que, sen dúbida, estivera sumido desde mozo nos atroces praceres da vida de xogador, lanzoulle unha mirada sombría e fría na que un filósofo podería ler as miserias do hospital, as vagabundaxes da xente despoxada, as actas dunha multitude de ruínas, os traballos forzados a perpetuidade, os desterros a Guazalco...

Este home tiña unha cara de venres cuxas fibras só se mantiñan coa sopa xelatinosa do señor de Arcet. Presentaba unha viva imaxe da paixón reducida á súa expresión máis simple. Nas súas engurras había pegadas de antigas torturas. Seguramente xogaba o seu escaso soldo o mesmo día no que o recibía. En fin, coma un famelgo sobre o que os lategazos xa non causan ningún efecto, non se estremecía cos xordos xemidos nin coas mudas imprecacións nin coas miradas aparvadas dos xogadores cando saían arruinados. Era a encarnación do xogo.

Se o mozo se parase a contemplar este triste Cerbeiro quizais diría:

—Nese corazón só hai un xogo de cartas...

Pero o descoñecido non escoitou este aviso en carne e óso, colocado alí, sen dúbida, pola providencia do mesmo xeito que puxo o noxo á porta de todos os lugares de mala reputación. Non, el entrou resoltamente na sala onde o ouro producía unha prestixiosa música. Probablemente este mozo se vise arrastrado alí pola lóxica de todas as elocuentes frases de J.-J. Rousseau, e das que velaquí, creo eu, o triste pensamento:

—*Si, eu entendo que un home vaia ao xogo pero cando entre el e a morte só ve o seu último escudo.*

Pola tarde, as casas de xogo teñen unha poesía vulgar cuxo efecto é tan seguro coma o dun melodrama cheo de sangue. As salas están cheas de espectadores e de xogadores, de vellos indixentes que se van quentar alí, de rostros axitados, de orxías que comezaron no viño e que están a piques de acabar no Sena. A paixón abunda pero o exceso de actores impide que contemple vostede fronte a fronte o demo do xogo. A velada é unha verdadeira reunión na que a tropa enteira grita, onde cada instrumento da orquestra modula a súa frase...

Verá moitas persoas honorables que veñen na procura de distracción e que a pagan coma se pagasen o pracer do espectáculo, da gula ou coma se fosen a unha bufarda mercar, a bo prezo, remorsos para tres meses.

Pero, comprende vostede todo o que de delirio e de vigor debe ter na alma un home que espera con impaciencia que abra a timba? Existe, entre o xogador fiel á hora e o xogador da tarde, a diferenza que distingue o marido indolente, do amante que pasea baixo as ventás da súa amada. Á mañá só chegan a paixón palpitante e a necesidade no seu franco horror. Nese momento, pódese admirar un verdadeiro xogador, un xogador que non comeu nin durmiu nin viviu nin pensou, de tan fortemente flaxelado que se sente polo látego da súa combinación, e que sufriu moito, atormentado polo prurito dunha xogada...

A esa hora, só encontrará vostede ollos cunha calma que asusta, rostros fascinantes, miradas que levantan as cartas e as devoran. Si, persoas que están preparadas para matarse, despois de vir tentar a sorte unha última vez, axustan os seus últimos sufrimentos antes de cear. Pasadas oito horas só quedan rabias accidentais debidas ao azar das cartas cando a vermella ou a negra gañaron dez veces seguidas.

Por outra parte, as casas de xogo só son sublimes cando se abre a súa sesión. Se España ten as súas corridas de touros, se Roma tivo os seus gladiadores, París séntese orgulloso do seu Palais-Royal cuxas irritantes ruletas proporcionan o pracer de ver correr o sangue a mares, sen que os pés do patio de butacas teñan o risco de esvarar nel. Intente botar unha mirada furtiva sobre esta arena... Entre!

Que nudez! As paredes, cubertas de papel graxento á altura do home, non ofrecen unha imaxe que poida refrescar a alma, nin sequera un cravo para facilitar o suicidio. O chan está sempre sucio. No centro da sala hai unha mesa redonda e a simplicidade das cadeiras de palla apertadas ao redor do tapete gastado polo ouro, anuncia unha curiosa indiferenza polo luxo nos homes que veñen morrer aí pola fortuna e o luxo. Esta antítese humana maniféstase cando a alma reacciona poderosamente contra ela mesma. O namorado quere poñer a súa amada entre sedas, revestila de branda caxemira, e a maior parte do tempo, posúea sobre un xergón. O ambicioso soña con permanecer na cima do pracer e arrástrase no lodo dunha reverencia. O comerciante vive no seu comercio húmido e malsán mentres manda construír un hotel no que só permanecerá un ano. Hai, en fin, agás a vista das cociñas e o cheiro dos cabarés, cousa máis desagradable ca unha casa de pracer?... Singular cuestión! O home asina a súa impotencia en todos os actos da vida. Nunca é completamente feliz, nin completamente miserable.

No momento no que o mozo entrou no salón, xa estaban alí algúns xogadores.

Tres vellos, calvos, estaban indolentemente sentados ao redor do tapete verde. Os seus rostros de estatuas, impasibles coma o dos diplomáticos, revelaban almas feridas, corazóns que, desde había moito tempo, se esqueceran de palpitar, arriscando incluso os bens parafernais dunha muller.

Un mozo italiano, de pelo negro e cor de oliva, estaba tranquilamente acobadado no extremo da mesa e parecía escoitar os presentimentos secretos que lle gritan a un xogador:

—Si...

—Non...

Aquela cabeza meridional respiraba ouro e fogo.

Sete ou oito espectadores, de pé, dispostos coma formando un público, esperaban as escenas que lles preparaban os golpes da sorte, os rostros dos actores, o movemento do diñeiro e das raquetas. Os desocupados estaban alí, silenciosos, inmóbiles, atentos, como está o pobo na Grève, cando o verdugo corta unha cabeza.

Un home alto e seco, co traxe gastado, sostíña un rexistro nunha man e na outra un alfinete para marcar os pasos da vermella ou da negra. Era un deses Tántalos modernos que viven apartados de todos os gozos do seu tempo, un deses avaros sen tesouro que xogan unha aposta imaxinaria, unha especie de tolo razoable, que se consola das súas miserias acariñando unha quimera espantosa, que actúa en fin, co vicio e co perigo, coma os mozos sacerdotes con Deus, cando lle din misas brancas.

En fronte da banca, un ou dous deses finos especuladores, expertos en cambios do xogo e parecidos a vellos presidiarios que xa non se asustan ante as galeras, viñeran para intentar tres xogadas e marchar inmediatamente coa ganancia da que probablemente vivían.

Dous vellos mozos de sala, paseaban indolentemente cos brazos cruzados, mirando cara ao xardín a través das ventás, coma para amosarlles aos que pasaban as súas chatas figuras, a modo de insignia. O *croupier* e o banqueiro acababan de lanzar sobre os que apostaban esa mirada pálida que os mata e dicían cunha voz aguda:

—Fagan xogo!

Nese momento, o mozo abriu a porta e entón, o silencio volveuse dalgún xeito máis profundo e as cabezas xiraron, con curiosidade, cara ao que acababa de chegar.

Pero, cousa inaudita, os vellos atordados, os empregados petrificados, os espectadores e mesmo o italiano fanático, todos experimentaron, ao ver o descoñecido un sentimento espantoso.

Non fai falta ser moi desgrazado para obter piedade nin moi débil para espertar unha simpatía nin moi sinistro para facer estremecer as almas nunha sala coma esta onde as dores deben ser mudas, a miseria alegre e a desesperación decente. Ben, pois había todo isto na sensación que removeu todos aqueles corazóns xeados cando o mozo entrou. Tamén choraron ás veces os verdugos polas cariñosas virxes cuxas louras cabezas lles ordenaba cortar a Revolución...

Ao primeiro golpe de vista, os xogadores leron no rostro do novizo algún horrible misterio.

Os seus trazos de mozo estaban impregnados dunha graza nebulosa e na súa mirada, había moitos esforzos traizoados e esperanzas frustradas. A morna impasibilidade do suicidio proporcionáballe á súa fronte unha palidez mate e enfermiza. Un sorriso amargo deseñaba suaves pregos aos lados da boca e había en toda a súa fisionomía, unha resignación que causaba dano ver. Un secreto talento escintilaba no fondo dos seus ollos velados pola fatiga dunha orxía, pois o desenfreo marcaba co seu sucio selo esta nobre figura, antes pura e brillante, agora degradada. Os médicos atribuiríanlles a lesións no corazón ou no peito, o círculo amarelo que rodeaba as pálpebras e o vermello das meixelas, mentres que os poetas preferirían recoñecer, neses signos, os estragos da ciencia, os trazos de noites pasadas á luz dunha lámpada de estudo. Pero unha paixón máis mortal ca a enfermidade, unha enfermidade máis desapiadada ca o estudo e o talento, alteraban a cabeza do mozo, contraían os seus músculos vivaces, retorcían aquel corazón, sobre o que o exceso, os estudos ou a enfermidade só raramente morderan.

Do mesmo xeito ca cando un criminal chega ao presidio é acollido polos condenados con respecto, todos aqueles demos humanos, expertos en torturas, saudaron unha dor inaudita, unha ferida cuxa profundidade eles sospeitaban, por instinto, e recoñeceron un dos seus príncipes, na maxestade da súa muda ironía e na elegante miseria da súa roupa.

O mozo posuía un frac de bo gusto, pero a unión do seu chaleco e da súa gravata estaba demasiado ben composta coma para supoñelo posuidor dunha camisa. As súas mans, bonitas coma as dunha muller eran dunha dubidosa pulcritude pois desde había dous días, xa non levaba luvas... Este diagnóstico dicíao todo...

Se mesmo o *croupier* e os mozos de sala se estremeceron foi porque os encantos do inocente resplandecían nas súas formas delicadas e finas, no seu pelo louro e raro, naturalmente rizado. Esta figura só tiña vinte e cinco anos e o vicio parecía nela un accidente. A louzá vida da xuventude loitaba aínda coas fatigas dunha orxía e cos estragos dunha impotente luxuria. As tebras e a luz, a nada e a existencia combatían producindo ao mesmo tempo graza e horror. O mozo presentábase coma un anxo sen raio, extraviado no seu camiño. Todos aqueles profesores eméritos do vicio e da infamia, semellantes a unha vella sen dentes, invadida pola piedade ante o aspecto dunha encantadora moza que se ofrece á corrupción, parecían gritarlle:

—Marche!

El foi directo cara á mesa e, permanecendo de pé, tirou sen cálculo, sobre o tapete verde, unha moeda que tiña na man e, a continuación, do mesmo xeito ca as almas fortes, desprezando as argalladas, lanzoulle ao *croupier* unha mirada á vez turbulenta e calma.

A expectación causada por esta tirada era tan poderosa que os vellos non fixeron apostas pero o italiano, sorprendendo co fanatismo da paixón unha idea que lle sorría, apostou a súa masa de ouro contra o xogo do descoñecido.

O banqueiro esqueceuse de dicir as frases que se converten, co tempo, nun grito rouco e inintelixible:

—Fagan xogo!

—O xogo está feito!

—Non vai máis!

O *croupier* estendeu as cartas parecendo desexarlle boa sorte ao que chegara último, aínda que fose indiferente á perda ou ganancia dos que acometían aqueles sombríos praceres.

Todos os ollos, detidos ante os cartóns fatídicos, escintilaban, pois os espectadores vían naquela moeda un drama e a última escena dunha bonita vida, pero, a pesar da atención coa que observaron alternativamente o mozo e as cartas, non puideron percibir ningún síntoma de emoción sobre o rostro frío e resignado.

—O vermello perde! —dixo oficialmente o *croupier*.

Do peito do italiano saíu unha especie de xordo estertor cando viu caer o paquete de billetes que lle tirou o banqueiro. O mozo só comprendeu a súa ruína no momento no que a raqueta se estirou para recoller o seu último napoleón. O marfil fixo que a peza producise un ruído seco e que, rápida coma unha frecha, se fose reunir, coa pila de ouro amontoada ante a caixa. O descoñecido pechou os ollos lentamente, os labios puxéronse brancos pero volveu levantar logo as pestanas e a boca recuperou un vermello de coral. Tiña o aspecto dun inglés para quen a vida xa non ten misterios e desapareceu sen mendigar unha consolación mediante unha desas miradas arrepiantes

que os xogadores desesperados lanzan, con bastante frecuencia, sobre a galería taciturna que os rodea.

Cantos sucesos se comprimen no espazo dun segundo, e que abismo ten lugar entón no cerebro humano!

—Velaí todo un destino —dixo sorrindo o *croupier*, tras un momento de silencio, sostendo unha moeda de ouro entre o polgar e o índice e amosándolla aos asistentes.

—É un morto que se vai tirar á auga... —respondeu un asiduo, pois todos os xogadores se coñecían.

—Bah! —exclamou o ordenanza, aspirando rapé.

—Se fixésemos o mesmo ca o señor... —díxolle un dos vellos aos seus colegas, sinalando o italiano—, eh?

Todo o mundo observou o afortunado xogador ao que lle tremían as mans mentres contaba os billetes.

—Escoitei —dixo— unha voz que me gritaba ao oído: o xogo poderá contra a desesperación deste mozo.

—Non é un xogador —dixo o banqueiro—, se non, faría tres tiradas co mesmo diñeiro para ter máis posibilidades!

III

O mozo marchaba sen reclamar o seu chapeu, pero o vello gardián, despois de notar o mal estado deste farrapo, devolveullo sen proferir unha palabra e o xogador restituíu a ficha cun movemento maquinal. Despois, baixou as escaleiras asubiando o *Di tanti palpiti* cun asubío tan feble que apenas oía el mesmo as súas deliciosas notas e axiña se viu baixo as galerías do Palais-Royal. Dirixido por un último pensamento, foi ata a rúa Saint Honoré e colleu o camiño das Tullerías onde cruzou o xardín cun paso lento e indeciso. Camiñou coma se fose por un deserto, rodeado de cerca por homes que

non viu, sen escoitar a través dos clamores populares máis ca unha voz: a da morte, perdido nunha adormecida meditación, parecida a aquela que asombraba os criminais conducidos nunha carreta, do Palais á Grève, cara ao cadafalso, vermello de todo o sangue vertido desde 1793.

No suicidio hai algo de grande e de espantoso. As caídas dunha multitude de xente non son perigosas, coma as dos nenos que caen de pouca altura para mancarse, pero cando un home se bota ao baleiro é porque vén de moi arriba, de estar elevado no ceo, de albiscar algún paraíso inaccesible. Os furacán que nos forzan a buscar a paz da alma na boca dunha pistola deben ser implacables.

Existen moitos talentos novos que murchan confinados nunha bufarda e que perecen por falta dun amigo, dunha muller consoladora, no medio de millóns de seres, en presenza dunha multitude aborrecida de ouro e que se aburre.

Ante este pensamento o suicidio toma proporcións xigantescas.

Entre unha morte voluntaria e a fecunda esperanza cuxa voz chama un mozo en París só Deus sabe cantas obras mestras abortadas hai, cantas concepcións, canta poesía prodigadas, canta desesperación e gritos afogados. Vas tentativas! Cada suicidio é un poema sublime de melancolía: onde encontrará vostede, no océano das literaturas, un libro que subsista e que poida competir co enxeño destas tres liñas?

Onte, ás catro, unha moza tirouse ao Sena desde o alto da Pont-des-Arts .

Esta frase, tantas veces usada, aparece, case sempre, inserida entre o anuncio dun novo espectáculo e o relato dunha nova festa dada para socorrer os indixentes pois estamos cheos de piedade para os males físicos.

Antes este laconismo parisiense, os dramas, as novelas, todo palidece, mesmo este vello frontispicio:

As lamentacións do glorioso rei de Kaernavan, metido en prisión polos seus fillos..., derradeiro fragmento dun libro perdido, cuxa simple lectura facía chorar o mesmo Sterne que abandonou a súa muller e os seus fillos.

O descoñecido foi asaltado por mil pensamentos parecidos que pasaban en trazos na súa alma coma as bandeiras rotas que ondean no medio dunha batalla. Despois,

soltou por un momento a carga da súa intelixencia e dos seus recordos, para pararse a admirar os pétalos dalgunhas flores suavemente balanceadas pola brisa entre os macizos de verdor.

Entón, sorprendido por unha convulsión da vida que resistía aínda baixo a pesada idea do suicidio, ergueu os ollos cara ao ceo e unhas nubes grises, uns refachos de vento cargados de tristeza e unha atmosfera pesada aconselláronlle morrer.

Entón, dirixiuse cara á Pont Royal, pensando nas últimas fantasías dos seus predecesores. Sorría acordándose que lord Castelreagh satisfixera a máis humilde das nosas necesidades antes de que lle cortaran a cabeza e que o señor Auger, o académico, fora buscar a súa tabaqueira para tomar todo o rapé que lle quedaba camiño da morte.

Arrimándose contra o parapeto da ponte, para deixar pasar un cargador do mercado, que lle manchou lixeiramente a manga, mentres analizaba esas rarezas e se interrogaba a si mesmo, sorprendeuse sacudindo coidadosamente o po.

Cando chegou ao punto culminante da bóveda, observou a auga cun aspecto sinistro.

—Mal tempo para afogarse! —díxolle rindo unha anciá vestida con farrapos—
Está sucio e frío o Sena.

El respondeu cun sorriso cheo de inxenuidade que testemuñaba o delirio da súa coraxe, pero tremeu de repente vendo de lonxe, no porto das Tullerías, a barraca coroadada cun letreiro onde as palabras estaban trazadas en letras dun pé de altura:

Auxilio para os afogados

Imaxinou o señor Dacheux, armado coa súa filantropía, espertando e facendo mover eses virtuosos remos que rompen a cabeza dos afogados, cando desgrazadamente aboian na auga. Percibiuno alborotando os curiosos, buscando un médico, preparando o salvamento... Leu os pésames dos xornalistas escritos entre as alegrías dun festín e o sorriso dunha bailarina. Oíu o son dos escudos que o prefecto do Sena lle pagaría ao barqueiro pola súa cabeza... Morto, valía cincuenta francos, pero vivo só era un home

de talento, sen protectores, sen amigos, sen fogar, sen tambor, un verdadeiro cero á esquerda, por quen o Estado non sentía ningunha preocupación.

Dado que a morte a pleno día lle parecía innobre, decidiu morrer pola noite, co fin de entregarlle o seu cadáver irrecoñecible á sociedade que ignoraba a utilidade da súa vida. Continuando entón o seu camiño, dirixiuse cara ao *quai* Voltaire, tomando a marcha indolente dun mirón que quere matar o tempo.

Cando baixou os banzos que acaban a beirarrúa da ponte, na esquina do peirao, uns libros colocados no parapeto chamaron a súa atención e estivo a piques de pórse a regatear algúns.

Botouse a rir e, metendo entón filosoficamente as mans nos petos do chaleco, ía volver tomar o seu aspecto de despreocupación e de desdén, cando oíu resoar algunhas moedas dun xeito verdadeiramente fantástico no fondo do seu peto.

Un sorriso de esperanza que esvarou polos seus beizos, polos seus trazos e sobre a fronte iluminou o seu rostro e fixo que lle brillasen de alegría os ollos e as meixelas sombrías. Este escintileo de felicidade era semellante aos fogos que corren nos vestixios dun papel xa consumido pola chama, pero tivo a sorte das cinsas negras: volveuse triste cando o descoñecido, retirando a man do peto, viu tres patacóns.

—Ah!, meu bo señor, *la carita, la carita... catarina*, unha esmola para comprar pan...

E un vello limpador de feluxe, cuxo rostro entumecido estaba negro, o corpo da cor da feluxe e a roupa farrapenta, estendeulle a man a este home para arrincarlle as súas derradeiras moedas. A dous pasos do pequeno savoiano, un vello pobre vergonzoso, enfermizo, necesitado, miserablemente vestido cunha roupa chea de buratos, díxolle cunha grossa voz xorda.

—Señor, déame o que vostede queira, pedireille a Deus por vostede!

Pero cando o mozo observou o vello, este calou e non pediu nada máis, ao recoñecer, quizais, naquel rostro fúnebre, o selo dunha miseria máis áspera aínda ca a súa.

—*La carita! La carita!*

O descoñecido tiroulles as súas moedas ao neno e ao vello mendigo, e abandonou o peirao para ir cara á rúa.

Non podía soportar por máis tempo o punzante aspecto do Sena.

—Rogarémolle a Deus pola conservación dos seus días —dixéronlle os dous mendigos.

Chegando ao escaparate dun comercio de láminas, este home case morto viu unha muller nova que baixaba da súa luxosa carruaxe e cuxo vestido, lixeiramente elevado polo estribo, deixaba ver unha perna de contornos finos e delicados deseñados por unha media branca e finísima. Entón, contemplou deliciosamente aquela encantadora serea cuxo rostro era dunha beleza embriagadora e artisticamente encadrada no satén dun gracioso chapeu. Deseguido, sentiuse seducido por un talle esvelto e por unha elegante *disinvoltura*. A muller entrou no comercio e comprou álbums e coleccións de litografías por varias moedas de ouro que reluciron e soaron no mostrador.

O mozo, aparentemente abstraído no limiar da porta en observar os gravados expostos no escaparate, intercambiou caprichosamente coa bela descoñecida a mirada máis penetrante que pode lanzar un home contra unha desas miradas indiferentes tiradas ao chou sobre a multitude e isto era, pola súa parte, un adeus ao amor, á muller... Este último e poderoso xesto non foi comprendido e non removeu o corazón daquela muller frívola, non a fixo pórse rubia nin lle fixo baixar a mirada. Que significaba para ela? Unha admiración máis, un desexo excitado do que ela se envaidecería pola tarde, dicindo:

—Que fermosa estaba hoxe!

O mozo pasou rapidamente a outro plano e non se volveu cando a fermosa dama subiu na carruaxe. Os cabalos partiron cunha rapidez aristocrática e esta última imaxe do luxo e da elegancia eclipsouse diante súa, rápida como faría a súa vida.

Entón camiñou cun paso melancólico, ao longo das tendas, examinando sen moito interese todo o que tiñan exposto. Cando se acabaron as tendas, contemplou o Louvre, o Instituto, as torres de Nôtre-Dame, as do Palacio, a Pont-des-Arts. Eses monumentos parecían ter unha fisionomía triste ao reflectir as cores grises do ceo cuxa

escuridade lle daban un aire ameazante a París, parecido a unha bela muller, sometida a inexplicables caprichos de fealdade e de beleza. Deste xeito, a natureza mesma conspiraba para sumilo nunha éxtase dolorosa.

Vítima deste poder maléfico, cuxa acción disolvente todos probamos en certos días da nosa vida, sentía que o seu organismo chegaba insensiblemente aos fenómenos da fluidez... Os tormentos desta agonía imprimíanlle un movemento semellante ao das ondas e facíanlle ver os edificios e os homes a través dunha néboa, onde todo ondeaba. Querendo subtraerse ás titilacións morais que producían, sobre o seu espírito, as reaccións da natureza física, dirixiuse cara a unha tenda de antigüidades coa intención de alimentar os seus sentidos e de esperar alí a noite regateando uns obxectos de arte. Era, por así dicir, un xeito de buscar coraxe e pedir un cordial coma os criminais que desconfían das súas forzas cando van cara ao cadafalso.

IV

A consciencia que tiña dunha morte próxima deulle ao mozo, por un momento, toda a seguridade dunha duquesa que ten dous amantes. Entón, entrou na tenda de curiosidades cun aspecto decidido, deixando ver sobre os seus labios un sorriso fixo coma o dun borracho. Estaba ebrio da vida ou quizais da morte. Entón, o descoñecido caeu nas súas vertixes e continuou percibindo as cousas baixo estrañas cores e animadas dun lixeiro movemento cuxa orixe estaba sen dúbida nunha irregular circulación do sangue, que un pouco fervía coma unha fervenza e outro pouco estaba tranquila coma a auga tépeda.

Só pediu visitar as tendas para saber se contiñan algunhas curiosidades que lle interesasen. Entón, un mozo de rostro fresco e fazuleiro, co pelo roxo e cunha gorra de pel de londra, confioulle o coidado da tenda a unha vella aldeá, especie de *Caliban* femia, ocupada en limpar unha estufa, cuxas marabillas se debían á intelixencia de Bernard de Palissy e díxolle ao estraño cun aire despreocupado:

—Vexa, señor, vexa. Abaixo só temos cousas ordinarias, pero se se molesta en subir ao primeiro piso, poderei amosarlle momias moi belas do Cairo, varias vasillas de

barro con incrustacións, tallas de ébano, *verdadeiro renacemento*, que acaban de chegar e que son fermosísimas.

Esta cháchara de cicerone, esas frases neciamente mercantís foron, na horrible situación na que se encontraba o descoñecido, coma as bromas de mal gusto coas que a xente de espírito pobre asasina un home de talento. Levando a súa cruz ata o último paso, facía que escoitaba o seu guía e respondíalle con xestos ou con monosílabos.

Entón, insensiblemente, soubo conseguir o dereito de permanecer en silencio e puido abandonarse, sen coacción, ás súas últimas meditacións que foron xigantescas e terribles. Era un poeta e a súa alma encontrou, por azar, un inmenso prado: debía ver, antes, os ósos de vinte mundos.

Á primeira mirada, a tenda ofreceulle un cadro confuso, no que chocaban todas as obras humanas. Crocodilos, monos, boas disecadas sorrían en vidreiras de igrexa, parecían querer trabar uns bustos, correr detrás dos obxectos de laca ou subir polas arañas.

Un vaso de Sèvres no que madame Jacquotot pintara a Napoleón, encontrábase ao lado dunha esfínxe dedicada a Sesostri. O principio do mundo e os sucesos do pasado uníanse cunha grotesca sinxeleza. Un asador estaba colocado sobre unha custodia, un sable republicano, enriba dun arcabuz da idade media.

Madame Dubarry, pintada ao pastel por Latour, cunha estrela na cabeza, espida e nunha nube, parecía contemplar con concupiscencia unha pipa india, intentando adiviñar a utilidade das espirais que serpeaban cara a ela.

Os instrumentos da morte, puñais, pistolas curiosas, armas secretas, estaban mesturadas con instrumentos da vida: sopeiras de porcelana, vaixelas de Saxonia, cuncas orientais chegadas da China, bomboneiras feudais... Un navío de marfil vogaba a toda vela sobre o lombo dunha inmóbil tartaruga... Unha máquina pneumática apuntaba cara ao ollo do emperador Augusto, que non se inmutaba.

Varios retratos de rexedores franceses, de burgomestres holandeses, insensibles, coma durante a súa vida, elevábanse sobre o caos de antigüidades e lanzáballe unha mirada pálida e fría.

Todos os países da terra parecían ter achegado un vestixio das súas ciencias, unha mostra das súas artes. Era unha especie de lixo filosófico no que non faltaba nada, nin a pipa do indio nin a pantufla verde e de ouro do serrallo, nin o *yatagan* do mouro nin o ídolo dos tártaros. Podía verse desde a petaca do soldado ata o copón das hostias do cura, ou as plumas do cacique. Eses monstruosos cadros estaban por outra parte suxeitos a mil accidentes de luz pola extravagancia dunha multitude de reflexos debidos á confusión dos matices, á brusca oposición das luces e das tebras. O oído parecía recibir gritos interrompidos, o espírito, captar dramas inacabados e o ollo, percibir resplandores mal extinguidos.

Finalmente, un po obstinado imprimíalles expresións caprichosas a todos os obxectos cuxos ángulos multiplicados e numerosas sinuosidades producían os efectos máis pintorescos.

O descoñecido comparou ao principio esas tres salas empapadas de civilización, de cultos, de divindades, de obras mestras, de realezas, de excesos, de razón e de loucura, cun espello de distintas caras no que cada unha representaba un mundo.

Tras esta impresión brumosa, quixo escoller algo máis atraente, pero a forza de observar, de pensar e de soñar foi atacado por unha febre debida quizais á fame que ruxía nas súas entrañas.

A visión de tantas existencias, nacionais ou individuais, testemuñadas por tantas probas humanas que as sobrevivían, acabou por adormecer os sentidos do mozo. O desexo que o arrastrara ata a tenda estaba satisfeito. Saíu da vida real, subiu por chanzos cara a un mundo ideal e caeu nunha indefinible éxtase onde o universo lle apareceu en fragmentos e en trazos de lume, coma o futuro pasou antano, brillante, ante os ollos de san Xoán, en Patmos.

Unha multitude de figuras apesaradas, graciosas, terribles, lúcidas, afastadas e próximas, ergueuse por masas, por miríades, por xeracións.

Exipto, ríxido e misterioso, ergueuse das súas areas, representado por unha momia envolvida en cintas negras. Os faraóns, sepultando xeracións para construír unha tumba... Moisés, os hebreos, o deserto... Albiscou todo un mundo antigo e solemne.

Unha estatua de mármore, fresca e suave, sentada sobre unha columna salomónica e radiante de brancura, faloulle de mitos voluptuosos de Grecia e de Xonia.

Ah! Quen non riría, coma el, ao ver sobre un fondo pardo a moza danzante de pel escura bailar sobre un fondo vermello na fina arxila dun vaso etrusco ante o deus Príapo ao que saudaba cun aire alegre. A continuación, en fronte, unha raíña latina acariñaba con amor unha quimera. Os caprichos da Roma imperial manifestábanse alí por completo e descubrían o baño, o leito, o toucado dunha Xulia indolente e soñadora que esperaba o seu Tíbulo.

Despois, armada do poder dos talismáns árabes, a cabeza de Cicerón evocaba o recordo da Roma libre e ofrecíalle as páxinas de Tito-Livio: o mozo contemplaba *Senatus populus que romanus*. O cónsul, os seus lictores, as togas bordadas de púrpura, as loitas do foro, o pobo irritado desfilaban lentamente perante el coma as vaporosas figuras dun soño.

Finalmente, a Roma cristiá dominaba estas imaxes. Unha pintura abría os ceos. Vía a Virxe María sobre unha nube dourada, no seo dos anxos, eclipsando a gloria do sol, escoitando as queixas dos desgrazados aos que esta suprema consoladora lles sorría con dozura.

Pero, ao tocar un mosaico feito coas diferentes lavas do Vesubio e do Etna, a súa alma precipitouse na cálida e fogosa Italia. Asistía ás orxías dos Borgia, corría polos Abruzos, aspiraba ao amor das italianas e apaixonábase polos brancos rostros con grandes ollos negros.

Estremecíaase cos desenlaces nocturnos interrompidos pola fría espada dun marido, ao ver unha daga da idade media cuxa empuñadura estaba traballada coma un encaixe e cuxa ferruxe imitaba manchas de sangue.

A India e as súas relixións revivían nun ídolo cun chapeu a rombos acabado en punta, ataviado con campaiñas e vestido de ouro e de seda. Moi cerca, unha esteira, bonita coma a bailarina que danzara sobre ela, exhalaba aínda olor a sándalo. Un monstro do Xapón, de ollos tortos, boca deformada e membros torturados, espertaba a alma polas invencións dun pobo que, canso da beleza, sempre uniforme, encontra inefables praceres na fecundidade das fealdades.

Un saleiro procedente dos talleres de Benvenuto Cellini levábo ao seo da corte de Francia, ao tempo no que as artes e a licenza florecían, onde os soberanos se divertían cos suplicios e onde os concilios ordenaban a castidade para os humildes sacerdotes, deitados nos brazos das cortesás.

Viu as conquistas de Alexandre nun camafeo, os massacres de Pizarro nun arcabuz de mecha, as guerras de relixión disparatadas, crueis, ferventes, no fondo dun casco, as riseiras imaxes da cabalería brotaron dunha armadura de Milán damasquinada, ben brunida e baixo cuxa viseira brillaban aínda os ollos dun paladín.

Este océano de mobles, de inventos, de modas, de obras, de ruínas, compoñían para el un poema sen fin. Formas, cores, recordos, todo revivía alí, pero nada completo se lle ofrecía á alma. O poeta debía acabar os esbozos do gran pintor que fixera esta inmensa paleta, onde os numerosos accidentes da vida humana estaban tirados con profusión e con desprezo.

Despois de apropiarse do mundo, despois de contemplar países, idades, reinos, o mozo volveu ás existenciais individuais, personificouse, apoderándose de detalles e rexeitando a vida das nacións por demasiado atafegante para un só home.

Alí durmía un neno de cera proveniente do despacho de Ruysch e esta encantadora criatura recordáballe as deliciosas alegrías da súa xuventude.

Ante o prestixioso aspecto do pano virxinal dalgunha moza de Tahití, a súa ardente imaxinación deseñoulle a vida simple da natureza, a casta nudez do verdadeiro pudor, as delicias da preguiza tan natural no home, todo un destino calmo ao bordo dun arroio fresco e de soño, so un bananeira, que sen ser cultivada, dispensa un maná saboroso.

De súpeto, volvíase corsario e revestía a terrible poesía estampada no papel de Lara, vivamente inspirado polas cores anacaradas de mil cunchas, exaltado ao ver algunhas madreporas, que cheiraban a fuco, a algas e a furacáns atlánticos.

Admirando as delicadas miniaturas que estaban máis lonxe, os arabescos de azul e de ouro, cos que un misal ou un manuscrito precioso estaban enriquecidos, esqueceu os tumultos do mar e, suavemente balanceado por un pensamento de paz, abrazaba de novo o estudo e a ciencia, desexando a plena vida dos monxes, exenta de tristezas,

exenta de praceres e ocultábase no fondo dunha cela, desde onde contemplaba os prados, os bosques e os viñedos do seu mosteiro.

Ante algúns Teniers, vestíase coa casaca dun soldado, coa miseria dun obreiro ou co gorro sucio e afumado dos flamencos, emborrachábase de cervexa ou xogaba ás cartas con eles, sorríndolle a unha gorda campesiña fresca e de atractivas carnes.

Tremía vendo unha caída de neve de Mieris, batíase, observando un combate Salvator-Rosa. Despois, acariñando un *tomahawke* de Illinois sentía o escalpelo dun *cherokee* que lle levantaba a pel do cranio. Finalmente, marabillado cun rabel, antano melodioso baixo a man dunha castelá, escoitaba o seu romance e declaráballe o seu amor, ao atardecer, ao pé dunha cheminea gótica, na penumbra, e recibía dela unha mirada de consentimento.

Aferrábase a todas as alegrías, agarraba todas as dores, apoderábase de todas as fórmulas de existencia, espaxando tan xenerosamente a súa vida e os seus sentimentos nos simulacros desta natureza plástica e baleira, que o ruído dos seus pasos resoaba na súa mente coma o son afastado doutro mundo, coma o rumor de París sobre as torres de Nôtre-Dame.

Subindo a escaleira interior que conducía ás salas situadas no primeiro piso, viu escudos votivos, panoplias, sagrarios esculpidos, figuras en madeira colgadas nas paredes, colocadas sobre cada chanzo. Sentíase acosado polas figuras máis estrañas, por creacións maravillosas, situadas entre as fronteiras da morte e da vida. Camiñaba nos encantamentos dun soño e, dubidando da súa existencia, estaba, coma eses curiosos obxectos, nin de todo morto nin de todo vivo.

Cando entrou na nova tenda, o día comezaba a palidecer; pero a luz parecía inútil ante as riquezas resplandecentes de ouro e de prata que se encontraban alí amontoadas.

Alí estaban os caprichos máis caros dos disipadores mortos en bufardas, despois de posuír varios millóns. Era o bazar das loucuras humanas. Un escritorio polo que se pagara antano cen mil francos e que se volvera comprar por cen cadelas, xacía cerca dunha pechadura secreta cuxo prezo de fabricación abondaría para o rescate dun rei.

Alí, o xenio humano aparecía con todas as pompas da súa miseria, con toda a gloria da súa pequenez xigantesca. Unha mesa de ébano, auténtica gloria para o artista, esculpida a partir dos deseños de Jean Goujon e que custou antano varios anos de traballo, fora adquirida ao prezo da madeira para o lume. Cofres preciosos e mobles feitos pola man de fadas, estaban amontoados sen xeito.

—Aquí hai millóns! —exclamou o mozo chegando á peza que acababa unha inmensa fileira de cuartos dourados e esculpidos por artistas do século pasado.

—Diga miles de millóns —respondeu o mozo fazuleiro— pois se houbese que fabricar estas cousas, non abondarían a suma de todas as débedas públicas de Europa. Pero isto non é nada aínda. Suba ao terceiro piso e verá.

O descoñecido, seguindo o seu guía, chegou a unha cuarta galería, onde sucesivamente pasaron perante os seus ollos cansos, varios cadros do Poussin, unha sublime estatua de Miguel Anxo, algunhas encantadoras paisaxes de Claude Lorrain, un Gérard Dow, que parecía unha páxina de Sterne, e Rembrandts, Murillos, escuros e cheos de cores coma un poema de lord Byron. A continuación, baixorelevos antigos, copas de ágata, ónix maravillosos; en fin, tratábase de traballos para repugnar o traballo, obras mestras acumuladas para chegar a odiar as artes e matar o entusiasmo.

Chegou perante unha virxe de Rafaël..., pero xa estaba aburrido de Rafaël.

Unha figura do Corrège que desexaba unha mirada non a obtivo. Un vaso inestimable, de pórfiro antigo, cuxas esculturas circulares representaban, de todos os pórfiros romanos o máis grotescamente licencioso, delicias dalgunha Corina, obtivo só un sorriso.

Afogaba baixo os restos de cincuenta séculos esvaecidos, estaba enfermo de todos os pensamentos humanos, asasinado polo luxo e as artes, oprimido por esas formas renacentes que, semellantes a monstros paridos baixo os seus pés por algún maligno xenio, lle ofrecían un combate sen fin.

Semellante, nos seus caprichos, á química moderna que resume a creación por un sal, a alma humana, poderosa Locuste, componse de venenos terribles para a concentración das súas alegrías, das súas forzas ou das súas ideas. Moitos homes morren así, vítimas dalgún ácido mortal que eles mesmos se destilaron no corazón.

—Que contén esta caixa? —preguntou chegando a unha grande sala, último montón de gloria de esforzos humanos, de orixinalidades, de riquezas e sinalando co dedo unha gran caixa pechada, de caoba, pendurada dun cravo por unha cadea de prata.

—Ah!, o dono ten a chave —dixo o rapaz cun aire de misterio. Se desexa ver ese retrato arríscome de boa gana a avisalo.

—Vostede arríscase! —dixo o mozo— Acaso o seu amo é un príncipe?

—Non sei —respondeu o rapaz.

Observáronse durante un momento tan estrañados un coma o outro e interpretando o silencio do descoñecido coma un desexo, o guía deixouno só na sala.

V

Lanzouse vostede algunha vez na inmensidade do espazo lendo as obras xeolóxicas de Cuvier? Planeou algunha vez así sobre o abismo sen fitos do pasado, coma sostido pola man dun feiticeiro?

Descubriendo de capa en capa, de estrato en estrato baixo as canteiras de Montmartre ou no xistos do Ural, eses animais cuxos despoxos fosilizados pertencen a civilizacións antediluvianas, o espírito estremécese ao entrever milleiros de anos, millóns de pobos que a feble memoria humana, e a poderosa tradición divina non esqueceron, e da que a cinsa, lanzada á superficie do noso globo, forma os dous pés da terra que nos dá o pan e as flores.

Cuvier non é o máis grande poeta do noso século? Lord Byron reproduciu con palabras algunhas axitacións morais, pero o noso inmortal naturalista reconstruíu mundos con ósos envellecidos, ergueu coma Cadmo, nacións cos dentes, repoboou mil bosques con todos os misterios da zooloxía a partir dalgúns fragmentos de hulla e encontrou poboacións de xigantes no pé dun mamut. Estas figuras parecen pórse dereitas, crecer e adornar os antigos días esvaecidos. É un poeta con cifras, sublime, poñendo un cero detrás dun sete. Esperta a nada sen pronunciar palabras grandemente máxicas. Examina un anaco de xeso, ve nel unha pegada e grítalle:

—"Vexan!"

E entón desenvolve mundos, animaliza os mármoreos, vivifica a morte e fai chegar o xénero humano, tan ruidosamente insolente, despois de innumerables dinastías de criaturas xigantescas, a continuación de razas de peixes ou de moluscos.

E el considera que son vostedes os poetas, vostedes, homes pobres, nacidos onte pero cuxa mirada retrospectiva pode compor poemas sen límites, unha especie de Apocalipse retrógrada.

Entón, ante esta espantosa resurrección debida á voz dun só home, a migalla da que somos usufrutuarios neste infinito sen nome, común en todas as esferas, e ao que lle chamamos tempo, este minuto de vida dános pena. Entón preguntámonos, importunados baixo tantos universos descoñecidos e en ruínas, de que valen as nosas glorias, os nosos odios, os nosos amores e se, para chegar a ser un punto intanxible no futuro, debe aceptarse o traballo de vivir. Desarraigado do presente, estamos mortos ata que o noso axuda de cámara entra e nos di:

—Señor, a señora condesa contestou que o espera esta tarde.

As marabillas cuxa visión acababa de presentarlle ao mozo toda a creación coñecida produciu no seu espírito o abatemento que lle produce ao filósofo a visión científica das creacións descoñecidas.

Desexando máis vivamente ca nunca morrer, caeu nunha cadeira curul e deixou vagar a súa mirada a través das fantasmagorías daquel panorama do pasado. Entón, os cadros ilumináronse, os rostros das virxes sorríronlle e as estatuas enchéronse dunha vida enganosa. Ao amparo da escuridade e postas en danza pola febril tormenta que fermentaba no seu cerebro abatido, todas esas obras axitáronse e arremuiñáronse ante el. Cada figura fíxolle un aceno. Os ollos dos personaxes representados nos cadros, movéronse crepitando. Cada unha das formas tremeu, saltou, saíu fóra do seu sitio, grave ou lixeiramente, con graza ou brusquidade segundo os seus costumes, o seu carácter e a súa contextura e tivo lugar un misterioso balbordo digno das fantasías albiscadas polo doutor Fausto no *Brocken*.

Pero estas infantís ilusións ópticas, fose pola fatiga ou pola tensión das forzas oculares, fose polos caprichos do crepúsculo, apenas podían asustar o descoñecido. Os terrores da vida eran impotentes sobre un espírito familiarizado cos terrores da morte. Incluso favoreceron, por unha especie de complicidade burlona, as rarezas deste galvanismo moral, cuxos prodixios se axustan aos últimos pensamentos grazas aos cales evocaba a súa triste existencia.

Un terrible silencio reinaba ao redor del de xeito que, ao momento, se aventurou nun doce soño, do que as impresións, gradualmente sombrías, seguiron de matiz en matiz e como por maxia, as lentas degradacións da luz.

Unha luz presta a abandonar o ceo despois de facer relucir un derradeiro reflexo loitaba contra a noite, cando el ergueu a cabeza e viu un esqueleto apenas esclarecido que, sinalándoo co dedo, movía dubitativamente a cabeza de dereita a esquerda, como para dicirlle:

—Os mortos aínda non te queren.

Pasando a man pola fronte para espantar o sono, o mozo sentiu claramente un vento fresco producido por algo suave que lle rozou as meixelas e tremeu pero, ao tintinaren os vidros cun son xordo, pensou que aquel aloumiño frío e digno dos misterios da tumba llo fixera algún morcego.

Durante un momento máis, os vagos reflexos do ocaso permitíronlle percibir indistintamente os fantasmas que o rodeaban. Despois, toda esta natureza morta desapareceu nunha mesma escuridade.

Pola noite, a hora de morrer chegou subitamente e desde ese momento, pasou un lapso de tempo, durante o cal non tivo ningunha percepción clara das cousas terrestres, fose porque se afundira nunha fantasía máis profunda, fose porque cedera á somnolencia provocada pola fatiga e pola multitude de pensamentos que lle partiron o corazón.

De súpeto, creu que o chamara unha voz terrible e estremeceuse coma cando somos precipitados nun abismo por algún ardente pesadelo. Tivo que pechar os ollos, cegado por un raio de viva luz.

Viu brillar no seo das tebras unha esfera arrubiada cuxo centro estaba ocupado por un ancián de pé e que dirixía cara ao seu rostro a claridade dunha lámpada. El non o escoitara vir nin falar nin moverse.

Esta aparición tivo algo de máxico. O home máis intrépido, sorprendido así no seu sono, tremería sen dúbida, ante aquel personaxe extraordinario que parecía saído dun sarcófago veciño.

A singular xuventude que animaba os ollos inmóbiles daquela especie de fantasma impedíalle ao descoñecido crer nos efectos sobrenaturais. Non obstante, durante un rápido intervalo que separaba a súa vida somnámbula da súa vida real, permaneceu na dúbida filosófica recomendada por Descartes, e viuse entón, sen querelo, baixo o poder desas inexplicables alucinacións, cuxos misterios rexeita a nosa vaidade ou que a nosa ciencia trata de analizar en van.

VI

Imaxine un vello seco e fraco, vestido con roupa de veludo negro e cun groso cordón de seda ao redor dos riles. Levaba a cabeza cuberta cun casquete de veludo negro tamén, que deixaba caer de cada lado do rostro, as ondeantes capas dunha longa cabeleira de prata. A túnica envolvía o corpo coma nunha vasta mortalla e o peiteado estaba pegado ao cranio de forma que encadraba a fronte e só permitía ver un estreito rostro branco. De non ser polo brazo descarnado, que parecía un bastón sobre o que se puxera un tecido e que o vello mantiña no aire para dirixir sobre a cara do mozo toda a claridade da lámpada, ese rostro parecería suspendido no aire. Unha barba gris e cortada en punta ocultaba o queixo deste ser raro e dáballe a aparencia desas cabezas xudaicas que lles serven de modelo aos artistas cando queren representar a Moisés.

Os beizos daquel home estaban tan pálidos e eran tan delgados que era necesaria unha atención particular para adiviñar a liña estreita trazada pola boca naquel pálido rostro. A súa ancha fronte con engurras, as meixelas pálidas e afundidas, o rigor implacable dos seus pequenos ollos verdes, espidos de pestanas e cellas, podían facerlle crer ao descoñecido que *O pesador de ouro* de Gérard Dow escapara do seu marco.

Unha finura increíble, traizoada polas sinuosidades das súas engurras, polos pregues circulares deseñados sobre as tempas, acusaba un coñecemento profundo das cousas da vida.

—É imposible enganar ese home que parece ter o don de sorprender os pensamentos no fondo dos corazóns máis discretos.

Os costumes de todas as nacións do globo e as súas sabedorías, resumíanse no seu rostro frío, como se encontran acumuladas as producións do mundo enteiro nas tendas cheas de po. Pode vostede ler unha increíble consciencia de forza e a tranquilidade lúcida dun deus que o ve todo, ou dun home que viu todo. Un pintor, con dúas expresións diferentes e dúas pinceladas, faría desta figura unha bela imaxe do Pai Eterno ou a máscara burlona de Mefistófeles, pois tiña todo en conxunto un supremo poder na fronte e sinistras mofas nunha boca tan mordente como a de Voltaire.

Esluíndo as penas e os traballos humanos baixo un poder inmenso, aquel home debía ter matado as alegrías terrestres. Tremíase vendo que aquel vello xenio habitaba nunha esfera estraña para o mundo e onde vivía só, sen gozos, porque xa non tiña ilusións, e sen dores, porque xa non coñecía praceres.

O ancián permanecía de pé, inmóbil, firme coma unha estrela no medio dunha nube de luz. Os seus ollos verdes, cheos dunha malicia calma, parecían aclarar o mundo moral do mesmo xeito que a súa lámpada iluminaba a sala misteriosa.

Tal foi o raro espectáculo que sorprende o mozo no momento no que abriu os ollos, despois de ser adormecido por pensamentos de morte e fantásticas imaxes.

Se permaneceu coma atordado, se se deixou dominar momentaneamente por unha crenza digna dos nenos que escoitan os contos da súa ama de cría, hai que atribuírle este erro ao veo que estenderan as meditacións sobre a súa vida e sobre o seu entendemento, á exasperación nerviosa, ao drama violento cuxas escenas acababan de prodigarlle as atroces delicias contidas nun pouco de opio.

Esta visión tiña lugar en París, sobre o *quai* Voltaire, no século dezanove, tempo e lugar no que a maxia se consideraba imposible.

Veciño da casa na que o deus da incredulidade francesa morrera, discípulo de Gay-Lussac e de Arago, desprezador de torres de gobeletes, o descoñecido non podía obedecer máis ca ás fascinacións poéticas cuxos prestixios aceptara e aos que nos prestamos frecuentemente coma para fuxir das desesperantes verdades, coma para tentar o poder de Deus.

Tremeu entón ante aquela luz e aquel vello axitado polo inexplicable presentimento dalgún poder estraño, pero esta emoción precordial era semellante á que todos experimentamos ante Napoleón ou en presenza dalgún grande home cuberto de gloria e brillante de talento.

VII

—O señor desexa ver o retrato de Xesús pintado por Rafaël? —díxolle cortesmente o vello cunha voz cuxa sonoridade clara e breve tiña algo de metálico.

E colocou a lámpada sobre o fuste dunha columna partida de forma que a caixa recibía toda a claridade.

Ante os nomes poderosos de Xesús e de Rafaël, ao mozo escapoulle un xesto de curiosidade, sen dúbida esperado polo vello. O anticuario fixo soar un resorte e, de súpeto, o panel de caoba, esvarando por unha fenda, caeu sen ruído e deixou ver a pintura ante a admiración do descoñecido.

Ao contemplar esta inmortal creación, esqueceuse de todo, mesmo das fantasías da tenda e os caprichos do seu sono. Volveu ser home, recoñeceu no vello unha criatura de carne, viva, nada fantasmagórica e volveu ao mundo real.

A tenra solicitude e a serenidade do rostro divino influíron nel inmediatamente. Un perfume que viña do ceo dissipou as torturas infernais que o queimaban ata a medula

dos ósos. A cabeza do salvador dos homes parecía saír das tebras que figuraban un fondo negro. Unha auréola de raios escintilaba vivamente ao redor da súa cabeleira de onde a luz quería saír. Baixo a fronte, baixo as carnes, había unha elocuente convicción que escapaba de cada trazo por doces e penetrantes efluvios. Os beizos vermellos acababan de facer oír a palabra de vida e o espectador buscaba a súa resonancia sagrada no aire, pedíalle as encantadoras palabras ao silencio, escoitábaas no futuro, encontrábaas nas ensinanzas do pasado. En fin, o Evanxeo traducíase na simplicidade calma daqueles adorables ollos onde a alma turbada se refuxiaba, onde toda a relixión se lía nunha soa expresión magnífica e suave que parecía repetir:

—*Amádevos uns aos outros!*

Esta pintura inspiraba unha oración, invitaba ao perdón, mataba o egoísmo e despertaba a caridade. O triunfo de Rafaël era completo pois esquecía o pintor e, compartindo os encantos da música, a súa obra tirábao baixo o encanto poderoso dos recordos. O prestixio da luz actuaba tamén sobre esta marabilla e, por momentos, parecía que a cabeza se elevaba nunha distancia máxica no seo dalgunha nube.

—Está cuberto cunha tea de moedas de ouro dun pé de altura —dixo friamente o comerciante.

—Ben, vai haber que morrer! —exclamou o mozo que saía dun soño no que ata o último pensamento o conducira cara ao final do seu fatal destino facéndoo descender, por insensibles deducións, dunha última esperanza á que se apegara.

—Ah, entón tiña eu razón para desconfiar de ti! —respondeu o vello agarrando as mans do mozo e apertándoas polos pulsos cunha das súas coma cun parafuso de presión.

O descoñecido riu con tristeza pola equivocación e dixo cunha voz doce:

—Señor, non tema nada. Trátase da miña vida, non da súa.

—Por que non recoñecer un inocente engano? —dixo despois de observar o vello inqueda—. Mentres esperaba a noite co fin de poder afogarme sen escándalo, vin ver as súas riquezas. Quen non lle perdoaría ese último pracer a un home de ciencia e de poesía?

O desconfiado vello examinaba, cunha mirada sagaz, o rostro sombrío do seu falso cliente mentres falaba e, apazugado polo acento daquela voz dolorosa, ou lendo quizais, naqueles trazos sen cor, os sinistros destinos polos que había pouco se estremeceran os xogadores, soltoulle as mans que sostíña con tanta forza pero, por un resto de sospeita que revelaba unha experiencia polo menos centenaria, estendeu indolentemente o brazo cara a unha mesa coma para apoiarse nela e dixo collendo un estilete:

—É vostede empresario do tesouro que non recibe gratificacións desde hai tres anos?

O descoñecido non puido evitar sorrir facendo un xesto negativo.

—O seu pai reprochoulle intensamente que viñese ao mundo? Ou está deshonrado?

—Se quixese deshonrarme, viviría.

—Asubiáronlle en Les Funambules ou viuse obrigado a compoñer refráns para pagar o acompañamento da súa amante?, non terá vostede, máis ben, a enfermidade do ouro?, quere desterrar o aburrimiento? En fin que razón o obriga a morrer?

—Non busque o principio da miña morte nas razóns vulgares que comandan a maior parte dos suicidios. Para dispensarme de descubrirlle os sufrimentos inauditos e dos que é difícil falar en linguaxe humana, direille que estou na máis profunda, na máis innobre e na máis horrible de todas as miserias. E —engadiu cunha voz cuxo orgullo salvaxe desmentía as súas palabras precedentes— eu non quero mendigar axuda nin consolo.

—Eh, eh! —respondeu o vello.

Estas dúas sílabas pareceron o grito dunha carraca.

—Sen que eu o console, sen que vostede me implore, sen ter que ruborizarse — replicou o vello— e sen que eu lle dea un céntimo de Francia, un marabedí de España, unha *gazetta* de Venecia, un *farthing* de Inglaterra, un cauri de África, unha rupia da India, un *rez* de Portugal, un *gourde* de América, un rublo de Rusia, un denario holandés, un *parat* de Sicilia, un *gros* de Xenebra, un *heller* de Alemaña, unha *bajoque*

de Italia, un *bazt* de Suíza..., un só dos sestercios ou dos óbolos do vello mundo nin unha piastra do novo, sen darlle nada en ouro, diñeiro, vélaro, papel ou billete, hipoteca, anualidade, renda, delegación ou enfiteuse poden facelo máis rico, poderoso e estimado ca un rei constitucional.

O mozo quedou coma adormecido, crendo que era unha cousa de rapaces dita polo vello.

—Dea a volta —dixo o vello agarrando de súpeto a lámpada para iluminar a parede que estaba en fronte do retrato.

—Observe esta *pel de lixa*.

VIII

Coa claridade pegando de pleno sobre un anaco de pel de lixa colgado nun cravo, precisamente por riba do asento no que estaba sentado o mozo, viu, erguéndose, un fenómeno o bastante extraordinario como para sorprendelo. Aquela pel, grande coma a pel dunha cría de raposo, proxectaba raios escintilantes. No seo da profunda escuridade que reinaba na tenda, podería dicirse que era un pequeno cometa.

O mozo incrédulo, achegouse ao talismán tan poderoso contra a desgraza ríndose para si, pero animado, non obstante, por unha curiosidade moi lexítima, inclinouse para observalo baixo todas as perspectivas e entón descubriu logo a causa natural da súa singular luminosidade. As manchas negras da pel estaban tan coidadosamente pulidas e tan marabillosamente brunidas, as raias caprichosas tan limpas e tan claras que, semellantes ás arestas dun granate, as asperezas de coiro oriental parecían pequenos fogos que reflectían a luz con intensidade.

Demostroulle matematicamente a razón deste fenómeno ao vello que, como única resposta, sorriu con malicia.

Ese sorriso de superioridade fíxolle crer ao mozo sabio que nese momento estaba sendo vítima dalgunha charlatanería e, non querendo levar un enigma máis á

tumba, deulle rapidamente a volta á pel coma un neno apurado por coñecer os inocentes segredos dun novo xoguete.

—Ah, ah —exclamou—, velaquí a marca do selo que os orientais nomean o *selo de Salomón*.

—Coñéceo entón? —preguntou o comerciante de curiosidades, cuxo nariz deixou pasar dúas ou tres bocaladas de aire máis expresivas ca as palabras máis enérxicas.

—Hai no mundo algún home tan simple que poida crer na existencia desta quimera? —exclamou o mozo picado por oír aquel riso mudo e cheo de amargas burlas.

—Non sabe vostede —engadiu— que as supersticións de oriente consagraron a forma mística e os caracteres enganosos deste emblema que representa un poder fabuloso? Sería tan necio crer niso coma falar de esfinxes ou de grifóns, cuxa existencia está dalgún xeito admitida.

—Posto que é vostede orientalista —respondeu o vello— quizais poida ler esta sentenza.

Achegando entón a lámpada preto do talismán que o mozo tiña do revés, fíxolle ver os caracteres incrustados no tecido celular da pel marabillosa, coma se fosen producidos polo animal ao que pertencera.

—Confeso —exclamou o descoñecido— que non adiviño o procedemento que usaron para gravar con tanta profundidade as letras sobre a pel dun onagro.

E volvendo con vivacidade cara ás mesas cargadas de curiosidades, os seus ollos curiosos parecían buscar algo nelas.

—Que quere? —preguntou o vello.

—Un instrumento para cortar a pel, a fin de ver se as letras están impresas ou incrustadas.

O vello deulle un estilete. El colleuno e intentou cortar a pel por onde as palabras estaban escritas, pero cando tivo unha lixeira capa de coiro levantada, as letras

reapareceron tan netas e tan iguais ás impresas sobre a superficie que creu, durante un momento, que non quitara nada.

—A industria do Levante posúe segredos peculiares! —dixo observando a sentenza do talismán cunha especie de inquietude.

—Si —respondeu o vello—, vale máis botarlle a culpa aos homes ca a Deus.

As palabras misteriosas estaba dispostas da seguinte maneira:

SE TI ME POSÚES, POSUIRALO TODO
PERO A TÚA VIDA PERTENCERAME. DEUS
QUÍXOO ASÍ. DESEXA, E OS TEUS DESEXOS
SERÁN CUMPRIDOS. PERO REGULA
OS TEUS DESEXOS COA TÚA VIDA.
ELA ESTÁ AQUÍ. CON CADA
DESEXO EU DIMINUIREI
COMA OS TEUS DÍAS.
QUÉRESME?
CÓLLEME. DEUS
SATISFARATE.
SEXA!

—Ah, vostede le habitualmente o sánscrito? —dixo o vello—. Estivo quizais en Bengala ou en Persia?

—Non, señor —respondeu o mozo apalpando cunha curiosidade dixital aquela pel simbólica, parecida a unha folla de metal pola súa pouca flexibilidade.

O vello comerciante volveu colocar a lámpada sobre a columna de onde a collera e botoulle ao mozo unha mirada marcada por unha fría ironía que parecía dicir:

—Xa non pensa en morrer!

IX

—Non se trata dunha broma? —preguntou o mozo descoñecido.

O vello moveu a cabeza e dixo gravemente.

—Non podería responderlle pero eu ofrecínlle o terrible poder, do que esta pel relixiosa está investida, a homes dotados de máis enerxía da que parece ter vostede e, aínda que se burlaron da problemática influencia que podería exercer sobre os seus destinos, ningún quixo arriscarse a asinar o fatal contrato tan curiosamente proposto por non sei que poder. Eu penso coma eles, coma eles, dubidei e coma eles me abstiven.

—Nin sequera probou? —dixo o mozo.

—Probar! —contestou o vello— Se estivese sobre a columna da praza Vendôme, intentaría tirarse ao aire? Pódese parar o curso da vida? Puido o home xamais evitar a morte?

Antes de entrar nesta sala decidira suicidarse e, de súpeto, está ocupado nun segredo que o distrae da morte. Criatura! Cada un dos días da súa vida non lle ofrecerá un enigma máis interesante ca este?

Escóiteme. Eu vin a corte licenciosa do rexente. Entón, coma vostede, estaba na miseria e mendiguei o meu pan. Con todo, alcancei a idade de cento dous anos e fíxenme millonario. A desgraza deume a fortuna e a ignorancia instruíume. Voulle revelar en poucas palabras o gran misterio da vida humana:

O home consómese por dous actos instintivamente cumpridos que esgotan as fontes da súa existencia. Dous verbos expresan todas as formas que toman eses dous casos de morte: QUERER e PODER.

Entre eses dous termos da acción humana, hai outra fórmula da que se apoderan os sabios e é a esta á que lle debo eu a felicidade e a lonxevidade. *Querer* abrásanos e *poder* destrúenos, pero SABER deixa o noso feble organismo nun perpetuo estado de calma. Así, o desexo ou o querer morreron en min, destruído polo pensamento e o

movemento ou o poder resolvéronse co funcionamento natural dos meus órganos. En dúas palabras, coloquei a miña vida, non no corazón que se rompe, non nos sentidos que se atordan, senón no cerebro que non se gasta e que sobrevive a todo.

Así mesmo, nada de excesivo afectou a miña alma nin o meu corpo e, non obstante, vin o mundo enteiro. Os meus pés pisaron as máis altas montañas de Asia e de América. Aprendín todas as linguaxes humanas e vivín baixo todos os costumes. Presteille diñeiro a un chinés tomando como prenda o corpo do seu pai e durmín baixo a tenda do árabe confiando na súa palabra, asinei contratos nas capitais europeas e deixei o meu ouro, sen temor, na aldea dos salvaxes. Obtiven todo porque souben desprezar todo. A miña única ambición foi a de ver, pois ver é saber. Saber, mozo, non é gozar intuitivamente? Non é descubrir a substancia mesma do feito e apoderarse dela esencialmente? Que queda dunha posesión material? Nada máis ca unha idea. Xulgue entón que bela debe ser a vida dun home que, podendo imprimir todas as realidades no seu pensamento, transporta á súa alma a fonte da felicidade, extraendo daquelas mil voluptuosidades ideais, despoxadas das manchas terrestres. O pensamento é a chave de todos os tesouros pois ofrece os praceres do avaro sen as súas preocupacións. Así, planeei eu polo mundo, onde os meus praceres foron todos gozos intelectuais. Os meus excesos eran a contemplación dos mares, das vilas, dos bosques, das montañas. Vin todo, pero sen fatiga, tranquilamente: nunca desexei nada, esperei todo. Paseei polo universo coma polo xardín dunha casa que me pertencía.

O que os homes chaman penas, amores, ambicións, reveses, tristezas, son para min ideas que transformo en soños. En lugar de sentilos, exprésoos, tradúzoos, e en lugar de deixar que devoren a miña vida, dramatízoos, desenvólvoos, divírtome con eles coma con novelas que lerei cunha visión interior. Como non forcei o meu organismo, gozo dunha saúde robusta e como a miña alma herdou toda a forza, da que eu non abuso, a cabeza está aínda mellor amoblada ca as miñas tendas.

—Aquí —dixo golpeando a fronte—, aquí están os millóns. Paso xornadas deliciosas botando unha ollada intelixente sobre o pasado. Evoco países enteiros, paraxes, vistas desde o océano, figuras encantadoras. Teño un serrallo magnífico onde posúo todas as mulleres que non tiven. Contemplo guerras e revolucións. Oh, como preferir febrís, lixeiras admiracións por algunhas carnes máis ou menos coloradas, por formas máis ou menos redondas?, como preferir todos os desastres das nosas vontades

equivocadas á sublime facultade de facer comparecer en si o universo mesmo, ao pracer inmenso de moverse sen estar agarrotado polas ataduras do tempo e do espazo, abrazar todo, ver todo, inclinarse sobre o bordo do mundo para interrogar as outras esferas, para escoitar a Deus?

—Isto —dixo cunha voz estrepitosa amosando a pel de lixa— é o poder e o querer reunidos. Aquí están os seus desexos de excesivos, as súas intemperanzas, as súas alegrías que matan, as súas dores que fan vivir demasiado, pois quizais a dor non sexa outra cousa ca un violento pracer. Quen sabe en que punto a voluptuosidade se volve un mal e onde o mal é aínda voluptuosidade? As luces máis vivas do mundo ideal acariñan a vista, mentres que as máis doces tebras do mundo físico a feren. Sabedoría non vén de saber? E que é a loucura se non o exceso dun saber e dun poder?

—Ben, si, eu quero vivir con excesos —dixo o descoñecido agarrando *a pel de lixa*.

—Mozo! —exclamou o vello cunha increíble vivacidade.

—Orientara a miña vida polo estudo e o pensamento, pero eles non me alimentaron. Non quero ser a vítima dunha predicación digna de Swedenborg e do seu amuleto oriental, ou, máis ben, dos caritativos esforzos que vostede fai para reterme nun mundo no que a miña existencia é imposible.

—Vexamos —dixo agarrando o talismán cunha man convulsiva e observando o vello—. Quero unha cea realmente espléndida, algunha bacanal digna dun século no que todo sexa, digamos, perfeccionado, que os meus comensais sexan mozos, sen prexuizados, felices ata a loucura, que os viños se sucedan cada vez máis incisivos, máis chispeantes e que teñan a forza de embriagar mesmo un corpo diplomático, que a noite sexa engalanada con mulleres encantadoras. En fin, quero ver o exceso en delirio, que roxe e no seu carro tirado por catro cabalos, cuxo ardor nos arrastra máis alá dos límites do mundo e nos envorca en praias descoñecidas. Que as almas suban aos ceos ou se afundan no lodo, non sei se entón, se elevan ou se baixan pero pouco me importa. Eu pídolle a ese poder sinistro que me funda todos os praceres nun só pois necesito abrazar os praceres do ceo e da terra nun último abrazo para morrer. Así mesmo, desexo priapeos antigos despois de beber e cantos que levanten os mortos e bicos, bicos sen fin,

cuxo ruído pase por París coma o estalo dun incendio, que esperte os esposos e lles inspire un ardor punzante que rexuveneza mesmo as viúvas herdeiras.

Unha gargallada, saída da boca do vello, resoou coma un murmurio do inferno e o mozo, confuso, parou.

—Cre vostede, por casualidade —dixo o comerciante— que se vai abrir o meu chan de súpeto para dar paso a mesas suntuosamente servidas e a comensais doutro mundo? Non, non, mozo atordado. Vostede asinou o pacto. Todo está dito.

Agora as súas vontades serán escrupulosamente satisfeitas, pero á custa da súa vida. O círculo dos seus días, representado por esta pel, pecharase segundo a forza e o número dos seus desexos, desde o máis lixeiro ao máis poderoso.

O brahmán ao que lle debo este talismán xa me explicou que se operaría un misterioso acordo entre o destino e os desexos do posuidor. O seu primeiro desexo é vulgar e eu podería cumprilo pero xa se ocuparán del os sucesos da súa nova vida. Despois de todo quería morrer, pois ben, o seu suicidio só foi atrasado.

O descoñecido, sorprendido e case irritado de se ver sempre chanceado por este singular vello, cuxa intención semifilantrópica lle pareceu claramente demostrada nesta última burla, exclamou:

—Verei, señor, se a miña fortuna cambia no tempo que me leve cruzar a ponte ou, máis ben para saber se se ri dun desgrazado, desexo que se namore dunha bailarina e que por ela, se volva pródigo de todos os bens que tan filosoficamente aforrou.

Con estas palabras, saíu sen oír un forte suspiro. Atravesou as salas e baixou as escaleiras daquela casa, seguido polo groso rapaz fazuleiro que trataba en van de darlle luz, pois corría coa présa dun ladrón sorprendido en flagrante delito.

Cegado por unha especie de delirio, nin se decatou da increíble ductilidade da pel de lixa que, volvéndose flexible coma unha luva, se enroscou baixo os seus dedos frenéticos e coubo no peto do seu traxe onde a meteu case maquinalmente.

X

Ao saír á rúa, o descoñecido chocou con tres mozos que ían agarrados do brazo.

—Animal!

—Imbécil!

Tales foron as graciosas expresións que intercambiaron.

—Eh! É Rafaël!

—Andabamos a buscarte.

—Como? Sodes vós!

Estas tres frases amigables sucederon á inxuria, tan pronto como a claridade dun farol movido polo vento golpeou os rostros deste grupo asombrado.

—Meu querido amigo —díxolle a Rafaël o mozo que estivera a piques de caer—, vas vir con nós.

—De que se trata entón?

—Ven, contareicho mentres camiñamos.

E por forza ou por boa vontade, Rafaël viuse rodeado polos seus amigos que, despois de collelo polos brazos na súa alegre banda, o arrastraron ata a Pont-des-Arts .

—Querido —seguiu o orador—, levamos unha semana buscándote. Na túa respectable pensión Saint-Quentin, rúa Cordiers, onde admiramos, incidentalmente, o letreiro inamovible en letras sempre alternativamente negras e vermellas coma en tempo de J.-J. Rousseau, a túa Leonarde díxonos que marcharas para o campo no mes de xuño. E iso que non temos o aspecto de xente de diñeiro, alguacís, acredores, gardas de comercio, etc. Non importa!, Como Rastignac te viu a véspera nos Bouffons, animámonos e puxemos empeño en saber se estabas empoleirado nas árbores dos

Campos Elisios, se ías durmir por dúas cadelas nesas casas filantrópicas onde se dorme apoiado en cordas tirantes ou se tiveras máis sorte e estableceras o teu campamento nalgún toucador.

Non te encontramos en ningunha parte, nin nas prisións de Sainte-Pélagie, nin sobre as da Force. Despois de prudentemente explorados os ministerios, a Ópera, as casas conventuais, os cafés, as bibliotecas, as listas de prefectura, as oficinas de xornalistas, os restaurantes, os teatros, nunha palabra, todos os malos e bos lugares de París, sufríamos pola perda dun home dotado de bastante intelixencia como para facerse buscar tanto na corte coma nas prisións. Falabamos de canonizarte coma unha nobre vítima de xullo e chorabamos por ti.

Nese momento, Rafaël pasaba cos seus amigos sobre a Pont-des-Arts e, sen escoitalos, observaba o Sena, cuxas augas bramadoras reflectían as luces de París. Estaba enriba dese río no que había pouco quería precipitarse e, como o predecira o vello, a hora da súa morte estaba fatalmente adiada.

—Botabámoste de menos, de verdade —dixo o seu amigo continuando sempre—. Temos un plan no que te incluímos pola túa calidade de home superior, é dicir, de home que sabe pórse por riba de todo.

O escamoteo da bóla constitucional, baixo o gobelete real, faise hoxe, querido, máis gravemente ca nunca. A infame monarquía derrubada polo heroísmo popular era unha muller de mala vida coa que se podía rir e comer ben pero a patria é unha esposa virtuosa e irritable, da que hai que aceptar, de bo ou mal grado, os aloumiños compasados. Entón, o poder mudou, como sabes, das Tullerías á redacción dos xornalistas do mesmo xeito que o presuposto cambiou de barrio e pasou de Saint-Germain á Chaussée-d'Antin.

Pero velaquí o que ti quizais non sabes: o goberno, é dicir, a aristocracia de banqueiros e de avogados, que fan da patria, o que os cregos facían antano coa monarquía, sentiu a necesidade de mistificar con palabras, con novidade e ideas, o bo pobo de Francia a exemplo dos homes de estado do absolutismo. Quere, entón, inculcarnos unha opinión nacional, demostrarnos que prefire pagarlle mil douscentos millóns con trinta e tres céntimos á patria representada por certos señores, ca mil cen millóns con nove céntimos a un rei que dicía *eu* en vez de *nós*. Nunha palabra, fundouse

un xornal, con douscentos ou trescentos mil francos, cuxa finalidade é a de facer unha oposición que tranquilice os descontentos, sen prexudicar o goberno nacional do reicidadán.

Pero nós burlámonos tanto da liberdade coma do despotismo, da relixión coma da incredulidade e, para nós, a patria é unha capital onde todas as ideas se intercambian, onde todos os días se serven suculentas ceas e numerosos espectáculos onde pululan licenciosas prostitutas, ceas que non acaban ata o outro día, amores que se contratan por horas e París será sempre a máis adorable de todas as patrias, a patria da alegría, da liberdade, da intelixencia, das mulleres bonitas, dos malos suxeitos e do bo viño e onde o poder nunca se fará sentir.

Nós, verdadeiros seguidores do deus Mefistófeles, encargámonos de untar o espírito público, de cambiarlle o vestiario aos actores, de cravar novas pranchas na barraca governamental, de medicar as novas doutrinas, de remodelar os vellos republicanos, de destacar os bonapartistas e de fornecer os centros, con tal de que se nos permita rir, *in petto*, dos reis, dos pobos, de non ser sempre da nosa opinión e de pasar unha feliz vida ao estilo Panurgo ou *more orientali*, deitados sobre brandos coxíns. Como nós che destinamos as rendas deste imperio macarrónico e burlesco, conducímoste á cea dada polos fundadores do devandito xornal.

Ti serás acollido coma un irmán, e nós aclamarémoste rei deses espíritos criticadores que non se espanta ante nada e cuxa perspicacia descobre as intencións de Austria e de Inglaterra ou de Rusia, antes de que Rusia, Inglaterra ou Austria as conciban. Si, nós instituíremoste o soberano desas poderosas intelixencias que fornecen o mundo de Mirabeau, de Talleyrand, de Pitt, de Metternich, en fin, todos os ousados *crispins* que xogan entre eles o destino dun imperio coma os homes comúns xogan a augardente ao dominó. Démosche, coma o máis intrépido compañeiro que nunca abrazou o desenfreo, ese monstro admirable co cal queren loitar todos os espíritos fortes. Mesmo afirmamos que nunca te venceu. Espero que non desmintas os nosos eloxios. O anfitrión prometeunos superar os estreitos saturnais dos nosos pequenos Lúculos modernos. É rico dabondo como para facer grandes as cousas pequenas e para poñer elegancia e graza no vicio.

—Escoitas, Rafaël? —preguntoulle o orador interrompéndose.

—Si —respondeu o mozo menos estrañado do cumprimento dos seus desexos ca da maneira simple e natural coa que os sucesos se desencadean. Aínda que lle fose imposible crer nunha influencia máxica, admiraba o azar do destino humano.

—Pero disnos que si coma se pensases na morte do teu pai —dixo un dos seus amigos.

—Ah! —replicou Rafaël cun acento inxenuo que fixo rir aqueles escritores, a esperanza da nova Francia—, pensaba, meus amigos, que estamos a piques de converternos en grandes pillos. Ata o momento cometemos impiedade entre dous viños, pesamos a vida estando ebrios, estimamos os homes e as cousas mentres comiamos, eramos virxes de feito, arriscados en palabras, pero agora, imos ser marcados polo ferro candente da política, imos entrar no gran presidio e imos perder as nosas ilusións. Agora ben, cando só se cre no demo, permítese botar de menos o paraíso da xuventude, o tempo da inocencia onde lle tendemos devotamente a lingua a un bo crego, para recibir o corpo sagrado do noso señor Xesucristo. Ah!, meus amigos, se tivemos tanto pracer en cometer os nosos primeiros pecados é porque tiñamos remorsos para adornalos e darlles picante e sabor, mentres que agora...

—Oh!, agora —interrompeu o primeiro interlocutor—, quédanos...

—Que? —dixo o outro.

—O crime?

—Ah! É unha palabra que ten a altura dunha forza e a profundidade do Sena —replicou Rafaël.

—Ti non me entendes. Eu falo de crimes políticos. Só quero, desde esta mañá, unha existencia, a dos conspiradores. Non sei se a miña fantasía durará sempre pero esta noite, a vida pálida da nosa civilización, unida coma a fenda dunha vía de tren, fai que me indigne de desgusto. Estou apaixonadamente namorado dos desgrazados da derrota de Moscova, das emocións do Corsario Vermello e da existencia dos Contrabandistas. Dado que xa non hai cartuxos en Francia, gustaríame polo menos un Botany-bay, unha especie de enfermería destinada aos pequenos lord Byron, que, tras engurrar a vida coma un pano despois de cear, non teñen outra cousa que facer ca incendiar o seu país, matarse, conspirar en favor da república ou da guerra...

—Émile —díxolle con vehemencia o que estaba ao lado de Rafaël ao interlocutor—, palabra de honor, sen a revolución de xullo, eu facíame crego para levar unha vida animal nalgún lugar perdido e...

—E lerías o breviario todos os días?

—Si.

—Es un fatuo.

—Aquí lemos os xornais.

—Non está mal para un xornalista pero, cala, estamos no medio dunha masa de subscritores. O xornalismo, ves?, é a relixión das sociedades modernas, e hai progreso pois non se cre o que din os cregos, nin o pobo tampouco.

Conversando así, coma persoas bravas que saben o *De viris illustribus*, desde hai moitos anos, chegaron ao portal da rúa Joubert.

XI

Émile era un autor que conseguira máis fama cos seus fracasos ca os outros cos seus éxitos. Atrevido nas súas composicións, cheo de inspiración e de mordacidade, posuía todas as calidades que comportaban os seus defectos: era franco, riseiro e dicíalle epigramas a un amigo a quen, ausente, defendía con coraxe e lealdade. Burlábase de todo, mesmo do seu futuro e, sempre desprovisto de diñeiro, permanecía, coma todos os homes de certa importancia, somerxido nunha inexpresable preguiza, tirando un libro cunha frase diante da xente que non sabe poñer unha frase nos seus libros. Agradaba mediante promesas que non cumpría xamais e fixera da súa fortuna e da súa fama un coxín para durmir correndo o perigo de espertar vello nun asilo. Polo resto, amigo ata o cadafalso, fanfurriñeiro do cinismo e simple coma un neno, só traballaba por capricho ou por necesidade.

—Imos facer, como dixo o señor Alcofribas, un famoso *tronçon de chère lie* — díxolle a Rafaël amosándolle as caixas de flores que perfumaban e enverdecían as escaleiras.

—Oh, como me gustan os soportais ben quentes e con alfombras ricas —dixo Rafaël—. O luxo que empeza xa no peristilo é raro en Francia. Aquí síntome renacer.

—E aí arriba imos beber e rir aínda máis, querido Rafaël.

—Ah, iso —sinalou—, espero que venzamos e que camiñemos por riba de todas esas cabezas.

E cun xesto burlón sinalou os comensais, entrando no salón resplandecente de luxo e de luz onde foron axiña acollidos pola xuventude máis notable de París.

Un viña de revelar un talento novo e de rivalizar, co seu primeiro cadro, coas glorias da pintura imperial.

Outro lanzara, na véspera, un libro cheo de licenza, cheo dunha especie de desdén literario e que lle descubría novos camiños á escola moderna.

Máis alá, un escultor cuxa figura chea de rudeza acusaba unha intelixencia vigorosa, falaba cun deses fríos bromistas que, tan pronto non queren ver superioridades por ningures como as recoñecen por todas partes.

Un pouco máis lonxe, o máis espiritual dos nosos caricaturistas con ollo malicioso e boca mordaz axexaba os epigramas para traducilos a golpe de lapis.

Ao lado, un mozo e audaz escritor que, mellor ca ninguén, destilaba a quintaesencia do pensamento político ou condensaba nun artigo, ríndose, a intelixencia dun escribán fecundo, conversaba co poeta cuxas obras aniquilarían todas as obras do presente, se o seu talento tivese o poder do seu odio. Ambos intentaban non dicir a verdade, non mentir, dirixíndose doces adulacións.

Un músico célebre consolaba en *si bemol* e cun ton burlón, un mozo político que acababa de caer da tribuna sen mancarse.

Novos autores sen estilo estaban ao carón de novos autores sen ideas, prosistas cheos de poesía ao carón de poetas prosaicos e, vendo estes seres incompletos, un pobre sansimoniano, bastante inxenuo para crer na súa doutrina, uníaos con caridade, querendo, sen dúbida, transformalos en relixiosos da súa orde.

Por último, había dous ou tres deses sabios destinados a proporcionarlle nitróxeno á conversa e varios vodevilistas preparados para lanzar luces efémeras, parecidas aos escintileos do diamante que non dá calor nin luz.

Algún homes afeccionados aos paradoxos, rindo para si, da xente que adoptaba a súa admiración ou o seu desprezo polos homes e as cousas, facían xa esa política de dobre fío, coa que conspiran contra todos os sistemas, sen tomar partido por ningún.

O crítico, que non se asombra ante nada, que soa o nariz no medio dunha cavatina nos Bouffons e canta *brava!* ante todo o mundo e contradí os que prevín a súa opinión, estaba alí, buscando como atribuírse as palabras das persoas de enxeño.

Entre aqueles comensais, cinco tiñan futuro, unha decena debía obter algunha fama vitalicia e dos outros podía dicirse, coma do resto das mediocridades, a famosa frase de Luís XVIII: *Unión e esquecemento*.

O anfitrión tiña a alegría inqueda dun home que gasta dous mil escudos e como, de tempo en tempo, a súa mirada se dirixía con impaciencia cara á porta do salón, era fácil deducir que estaban reunidos todos os comensais menos un. Entón, apareceu un homiño gordo vestido de negro que acollido de repente por un adulator rumor. Era o notario que, esa mesma mañá, acababa de crear o xornal.

Un mordomo vestido con librea veu abrir as portas dun amplo comedor onde cada un, sen cerimonia, foi buscar o seu lugar ao redor dunha mesa inmensa.

Antes de abandonar o salón, Rafaël botoulle unha última ollada: o seu desexo estaba completamente cumprido. Os cuartos estaban tapizados de ouro e de seda. Había ricos candelabros que soportaban innumerables candeas facían brillar ata as máis pequenos detalles dos dourados, os cicelados delicados dos bronces e as suntuosas cores da moblaxe. Diversas flores raras, que estaban nalgunhas xardineiras artisticamente construídas con bambús, expandían doces perfumes. Os tapices manifestaban unha

elegancia sen pretensión e había en todo unha graza poética cuxo prestixio debía influír sobre a imaxinación dun home desprovisto de diñeiro.

—Cen mil libras de renda son un bonito comentario do catecismo e axúdannos a pór *a moral en acción* de marabilla —dixo el suspirando—. Oh!, si, a miña virtude non vai a pé. Para min o vicio é unha bufarda, un traxe gastado, un chapeu gris no inverno e débedas co porteiro. Quero vivir no seo do luxo un ano, seis meses, non importa e, despois, morrer. Terei, polo menos, gastado, coñecido e devorado mil existencias.

—Oh, oh! —díxolle Émile, que o escoitaba— Ti confundes a carruaxe dun axente de cambio coa felicidade. Veña, axiña estarás aburrido da fortuna ao decatarte de que che arrebatará a posibilidade de ser un home superior. Entre as pobrezaas da riqueza e as riquezas da pobreza, o artista nunca vacilou. Precisamos loitas. Prepara o teu estómago. Mira.

E amosoulle, cun xesto heroico, o maxestoso, o sacrosanto, o evanxélico e tranquilizador aspecto que presentaba o comedor do bendito capitalista.

—Ese home —dixo el— levou o traballo de xuntar o seu diñeiro só para nós. Non é unha especie de esponxa, ignorada polos naturalistas na orde dos *políperos*, e que hai que espremer con delicadeza, antes de deixar que a chupen os herdeiros? Non encontras estilo nos baixorrelevos que decoran as paredes? E as arañas e os cadros, que bo gusto para o luxo! Se hai que crer os envexosos e os que teñen tendencia a ver os resortes da vida, este home debeu matar, durante a revolución, algunha vella asmática, un orfño escrofuloso e algunha outra persoa. Podes imaxinar a existencia de crimes baixo o pelo cheo de canas do noso venerable anfitrión? Ten aspecto de ser moi bo home. Ves como escintila a vaixela de prata? Cada un deses raios brillantes será unha puñalada. Vamos! Sería coma crer en Mahoma. Se a xente ten razón, velaquí trinta homes de corazón e de talento que se apurarían a comer as entrañas e a beber o sangue dunha familia. E nós os dous, mozos cheos de candor e de entusiasmo, seríamos cómplices do crime. Teño ganas de preguntarlle ao noso capitalista se é un home honesto.

—Non, agora non! —gritou Rafaël—. Cando estea borracho perdido e teñamos ceado.

E os dous amigos sentáronse rindo.

XII

Ao principio, cada persoa admirou, durante un espazo de tempo aínda máis curto ca a palabra destinada a expresar a admiración, o aspecto ofrecido por unha longa mesa, branca coma un leito de neve acabada de caer e sobre a que se elevaban simetricamente os cubertos coroados por pequenos pans rubios. A cristalería reproducía as cores do arco iris cos seus vivos lampexos, as candeas trazaban fogos cruzados ata o infinito e os pratos colocados debaixo de domos de prata, aguzaban o apetito e a curiosidade. As palabras foron bastante raras. Os que estaban cerca miráronse uns aos outros. O viño de Madeira comezou a circular, os vasos enchéronse e os asentos baleiros desapareceron.

Deseguido, o primeiro servizo apareceu en todo o seu esplendor. Faríalle honor ao fogo Cambacérès e Brillat-Savarin aplaudiríao. Os viños de Bordeos, de Borgoña, brancos e tintos, foron servidos cunha profusión real. Esta primeira parte do festín era comparable, en todo, co preámbulo dunha traxedia clásica.

O segundo acto volveuse un pouco máis falador. Cada comensal bebera dúas ou tres botellas cambiando de colleita a capricho, de forma que no momento no que retiraban os restos deste magnífico servizo, establecéranse acendidas discusións. Algunhas fronteas pálidas puxéranse coloradas, algúns narices comezaron a pórse púrpuras, os rostros ilumináronse e os ollos chispearon. Era a aurora da embriaguez. A conversa non saíra aínda dos límites da civilidade, pero as mofas e os chistes escapaban pouco a pouco de todas as bocas e a calumnia elevaba, aínda que moi suavemente, a súa cabeciña e falaba cunha voz afrautada. Aquí e alá, algúns hipócritas escoitaban atentamente, esperando conservar a súa razón.

O segundo servizo encontrou entón os espíritos completamente afervoados. Cada un comeu falando, falou comendo, bebeu sen ter coidado coa afluencia de líquidos, de tan transparentes e aromáticos que eran, cando callou o exemplo. O anfitrión, prezándose de animar os comensais, fixo avanzar os viños do Ródano, vellos Rosellóns que soben á cabeza e entón, desbocados coma os cabalos dun coche de correo que parte dun relevo, aqueles homes aguilloados polas picantes frechas do viño de Champaña impacientemente esperado, pero abundantemente vertido, deixaron galopar o

seu espírito no baleiro dos razoamentos que ninguén escoita, puxéronse a contar as súas historias sen auditorio e repetiron cen veces interpelacións sen resposta. Só a orxía amosaba a súa gran voz, a súa voz composta de cen clamores confusos, que aumentaron coma os *crescendo* de Rossini. Despois chegaron os brindes insidiosos, as fanfurrñadas, os desafíos. Todos renunciaban a vangloriarse da súa capacidade intelectual para reivindicar a dos toneis e as cubas. Era coma se cada un tivese dúas voces.

Chegou un momento, no que os criados sorriron porque daquela os amos falaban todos á vez.

Pero aquela mestura de palabras, na que os paradoxos de dubidosa claridade, as verdades grotescamente disfrazadas chocaron a través dos gritos, dos xuízos, das necidades, coma cando no medio dun combate se cruzan as granadas, as balas e os fragmentos de metralla, interesariálle sen dúbida a algún filósofo pola singularidade dos pensamentos ou sorprendería un político pola rareza dos sistemas. Era ao mesmo tempo un libro e un cadro.

As filosofías, as relixións, as morais, tan diferentes dunha latitude á outra, os gobernos, en fin, todos os grandes actos da intelixencia humana, caeron baixo unha gadaña tan longa como a do tempo e, quizais, poderían vostedes dificilmente decidir se estaba manexada pola sabedoría ebria ou pola embriaguez que se volvera sabia e clarividente.

Aquelas mentes, levadas por unha especie de tempestades, parecían querer, coma o mar irritado contra os acantilados, quebrantar todas as leis entre as que flotan as civilizacións e satisfacer así, sen sabelo, a vontade de Deus, que deixa na natureza o ben e o mal, sempre presentes, gardando para el o segredo da súa loita perpetua. Furiosa e burlesca, a discusión foi dalgún xeito un balbordo das intelixencias. Pero entre as tristes burlas, ditas polos fillos da revolución e as frases dos bebedores prodigadas no nacemento de Pantagruel, había todo un abismo que separa o século dezanove do dezaseis. Este preparaba unha destrución rindo e o noso ría no medio das ruínas.

—Como se chama o mozo que está alí? —preguntou o notario sinalando a Rafaël—. Creo que oín chamarlle *Valentin*.

—Que é iso de Valentin a secas? —gritou Émile rindo—. Rafaël de Valentin, por favor. Non é un neno encontrado, senón o descendente do emperador *Valens*, orixe de *Valentinois*, fundador das cidades de Valencia en España e en Francia, herdeiro lexítimo do imperio de Oriente. Se deixamos que Mahmoud reine en Constantinopla é por pura boa vontade, por falta de diñeiro ou de soldados.

E describiu no aire, co garfo, unha coroa por riba da cabeza de Rafaël.

O notario calou durante un momento. Deseguido, volveu pórse a beber deixando escapar un xesto espontáneo, polo que parecía confesar que lle era imposible relacionar a súa clientela coas cidades de Valencia, de Constantinopla, Mahmoud, o emperador *Valens* e a familia dos *Valentinois*.

—A destrución deses formigueiros chamados Babilonia, Tiro, Cartago ou Venecia, sempre aniquilados baixo os pés dun xigante que pasa, non é unha advertencia dada ao home por un poder burlesco?—dixo un xornalista, especie de escravo comprado para facer de Bossuet, a dez céntimos a liña.

—Quizais Moisés, Sylla, Luís XI, Richelieu, Robespierre e Napoleón sexan o mesmo home que reaparece a través das civilizacións coma os cometas no ceo —respondeu Rafaël.

—Por que sondar a providencia? —dixo un fabricante de baladas.

—Vaia, velaí a providencia —gritou o crítico interrompéndoo—. Non coñezo nada no mundo máis elástico.

—Oh!, e o presuposto? —replicou o anfitrión.

—E a conciencia dun senador? —preguntou Émile.

—Pero, señores, Luís XIV fixo que morresen máis homes para construír os acuedutos de agora ca a Convención por establecer impostos xustos, unificar a lei, nacionalizar Francia e repartir igualmente as herdanzas —decía un mozo que se fixera republicano carente dunha sílaba diante do seu apelido.

—Señor —respondeulle o propietario—, vostede que confunde o sangue co viño, esta vez deixaralle a cada un a cabeza no seu sitio?

—Como, señor, os principios da orde social non valen nada, entón?

—Que horror! Non lle pesaría matar os amigos por un *se*...

—Señor, o home que ten remorsos é o verdadeiro criminal, pois ten certa idea da virtude mentres que Pedro o Grande, Pizarro, o duque de Alba eran sistemas e o corsario Monbar, unha organización.

—Pero a sociedade non pode librarse dos vosos sistemas e das organizacións?

—Oh, de acordo —exclamou o republicano.

—A súa estúpida república dáme náuseas pois non poderíamos cortar tranquilamente un capón sen encontrar a lei agraria.

Os teus principios son excelentes, meu pequeno Brutus atestado de trufas, pero paréceste ao meu mozo de cámara que está tan cruelmente posuído pola manía da limpeza que se lle deixase cepillar os meus traxes ao seu gusto, iría completamente espido.

—Son vostedes uns incultos! Queren limpar unha nación con escarvantes — replicou o home da república—. Segundo vostedes a xustiza sería máis perigosa ca os ladróns.

—Eh, eh —dixo un avogado.

—Que aburridos son coa política! Deixemos o tema. Non hai ciencias nin virtudes que vallan unha gota de sangue. Se quixésemos facer a liquidación da verdade, quizais a vísemos en creba.

—Tería custado menos divertirnos no mal ca discutir no ben. Despois de todo, doaría todos os discursos pronunciados na tribuna desde hai corenta anos por unha troita, por un conto de Perrault ou por unha broma de Charlet.

—Ten moita razón —páseme os espárragos— pois, despois de todo, a liberdade pare a anarquía, a anarquía conduce ao despotismo e o despotismo volve levar á liberdade. Millóns de seres morreron sen conseguir facer triunfar unha cousa nin a outra. Non é o círculo vicioso no que xirará sempre o mundo moral? Cando o home cre que perfeccionou algo, só cambiou as cousas de sitio.

—Oh, oh —exclamou un vodevilista—, entón, señores, propoño un brindé por Carlos X, pai da liberdade.

—Por que non? —dixo un xornalista—. Cando o despotismo está nas leis, a liberdade encóntrase nos costumes e viceversa —dixo o banqueiro—. Bebamos entón pola imbecilidade do poder que nos dá tanto poder sobre os imbéciles.

—Querido, polo menos Napoleón deixounos a gloria —gritaba un oficial de mariña que non saíra de Brest.

—Ah! A gloria! Triste mercancía que se paga cara e non se conserva. Non será o egoísmo dos grandes homes, como a felicidade é a dos bobos?

—Señor, vostede é moi feliz.

—O primeiro que inventou os foxos era, sen dúbida, un home feble, pois a sociedade só é útil para a xente pobre. Colocados nos dous extremos do mundo moral, o salvaxe e o pensador senten por igual horror da propiedade.

—Bonito! —exclamou o notario—. Se non houberse propiedades, como poderíamos facer os actos?

—Estes chícharos están deliciosos!

—E encontraron o cura morto no leito ao outro día.

—Que fala de morte? Non faga bromas. Eu teño un tío...

—Vostede resignarase, sen dúbida, a perdelo?

—Non me parece unha pregunta...

—Escóitenme, señores: *Forma de matar os tíos*. Schuss! (Escoiten, escoiten) Teñan primeiro un tío gordo e groseiro, septuaxenario polo menos, son os mellores ... Fáganlle comer, baixo calquera pretexto, un paté de foie-gras..

—O meu tío é un home grande e fraco, avaro e sobrio...

—Ah!, eses tíos son monstros que abusan da vida.

—A voz da Malibran perdeu dúas notas.

—Non, señor.

—Si, señor.

—Oh, oh! Si e non. Non é esa a historia de todas as disertacións relixiosas, políticas e literarias? O home é un bufón que baila ao bordo dun precipicio.

—Segundo vostede, eu son un parvo.

—Ao contrario, é porque non me escoita.

—A instrución! Bonita parvada. Heineffettermach leva máis de mil millóns de volumes impresos e a vida dun home non permite ler cento cincuenta mil. Entón explíqueme que significa a palabra *instrución*. Para uns consiste en saber o nome do cabalo de Alexandre, do dogo *Berecillo*, de Tabourot, señores dos Acordos, e de ignorar o do home ao que lle debemos o transporte da madeira ou da porcelana. Para outros, ser instruído, é saber queimar un testamento e vivir coma persoas honestas, amados e considerados, en lugar de roubar un reloxo con reincidencia, con circunstancias agravantes e ir morrer á praza de Grève odiado e deshonrado.

—Quedaré Lamartine.

—Scribe, señor, é moi intelixente.

—E Victor Hugo?

—É un gran home, non falemos máis.

—Están borrachos.

A consecuencia inmediata dunha constitución é o aplanamento das intelixencias. As artes, as ciencias, os monumentos, todo é devorado por un espantoso sentimento de egoísmo, a nosa lepra actual. Os seus trescentos burgueses, sentados en banquetas, só pensan en plantar álamos. O despotismo fai ilegalmente grandes cousas e a liberdade non pasa nin o traballo de facer legalmente cousas moi pequenas.

—A vosa ensinanza mutua fabrica moedas de cen con carne humana —dixo un absolutista interrompendo—. As individualidades desaparecen nun pobo nivelado pola instrución.

—Non obstante, a finalidade da sociedade, non é a de procurar o benestar de cada un?—preguntou o sansimoniano.

Se tivese cincuenta mil libras de renda, apenas se preocuparía do pobo. Está vostede seducido pola bela paixón pola humanidade? Vaia a Madagascar, encontrará un bonito pobiño todo novo, para sansimonizar.

—Vostede é un carlista.

—Por que non? Gústame o despotismo, amosa un certo desprezo pola raza humana. Non odio os reis. Son tan divertidos! Reinar nun cuarto, a trinta millóns de leguas do sol, non significa nada?

—Pero resumamos este amplo concepto da civilización —diciía o sabio que, para a instrución do escultor distraído, emprendera unha discusión sobre o comezo das sociedades e sobre os pobos autóctonos—. Na orixe das nacións a forza foi dalgún xeito material, unha e groseira. Despois, co crecemento das agregacións, os gobernos procederon por descomposicións máis ou menos hábiles do poder primitivo. Así, na alta antigüidade, a forza estaba na teocracia mentres o cura tiña a espada e o incensario. Máis tarde, houbo dous sacerdotes, o pontífice e o rei. Hoxe, a nosa sociedade, último termo da civilización, distribuíu o poder segundo o número de combinacións e chegamos ás forzas chamadas industria, pensamento, diñeiro e discurso. Entón, o poder, non tendo unidade, camiña sen cesar cara a unha disolución social que ten como única barreira o interese. Por conseguinte, non nos apoiamos nin na relixión nin na forza material, senón na intelixencia. Pode o libro substituír a espada e a discusión a acción? Velaí o problema.

—A intelixencia matou todo —exclamou o carlista—. Vamos, a liberdade absoluta leva as nacións ao suicidio. Abúrrense no triunfo coma un inglés millonario. Que nos van dicir vostedes de novo? Hoxe ridiculizaron todos os poderes e iso é tan vulgar coma negar a Deus. Xa non quedan crenzas e o século é coma un vello sultán perdido a causa da disolución. En fin, o seu lord Byron, na súa desesperación poética, cantou as paixóns do crime.

—Sabe vostede —respondeulle un médico completamente borracho— que só hai unha membrana de diferenza entre un home sensato e un gran criminal?

—Pódese tratar así a virtude? —gritou o vodevilista—. A virtude, suxeito de todas as pezas de teatro, desenlace de todos os dramas e base de toda xustiza.

—Cala entón, animal! A túa virtude é un Aquiles sen talón.

—Bebamos.

—Queres apostar a que bebo unha botella de viño de Champaña e dun só trago?

—Que trazo de intelixencia! —exclamou o caricaturista.

—Son grises coma carreiros —opinou un mozo que lle daba seriamente de beber ao seu chaleco.

—Si, señor, o goberno actual é a arte de facer reinar a opinión pública.

—A opinión?, pero se é a máis viciosa de todas as prostitutas. Segundo vostedes, homes de moral e de política, habería que preferir as súas leis á natureza, a opinión á consciencia. Vaia, todo é verdade, todo é falso! Se a sociedade nos deu o penuxe das almofadas, compensou certamente o benestar coa gota, como puxo o proceso para temperar a xustiza e os catarros despois dos chales de Caxemira.

—Monstro! —dixo Émile interrompendo o misántropo—. Como podes falar mal da civilización ante unha mesa repleta de viños e de comida? Colle este corzo polas patas e polos cornos pero non lle trabes a túa nai.

—É culpa miña se o catolicismo chega a meter un millón de deuses nun saco de fariña, se a república acaba sempre con algún Robespierre, se a monarquía se encontra entre o asasinato de Henrique IV e o xuízo de Luís XVI e se o liberalismo chega a ser Lafayette?

—Abrazouno en xullo, vostede?

—Non.

—Pois entón cale, escéptico.

—Os escépticos son os homes máis conscientes.

—Non teñen conciencia.

—Que di? Teñen polo menos dúas.

—Negociar o ceo! Señor, velaí unha idea verdadeiramente comercial. As relixións antigas só eran un feliz desenvolvemento do pracer físico pero nós desenvolvemos a alma e a esperanza, progresamos.

—Ai, meus bos amigos, que poden vostedes esperar dun século farto de política? Cal foi a sorte de Smarra? A concepción máis encantadora ...

—Smarra! —gritou o crítico dende o outro extremo da mesa—. Esas son frases que se tiran ao chou dun chapeu. Verdadeira obra escrita por Charenton.

—Vostede é un necio.

—Vostede un idiota.

—Oh, oh.

—Ah, ah.

—Ata mañá, señor.

—Ao instante—respondeu o poeta.

—Veña, veña, son vostedes dous valentes!

—Non poden nin sequera pórse de pé.

—Que eu non me teño de pé? —replicou o belicoso autor erguéndose coma un papavento indeciso.

Botou sobre a mesa unha mirada aparvada e despois, coma extenuado por este esforzo, volveu caer no seu asento, dobrou a cabeza e permaneceu calado.

—Non sería gracioso —díxolle o crítico ao que estaba á súa beira— baterme por unha obra que nunca vin nin lin?

—Eugène, ten coidado coa roupa, o teu veciño estase a pór pálido.

—Kant! Un globo máis lanzado para entreter os necios! O materialismo e o espiritualismo son dúas bonitas raquetas coas que xogan os charlatáns vestidos con toga. Que máis dá se Deus está en todo, segundo Espinosa ou se todo vén de Deus, segundo

san Paulo. Imbéciles. Abrir ou pechar unha porta, é o mesmo movemento? O ovo vén da galiña ou a galiña do ovo? Páseme a augardente. Velaí toda a ciencia.

—Parvo! —gritoulle o sabio—. A pregunta que ti expós está resolta cun feito.

—E cal?

—As cátedras de profesores non foron feitas para a filosofía, senón a filosofía para as cátedras. Pon as lentes e le o presuposto.

—Ladróns.

—Imbéciles.

—Tunantes.

—Mentireiros.

—Onde encontrará vostede, agás en París, un intercambio tan vivo, tan rápido de ideas?—exclamou o máis espiritual dos artistas cunha voz grave.

—Veña, Henri! Algunha farsa clásica! Vexamos, un encargo!

—Quere que lle represente o século dezanove?

—Escoite.

—Silencio.

—Pechen a boca.

—Calarás, chinés.

—Déanlle viño e que cale ese home.

—Adiante, Henri.

O artista abotoou o traxe negro ata o colo, puxo as luvas amarelas e xesticulou cos ollos birollos coma se fose ler para poder imitar *O Globo* pero, como o ruído non deixaba oír a súa voz, foi imposible entender unha palabra da súa espiritual burla, e

entón, se non representaba o século, polo menos representaba o xornal, pois non se oía nin el a si mesmo.

A sobremesa foi servida coma por maxia. Un admirable centro dourado dos talleres de Thomire apareceu na mesa. Unhas encantadoras figuras, dotadas por un célebre artista das prestixiosas formas da beleza ideal, sostían e levaban matas de amorodos, ananás, dátiles frescos, uvas brancas, pexegos, laranxas que viñan de Setúbal nun paquebote, granadas, froitas da China, en fin todas as sorpresas do luxo, os milagres do pequeno forno, as delicadezas máis larpeiras e as lambetadas máis sedutoras. As cores daqueles cadros gastronómicos estaban realzadas polo brillo da porcelana, polas liñas escintilantes de ouro, polos festóns dos vasos. Graciosa coma as líquidas ondas do océano verde e lixeiro, a espuma coroaba as paisaxes do Poussin, copiadas de Sévres. O presuposto dun príncipe alemán non podería pagar toda esta insolente riqueza.

A prata, o nácara, o ouro, o cristal eran de novo abundantes baixo novas formas pero os ollos adormecidos e a febre verbal da embriaguez apenas lles permitiron aos comensais ter unha vaga intuición desta feira digna dun conto oriental.

Os viños da sobremesa achegaron os seus perfumes e as súas chamas, filtros poderosos, vapores encantadores que xeran unha especie de espellismo intelectual e cuxas cadeas poderosas encadean os pés e entorpecen as mans.

As pirámides de froitas foron saqueadas, aumentaron as voces e creceu o tumulto. Entón, xa non se puideron percibir máis palabras. Os vasos voaban en anacos e os risos ruidosos estouraban coma foguetes.

Un vodevilista colleu unha trompeta e púxose a tocar unha marcha. Foi coma un sinal dado polo demo. A asemblea en delirio vociferou, asubiou, cantou, gritou, bramou e gruñiu.

Vostede riría vendo as persoas naturalmente alegres, volverse sombrías coma os desenlaces de Crébillon, ou soñadoras coma mariñeiros en terra. Os homes finos dicíanlles os seus segredos aos curiosos, que non escoitaban, os melancólicos sorrían coma bailarinas que acaban as súas piruetas e un xornalista balanceábase coma un oso nunha gaiola. Os amigos íntimos enfrontábanse. As semellanzas animais, inscritas nos aspectos humanos e tan curiosamente demostradas polos fisioloxistas, reaparecían

vagamente nos xestos e nos hábitos do corpo. Había todo un libro feito por algún Bichat que non tería alí nada que facer.

O dono da casa, véndose borracho e sen ousar erguerse, aprobaba as extravagancias dos seus comensais mediante un xesto fixo e trataba de conservar un aire decente e hospitalario. O seu ancho rostro, que se volveira vermello e azul, case violáceo, de aspecto terrible, asociábase ao movemento xeral mediante esforzos parecidos aos balanceos e ao cabeceo dun barco.

—Asasinounos? —preguntoulle Émile.

—A confiscación e a pena de morte están abolidas —respondeu o banqueiro.

Despois púxose a rir erguendo as cellas cun aire á vez cheo de finura e de estupidez.

—Pero non as ve vostede ás veces en soños? —díxolle Rafaël.

—Está prohibido —dixo o asasino cheo de ouro.

—E sobre a súa tumba —exclamou Émile cun ton sardónico—o enterrador gravará:

Transeúntes, derramade unha bágoa na súa memoria!

—Oh, —exclamou— daríalle cen francos ao matemático que me demostre cunha ecuación alxébrica a existencia do inferno.

Tirou unha moeda ao aire.

—Cara, por Deus!

—Non mire —gritou Rafaël agarrando a moeda—. Quen sabe? O azar é tan extravagante...

—Ah —dixo Émile cun aire tristemente bufón—, non vexo onde pór os pés entre a xeometría do incrédulo e o *pater noster* do Papa. Bebamos. *Trinc* creo que é o oráculo da diva botella e sérvelle de conclusión ao Pantagruel.

—Ao *pater noster* debémoslle —respondeu Rafaël— as nosas artes, os nosos monumentos, as nosas ciencias quizais e, mellor aínda, os nosos gobernos modernos,

nos que unha sociedade vasta e fecunda está marabillosamente representada por cincocentas intelixencias, nas que as forzas opostas unhas ás outras, se neutralizan e lle deixan todo o poder á CIVILIZACIÓN, raíña xigantesca que substitúe o REI, vella e terrible figura, especie de falso destino creado polo home entre o ceo e el. En presenza de tantas obras cumpridas, o ateísmo aparece coma un esqueleto estéril. Que pensas ti?

—Penso nas mancheas de sangue expandidas polo catolicismo —dixo friamente Émile—. Colleu as nosas veas e os nosos corazóns para facer unha imitación do diluvio. Pero non importa! Todo home sensato debe camiñar baixo o estandarte de Cristo. Só el consagrou o triunfo do espírito sobre a materia, só el nos revelou poderosamente o mundo intermediario que nos separa de Deus.

—Bah! —respondeu, dirixíndolle a Rafaël un indefinible sorriso de embriaguez—, para non comprometermos fagamos o famoso brinde:

Diis ignotis!

Baleiraron os seus cálices de ciencia, de gas carbónico, de perfume, de poesía e de incredulidade.

XIII

—Os señores poden pasar ao salón, espéraos o café.

E as portas abríronse.

Nese momento, case todos os comensais xacían neses limbos deliciosos, onde as luces da intelixencia se extinguen, onde o corpo, liberado do seu tirano, se abandona ás alegrías delirantes da liberdade.

Uns, chegados ao apoxeo da embriaguez, permanecían mornos e traballosamente ocupados en agarrar un pensamento que lles testemuñase a súa propia existencia; outros, estendidos no marasmo producido pola dixestión atordante, non podían moverse; algúns intrépidos oradores seguían pronunciando vagas palabras cuxos sentidos non comprendían nin eles mesmos; despois, algúns refráns resoaban coma o ruído dunha

maquinaria obrigada a cumprir a súa vida ficticia e sen alma. O silencio e o tumulto estaban raramente axustados.

Non obstante, escoitando a voz sonora do criado que, por non ter un xefe, lles anunciaba as alegres novas, erguéronse arrastrados, sostidos ou levados, uns polos outros.

Toda a tropa quedou, durante un momento, no limiar da porta, inmóbil e encantada. Os gozos excesivos do festín palideceron ante o excitante espectáculo que o anfitrión lle ofrecía ao máis voluptuoso dos seus sentidos.

Baixo as escintilantes lámpadas dunha araña de ouro, ao redor dunha mesa vermella, presentouse ante os comensais aparvados un grupo de mulleres e os ollos daqueles brillaron coma diamantes.

Os adornos eran ricos pero máis aínda as belezas cegadoras ante as que desaparecían todas as marabillas daquel palacio. Os ollos apaixonados daquelas criaturas sedutoras coma fadas, tiñan aínda máis vivacidade ca os torrentes de luz que facían resplandecer os reflexos satinados dos tapices, a brancura dos mármore, as delicadas protuberancias dos bronce e a graza das alegres alfombras. Nada podía borrar o brillo daquelas figuras, as cores excitantes dos seus vestidos e a vigorosa brandura das formas entrelazadas con coquetería. O corazón ardía, ao ver os contrastes dos seus toucados que se movían e as súas actitudes, todas diferentes en beleza e en trazos. Era coma unha sebe de flores mesturadas de rubís, de zafiros e de corais; con colares negros ao redor de colos brancos coma a neve, chales lixeiros flotando coma destellos dun faro, turbantes orgullosos e túnicas modestamente provocativas. Ofrecíanse seducións para todos os ollos e voluptuosidade para todos os caprichos.

Admirablemente guapa, unha bailarina parecía non levar veio baixo os pregues sinuosos do seu chal. Nunha parte unha gasa diáfana, noutra unha seda irisada ocultaban ou revelaban misteriosas imperfeccións. Os pés pequenos e estreitos falaban de amor, as bocas frescas e vermellas calaban. Había mozas fráxiles e cándidas, de aparencia virxinal e cuxas cabeleiras expresaban unha relixiosa inocencia. Despois, belezas aristocráticas de mirada altiva, pero indolentes, débiles, delgadas, gráciles, inclinaban a cabeza coma se necesitasen proteccións rexias.

Unha inglesa, branca e casta, figura aérea, descendida das nubes de Ossian, parecía un anxo de melancolía, un remorso que evita o crime.

A parisiense, cuxa absoluta beleza reside nunha graza indescritible, vaidosa da súa roupa e da súa intelixencia, armada da súa poderosa febleza, dócil e riseira, serea sen corazón e sen paixón, pero que sabe crear artificialmente os tesouros da paixón e finxir os acentos do corazón, non faltaba neste escuadrón perigoso, onde tamén brillaban italianas tranquilas en aparencia e conscientes da súa felicidade, ricas normandas de formas magníficas, mulleres meridionais, con cabelo negro e ollos esgazados.

Vostede diría que se trataba das belezas de Versalles convocadas por Lebel, que erguían, desde a mañá, as súas trampas e que chegaban, coma unha tropa de escravas orientais, espertas pola voz dun mercador, para partir á aurora.

Permanecían desconcertadas, vergonzosas e apurábanse ao redor da mesa coma abellas zumbando á entrada dun enxame. Esta incomodidade temerosa, reproche e coquetería xuntas, era sedución premeditada ou pudor involuntario. Un sentimento do que a muller nunca se despoxa e que lle ordena envolverse no abrigo da virtude para darlles máis atractivo e aguillón ás prodigalidades do vicio.

Quizais por isto a conspiración urdida polo dono da casa estivo a piques de fracasar. Aqueles homes sen freo sentíronse subxugados en primeiro lugar polo poder maxestoso do que a muller está investida e resoou un murmurio de admiración coma unha música doce. Ao non ir o amor á par da embriaguez, en lugar dun furacán de paixóns, os comensais, sorprendidos nun momento de debilidade, abandonáronse ás delicias dunha doce éxtase.

Os artistas, obedecendo a poesía que os domina sempre, estudaron compracidos os matices delicados que diferenciaban aquelas belezas escollidas.

Un filósofo, esperto por un pensamento, debido talvez a algunha emanación de ácido carbónico que se liberaba do viño de Champaña, estremeceuse pensando nas desgrazas que conducían alí aquelas mulleres dignas noutro tempo do máis digno respecto. Cada unha delas tiña, sen dúbida, un drama sanguento que contar, case todas soportaban infernais torturas e arrastraban tras delas homes sen fe, promesas traizoadas e alegrías pagadas coa desgraza.

Os comensais achegáronse a elas con educación e establecéronse conversas tan diversas coma os caracteres. Formáronse grupos. A vostede pareceríalle un salón no que as mulleres solteiras e casadas van ofrecerlles aos comensais, despois da cea, os auxilios que o café, os licores e o doce lles prestan aos larpeiros perplexos nos traballos dunha dixestión recalitrante. Algúns risos estalaron despois e o murmuro aumentou. Eleváronse as voces. A orxía, reprimida durante un momento, ameazou por momentos con espertar. Estas alternativas de silencio e de ruído tiñan unha vaga semellanza cunha sinfonía de Beethoven.

Sentado nun brando diván, os dous amigos viron, primeiro, chegar cerca deles unha moza admirablemente ben proporcionada, de porte soberbio, de fisionomía bastante irregular, pero atractiva, impetuosa e que embargaba a alma con vigorosos contrastes. O seu pelo negro, artisticamente colocado en desorde, parecía que sufrira xa os combates do amor e caía en rizos caprichosos sobre os amplos ombros, que ofrecían perspectivas atraentes para as miradas. Longos rolos morenos ocultaban partes dun colo maxestoso, sobre o que a luz esvaraba por intervalos, revelando a finura dos contornos máis bonitos. A pel, dun branco mate, facía resaltar os tons quentes e animados das súas vivas cores. Os seus ollos, provistos de longas cellas, lanzaban chamazaudaces, escintileos de amor e a boca, húmida e entreaberta, invitaba a bicala. Tiña un talle forte pero áxil, o seo e os brazos grandemente envolvidos, coma os das belas figuras do Carraccio, non obstante, parecía lixeira, dócil, e o seu vigor supoñía a axilidade dunha pantera, coma a viril elegancia das formas prometían devoradoras voluptuosidades.

Aínda que noutro tempo debeu rir e troulear, os seus ollos inspiraban terror.

Parecida a esas profetisas axitadas por un demo, sorprendía máis do que gustaba. Todas as expresións pasaban por masas e coma relampagos sobre a súa figura inmóbil. Quizais puidese enfeitizar persoas cansas, pero causaríalle temor a un mozo. Era unha estatua colosal, caída do alto dalgún templo grego, sublime a distancia pero vista de cerca, vulgar e, con todo, a súa beleza debía espertar os impotentes, a súa voz encantar os xordos e a súa mirada reanimar os ósos vellos.

Émile comparouna vagamente cunha traxedia de Shakespeare, especie de arabesca admirable, onde a paixón prorrompía, onde a alegría gritaba, onde o amor tiña algo de salvaxe, onde a maxia da graza e da felicidade lle sucedía aos sanguentos tumultos da cólera, monstro que sabe morder e acariñar, rir coma un demo, chorar coma

os anxos, improvisar nun só abrazo todas as seducións dunha muller, excepto os suspiros de melancolía e as sedutoras modestias dunha virxe para, a continuación, nun momento, ruxir, fender os flancos, romper a paixón, o seu amante e en fin destruírse ela mesma coma un pobo rebelde.

Cun vestido de veludo vermello, pisaba cun pé indiferente algunhas flores que caeran da cabeza das súas compañeiras e cunha man desdeñosa, tendíalles aos dous amigos unha bandexa de prata. Orgullosa da súa beleza e tamén dos seus vicios quizais, amosaba un brazo cegador, dunha admirable redondez que destacaba vivamente sobre o veludo. Era coma a raíña do pracer, coma unha imaxe da alegría humana, desa alegría que disipa tesouros amasados por tres xeracións, que ri sobre os cadáveres, que se burla dos devanceiros, parte en anacos os tronos, transforma os mozos en vellos e frecuentemente, os vellos en mozos; desa alegría que só lle está permitida aos xigantes fatigados do poder, postos a proba polo pensamento ou para os que a guerra se converteu nun xogo.

—Como te chamas? —preguntoulle Rafaël.

—Aquilina.

—Oh, vés de *Venecia salvada* —exclamou Émile.

—Si —respondeu—. Do mesmo xeito que os papas toman novos nomes, ao pórse por riba dos homes, eu tomei outro ao elevarme sobre todas as mulleres.

—Ti, coma a túa patroa, tes un nobre e terrible conspirador que te ama e que é capaz de morrer por ti? —preguntoulle vivamente Émile, espelido por esta aparencia de poesía.

—Tíveno —respondeu ela— pero a guillotina foi a miña rival. Por iso, poño sempre algúns trapos vermellos na miña roupa interior, para que a miña alegría non vaia demasiado lonxe.

—Oh, se lle deixan que conte a historia dos catro mozos de La Rochelle, non acabará nunca. Cala, Aquilina. Todas as mulleres teñen un amante polo que chorar pero non todas teñen, coma ti, a felicidade de perdelo nun cadafalso. Eu preferiría saber que o meu descansa nunha fosa en Clamart ca cerca dun rival.

Aquelas palabras, tan cruelmente lóxicas, foron pronunciadas cunha voz doce e melodiosa, pola máis inocente, a máis alegre e a máis amable criaturiña que, seguindo a expresión de Horacio Walpole, saú de debaixo da variña dunha fada.

Viñera cun paso mudo e amosaba unha figura delicada, un talle delgado, ollos azuis brillantes de modestia e unha fronte fresca e pura. Unha náia de inxenua, escapada do seu manancial, non sería máis tímida, máis branca nin máis cándida.

Aparentaba ter dezaseis anos, ignorar o mal e o amor, non coñecer as tempestades da vida e vir dunha igrexa onde lle rogara aos anxos que a chamasen o antes posible ao ceo.

Só en París se encontran esas criaturas de rostro cándido que ocultan baixo unha fronte tamén doce, tan tenra coma a flor dunha margarida, a depravación máis profunda e os vicios máis refinados.

Enganados nun principio polas celestes promesas escritas nos suaves trazos desta moza, Émile e Rafaël, aceptando o café que ela lles botou nas cuncas ofrecidas por Aquilina, puxéronse a interrogala.

Entón ela acabou de transfigurar aos ollos dos dous poetas, por unha sinistra alegoría, non sei que face da vida humana, opondo, á expresión ruda e apaixonada da súa imponente compañeira, a imaxe desa corrupción fría, voluptuosamente cruel, bastante atordada para cometer un crime e bastante forte para rirse dela; especie de monstro sen corazón, que castiga as almas ricas e tenras a sentir as emocións das que el está privado, que encontra sempre un xesto de amor para vender, as bágoas polo acompañamento da súa vítima e a alegría, pola tarde, para ler o seu testamento.

Un poeta admiraría a bela Aquilina pero o mundo enteiro fuxiría da conmovedora Euphrasie. Unha era a alma do vicio, a outra o vicio sen alma.

—Gustaríame saber —díxolle Émile a esta bonita criatura— se ás veces pensas no futuro.

—O futuro! —respondeu ela rindo—. A que lle chama vostede o futuro? Por que había de pensar no que non existe aínda? Nunca miro para atrás nin para diante de min. Non abonda con ocuparme dun día de cada vez? Ademais, xa sabemos que o futuro é o asilo.

—Como podes ver o asilo desde aquí e non evitalo? —exclamou Rafaël.

—Que ten o asilo de espantoso? —preguntou a terrible Aquilina—. Cando non somos nin nais nin esposas, cando a vellez nos pon medias negras nas pernas e engurras na fronte, corrompe todo o que hai de muller en nós e seca toda a alegría nas miradas dos nosos amigos, que nos pode faltar? Entón vós non vedes en nós, da nosa natureza, nada máis ca o barro que camiña sobre dúas pernas, frío, seco, descomposto e que vai producindo un murmurio de follas mortas. Os vestidos máis bonitos vólvense farrapos. O ámbar, que alegraba o toucador, colle un olor de morto e ole a esqueleto. Se encontrades un corazón nese barro, todos vós o insultades. Non nos permitides nin recordar. Entón, aínda que esteamos nun luxoso hotel coidando cans, ou nun asilo a coser farrapos, a nosa existencia non é a mesma? Ocultar o noso pelo branco cun pano con cadros vermellos e azuis ou con encaixes, é esa toda a diferenza? En lugar dun fogar dourado quentámonos con cinsas, douradas chemineas e, en lugar de ir á Ópera, imos á Grève.

—*Aquilina mia!* Nunca tiveches tanta razón no medio da túa desesperación —dixo Euphrasie—. Si, a caxemira, os tules, os perfumes, o ouro, a seda, o luxo, todo o que brilla, todo o que gusta, só lle acae ben á xuventude. Unicamente o tempo podería ter razón contra as nosas loucuras, pero a felicidade absólvenos. Ah, prefiro morrer de pracer ca de enfermidade. Non teño nin a manía da perpetuidade nin gran respecto pola especie humana, visto o que Deus fai con ela. Dádeme millóns e consumireinos sen gardar un céntimo para o próximo ano. Vivir para agradar e reinar, tal é o decreto que pronuncia cada latexo do meu corazón. A natureza ponme a proba. Non atende sempre ás miñas disipacións? Por que o bo Deus me proporciona todas as mañás o que gasto todas as noites? É que non nos puxo entre o ben e o mal para escoller o que nos fere ou nos aburre? Veña, sería ben parva de non me divertir.

—E os outros?

—Os outros que se arranxen. Prefiro rirme dos seus sufrimentos ca chorar polos meus. Desafío a un home a que me cause a menor pena.

—Que che pasou entón para chegar a ser así? —preguntou Rafaël.

—Fun abandonada por unha herdanza. Eu —dixo ela adoptando unha postura admirable que acentuou toda a súa sedución— que pasaba as noites e os días a traballar

para manter o meu amante. Non quero volver ser a vítima de ningún sorriso, de ningunha promesa e pretendo facer da miña existencia unha longa partida de pracer.

—Pero —exclamou Rafaël—, a felicidade non vén entón da alma?

—É pouco —continuou Aquilina— verse admirada, adulada por vencer mesmo as mulleres virtuosas aniquilándoas coa nosa beleza e coa nosa riqueza? Por outra parte, vivimos máis nun día ca unha burguesa en dez anos e con iso todo está dito.

—Unha muller sen virtude non é odiosa? —preguntoulle Émile a Rafaël.

Euphrasie, lanzándolles unha mirada viperina, respondeu cun inimitable acento de ironía:

—A virtude deixámosllela ás feas e ás chepudas. Que serán sen ela esas pobres mulleres?

—Veña, cala —gritou Émile—, non fales do que non coñeces.

—Non o coñezo? —dixo Euphrasie— Entregarse durante toda a vida a un ser detestable, saber educar os nenos que te abandonan e darlles as grazas cando che feren o corazón. Velaí as virtudes que lles ordenades á muller. Mesmo para recompensar a súa abnegación, impoñédeslles sufrimentos intentando seducila. Se resiste, casades con ela: bonita vida! É mellor permanecer libres, amar os que nos gustan e morrer novas...

—Non temes pagar todo iso un día?

—Ben —respondeu ela—, en lugar de mesturar os meus praceres con penas, a miña vida estará partida en dúas partes. Unha xuventude certamente feliz e unha vellez incerta na que sufrirei todo ao meu gusto.

—Ela nunca amou —dixo Aquilina cunha voz profunda—. Ela nunca fixo cen leguas para ir devorar, con mil delicias, unha mirada e un rexeitamento. A súa vida non estivo pendente dun pelo, nin intentou apuñalar varios homes para salvar o seu soberano, o seu señor, o seu Deus. Para ela, o amor era un guapo coronel.

—He, he, *La Rochelle* —respondeu Euphrasie—. O amor é coma o vento, non sabemos de onde vén. Por outra parte, se foses amada por un estúpido, odiarías as persoas de talento.

—Este código protéxenos de amar os necios —replicou a grande Aquilina cun acento irónico.

—Críate máis indulxente cos militares —exclamou Euphrasie rindo.

—Son felices podendo abdicar da súa razón —dixo Rafaël.

—Felices! —dixo Aquilina, sorrindo de piedade, de terror, e lanzándolles aos dous amigos unha mirada horrible—. Ah!, non sabedes o que é estar condenada ao pracer cun morto no corazón.

Nese momento, eleváronse de todas as partes estraños gritos. Contemplar aqueles salóns era coma ter unha vista anticipada do pandemonio de Milton. Había bailes loucos, animados por unha salvaxe enerxía. As chamas azuis do ponche coloreaban os rostros cunha tinta infernal, os risos estalaban coma detonacións dun fogo de artificio, todo tiña a aparencia dun campo de batalla, sementado de mortos e de moribundos. A atmosfera estaba caldeada. A embriaguez, despois de botar lixeiros veos sobre todas as miradas, facía ver unha nube arrubiada e vapores embriagadores no aire. Elevárase, coma nas bandas luminosas trazadas polos raios do sol, un po brillante, a través do cal xogaban as formas máis caprichosas, as loitas máis grotescas e grupos maravillosos confundíanse cos mármoreos brancos, admirables obras mestras da escultura que adornaban as estanzas.

Aínda que os dous amigos conservasen aínda unha especie de lucidez enganosa nas ideas e no corpo, último estremecemento e simulacro imperfecto da vida, éralles imposible recoñecer o que había de real nas fantasías raras, de posible nos cadros sobrenaturais que pasaban incesantemente por diante dos seus ollos cansos. O ceo asfixiante dos nosos soños, a perfección, a suavidade que contraen as formas e os obxectos nos soños e, sobre todo, esta axilidade cargada de pesadas cadeas: en fin, asaltábanos todos os fenómenos do soño tan vivamente que tomaron os xogos deste desenfreo polos caprichos dun pesadelo. Había movemento sen ruído, gritos que o oído non percibía, corpos intanxibles; despois, a embriaguez, o amor, o delirio, o esquecemento do mundo estaban presentes nos corazóns, nos rostros, no aire, escritos sobre os tapices, expresados pola desorde.

Entón o criado de confianza, despois de conseguir, non sen traballo, facer vir o seu amo á antecámara, díxolle ao oído:

—Señor, todos os veciños están á ventá e quéixanse do ruído.

—Se lles molesta o ruído, non poden poñer palla diante das portas? —gritou o anfitrión.

XIV

Rafaël deixou escapar unha gargallada tan burlescamente intempestiva que o seu amigo preguntoulle o motivo dunha alegría tan brutal.

—Difícilmente me comprenderías —respondeu—. Primeiro tería que confesarche que me detivestes no quai Voltaire no momento no que ía tirarme ao Sena e quererás, sen dúbida, coñecer os motivos da miña morte. E entón aínda que engada que, por un azar case fabuloso, as ruínas máis poéticas do mundo material acababan entón de resumirse ante os meus ollos, por unha tradución simbólica da prudencia humana, mentres que agora, as ruínas de todos os tesouros intelectuais que usamos na mesa cunha pillaxe cruel, foron parar a esas dúas mulleres, imaxe viva e orixinal da loucura, e que a nosa profunda despreocupación polos homes e polas cousas serviu de transición para os cadros coloreados con forza por dous sistemas de existencia diametralmente opostos, entenderás mellor o que che digo? Se non estiveses borracho talvez vises nisto un tratado de filosofía.

—Se non estiveses apoiado sobre a encantadora Aquilina, cuxos ronquidos teñen certa analoxía co ruxido dunha tormenta a punto de estalar —dixo Émile, quen se entretiña xogando co cabelo de Euphrasie, sen ser consciente desta inocente ocupación—, avergoñaríaste da túa borracheira e do teu parladoiro. Os teus dous sistemas caben nunha única frase e redúcense a un pensamento.

A vida sinxela e mecánica conduce a certa prudencia insensata e afoga a nosa intelixencia co traballo e a vida pasada no baleiro das abstraccións ou no abismo do mundo moral leva a certa louca sabedoría.

Nunha palabra, matar os sentimentos para vivir vello e morrer novo aceptando o martirio das paixóns, velaí a nosa sentenza. É máis, esta sentenza loita co temperamento que nos deu o rudo burlón, ao que lle debemos o patrón de todas as criaturas.

—Imbécil —exclamou Rafaël interrompéndoo—. Continúa a resumirte así e conseguirás facer volumes. Se tivese a pretensión de formular propiamente esas dúas ideas, teríache dito que o home se corrompe polo exercicio da razón e que se purifica pola ignorancia. Iso é acusar a sociedade. Pero, que nós vivamos cos prudentes ou que morramos cos tolos, o resultado, despois de todo, non é o mesmo? Por outra parte, o grande observador da quintaesencia, xa antano, expresou estes dous sistemas en dúas palabras: *CARYMARY*, *CARYMARA*.

—Ti fasme dubidar do poder de Deus, pois es máis imbécil ca el poderoso —replicou Émile—. O noso querido Rabelais resolveu esta filosofía cunha palabra máis breve ca *carymary*, *carymara*, o “QUIZAIS”, de onde Montaigne tomou o seu *que sei eu?* e Charles Nodier o *que me importa?* de Breloque. É máis, estas últimas palabras da ciencia moral só son a exclamación de Pirro que permanece entre o ben e o mal, coma o asno de Buridán entre dous montóns de avea.

—Pero deixemos esta eterna discusión, que conduce hoxe a un *si e non*. Que experiencia buscabas tirándote ao Sena? Tiñas celos da máquina hidráulica da ponte Notre-Dame?

—Ai, se coñeceses a miña vida...

—Ah, ah —exclamou Émile—, non te cría tan vulgar. Esa frase está gastada. Non sabes que todos temos a pretensión de sufrir moito máis ca os outros?

—Ah —suspirou Rafaël.

—Pero ti es un bufón con ton! Vexamos: mataches a desgustos, coma ese estudante de Padoue, sen sabelo, unha nai que adorabas?

Unha enfermidade psíquica ou mental obrígate a adestrar todas as mañás, por unha contracción dos teus músculos, os cabalos que, pola tarde, han de despezarte, coma, antano, fixo Damien? Comiches o teu can cru na túa bufarda? Os teus fillos dixéronche algunha vez “pai, teño fame”? Vendiches os cabalos da túa amante para ir

xogar? Fuches pagar a un falso domicilio unha falsa letra de cambio, que conseguiras sobre un falso tío? Vamos, eu escoito.

Se te tirases á auga por unha muller, por un protesto, ou por fastío, eu renegaría de ti. Confesa, non mintas, non che pido memorias históricas. Sobre todo, sé tan breve como a túa borracheira cho permita pois son tan esixente coma un lector e estou a piques de durmir coma unha muller que le o breviario en latín.

—Pobre parvo! —dixo Rafaël—. Desde cando as dores non están en relación coa sensibilidade? Cando cheguemos ao grao da ciencia que nos permita facer unha historia natural dos corazóns, nomealos, clasificalos en xéneros, en subxéneros, en familias, en crustáceos, en fósiles, en saurios, en microscópicos, en... que sei eu?, entón, meu amigo, probarase que existen corazóns tenros, delicados coma flores, e que poden romper, coma elas, a causa de lixeiros desgustos aos que certos corazóns minerais non son sensibles.

—Oh!, por favor, afórrame o teu prefacio —dixo Émile cun aire medio riseiro medio laión, collendo a man de Rafaël.

SEGUNDA PARTE

A MULLER SEN CORAZÓN

XV

Despois de permanecer silencioso durante un momento, Rafaël dixo, deixando escapar un xesto de indiferenza:

—Non sei realmente se hai que atribuírle aos vapores do viño e do ponche a especie de lucidez que me permite abrazar neste instante toda a miña vida coma un único e mesmo cadro, no que as figuras, as cores, as sombras, os días e os perfumes están fielmente reproducidos. Este xogo poético da miña imaxinación non me asustaría se non estivese acompañado dunha especie de desdén polos meus sufrimentos e polas miñas alegrías pasadas. Visto á distancia, toda a miña vida está coma limitada por un fenómeno moral e xulgo en vez de sentir. Este longo e lento sufrimento que durou anos, pode hoxe reproducirse con algunhas frases, nas que a dor só será un pensamento e o pracer, unha reflexión filosófica.

—Es aburrido coma a explicación dunha emenda —gritou Émile.

—É posible —continuou Rafaël sen inmutarse—, de xeito que, para non abusar do teu oído, non che contarei os primeiros dezasete anos da miña vida. Ata entón, vivín coma ti, coma mil outros, esa vida de escolar ou de liceo, de cuxas desgrazas ficticias e alegrías reais nos acordamos todos con delicia agora, á que a nosa gastronomía aburrida volve pedir as verduras do venres que non volvemos probar. Esa bonita vida cuxos traballos desprezamos e que, non obstante, nos aprenderon a traballar.

—Chega ao drama! —dixo Émile cun ton metade cómico metade queixoso.

—Cando saín do colexio —dixo Rafaël reclamando, cun xesto, o dereito a continuar— meu pai someteume a unha severa disciplina. Aloxoume nun cuarto contiguo ao seu despacho. Deitábame ás nove da noite e erguíame ás cinco da mañá. Quería que estudase Dereito a conciencia. Ía ao mesmo tempo á escola e cabo dun

avogado e as leis do tempo e do espazo eran severamente aplicadas nos meus desprazamentos, nos meus traballos, e o meu pai pedíame, mentres ceabamos, unha rigorosa conta deles.

-Que me importa a min iso —dixo Émile.

—Que o demo te leve! —respondeu Rafaël—. Como poderás comprender os meus sentimentos se non che conto os feitos imperceptibles que influíron na miña alma, a acostumaron ao medo e me fixeron permanecer na inxenuidade primitiva dos mozos.

Así, ata os vinte e un anos estiven dobregado baixo un despotismo tan frío coma o dunha regra monacal. Para revelarche as tristezas da miña vida, abondará con que che describa o meu pai. Era un home alto, seco e delgado, de rostro afiado, cara pálida, calado, coreño coma unha solteirona e meticuloso coma un xefe de despacho. A súa paternidade planeaba sobre os meus vivos e alegres pensamentos, de forma que os pechaba baixo unha cúpula de chumbo. Cando eu quería manifestar un sentimento doce e tenro tiña a sensación de que lle ía dicir unha parvada. Eu temíalle moito máis do que lle temíamos hai pouco aos profesores. Nunca crecín para el. Aínda me parece velo diante miña. Mantíñase dereito coma un cirio pascual e coa súa levita marrón, tiña o aspecto dun arenque afumado envolto na cobertura arrubiada dun panfleto.

E con todo, eu amaba o meu pai! No fondo, era xusto. Quizais non odiamos a severidade cando está xustificada por un gran carácter, por costumes puros e está habilmente mesturada con bondade.

Se o meu pai non me deixaba nunca, se, ata os vinte anos, non deixou dez francos á miña disposición, si, dez malditos, dez libertinos francos, tesouro inmenso cuxa posesión tan frecuentemente envexada me facía soñar con inefables delicias, como recompensa, prometíame que me introduciría no mundo e, despois de facerme esperar unha festa durante meses enteiros, levábame aos Bouffons, a un concerto, a un baile, onde eu esperaba encontrar unha amante que representaba para min a independencia.

Pero, vergonzoso e tímido, ignorando o idioma dos salóns e sen coñecer a ninguén, volvía sempre co corazón intacto e cheo de desexos. Despois, ao outro día, embridado coma un cabalo de escuadrón, o meu pai facíame, pola mañá, volver á casa do avogado, ao estudo e ao Palacio.

Intentar apartarme da ruta uniforme que el me marcara, sería exporme á súa cólera e como, unha vez por todas, me ameazara con embarcarme coma grumete para as Antillas, tremía cando, por azar, ousaba aventurarme, durante unha hora ou dúas, a ir a algún sitio para divertirme.

Pensa na imaxinación máis vagabunda, no corazón máis amoroso, na alma máis tenra, no espírito máis poético en presenza do home máis duro, o máis atrabiliario e o máis frío do mundo. Casa unha moza cun esqueleto e comprenderás a existencia cuxas escenas curiosas me prohibes desenvolver: proxectos de fuga esvaecidos pola aparición do meu pai, desesperacións calmadas polo sono, desexos reprimidos, sombrías melancolías disipadas pola música. Exhalaba con forza sobre o piano o meu mal humor en melodías e, a miúdo, Beethoven ou Mozart foron os meus discretos confidentes.

Hoxe río acordándome de todos os prexuízos que axitaron a miña conciencia nesta época de inocencia e de virtude.

Se puxese o pé nun restaurante, creríame arruinado. A miña imaxinación facíame considerar un café coma un lugar de desenfreo no que os homes perdían o seu honor e empeñaban a súa fortuna. En canto a arriscar diñeiro no xogo, tería que telo.

Oh! Agora que estou a punto de durmirte, quero contarche unha das máis terribles alegrías da miña vida, unha desas alegrías armadas de forza e que se cravan no noso corazón coma un ferro candente sobre o ombro dun presidiario.

Estaba no baile na casa do duque de N***, primo do meu pai pero, para que poidas comprender perfectamente a miña posición, teño que confesarche todo. Eu levaba un traxe gastado, uns zapatos mal feitos, unha gravata de cocheiro e unhas luvas xa usadas. Púxenme nun recuncho, desde onde devoraba coa mirada as mulleres máis bonitas que reflectían os espellos. O meu pai viume e, por unha razón que nunca adiviñei, pois tanto me confundiu este acto de confianza, deume o seu diñeiro e as súas chaves para que as gardase. A dez pasos de min, algúns homes xogaban e eu oía soar o diñeiro.

Tiña vinte anos e desexaba pasar unha xornada enteira entregado aos pecados da miña idade. Era unha libertinaxe de imaxinación cuxo equivalente non se encontraba nin nos caprichos dos cortesáns nin nas fantasías das mozas. Desde había un ano, eu soñaba con verme nunha carruaxe, cunha guapa muller ao meu lado, con aspecto de

señor, ceando en Véry, indo pola tarde ao espectáculo e decidido a non volver ata o día seguinte á casa do meu pai pero cunha aventura novelesca, máis complexa ca as *Vodas de Fígaro* e da que lle sería imposible librarse. Eu calculara que toda esa alegría custaría cincuenta escudos. Non estaba aínda baixo o inxenuo encanto de facer a lata?

Fun entón a un toucador e alí, só, cos ollos brillantes e os dedos trementes, contei o diñeiro do meu pai. Había cen escudos na bolsa.

De súpeto, os plans da miña fuxida apareceron perante min visibles, bailando coma as bruxas de Macbeth ao redor da súa caldeira pero sedutoras, estremecedoras e deliciosas. Volvinme un pillo decidido. Sen escoitar os z Unidos do meu oído ou os batementos precipitados do meu corazón, collín dúas moedas de vinte francos que aínda parece que estou vendo. As cifras estaban borradas e, toda gastada, a figura de Bonaparte xesticulaba nel. Despois de pór a bolsa no meu peto e as dúas moedas de diñeiro na palma húmida da miña man dereita, fun cara a unha mesa de xogo rodando entre os xogadores coma un lagarteiro por riba dun galiñeiro. Presa de angustias inexpresables, lancei de súpeto unha mirada translúcida ao redor de min e despois, seguro de que ninguén coñecido me vía, apostei por un homiño gordo e alegre, sobre cuxa cabeza acumulaba máis pregarías e desexos ca os que se fan no mar durante tres tempestades. Cun instinto de maldade e de maquiavelismo do que Sixte-Quint se sorprendería, fun colocarme cerca da porta, observando os salóns sen ver nada, pois a miña alma flotaba ao redor do fatal tapete verde.

Desta noite data a primeira observación filosófica á que lle debo, desde entón, a penetración que me permitiu comprender algúns misterios da nosa dobre natureza.

Encontrábame de costas á mesa na que se disputaba a miña futura felicidade, felicidade, máis profunda quizais canto máis pecaminosa. Había entre os dous xogadores e eu, toda unha fileira de homes, unha espesura de catro ou cinco filas de conversadores de onde se elevaba un murmurio de voces que me impedía distinguir os sons da orquestra. E ben, por un privilexio concedido a todas as paixóns e que lles dá o poder de aniquilar o espazo e o tempo, oía claramente as palabras dos dous xogadores, sabía que dicían e cal dos dous foi o triunfador. A dez pasos das cartas, palidecía polos seus caprichos coma se as vise.

De súpeto, meu pai pasou por diante miña e entón comprendín a frase da escritura: *O espírito de Deus pasa por diante da súa cara.*

Gañara! A través do remuíño de homes que gravitaba ao redor dos xogadores, acudín ata a mesa escorréndome coa destreza dunha anguía que escapa pola malla rota dunha rede. De dolorosas, todas as miñas fibras se volveron alegres. Estaba coma un condenado que, indo ao suplicio, volve encontrar o rei. O

azar fixo que un home con condecoracións reclamase corenta francos que faltaban. Todas as miradas caeron sobre min. Púxenme pálido e unhas pingueiras de suor sucaron a miña fronte de mozo e entón, o delito de roubarlle a meu pai pareceume ben vingado. Nese momento, o homiño gordo dixo cunha voz certamente anxelical:

—Todos estes señores apostaran. Eu son responsable do xogo.

E pagou os corenta francos. Volvín erguer a miña fronte e botei miradas triunfais sobre os xogadores. Despois, deixei a miña ganancia a aquel digno e honesto señor, tras repoñer o diñeiro na bolsa do meu pai. Tan pronto como me vin posuidor de cento sesenta francos, envolvinos no meu pano de maneira que non puidesen nin moverse nin facer ruído mentres volvíamos á casa e xa non xoguei máis.

—Que facías no xogo? —preguntoume meu pai cando entrabamos no coche.

—Miraba —respondín tremendo.

—Non tería nada de estraño —replicou o meu pai— que te sentises forzado a apostar algo. Aos ollos da xente do mundo, pareces o bastante maior como para ter o dereito de facer parvadas así que te escusaría se me colleses diñeiro da bolsa.

Non respondín nada.

Cando estabamos de volta, devolvílle ao meu pai as chaves e o diñeiro. Ao entrar no seu cuarto, baleirou a bolsa sobre a cheminea, contou o diñeiro e, despois, volvéndose cara a min cun aire gracioso, díxome separando cada frase por unha pausa máis ou menos longa e significativa:

—Meu fillo, logo terás vinte anos. Estou orgulloso de ti. Precisas unha pensión, que só servirá para aprenderche a economizar e a coñecer as cousas da vida. Desde hoxe, dareiche cen francos por mes. Disporás do teu diñeiro como che praza.

—Velaquí o primeiro trimestre deste ano —engadiu acariñando un montón de diñeiro coma para verificar a suma.

Confeso que estiven a piques a botarme aos seus pés, a declararlle que era un tunante, un infame e..., peor aínda, un mentireiro, pero a vergonza retívome. Fun abrazalo e rexeitome con suavidade.

—Agora es un home, meu fillo! —díxome el—. O que eu fago é simple e xusto e non me tes que agradecer nada.

—Se teño dereito ao teu recoñecemento, Rafaël —dixo el cun ton doce pero cheo de dignidade—, é por salvar a túa xuventude de desgrazas que devoran todos os mozos en París. A partir de hoxe seremos coma dous amigos. Dentro dun ano converteraste en doutor en Dereito. Terás, non sen certos desagradados e certas privacións, adquirido os coñecementos sólidos e o amor ao traballo tan esencial para os homes chamados a manexar os negocios. Aprende a coñecerme Rafaël. Non quero facer de ti nin un avogado, nin un notario, senón un home de Estado que poida chegar a ser a gloria da nosa humilde casa.

—Ata mañá! —engadiu véndome de novo cun xesto misterioso.

Desde ese día, o meu pai inicioume francamente nos seus proxectos.

XVI

Eu era fillo único e perdera a miña nai había dez anos.

Antano, pouco satisfeito de ter o dereito de traballar a terra, o meu pai, procedente dunha casa nobre, case esquecida en Auvernia, veu a París para tentar a sorte.

Dotado desa finura que fai os homes do sur de Francia tan superiores, cando está acompañada de enerxía, e sen grande apoio, chegou a tomar posición no propio corazón

do poder. A revolución cambiou logo a súa fortuna pero, casado coa herdeira dunha rica casa, baixo o imperio, soubo restituírlle á nosa familia o seu vello esplendor.

A Restauración, que lle devolveu á miña nai considerables bens, arruinou o meu pai.

Como comprara varias terras dadas polo emperador aos seus xenerais, no estranxeiro, desde había dez anos loitaba cos liquidadores e diplomáticos, cos tribunais prusianos e bávaros para manter a posesión controvertida destas desgrazadas dotacións. Meu pai lanzoume axiña ao labirinto inextricable deste vasto proceso do que dependía todo o noso futuro. Podíamos ser condenados a restituír as rendas que el perdera, así coma o prezo de certas cortas de madeira feitas de 1814 a 1817 e, nese caso, o capital da miña nai só chegaba para salvar o honor do noso nome. Así, o día no que o meu pai parecía dalgún xeito darme a independencia, eu caía baixo o xugo máis odioso. Vinme obrigado a combater coma nun campo de batalla, a traballar de noite e de día, a ir ver os homes de Estado, a tratar de descubrir as súas crenzas, a intentar que se interesasen polo noso asunto, a seducilos, a eles, as súas mulleres, os seus criados, os seus cans, e a disfrazar este horrible obxectivo baixo as formas máis elegantes e baixo agradables bromas. E entón comprendín o aspecto canso do meu pai.

Durante un ano, levei en aparencia a vida dun home de mundo pero esta disipación e a miña présa por ligarme con parentes ou con persoas que podían sernos útiles, ocultaban terribles esforzos. As miñas diversións eran sempre alegacións e as miñas conversas, informes.

Ata ese momento fora virtuoso pola imposibilidade de me entregar aos praceres de mozo e despois, por falta de tempo e de diñeiro e temendo causar a ruína do meu pai e a miña por unha negligencia, convertínme no meu propio déspota e non ousaba permitirme nin un pracer nin un gasto. En fin, cando somos novos, cando, á forza de desgustos, os homes e as cousas aínda non nos quitaron a flor delicada do sentimento, ese virxe verdor do pensamento, esa nobre e pura conciencia que nunca nos deixa transixir co mal, sentimos vivamente os nosos deberes, temos un honor, somos francos e directos. Entón, eu era así e quería xustificar a confianza do meu pai.

Había pouco, eu subtraéralle unha cativa suma pero, levando con el a carga dos seus negocios, do seu nome, da súa casa, déralle secretamente os meus bens, as miñas esperanzas e sacrificáballe os meus praceres sentíndome feliz, incluso, do meu sacrificio. Así pois, cando o señor Villèle exhumou, expresamente para nós, un decreto imperial sobre as prescricións e nos arruinou, asinei a venda das miñas propiedades, sen gardar máis ca unha illa sen valor, situada no medio do Loira e onde se encontraba a tumba da miña nai.

Quizais hoxe non me faltarían argumentos, rodeos, discusións filosóficas, filantrópicas e políticas para escusarme de facer o que o meu procurador chamou unha *estupidez*, pero con vinte e un anos, somos, repito, todo xenerosidade, todo calor e todo amor. As bágoas que vin nos ollos do meu pai foron entón, para min, a máis bela das fortunas e o recordo desas bágoas consoloume frecuentemente.

Dez meses despois de pagarlles aos acredores, o meu pai morreu de pena. Adorábame e arruinárame e esta idea matouno.

En 1826, con vinte e dous anos, cara á fin do outono, seguíu absolutamente só o cortexo do meu primeiro amigo, o meu pai. Poucos mozos se encontran sós, cos seus pensamentos, seguindo un coche fúnebre, perdidos en París, sen futuro e sen fortuna. Os orfos recollidos pola caridade pública sempre teñen un pai, un futuro, unha fortuna. A súa fortuna é o campo de batalla, o seu pai o procurador do rei, o goberno ou o hospicio. Eu, en cambio, non tiña nada. Nada.

Tres meses despois, un perito taxador envioume mil cento doce francos, produto neto e líquido da herdanza paternal. Os acredores obrigáranme a vender o noso mobiliario.

Acostumado desde a miña xuventude a darlle un gran valor a todos os obxectos de luxo que me rodeaban, non puideron evitar unha especie de estrañeza ante o aspecto deste exíguo saldo.

—Oh —díxome o perito taxador—, todo era ben *rococó*.

Que espantosa palabra que murchaba todas as relixións da miña infancia e me despoixaba das miñas primeiras ilusións, as máis queridas de todas.

A miña fortuna resumíase nunha factura de venda e o meu futuro xacía nunha bolsa de tea, que contiña mil cento doce francos.

A sociedade aparecíame representada pola persoa dun funcionario taxador que me falaba co chapeu na cabeza.

Un mordomo, que me quería ben e ao que a miña nai lle atribuíra antano catrocentos francos de renda vitalicia, díxome cando deixou a casa da que tan frecuentemente eu saíra con alegría en coche, durante a miña infancia:

—Aforre, señor Rafaël.

E choraba o bo home.

XVII

Tales son, meu querido Émile, os eventos que dominaron o meu destino, modificaron a miña alma e me colocaron, na máis falsa de todas as situacións sociais.

Algúns vínculos familiares, aínda que febles, uníanme a algunhas casas ricas ás que o meu orgullo me tería prohibido o acceso, se o desprezo e a indiferenza non me pechasen xa as portas. Así, aínda que era parente de persoas moi influentes, que protexían estraños, eu non tiña nin parentes nin protectores.

A miña alma, continuamente contida no desafogo dos seus sentimentos, repregárase sobre si mesma e, chea de franqueza, de naturalidade, debía parecer frío e hipócrita. O despotismo do meu pai, aínda que non suprimira toda a confianza en min, fixérame tímido e torpe. Non cría que a miña voz puidese exercer a menor influencia, non me gustaba, encontrábame feo e avergonzábame da miña mirada.

A pesar da voz interior que debe soster todos os homes de talento nas súas loitas e que me gritaba valor!, adiante!, a pesar das revelacións repentinas do meu poder na soidade e a pesar da esperanza que me animaba comparando as obras novas que eran admiradas polo público, coas que flotaban no meu pensamento, dubidada de min, coma

un neno sen nai. Era vítima dunha excesiva ambición, críame destinado a grandes cousas e sentíame na nada.

Ademais diso, necesitaba os homes, encontrábame sen amigos; debía abríame un camiño no mundo e permanecía só, quieto, menos temeroso ca avergonzado.

Cando o meu pai me lanzou no remuíño da alta sociedade, o meu corazón era novo, a miña alma fresca e coma todos os nenos grandes aspiraba a fermosos amores. Entre os mozos da miña idade só vía un grupo de fanfurriñeiros que ían coa cabeza levantada, dicindo parvadas, sentándose sen tremer cerca de mulleres que me parecían moi poderosas, soltándolles impertinencias, mordendo a punta dos seus bastóns, facendo carantoñas e degradando entre eles mesmos as persoas máis respectables, aparentando que puxeran a cabeza sobre todas as almofadas, adoptando a actitude de poder rexeitar o pracer, considerando as máis virtuosas, as máis puritanas coma presa fácil e que podían ser conquistadas coa simple palabra, co menor xesto atrevido e coa primeira mirada insolente.

Confésoche, de todo corazón, que a conquista do poder ou dunha gran fama literaria me parecían triunfos menos difíciles de obter ca un éxito cunha muller de alto rango, nova, espiritual e graciosa. Así, encontraba as turbacións do meu corazón, os meus sentimentos, as miñas crenzas en desacordo coas máximas da sociedade. Tiña audacia, pero só na alma, non nas maneiras. Máis tarde, souben que as mulleres non queren ser mendigadas.

Vin moitas, ás que adoraba de lonxe, ás que lles entregaba o meu corazón sen reservas, unha alma para partir, unha enerxía que non se asustaba nin cos sacrificios nin coas torturas e que pertencían a parvos aos que eu non quería nin para porteiros.

Ah!, cantas veces eu, mudo, inmóbil, admirei a muller dos meus sonhos, que xurdía nun baile. Consagrándolle entón mentalmente a miña existencia enteira a caricias eternas, comunicáballe todas as miñas esperanzas nunha mirada e ofrecíalle, en éxtase, un amor crecente porque era verdadeiro, profundo, un amor de mozo que só quere que abusen del. Tería dado, en certos momentos, a miña vida por unha soa noite.

Non encontrando nunca un oído a quen confiarlle as miñas palabras apaixonadas nin miradas nas que repousar as miñas nin un corazón para o meu corazón, vivín todos os tormentos dunha poderosa enerxía que se devoraba a ela mesma, fose por falta de

ousadía ou de ocasións, fose por inexperiencia. Quizais me desesperaba a idea de me facer comprender ou tremía por ser demasiado comprendido. E, non obstante, tiña unha tempestade preparada en cada mirada de cortesía que me dirixían pero, a pesar da miña prontitude para coller esa mirada ou unhas palabras, en aparencia afectuosas, coma tenras obrigas, nunca ousei nin falar nin calar. Con tanto sentimento, a miña palabra era insignificante e o meu silencio estúpido. Tiña, sen dúbida, demasiada inxenuidade para unha sociedade falsa que só vive ao día e que transforma todos os seus pensamentos en frases convidas, coas palabras ditadas pola moda, ademais, eu non sabía falar calando nin calar falando.

Así, ocultando fogos que me queimaban, cunha alma semellante a aquela que as mulleres parecían desexar encontrar, presa desa exaltación da que están ávidas posuíndo unha enerxía da que presumen os necios, só coñecín mulleres traidoramente crueis. Admiraba inxenuamente os heroes dos grupos cando celebraban os seus triunfos, sen supoñer que mentían. Equivocábame, sen dúbida, desexando un amor sen palabra, ao querer encontrar grande e forte, nun corazón de muller frívola e lixeira, ávida de luxo, ebria de vaidade, a ampla paixón, o océano que batía tempestuosamente no meu corazón.

Oh!, sentirse nacido para amar, para facer unha muller moi feliz e non ter nin sequera unha vella marquesa, unha valente e nobre Marceline. Levar tesouros nas alforxas e non poder encontrar, unha nena, algunha moza curiosa, para que os admire. A miúdo quixen morrer de desesperación.

—Fermosamente trágica, esta noite! —exclamou Émile.

—Déixame condenar a miña vida —respondeu Rafaël— e litigar polo meu divorcio con ela. Se a túa amizade non é o suficientemente forte coma para escoitar as miñas elexías, se non podes concederme media hora de aburrimento, durme. Pero non me pidas contas do meu suicidio que brama, que se alza, que me chama e que eu saúdo. Para xulgar un home, polo menos fai falta posuír o segredo do seu pensamento, das súas desgrazas, das súas emocións. Non querer coñecer outra cousa ca o home e os sucesos é facer cronoloxía.

O ton amargo co que estas palabras foron pronunciadas golpeou con tal forza a Émile que, desde ese momento, lle prestou toda a súa atención a Rafaël, observándoo cun aire case aparvado.

—Pero —dixo o narrador—agora, a luz que lles dá cor a eses accidentes préstalles un novo aspecto. Cada orde de cousas que eu consideraba antano coma unha desgraza debeu xerar as facultades, as forzas das que, máis tarde, me sentín orgulloso.

A curiosidade filosófica, os traballos excesivos, o amor á lectura que, desde a idade de sete anos ata que entrei no mundo, ocuparon constantemente a miña vida, non me terían dotado do fácil poder co que, se hai que crervos, sei reproducir as miñas ideas e avanzar no vasto campo dos coñecementos humanos? O abandono ao que estaba condenado, o hábito de afogar os meus sentimentos e vivir no meu corazón non me investiron do poder de comparar, de meditar? A miña sensibilidade, non téndose disipado ao servizo desas irritacións mundanas, que fan da alma máis bela, unha pequena, reducíndoa ao estado de farrapo, non se concentrou para converterse no órgano perfeccionado dunha vontade máis alta ca a da paixón?

Ignorado polas mulleres, acórdome de observarlas con toda a sagacidade do amor desdeñado. Agora, estou seguro, a sinceridade do meu carácter debía de desagradarlles. Quizais queren un pouco de hipocrisía pero, eu, sendo ao mesmo tempo neno, home, sabio, fútil, pensador, sen prexuízos e cheo de supersticións, muller coma elas, non tomarían a miña inxenuidade por cinismo? A ciencia aburríaas e a languidez feminina parecíalles febleza. Á parte, esa excesiva imaxinación, desgraza dos poetas, facía que me xulgasen, sen dúbida, coma un ser incapaz de amor, sen constancia nas ideas, fráxil. Parecía idiota cando calaba e asustábaas, quizais, cando intentaba agradarlles.

Así, todas as mulleres me condenaron. Aceptei, con lágrimas e con pena, o decreto dado polo mundo. Máis tarde esa sentenza deu o seu froito. Quixen vingarme da sociedade, posuír a alma de todas as mulleres sometendo as intelixencias, ver todas as miradas fixas sobre min cando o meu nome fose pronunciado por un criado á porta dun salón. Quería ser un home importante. Desde a miña infancia, pegaba na fronte dicíndome como André de Chénier “Hai algo aquí..!” Cría sentir en min un pensamento e expresalo, un sistema e establecelo, unha ciencia e explicala.

Oh, meu querido Émile! hoxe que só teño vinte e seis anos e que estou seguro de que morrerei ignorado, sen ser nunca o amante da muller que desexei posuír, déixasme que che conte todas as miñas loucuras?, non tomamos todos nós, os nosos desexos coma realidades? Ah! Non quereda, como amigo, un mozo que, nos seus soños, non trezase coroas, non construíse un pedestal ou non deseñase encantadoras amantes.

Eu fun a miúdo, xeneral, emperador, fun Byron, despois... nada. Tras chegar ao cumio das cousas humanas, decatábame de que aínda tiña todas as montañas, todas as dificultades por superar.

Este inmenso amor propio que fervía en min, esta crenza sublime nun destino e que se volve talento, talvez, cando un home non deixa que lle despedacen a alma polo contacto dos negocios coma un cordeiro cuxa la se engancha nas espiñas das silvas, todo iso me salvou.

Quixen cubrirme de gloria e traballar no silencio pola amante que tería un día. Todas as mulleres se resumían nunha soa e eu cría encontrar esta muller na primeira que se ofrecía ás miñas miradas. Pero, vendo unha raíña en todas e en cada unha, todas debían, como as raíñas que están obrigadas a darlles o primeiro paso aos seus amantes, vir cara a un mozo doente, pobre e tímido.

Ah!, tiña no corazón tanto padecemento, ademais de amor, que a adoraría durante toda a miña vida.

Máis tarde, as miñas observacións aprendéronme crueis verdades. Así, meu querido Émile, arriscábame a vivir eternamente só. As mulleres están habituadas, non sei por que tendencia de espírito, a ver nun home de talento só os defectos e nun parvo, as calidades. Entón experimentan grandes simpatías polas calidades dun parvo, que son unha perpetua adulación dos seus propios defectos mentres que, nos homes importantes, as imperfeccións nunca poden ser compensadas polas vantaxes. O talento é unha febre intermitente e ningunha muller desexa compartir só o seu malestar. Todas queren encontrar nos seus amantes motivos para satisfacer a súa vaidade: seguen amándose a si mesmas en nós. Un home pobre, altivo, artista, dotado do poder de crear, non está armado dunha especie de egoísmo? Existe ao seu redor un remuíño de pensamentos no que cae mesmo a súa amante, ela debe seguir o seu movemento.

Unha muller adulada pode crer no amor de tal home? Vaino buscar? Este amante non ten o tempo dispoñible de vir facer, ao redor dun diván, eses xestiños que ás mulleres lles gustan tanto e que son o triunfo das persoas falsas e insensibles. Apenas ten tempo bastante para os seus traballos: como vai gastarse en empequenecerse, en recargarse excesivamente? Eu daría a miña vida pero non a envilecería con miudezas.

En fin, hai na conduta dun axente de cambio que fai os encargos dunha muller pálida e melindrosa, algo de mesquiño que o artista odia. Cómpre máis ca amor por un home pobre e grande, hai necesidade de abnegación e as pequenas criaturas que só pensan en traxes de caxemira ou que se convierten en colgadoiros da moda, non teñen abnegación, elas esixen, vendo no amor un medio de ordenar e non de obedecer. A verdadeira esposa de corazón, en carne e óso déixase arrastrar a onde vai aquel no que reside a súa vida, a súa forza, a súa gloria, a súa felicidade. Os homes superiores precisan mulleres dignas deles, que os comprendan. Para eles a desgraza está no desaxuste entre os seus desexos e os seus medios. Eu, que me consideraba home intelixente, amaba precisamente esas tan superficiais.

Coas ideas tan contrarias ás recibidas, coa pretensión de escalar o ceo sen escaleira, con tesouros que non tiñan audiencia, armado de coñecementos estendidos cos que a miña memoria estaba recargada e que aínda non clasificara, que non asimilara por así dicir, encontrándome sen parentes, sen amigos, só no medio do máis horroroso deserto, un deserto empedrado, un deserto animado, pensante, vivente, no que todos vós sodes moito máis ca inimigos, indiferente, a resolución que tomei era natural aínda que louca. Tiña algo de imposible que me daba coraxe.

Foi coma unha aposta feita comigo mesmo: eu era o xogador e o que estaba en xogo. Velaquí o meu plan.

XVIII

Os meus mil cen francos tiñan que chegarme para vivir tres anos, tempo que me concedía para publicar unha obra que puidese atraer a atención pública sobre min e facerme unha fortuna e un nome.

Eu alegrábame pensando que ía vivir de pan e de leite, coma un solitario de Tebaida, permanecendo no mundo dos libros e das ideas, nunha esfera inaccesible, no medio dese París tan tumultuoso, esfera de traballo e de silencio, onde construíría, coma as crisálidas, unha tumba para renacer brillando e glorioso. Ía arriscarme a morrer para vivir.

Reducindo a existencia ás súas verdadeiras necesidades, ao estrito necesario, pensei que trescentos sesenta e cinco francos por ano debían abondar para o meu luxo de pobreza. En efecto, esta magra suma chegou para satisfacer a miña vida, mentres quixen soportar a miña propia disciplina claustral.

—Pero iso é imposible! —gritou Émile.

—Vivín preto de tres anos así —respondeu Rafaël cunha especie de orgullo.

—Contemos —dixo—: quince céntimos de pan, dez de leite e quince de chacinería impedían que morrese de fame e mantiñan o meu espírito nun estado de lucidez singular. Observei, como sabes, maravillosos efectos producidos pola dieta sobre a imaxinación.

Despois, o meu aloxamento custábame quince céntimos por día; iluminábame por quince céntimos por noite; arranxaba eu mesmo o meu cuarto; levaba camisas de flanela para non gastar máis ca dez céntimos en lavar por día; quentábame con carbón mineral, do que o prezo dividido entre os días do ano, non deu nunca máis de dúas cadelas por cada un; en fin, tiña roupa, mudas, calzado para tres anos, era bastante, pois só tiña que vestirme para ir a certos lugares públicos e ás bibliotecas.

Todos estes gastos reunidos fan noventa céntimos e quedábanme dez para imprevistos. Durante este longo período de traballo non me acordo de pasar a Pont-des-

Arts, nin de comprar nunca auga pois íaa buscar á mañá, á fonte da praza de Saint-Michel, na esquina da rúa Grès. Levaba a miña pobreza con orgullo porque un home que presinte un bo futuro, camiña pola súa vida de miseria coma un inocente conducido ao suplicio, non ten vergonza.

Eu non prevía a enfermidade, pero coma Aquilina, pensaba no asilo sen terror. Nunca dubidei da miña boa saúde porque o pobre só se deita para morrer.

Cortábame eu mesmo o pelo, ata que un anxo de amor e de bondade... Pero non quero anticiparme á situación á que vou.

Aprende só, meu querido amigo, que a falta dunha amante, vivín, cunha grande imaxinación, un soño, unha ficción na que comezamos todos a crer, máis ou menos. Hoxe ríome de min, dese *eu* quizais santo e sublime que xa non existe.

A sociedade, o mundo, os nosos usos, os nosos costumes, vistos de cerca, reveláronme o perigo da nosa crenza inocente e a superficialidade dos nosos ferventes traballos. Todo iso é inútil ao ambicioso. Fai falta pouca bagaxe cando o que se persegue é a fortuna e a falta dos homes superiores é a de gastar os seus anos mozos a volverse dignos dela. Mentres as xentes sinxelas atesouran a súa forza e a súa ciencia para levar un día, sen esforzo, o peso dun poder futuro que os refusa, os intrigantes ricos de palabras e desprovistos de ideas, van e veñen, sorprenden os parvos e gañan a confianza dos bobos. Así uns estudan, os outros prosperan; uns son modestos, os outros audaces; o home intelixente cala o seu orgullo e o intrigante bota o seu todo para fóra; este chega necesariamente a onde quere. Os homes de poder teñen unha necesidade tan forte de crer no mérito realizado, no talento descarado que o verdadeiro sabio acaba caendo no infantilismo, cousas de rapaces que esperan recompensas humanas. Non intento, certamente, parafrasear os lugares comúns da virtude, *O cantar dos cantares* das persoas que non chegan a nada senón a deducir loxicamente a razón dos frecuentes éxitos obtidos polos homes mediocres.

Pero o estudo é tan maternalmente bo que quizais se cometa un crime buscando outras recompensas ca as puras e doces alegrías coas que ela alimenta os seus fillos. Acórdome de comer a miúdo deliciosa e alegremente o meu pan, o meu leite, sentado cerca da ventá, respirando o aire do ceo, deixando planear os meus ollos sobre a paisaxe

de tellados marróns, agrisados, vermellos, de lousas, de tellas, cubertos de carrizas amarelas ou verdes.

Se, ao principio, esta vista me parecía monótona, logo descubrín nela singulares belezas. Á noite, lampexos luminosos, partes de contraventás mal pechadas, anunciaban e animaban as negras profundidades deste barrio orixinal e os resplandores pálidos dos farois proxectaban desde abaixo reflexos amarelados a través da néboa, e acusaban feblemente nas rúas as ondulacións deses teitos apiñados, océano de ondas inmóbiles. Algunhas veces, deseñábanse raras figuras no medio deste morno deserto: entre as flores dalgún xardín aéreo, estaba o perfil anguloso e corvo dunha anciá regando as capuchinas, ou, no marco dun bufarda podre, algunha moza aseábase créndose soa e da que eu só percibía a bonita cabeza e os longos cabelos elevados no aire por un brazo resplandecente de brancura. Eu admiraba as vexetacións efémeras que crecían nos canlóns, pobres herbas arrastradas por unha tormenta. Estudaba as carrizas, as súas cores revividas pola chuvia e que, baixo o sol, cambiaban nun veludo seco e marrón con reflexos caprichosos. En fin, os poéticos e cambiantes efectos do día, as tristezas da néboa, os repentinos brillos do sol, o silencio, as maxias da noite, os misterios da aurora, os fumes de cada cheminea, todos os accidentes desta singular natureza fixéranse familiares e divertíanme. Amaba a miña prisión, quizais porque era voluntaria. Estas sabanas de París formadas por tellados nivelados coma unha chaira, pero que cubrían abismos poboados, chegaban á miña alma e harmonizaban cos meus pensamentos. Cansa volver encontrar bruscamente o mundo cando descendemos de alturas celestes a onde nos arrastran as meditacións científicas: deste xeito, comprendín maravillosamente a nudez dos mosteiros.

XIX

Cando tomei a resolución de vivir así, busquei a miña morada nos barrios máis solitarios de París. Unha tarde, volvía do Estrapade e, para retornar á miña casa, pasei pola rúa Cordiers.

Na esquina da rúa de Cluny vin unha rapaza duns catorce anos, que xogaba ao volante cunha amiga. As súas risas e trasnadas divertían os veciños. Como aínda

estabamos no mes de setembro, o día estaba bo e a tarde quente. Diante de cada porta, había mulleres sentadas e falando coma nunha cidade de provincia nun día de festa. De entrada, fixeime na rapaza cuxa fisionomía tiña unha admirable expresión e cuxo corpo, deseñado para un pintor, era unha escena encantadora. Despois, buscando a causa desta sinxeleza no medio de París, notei que a rúa non conducía a ningún sitio, non debía ser moi transitada. Acordeime da morada de J. -J. Rousseau nesta rúa, mireina. Vin a pousada Saint-Quentin, e o estado de deterioración no que se encontraba, facía que esperase encontrar o aloxamento barato que desexaba e fun velo.

Entrando nunha sala da planta baixa, vin os clásicos candelabros de bronce fornecidos coas súas candeas e metodicamente aliñados por riba de cada chave. Buscando a ama do hotel, sorprendeume a limpeza que reinaba naquela sala, ordinariamente bastante descoidada en todas as partes. Estaba pintada coma nun cadro de costumes e os utensilios, os mobles, a cama azul tiñan a coquetería das casas convencionais. Ergueuse unha muller duns corenta anos que levaba desgrazas escritas nos seus trazos e a súa mirada estaba coma embazada por bágoas. Confeseille humildemente a tarifa do meu alugamento que non pareceu estrañarlle e só buscou unha chave entre todas as outras.

Deseguido, conducíume ás bufardas da casa e amosoume un cuarto, con vistas aos tellados para os patios escuros da veciñanza e para as fiestras desde as que se vían cordas con roupa. Non podía haber nada máis horrible.

Aquela bufarda coas paredes amarelas e sucias cheiraba a miseria e chamaba por un salvador. O teito era máis baixo nalgúns sitios e as tellas separadas deixaban ver o ceo. Había sitio para unha cama, unha mesa, algunhas cadeiras e, baixo o ángulo obtuso do teito, podía colocar o meu piano. Non sendo o suficientemente rica como para amoblar esta gaiola digna dos chumbos de Venecia, a pobre muller nunca puidera alugala. Agora ben, como eu excluía precisamente da venda inmobiliaria que acababa de facer, os obxectos que me eran dalgún xeito persoais, axiña me puxen de acordo coa miña caseira e ao día seguinte instaleime na súa casa.

Vivín neste sepulcro aéreo durante tres anos, traballando noite e día sen descanso, con tanto pracer que o estudo me parecía ser o tema máis bonito e a solución máis feliz dunha vida humana.

A calma e o silencio necesarios para o sabio teñen algo de doce, de embriagador coma o amor. O exercicio do pensamento, a busca das ideas, as contemplacións tranquilas do espírito dan inefables delicias, indescribibles coma todo o que participa da intelixencia cuxos fenómenos son invisibles para os nosos sentidos exteriores. Do mesmo xeito, sempre nos vemos forzados, cando falamos do espírito, a referirnos ao corpo. Así, o pracer de nadar nun lago de auga pura, no medio de penedos, de bosques, de flores, só, aloumiñado por unha brisa tépeda, daríalles aos ignorantes unha imaxe moi feble da felicidade que experimentaba cando a miña alma se bañaba nos resplandores de non sei que luz, cando escoitaba as voces terribles e confusas da inspiración, cando as imaxes chorreaban dunha fonte descoñecida no meu cerebro palpitante. Oh!, ver unha idea que despunta no baleiro das abstraccións humanas coma a saída do sol pola mañá, elevándose coma el, botando raios ou, mellor aínda, é coma un neno, adulto, home e ben expresado, ben vivente... é unha alegría superior ás outras alegrías terrestres ou máis ben un divino pracer. Despois, o estudo cobre coa súa maxia todo o que nos rodea.

A mesa feble sobre a que escribía e a badana marrón coa que estaba cuberta, o meu piano, a miña cama, a miña cadeira de brazos, as extravagancias do papel das paredes, os meus mobles, todos se converteron para min en humildes amigos, en cómplices silenciosos do meu futuro... Cantas veces, observándoos, lles comuniquéi a miña alma! A miúdo, deixando viaxar os meus ollos por unha moldura torcida, encontrei novos revelados, unha proba sorprendente do meu sistema ou das palabras que cría ideais para expresar pensamentos case inexpresables... Á forza de contemplar eses obxectos, encontráballes unha fisionomía, un carácter e a miúdo falábanme. Se, por riba dos tellados, o sol cando se metía me botaba a través da estreita fiestra unha luz furtiva, aqueles gañaban cor, formas caprichosas, palidecían, brillaban, entristecíanse ou alegrábanse e sorprendíanme sempre cunha multitude de novas expresións.

Estes miúdos accidentes da vida solitaria escápanlles ás preocupacións do mundo pero son o consolo dos prisioneiros. Agora ben, eu estaba preso por unha idea, cativo por un sistema, pero sostido pola perspectiva dunha vida gloriosa.

Por esta razón, a cada dificultade vencida, bicaba as mans doces e finas da muller de ollos bonitos, elegante e rica, que un día debía acariñar o meu pelo dicíndome con tenrura:

—Sufriches moito, meu anxo.

Comezara dúas grandes obras. Primeiro unha comedia que debía darme, en pouco tempo, unha fama, unha fortuna e facilitarme a entrada nese mundo no que eu quería volver aparecer coma un home notable.

Todos vós xulgastes a miña obra mestra coma unha verdadeira necesidade de neno, coma o primeiro erro dun mozo que sae do colexio. As vosas bromas destruíron fecundas ilusións que xa non volveron espertar. Só ti, meu querido Émile, calmaches a profunda ferida que outros fixeron no meu corazón. Ti admiras a miña *Teoría da vontade*, esa longa obra, para a que aprendín as linguas orientais e anatomía e á que lle consagrei a maior parte do meu tempo, obra que, se non me equivoco, debe completar os traballos de Lavater, de Gall, de Bichat, abrindo unha nova ruta para a ciencia humana.

Nela detense a miña vida, esa vida secreta, ese sacrificio de todos os días, ese traballo de verme da seda ignorado por todos e cuxa única recompensa é o traballo mesmo.

Desde que tiven uso de razón ata o día no que rematei a miña *Teoría*, observei, aprendín, lin sen descanso e a miña vida foi coma un longo castigo.

Amante efeminado da preguiza oriental, amante dos meus soños, sensual, traballei sempre, refusando todos os gozos da vida. De larpeiro fíxenme sobrio, de amante, tanto de camiñar coma das viaxes marítimas, desexando visitar varios países, encontrando aínda pracer facendo rebotar, coma un neno, as pedras sobre a auga, permanecín constantemente sentado, cunha pluma na man. Aínda que falador, ía escoitar en silencio os profesores nas conferencias públicas da Biblioteca e do Museo. Durmín sobre o meu xergón solitario coma un relixioso da orde de san Mauro e a muller era a única quimera, unha quimera que acariñaba e que me fuxía sempre. En fin, a miña vida foi unha cruel antítese, unha perpetua ficción. Xulgade entón os homes.

Ás veces todas as miñas inclinacións naturais espertaban coma un incendio incubado durante moito tempo. Entón, por unha especie de milagre ou quentura, víame viúvo, privado de todo e nunha bufarda de artista, rodeado de mulleres encantadoras. Corría a través das rúas de París, recostado sobre os brandos coxíns dunha brillante carruaxe, minado de vicios, sumido no exceso, querendo todo e posuíndo todo. Estaba

ebrio, en xaxún, coma san Antonio na súa tentación. Despois o sono engulía felizmente todas estas visións devoradoras e ao día seguinte a ciencia chamábame sorrindo e eu éralle fiel.

Imaxino que as mulleres chamadas virtuosas deben ser a miúdo vítimas destes arrebatos de loucura, de desexos e de paixóns que se elevan en nós, aínda que non queiramos. Eses soños non carecen de encanto. Parécense ás charlas da tarde, no inverno, cando se parte do fogar para a China. Pero, que vén a ser a virtude?

XX

Durante os dez primeiros meses da miña reclusión, levei a vida pobre e solitaria que che describín: indo buscar eu mesmo, pola mañá e sen ser visto, as miñas provisións para todo o día, arraxaba o meu cuarto, e era o amo, o servente facendo de Dióxenes cun increíble orgullo.

Tras este período, durante o que a caseira e a súa filla espiron os meus usos e costumes, examinaron a miña persoa e comprenderon a miña miseria, quizais porque elas eran moi desgrazadas, establecéronse entre elas e eu certos vínculos.

A pequena Pauline, esa encantadora criatura, cuxas grazas inxenuas e secretas me levaran dalgún xeito alí, prestoume algunhas atencións que non puiden rexeitar. Todos os infortunios son irmáns, teñen a mesma linguaxe, a mesma xenerosidade, a xenerosidade dos que, non posuíndo nada, son pródigos de sentimento e ofrecen o seu tempo e a súa persoa.

Insensiblemente, Pauline foise introducindo na miña casa. Quixo servirme e a súa nai non se opuxo. Vin a nai mesma acomodando a miña roupa e ruborizándose por ser sorprendida nesta caritativa ocupación. Aínda que eu non quería, convertínme no seu protexido e aceptei os seus servizos.

Para comprender esta singular amizade, hai que coñecer o arrebatado polo traballo, a tiranía das ideas e esta repugnancia instintiva que o home que vive do pensamento sente por todos os detalles da vida material.

Podía eu resistirme á delicada atención coa que Pauline me traía, con paso mudo, a miña frugal comida, cando se daba conta de que, desde había sete ou oito horas, non tomara nada?

Coa graza dunha muller e a inxenuidade da infancia, sorríame, facíame coa man un sinal par dicirme que non debía vela. Era Ariel escorréndose coma un silfo baixo o meu teito e prevendo as miñas necesidades.

Unha tarde, Pauline contoume a súa historia cunha encantadora inxenuidade. O seu pai era xefe de escuadrón dos soldados a cabalo da garda imperial. Na pasaxe da Beresina, fora apresado polos rusos. Máis tarde, cando Napoleón propuxo intercambialo, as autoridades rusas buscárono en van en Siberia pois, segundo os outros prisioneiros, escapara co proxecto de ir ás Indias.

Desde ese tempo, a señora Gaudin, a miña caseira, non puidera obter ningunha nova do seu marido. Os desastres de 1814 e 1815 chegaran e como se encontraba soa, sen recursos e sen socorro, decidira manter un hotel abastecido para manter a súa filla. Esperaba cada día a volta do seu marido.

A súa pena máis grande era a de deixar a Pauline sen educación, a súa Pauline, afillada da princesa Borghèse, e que non debería desmerecer o fermoso destino prometido pola súa protectora.

Cando madame Gaudin me confiou esta amarga pena que a mataba e me dixo cun acento lacerante:

—Daría de boa gana o papel que nomea a Gaudin barón do imperio e o dereito que temos á dotación de Wistchnau a cambio de que Pauline fose educada en Saint-Denis. Ah!, se o emperador vivise...

De súpeto, estremecinme e tiven a idea, para agradecer todos os coidados dos que era obxecto, de ofrecerme a educar a Pauline. O candor co que aceptou a miña proposición foi igual á inxenuidade que ma ditou.

Tiven deste xeito horas de distracción. Pauline tiña as mellores disposicións e como aprendía con facilidade, en pouco tempo tocaba o piano mellor ca min. Era todo graza e amabilidade. Escoitábame con recollemento, fixándome os seus ollos negros e aveludados que parecían sorrir. Repetía as leccións cun acento doce e acariciante,

testemuñando unha alegría infantil se eu estaba contento. A súa nai, cada día máis inqueda por ter que preservar de todo perigo unha moza que desenvolvía, cada vez máis, todas as promesas feitas polas súas grazas da infancia, vía, con pracer, como se pechaba durante todo o día para ler e aprender as leccións. Como o meu piano era o único que podía usar, aproveitaba a miña ausencia para estudar.

Cando volvía, encontrábaa no meu cuarto, modestamente vestida e calzada con innobres zapatos para uns pés bonitos pero, ao menor movemento que facía, o talle elegante e flexible e os encantos da súa persoa revelábanse baixo o basto tecido co que estaba vestida. Era a heroína do conto de *Pel de asno*, unha raíña en escravitude.

Aqueles bonitos tesouros, a súa riqueza de moza, todo ese luxo de beleza estaba perdido para min. Impuxérame a min mesmo ver a Pauline coma unha irmá e horrorizábame a idea de enganar a confianza da súa nai.

Así, eu admiraba esta encantadora criatura coma un cadro, coma o retrato dunha amante morta. Era a miña nena, a miña estatua e, novo Pigmalión, quería facer, dunha virxe vivente e coloreada, sensible e faladora, un mármore. Era moi estrito con ela pero, canto máis eu lle facía experimentar os efectos do meu despotismo maxistral, máis doce e submisa se amosaba ela.

Non me faltaban razóns para o meu valor, a miña moderación e a miña continencia polos sentimentos nobres. Non comprendo a probidade das armas, a probidade do pensamento. Enganar unha muller ou declararme en quebra, sempre foi para min o mesmo. Amar unha moza ou deixarse amar por ela, constitúe un verdadeiro contrato, cuxas condicións deben ser ben entendidas. Podemos abandonar a muller que se vende, pero non a moza que se entrega, pois ela ignora a extensión do seu sacrificio. Polo tanto, eu casaría con Pauline e iso sería unha loucura pois era someter unha alma doce e virxe a tremendas desgrazas. A miña indixencia falaba cunha voz poderosa e poñía a súa man de ferro entre esta querida criatura e eu.

Á parte, confeso con vergonza que non concibo un amor na miseria. Quizais é, para min, unha depravación debida a esta enfermidade humana que chamamos civilización, pero unha muller, aínda que sexa tan encantadora coma a bela Helena, a Galatea de Homero, non ten ningún poder sobre os meus sentidos, tan pronto descoida o seu aspecto.

Ah!, vivir o amor sobre a seda, sobre o caxemira, rodeado das marabillas do luxo que o adornan tan maravilhosamente, porque el mesmo é un luxo, quizais. Gústame engurrar, baixo os meus desexos, pimpantes traxes, esfollar flores e levar unha man devastadora ata os elegantes edificios dun peiteado embalsamado. Uns ollos ardentes ocultos tras un veo de encaixe que as miradas esgazan coma a chama perfora o fume do canón, ofrécenme fantásticos atractivos. O meu amor necesita escaleiras de seda para subilas en silencio unha noite de inverno. Que pracer chegar cuberto de neve a un cuarto iluminado por perfumes, tapizado en ouro e de sedas pintadas! E a muller sacode tamén a neve, eses veos de voluptuosas muselinas a través dos cales ela se ve coma un anxo na súa nube. Necesito ademais unha tenue felicidade, unha audaz seguridade... Despois, quero volver ver esa muller misteriosa pero radiante, no meu mundo, virtuosa, rodeada de homenaxes, vestida con encaixes e diamantes, dando ordes, colocada tan alta, tan imponente que ninguén ousa dirixirlle unha súplica. E desde aí, que me bote unha mirada ás agachadas, unha mirada que desmente todo, unha mirada que me sacrifica o mundo e os homes.

Certamente, encontreime moitas veces ridículo ao admirar algunhas varas de blonda, de veludo, finas batistas, os esforzos dun peiteador, unhas candeas, unha carroza, un título, heráldicas coroas pintadas por vidreiros ou fabricadas por un ourive, en fin todo o que hai de fáctico e de menos *muller* na muller. Mofeime de min, razoei pero todo foi en van. Unha muller aristocrática co seu riso fino, a distinción das súas maneiras e o respecto por si mesma enfeitízame. Cando pon unha barreira entre ela e o mundo, afaga en min todas as vaidades que son a metade do amor. Envexado por todos, unha felicidade paréceme que ten máis sabor, máis gusto. A miña amante paréceme máis miña se non fai nada do que fan as outras mulleres, se non camiña, se non vive coma elas e se envolve en abrigo que elas non poden ter e respirando os seus propios perfumes,. Canto máis se afasta ela da terra, mesmo no que o amor ten de terrestre, máis fermosa me parece. Por fortuna para min en Francia levamos vinte anos sen raíña, porque eu amaría a raíña.

Para ter as formas dunha princesa, unha muller debe ser rica. Agora ben, en presenza das miñas novelescas fantasías, que era Pauline? Podía ofrecerme noites que custan a vida, un amor que mata e que pon en xogo todas as facultades humanas... Non nos matamos por mozas pobres que se entregan.

Non puiden destruír nunca eses sentimentos nin eses soños de poeta. Nacera para o amor imposible e o azar quixo que fose servido máis alá dos meus desexos.

Deste xeito, cantas veces imaxinei vestir de satén os delicados pés de Pauline, cinguir o seu talle, esvelto coma un álamo novo, nun vestido de gasa, botar sobre o seu seo un lixeiro chal, facerlle pisar as alfombras do seu hotel e conducila ata unha carruaxe elegante. Así adoraríaa. Atribuíalle unha vaidade que ela non tiña; despozábaa de todas as súas virtudes, das súas grazas inxenuas, da súa deliciosa natureza e do seu sorriso inxenuo, para sumila na Estixia dos nosos vicios e volverlle o corazón invulnerable, para cubrila cos nosos delitos, para facer dela a cabeza caprichosa dos nosos salóns, unha muller delicada que se deita á mañá para renacer á tarde, á luz das candeas... Era todo sentimento, todo frescor e eu queríaa seca e fría.

Nos últimos días da miña vida o recordo amosoume a Pauline da mesma maneira que nos pinta as escenas da nosa infancia e máis dunha vez, quedei entenrecido, pensando en deliciosos momentos que a volvía ver, sentada cerca da miña mesa, ocupada en coser, apracible, silenciosa, abstraída e suavemente iluminada pola luz que, descendendo do fachineiro, deseñaba lixeiros reflexos prateados sobre o seu pelo negro, ou ben esperaba o seu riso novo, a súa voz cun timbre rico cando cantaba as graciosas cantilenas que compoñía sen esforzos. A miúdo exaltábase dunha maneira impresionante e parecía entón a cabeza pola que Carlo Dolci quixo representar a poesía ou Italia.

A miña cruel memoria representábame aquela moza a través das loucuras da miña existencia coma un remorso, coma unha imaxe da virtude, pero deixemos a pobre moza co seu destino. Por moi desgrazada que fose, polo menos púxena ao abrigo dunha espantosa tormenta, evitando arrastrala ao meu inferno.

XXI

Ata o inverno pasado, a miña vida foi a vida tranquila e estudosa da que tratei de darche unha feble imaxe. Nos primeiros días do mes de decembro de 1829, encontrei a Rastignac.

A pesar do miserable estado da miña roupa, ofreceume o brazo e preocupouse da miña fortuna cun interese verdadeiramente fraternal e entón conteille brevemente a miña vida e as miñas esperanzas.

Botouse a rir, tratoume de home de talento, de parvo e de neno. O seu acento gascón, a súa experiencia do mundo e a opulencia na que vivía debido á súa habilidade actuaron sobre min dun xeito irresistible.

Fíxome morrer no hospital, ignorado coma un bobo, conduciu o meu propio acompañamento fúnebre, tirándome na fosa dos pobres. Faloume de charlatanería. Con esta inspiración que o fai tan sedutor, tan irresistible, amosoume todos os homes de talento coma charlatáns e declaroume que me faltaba un sentido e que morrería, se permanecía só, na rúa dos Cordiers. Eu debía integrarme, frecuentar a sociedade, habituar as persoas a pronunciar o meu nome e despoxarme do humilde señor que lle acaía mal a un grande home dos nosos tempos.

—Os imbéciles —exclamou— chámanlle a esa ocupación intrigar, a xente de moral proscribida baixo o termo de *vida disipada*. Pero non lles prestemos atención aos homes e interroguemos as cousas e os resultados. Se traballas, non farás nada.

A disipación, meu querido amigo, é un sistema político. A vida dun home ocupada en comer a súa fortuna vólvese a miúdo unha especulación. Coloca o seu capital, en amigos, en praceres, en protectores, en coñecidos... Un negociante arrisca un millón e durante vinte anos, non dorme, non bebe, non se divirte, incuba o seu millón e faino correr por toda Europa. Abúrrese e lévano todos os demos que o home inventou. Despois, unha creba déixao sen unha chica, sen nome e sen un amigo. O disipador divírtese vivindo, facendo correr os seus cabalos e se, por azar, perde o seu capital, ten a sorte de ser nomeado recadador xeral, de casar, de agregarse a un ministro, a un

embaixador pois aínda ten amigos, unha reputación e sempre diñeiro. Coñecendo os resortes do mundo, úsaos no seu proveito. É o lóxico ou estou tolo? Non é a moralidade da comedia que se ve todos os días no mundo?

—A túa obra está acabada —dixo el tras unha pausa—. Si, tes un talento inmenso pero non che vale para nada. Agora tes que buscar o éxito por ti mesmo, é máis seguro. Irás buscar alianzas nas tertulias, conquistar loadores. Eu irei a medias no teu asunto, serei o xoieiro que engasta o teu diamante.

—Para comezar —dixo— tes que estar aquí mañá pola tarde. Voute presentar nunha casa á que vai todo París, o noso París: os elegantes, a xente rica, as celebridades, en fin, os homes que falan de diñeiro coma Crisóstomo. Cando aceptan un libro, este ponse de moda e se é realmente bo, deron certa proba de xenio sen sabelo. Se ti es intelixente, meu neno, farás ti mesmo a fortuna da túa *Teoría*, comprendendo mellor a teoría da fortuna.

Nunha palabra, mañá pola tarde, verás a Foedora. A bela condesa Foedora, a muller que está de moda.

—Nunca oín falar dela.

—Es un pastrán —dixo Rastignac rindo—. Non coñecer a Foedora! Unha muller casadeira que posúe cerca de oitenta mil libras de renda e que non quere a ninguén ou que ninguén quere. É unha especie de problema feminino, unha parisiense metade rusa ou unha rusa metade parisiense. Unha muller en cuxa casa se editan todas as producións románticas que non se publican. A muller máis bela de París, a máis graciosa. Ti non es un pastrán, ti es a besta intermedia que separa o pastrán do animal. Adeus, ata mañá.

Deu a volta e desapareceu sen esperar a miña resposta, sen admitir que un home razoable puidese negarse a ser presentado ante Foedora.

Como explicar a fascinación dun nome! FOEDORA!

Ese nome perseguiume coma un mal pensamento, co que se intenta transixir. Unha voz dicíame:

—Irás á casa de Foedora.

E por máis que me debatase con esta voz e lle gritase que mentía, anulaba todos os meus razoamentos con ese nome: Foedora.

Ese nome e esa muller eran o símbolo de todos os meus desexos e o obxecto da miña vida. O nome espertaba as poesías artificiais do mundo e facía brillar as súas festas, a vaidade, os ouropeis. A muller aparecíame con toda a paixón que me enlouquecía. Non era nin a muller nin o nome, senón todos os meus vicios que se erguían na miña alma para tentarme de novo.

A condesa Foedora, rica e sen amante, resistindo ás seducións parisienses. Era a encarnación das miñas esperanzas, das miñas visións. Eu creaba unha muller, deseñábaa no meu pensamento e soñaba con ela.

Pola noite, non durmín, fíxenme seu amante, creei unha vida enteira, unha vida de amor en poucas horas e saboreei as súas fecundas e puras delicias.

Ao día seguinte, incapaz de soportar o suplicio de esperar ata a noite, fun pedir unha novela e pasei o día léndoa, para situarme así na imposibilidade de pensar, de medir o tempo. Durante a miña lectura, o nome de Foedora resoaba no meu interior coma un son que se oe desde lonxe, que non turba pero que se fai oír.

Posuía aínda, felizmente, un traxe negro e un chaleco branco en bastante bo estado. De toda a miña fortuna, quedábanme só ao redor de trinta francos que espaxara entre o vestiario e os caixóns, a fin de poñer entre unha moeda de cen cadelas e as miñas fantasías, a barreira poderosa dunha procura e os azares dunha *circunnavegación* no meu cuarto.

No momento de me vestir, busquei o meu tesouro a través do océano de papeis. A escaseza do numerario pode facerche concibir todo o sacrificio que supuxo conseguir uns guantes e unha carruaxe que comeron o pan de todo un mes. Nunca nos falta diñeiro para os nosos caprichos e só discutimos o prezo das cousas útiles e necesarias. Tirámoslle o diñeiro con despreocupación ás bailarinas e regateámoslle a un obreiro, cuxa familia famenta o espera, o pagamento das débedas. Parece que nunca mercamos o pracer bastante caro.

Encontrei a Rastignac fiel á cita quen riu da miña metamorfose e se burlou de min. Despois, de camiño á casa da condesa, deume caritativos consellos sobre a maneira

de me comportar con ela. Díxome que era avara, va e desconfiada pero avara con fasto, va con sinxeleza e desconfiada con amabilidade.

—Coñeces as miñas obriga s—díxome el— e sabes canto perdería cambiando de amor. Observando a Foedora eu non sentía ningún interese, tiña o sangue frío, as miñas advertencias deben ser xustas. Agora ben, pensando en presentarte na súa casa, pensei na túa fortuna así que, ten coidado con todo o que digas, Ten unha memoria cruel e habilidade para desesperar un diplomático e para adiviñar o momento no que dixo a verdade. Entre nós, creo que nunca estivo casada. O embaixador de Rusia botouse a rir cando lle falei dela, non a recibe e saúdaa de pasada cando a encontra no bosque. Non obstante, ela é amiga da señora F..., vai á casa das señoras de N..., de V... En Francia, a súa reputación é impecable. A muller do mariscal, a máis requintada de todo o grupo bonapartista, convídaa a pasar temporadas na súa terra. Moitos mozos fatuos e mesmo o fillo dun par de Francia, ofrecéronlle un nome a cambio da súa fortuna e ela rexeitounos a todos educadamente. Quizais só sexa sensible ao título de conde! Ti non es marqués? Así pois, adiante se che gusta! Velaí o que eu chamo *dar instrucións*.

Esta broma fíxome crer que Rastignac quería rir e picar a miña curiosidade de forma que a miña paixón improvisada chegase ao paroxismo cando nos paramos diante dunha galería adornada de flores. Subindo por unha grande escaleira tapizada, onde me chamaron a atención todos os refinamentos do confort inglés, o corazón bateume con forza e púxenme colorado. Descubría a miña orixe, os meus sentimentos e o meu orgullo. Eu era neciamente burgués. Saía dunha bufarda, despois de tres anos de pobreza, non sabendo aínda pór por riba das bagatelas da vida, os tesouros adquiridos, o inmenso capital intelectual que fan a un rico nun momento, cando o poder cae nas súas mans, sen humillalo porque o estudo o formou antes nas loitas políticas.

XXII

Albisquei unha muller de ao redor duns vinte e dous anos, de talle mediano, vestida de branco, rodeada dun círculo de homes, indolentemente tombada nun diván e que tiña na man un abano de plumas.

Vendo entrar a Rastignac ergueuse, veu a onda nós e, sorrindo con graza, fíxome, cunha voz singularmente melodiosa, un cumprimento sen dúbida afectado. O noso amigo anunciárame coma un home de talento empregando a súa habilidade e a súa énfase gascona para procurarme un acollemento adulator. Fun obxecto dunha atención particular que fixo que estivese confuso, pero Rastignac felizmente falara da miña modestia. Encontrei alí sabios, xente de letras, vellos ministros e pares de Francia.

A conversa retomou o seu curso algún tempo despois da miña chegada e, sentindo que tiña unha reputación que soste, tranquiliceime. Despois, tratei, sen abusar da palabra cando me era concedida, resumir as intervencións con palabras máis ou menos incisivas, tan pronto profundas, tan pronto espirituais. Causei certa sensación, e por milésima vez na súa vida, Rastignac foi profeta.

Cando houbo bastante xente para que cada un recuperase a súa liberdade, o meu introdutor colleume do brazo e paseamos polos cuartos.

—Non amoses demasiada fascinación pola princesa, podería adiviñar o motivo da túa visita.

Os salóns estaban amoblados cun gusto exquisito. Vin alí cadros de boísima calidade. Cada peza tiña, coma nas casas do ingleses máis opulentos, o seu carácter particular e o papel pintado, os floreos, a forma dos mobles, todos os detalles da decoración harmonizaban co primeiro pensamento. Así, nun toucador gótico no que as portas estaban tapadas por cortinas de tapicería, as orlas da tea, o reloxo de parede, os deseños da alfombra eran góticos; o teito, formado por vigas marróns esculpidas presentaban á vista artesóns cheos de graza e de orixinalidade; o revestimento de madeira estaba artisticamente traballado e nada destruía o conxunto desta fermosa decoración, nin sequera as ventás, cuxos vidros estaban iluminados e preciosos.

Quedei sorprendido ante o aspecto dun salongiño moderno no que non sei que artista esgotara a ciencia da nosa decoración tan lixeira, tan fresca, tan suave, sen brillo e sobria de dourados. Era amoroso e vago coma unha balada alemá, un pequeno retiro tallado para unha paixón de 1827, perfumado por xardineiras cheas de flores raras e a continuación do cal se percibía en fileira, unha peza dourada, onde revivía o gusto do século de Luís XIV e que, oposto ás nosas pinturas actuais, producía un raro pero agradable contraste.

—Aquí estarás ben aloxado —díxome Rastignac cun sorriso no que se translucía unha lixeira ironía—. Non é sedutor? —engadiu sentándose.

Ergueuse bruscamente, colleume pola man e levoume ao dormitorio. Deseguido amosoume un leito voluptuoso, baixo un dosel de muselina e de seda brancas, suavemente iluminado, o verdadeiro leito dunha fada prometida a un xenio:

—Non cres que hai —exclamou en voz baixa— impudencia, insolencia e unha coquetería desmedidas en deixarnos contemplar este trono do amor? Non se entregar a ninguén e permitir que todo o mundo deixe aquí a súa tarxeta. Ah!, se eu fose libre querería ver esta muller submisa e chorando á miña porta.

—Estás tan seguro da súa virtude?

—Os máis audaces dos nosos amantes, os máis hábiles fracasaron, confesárono, permanecéronlle fieis, ámana aínda e son os seus amigos consagrados. Non é un enigma esta muller?

Esas palabras excitaron en min unha especie de embriaguez. Os meus celos temían xa o pasado. Tremendo de gozo, volvíñ precipitadamente ao salón onde deixara a condesa e funa encontrar no salongiño gótico. Detívome cun sorriso e, facéndome sentar preto dela, preguntoume cousas sobre o meu traballo e pareceu interesarse vivamente cando, en lugar de loar gravemente en linguaxe de profesor a importancia do meu descubrimento, traducín o meu sistema en bromas.

Riu moito ao oírme dicir que a vontade humana é unha forza material, parecida ao vapor e que na orde moral, nada resiste a este poder cando un home se habitúa a concentrála, a manexar a súa suma, a dirixir constantemente, sobre as outras almas, a

proxección desta masa fluída e que pode, ao seu gusto, modificar relativamente no home, mesmo certas leis da natureza.

Fíxome obxeccións que me amosaron unha increíble agudeza de enxeño. Divertíame maliciosamente en darlle a razón durante algún momento para afagala pero destruía os seus razoamentos de muller cunha palabra ou atraendo a súa atención sobre un feito cotián na vida, vulgar en aparencia, pero no fondo cheo de problemas insolubles para o sabio.

Piquei así a súa curiosidade, mesmo quedou un instante silenciosa cando lle dixen que as nosas ideas eran seres organizados, completos, que viven nun mundo invisible ás nosas miradas e que influían nos nosos destinos, e deille como proba os pensamentos de Descartes, de Napoleón e de Diderot, que conduciran e que conducían aínda todo un século.

Tiven o honor de divertila. Despediuse de min convidándome a volver vela. Como se di no estilo da corte, abriume as súas portas.

Quizais porque tomara, segundo o meu loable costume, as miñas fórmulas de cortesía por palabras saídas do corazón ou porque ela creu que eu estaba destinado a algunha celebridade próxima e que realmente quixese aumentar a súa cantidade de sabios, supuxen que lle sabería gustar.

Auxiliándome de todos os meus coñecementos fisiolóxicos e os meus estudos anteriores sobre a muller, consagrei o resto da tarde ao exame minucioso da súa persoa e das súas maneiras.

Escondido no van dunha fiestra, vira ir e vir, sentándose e falando, chamando un home, interrogándoo e apoiándose no marco da porta mentres o escoitaba. Recoñecín no seu xeito de andar un movemento entrecortado tan doce, unha ondulación do vestido tan graciosa e que excitaba tan poderosamente o desexo, que me volvíñ entón moi incrédulo sobre a súa virtude. Se Foedora non coñecía hoxe o amor, noutro tempo debera ser moi apaixonada pois vertía voluptuosidade ata na maneira de colocarse diante do interlocutor. Apoiándose na parede con coquetería, coma unha muller que vai caer ou fuxir, pero que permanece no sitio, cos brazos suavemente cruzados, parecía respirar as palabras, escoitándoas mesmo coa mirada e con amabilidade, exhalaba sentimento.

Despois, os seus labios vermellos e frescos resaltaban sobre unha pel dunha viva brancura. O cabelo escuro casaba admirablemente ben coa cor alaranxada dos seus ollos mesturados de veas coma unha pedra de Florencia e que parecían engadirilles fineza ás súas palabras. O seu corpo estaba adornado coas grazas máis atractivas. Unha rival, quizais podería acusar de dureza as súas espesas cellas que parecían xuntarse e notar unha especie de peliño imperceptible que adornaba o contorno do seu rostro.

Encontrei a paixón estampada en todo e o amor escrito nas súas pálpebras italianas, nos seus ombros dignos da Venus de Milo, nos seus trazos, no beizo superior un pouco grosso e lixeiramente sombreado. Nesta muller había, certamente, toda unha novela.

Esas riquezas femininas, este conxunto harmonioso de liñas, as promesas feitas ao amor que eu lía nesta estrutura estaban temperadas, é verdade, por unha reserva constante, por unha extraordinaria modestia que contrastaba coa expresión de toda a persoa e cumpría unha observación tan sagaz coma a miña para descubrir nesta natureza os signos dun destino de voluptuosidade. Para explicar con máis claridade o meu pensamento teño que dicir que había nela dúas mulleres separadas, quizais polo busto: unha era fría e só a cabeza semellaba ser apaixonada. Antes de fixarse nun home, preparaba a súa mirada coma se houbo algo de misterioso nela, poderíase dicir unha convulsión, pero os seus ollos eran brillantes e belos. En fin, ou a miña ciencia era imperfecta e tiña que descubrir aínda novos segredos, ou a condesa posuía unha alma bela, da que os sentimentos e as emanacións lle comunicaban á súa fisionomía ese encanto que nos subxuga e nos fascina, ascendente de toda moral e máis poderosa canto máis concorda coas simpatías do desexo.

Saín encantado, seducido pola muller, embriagado polo luxo, excitado en todo o que o meu corazón tiña de nobre, de vicioso, de bo e de malo. Entón, sentíndome tan emocionado, tan vivente, tan exaltado, crín comprender a atracción que levaba todos aqueles artistas, aqueles diplomáticos, aqueles axiotistas forrados de chapa coma as súas arcas, aqueles homes de poder á casa desta muller. Sen dúbida, viñan buscar ao seu lado a emoción delirante que facía vibrar en min todas as forzas do meu ser, que golpeaba o meu sangue ata na vea máis pequena, que excitaba todos os nervios e que se estremecía no meu cerebro. Non se entregara a ningún para telos todos pois unha muller é coqueta mentres non ama a ningún.

—Quizais —díxenlle a Rastignac— estivo casada ou vendida a algún vello e o recordo da primeira voda lle provoca horror polo amor.

Volvín a pé do faubourg Saint-Honoré onde Foedora vivía. Entre a súa casa e a rúa dos Cordiers está case todo París, pero o camiño pareceume curto, aínda que ía frío. Empezar a conquista de Foedora, no inverno, un rudo inverno, cando só posuía trinta francos, cando a distancia que nos separaba era tan grande... Só un mozo pobre sabe o que unha paixón custa en coches, en luvas, en traxes, en roupa, etc. E, se o amor permanece demasiado tempo coma platónico, vólvese ruinoso. Verdaderamente, hai Lauzuns da escola de dereito aos que lles é imposible achegarse a unha paixón que se aloxa nun primeiro piso.

Como podía loitar eu, feble, miúdo, modestamente vestido, pálido e macilento coma un artista en convalecencia dunha obra, con aqueles mozos tan ben ataviados, tan guapos e emperiquitados, con gravatas tan bonitas como para desesperar a Croacia toda, ricos e armados de tálburis e de impertinencia.

—Bah, Foedora ou a morte —gritei na volta dunha ponte—. Foedora é a fortuna.

E o bonito toucador gótico e o salón estilo Luís XIV, pasaron por diante dos meus ollos e vin a condesa, co seu vestido branco, coas súas grandes e graciosas mangas, co seu paso sedutor e co seu corpo tentador.

Cando cheguei á miña bufarda espida, fría, tan mal arranxada coma a perruca dun naturalista, aínda estaba rodeado de todas as prodixiosas imaxes do luxo de Foedora. Este contraste era un mal conselleiro. Os crimes deben nacer así. Entón maldicín, tremendo de rabia, a miña decencia e honesta miseria, a miña bufarda fecunda na que tantos pensamentos xurdiran. Pedínlle contas a Deus, ao demo, ao estado social, ao meu pai, ao universo enteiro do meu destino desgrazado, e deiteime con fame, rosmando risibles imprecacións, pero resolto a seducir a Foedora.

Aquel corazón de muller era un último billete de lotería que levaba a miña fortuna.

XXIII

Perdoareiche as miñas primeiras visitas a Foedora, para chegar axiña ao drama.

Tratando de dirixirme á súa alma, intentei gañar o seu espírito e conseguir a súa vaidade para min. Co fin de ser seguramente amado, dáballle mil razóns para amarse máis a ela mesma. Nunca a deixaba indiferente, pois as mulleres queren emocións a calquera prezo e eu prodigáballas. Antes ca vela preto de min faría que se encolerizase.

Se, primeiro, animado por unha vontade firme e polo desexo de facerme amar, gañei algo de influencia sobre ela, en pouco tempo a miña paixón creceu, xa non fun dono de min, caín na verdade e perdinme. Estaba perdidamente namorado.

Non sei ben a que lle chamamos en poesía ou cando falamos *amor* pero o sentimento que se desenvolveu de golpe na miña dobre natureza non o encontrei descrito en ningún sitio, nin nas frases retóricas e afectadas de J.-J. Rousseau, cuxo cuarto quizais ocupaba eu nin nas frías concepcións dos nosos dous séculos literarios nin nos cadros de Italia.

Só algúns motivos de Rossini, a *Madona* de Murillo que posúe o mariscal Soult, as cartas de Lescombat, certas palabras nas recolleitas de anécdotas, pero, sobre todo, as oracións dos extáticos e algunhas pasaxes das nosas cándidas trobas puideron transportarme ás divinas rexións do meu amor.

Nada nas linguaxes humanas, ningunha tradución do pensamento, feito coa axuda das cores, dos mármore, das palabras e dos sons, poderían expresar o nervio, a vaidade, o acabado, o repentino do sentimento na alma. Si, quen di arte di mentira.

O amor pasa por transformacións infinitas antes de mesturarse na nosa vida e tinxila para sempre. O segredo desta fusión imperceptible escapa á análise do artista. A verdadeira paixón exprésase mediante gritos e suspiros, anoxados polo home frío. Hai que ler un libro de amor, *Clarisse Harlowe*, cando se ama, para pórse rubio con Lovelace. O amor é un pequeno manancial, que nace no seu leito de herba, de flores, de area e que, coma un arroio ou río, cambia de natureza e de aspecto en cada onda.

Despois cae nun océano inconmensurable, no que os espíritos incompletos ven a monotonía, no que as grandes almas se abisman en perpetuas contemplacións. Como ousar describir eses matices transitorios do sentimento, esas nadas que valen tanto, esas palabras cuxo acento esgota todos os tesouros da linguaxe, esas miradas máis fecundas en pensamentos e máis belas ca poemas. En cada unha das escenas místicas polas que nos namoramos insensiblemente dunha muller, hai un abismo que engole todas as poesías humanas.

Como poderíamos reproducir, con glosas, as vivas e misteriosas axitacións da alma, cando nos faltan as palabras para describir, mesmo os misterios visibles da beleza? Que fascinación! Cantas horas non permanecín, sumido nunha éxtase inefable, observándoa? Feliz, de que? Non sei.

Neses momentos, se o seu rostro estaba inundado de luz, tiña lugar non sei que fenómeno que facía que resplandecese. O imperceptible pelo que cubría a súa pel delicada e fina deseñaba suavemente os contornos coa graza que nós admiramos nas liñas afastadas do horizonte cando se perden no sol. Parecía que a luz a acariñaba rozándoa a ela ou que escapaba da súa radiante figura unha luz máis viva ca a propia luz.

Logo, unha sombra que pasaba sobre esta doce figura producía unha especie de cor. Entón, as cores matizábanse e un pensamento parecía pintarse sobre a súa fronte de mármore ou ben parecía que os seus ollos se poñía rubios, as pálpebras vacilaban e os seus trazos ondulaban, empuxados por un sorriso. O coral intelixente dos seus labios animábase, pregábase, as súas cores tremían e o seu pelo botaba tons marróns sobre as tempas frescas e veadas. Todo isto pasaba cada vez que falaba. Cada matiz da súa beleza concedíalles novas alegrías aos meus ollos e eran coma grazas descoñecidas que se lle revelaban ao meu corazón. Quería ler un sentimento, unha esperanza en todas esas fases do rostro e eses discursos mudos penetraban na miña alma coma un son no eco e prodigábanme alegrías pasaxeiras que me deixaban profundas impresións. A súa voz causábame un delirio que me custaba reprimir. Imitando algún príncipe de Lorena, podería non sentir un carbón ardente no oco da man mentres ela pasase polo meu pelo os seus dedos nerviosos. Xa non era unha admiración, un desexo, senón un encanto, unha fatalidade.

A miúdo, cando volvía á miña casa, vía claramente a Foedora na súa casa e participaba vagamente na súa vida. Se ela sufría, eu sufría, e dicíalle ao día seguinte:

—Vostede sufriu.

Cantas veces veu no medio da noite silenciosa, evocada polo poder da miña éxtase. Entón, repentina coma unha luz que brota, facía que deixase a pluma e espantaba a ciencia e o estudo que fuxían desolados e me obrigaban a admirala, adoptando a pose atractiva na que eu a vira había pouco ou era eu quen ía ao seu carón no mundo das aparicións e a saudaba coma unha esperanza, lle pedía poder oír a súa voz arxentina e espertaba chorando.

Un día, despois de prometerme que iría ao espectáculo comigo, negouse a saír caprichosamente e pedíume que a deixase soa. Desesperado por unha contradición que me custaba un día de traballo, e —direino?— o meu derradeiro escudo, fun alí, a onde ela debería estar, querendo ver a peza que ela desexara ver.

Tan pronto estiven sentado, recibín unha descarga eléctrica no corazón. Unha voz díxome:

—Ela está aí.

Vireime e vin a condesa no fondo do seu palco, escondida na sombra, na planta baixa. A miña mirada non dubidou. Os meus ollos encontrárona ao momento cunha seguridade e cunha lucidez fabulosa. A miña alma voara cara á súa esfera, cara á súa vida, como voa un insecto ata a súa flor. Por que foran avisados os meus sentidos? Hai estremecementos íntimos que poden sorprender as persoas superficiais, non obstante, son efectos da nosa natureza interior tan simples coma os fenómenos habituais da nosa visión exterior. A min isto non me estrañou, pero si que me enfadei. Os meus estudos sobre a poderosa moral da que descoñecemos os xogos, servían polo menos para facerme encontrar na miña paixón algunhas probas viventes do meu sistema. Esta alianza do sabio e do namorado, dunha idolatría cordial e dun amor científico, tiña algo de raro. A ciencia normalmente contentábase co que desesperaba o amante, e o amante expulsaba, lonxe del, a ciencia con felicidade cando cría triunfar.

Foedora viume e entón púxose seria pois a miña presenza amolábaa. No primeiro entreacto, fun facerlle unha visita e como estaba soa quedei con ela. Aínda que

nunca faláramos de amor, presentín unha discusión. Aínda non lle contara o meu segredo e, non obstante, había entre nós unha especie de acordo. Ela confiábame os seus plans para as festas e preguntábame o día anterior, cunha especie de inquietude amigable, se volvería ao día seguinte; consultábame mediante unha mirada, cando dicía unha palabra espiritual, coma se quixese agradarme exclusivamente. Se eu poñía mala cara, volvíase cariñosa; se estaba enfadada, eu tiña, dalgún xeito, o dereito de interrogala, e se eu cometía algunha falta, deixaba que lle suplicase moito tempo antes de me perdoar. Había amor nesas querelas e gustábanos. Ela despregaba moita graza e coquetería nelas e eu encontraba nelas moita felicidade.

Nese momento, a nosa intimidade foi inmediatamente suspendida e quedamos, un diante do outro, coma dous estraños. A condesa estaba glacial e eu, coa apreensión dun desgrazado.

—Acompáñeme —díxome cando acabou a peza.

O tempo cambiara de súpeto e cando saímos, caía neve mesturada con chuvia. Como o coche de Foedora non podía chegar ata a porta do teatro, un mozo abriu o seu paraugas para cubrir as nosas cabezas ao ver unha muller elegante obrigada a atravesar o bulevar. Cando subimos, reclamou o prezo do seu servizo e eu non tiña nada. Nese momento daría dez anos da miña vida por dúas cadelas. Todo o que constitúe o home e as súas mil vaidades foron esmagadas en min por unha dor infernal.

As palabras “Non levo solto, querido!” foron ditas cun ton duro que parecía vir da miña paixón contrariada, ditas por min, irmán daquel home, eu que coñecía tan ben a súa desgraza, eu que acababa de dar setecentos mil francos con tanta facilidade.

O criado despediu o mozo e os cabalos fenderon o aire.

Volvendo á casa, Foedora, distraída, ou afectando estar preocupada, respondeu con monosílabos cheos de desdén ás miñas preguntas e ás miñas observacións e eu permanecín en silencio. Foron uns momentos horribles.

Cando chegamos á súa casa, sentámonos diante do lume e despois, cando o criado se retirou tras acender as candeas, a condesa, volvéndose cara a min cun aire indefinible, díxome cunha especie de solemnidade:

—Desde que volví a Francia, a miña fortuna tentou algúns mozos. Recibín declaracións de amor que terían podido satisfacer a miña vaidade. Mesmo encontrei, así o creo, homes cuxo afecto era sincero e profundo. Noutro tempo, fun unha moza pobre, sen diñeiro e se eles non encontrasen en min outra cousa ca esta moza, quizais casasen comigo. En fin, debe saber, señor de Valentin, que me ofreceron novas riquezas e novos títulos e saiba tamén que nunca volví ver as persoas que con torpeza me faloron de amor. Se o meu afecto por vostede fose lixeiro non lle faría unha advertencia na que hai máis amizade ca orgullo. Unha muller expónse a recibir un mal cumprimento cando, supoñéndose amada, rexeita, de antemán, un sentimento sempre adulator. Coñezo as escenas de Arsinöe, de Araminta e así familiariceime coas respostas que podo oír en semellante circunstancia, e espero non ser mal xulgada por un home intelixente por amosarlle con franqueza un recuncho da miña alma.

Ela expresábase co sangue frío dun avogado ou dun notario cando lles explican aos seus clientes os medios dun proceso ou os artigos dun contrato. O timbre claro e sedutor da súa voz non denotaban nin a menor emoción. Só a súa figura e o seu porte, sempre nobres e decentes, me pareceron ter unha frialdade, unha sequidade diplomáticas. Sen dúbida ela meditara estas palabras e programara esta escena. Oh, meu querido amigo, cando as mulleres encontran pracer en rompernos o corazón, cando fixeron a promesa de cravar nel un puñal e fregar na ferida, son adorables! Aman ou queren ser amadas. Un día, recompensarannos da dor do mesmo xeito que Deus debe, segundo se di, remunerar as nosas boas obras: devolverannos en pracer o céntuplo do mal cuxa violencia calcularon. Hai paixón na súa maldade. Pero ser torturado por unha muller que cre non facer sufrir, por unha muller que nos mata con indiferenza... Oh!, é un suplicio atroz. Nese momento, Foedora esmagaba, sen sabelo, todas as miñas esperanzas, rompía a miña vida e destruía o meu futuro, coa fría indiferenza e a inocente crueldade dun neno que, por curiosidade, rompe as ás dunha bolboreta.

—Máis tarde —engadiu Foedora— reconecerá, espero, a solidez do afecto que lles ofrezco aos meus amigos. Para eles, sempre me encontrará bondadosa e leal. Podería darlles a miña vida pero vostede desprezaríame se experimentase o amor sen compartilo... Paro. Vostede é o único home ao que lle confíei estas últimas palabras...

Ao principio faltáronme as palabras e custoume dominar o furacán que se elevaba en min, pero, logo, afogando as sensacións no fondo da miña alma, boteime a rir.

—Se lle digo que a amo —respondín— rexéitame, se me acuso de indiferenza, castigárame, pois os curas, os maxistrados e as mulleres non quitan nunca de todo a súa roupa. Como o silencio non implica nada, permítame, señora, que cale. Para terme dirixido tan fraternais advertencias debeu de temer perderme e este pensamento podería satisfacer o meu orgullo pero deixemos a personalidade lonxe de nós. Quizais sexa a única muller coa que podería discutir filosoficamente unha resolución tan contraria ás leis da natureza. En relación cos outros suxeitos da súa especie, vostede é un fenómeno. Ben!, busquemos, xuntos, de boa fe, as causas desta anomalía psicolóxica.

Hai en vostede, coma en moitas mulleres, orgullosas delas mesmas, namoradas das súas perfeccións, un sentimento de egoísmo refinado que lles fai horrorizar a idea de pertencerlle a un home, de abdicar da súa vontade e de ser sometida a unha superioridade convencional que a ofende. Entón, pareceríame cen veces máis bela. Talvez foi maltratada algunha vez polo amor?

Quizais non quere botar a perder o seu talle delicioso e as súas adorables belezas polos coidados da maternidade? Non será unha das súas razóns secretas para rexeitar ser amada?

Ten imperfeccións que a fan virtuosa sen que o queira? Non se enfade. Discuto, estudo, estou a mil leguas da paixón. A natureza fai cegos de nacemento, tamén pode crear mulleres xordas, mudas e cegas en amor. Verdadeiramente vostede é un obxecto precioso para a observación médica. Non sabe o que vale!

Pode ter unha falta de gusto lexítima polos homes e eu doulle a miña aprobación pois parécenme todos feos e odiosos.

—Pero ten razón —engadín sentindo que o meu corazón inchaba—, debe desprezarnos. Non existe un home que sexa digno de vostede.

Non che repetirei todos os sarcasmos que lle soltei, pero rindo... A palabra máis aceirada, a ironía máis aguda, non lle arrincaron nin sequera un movemento, un xesto de despeto. Escoitábame, mantendo nos labios e nos ollos, o seu sorriso habitual, ese

sorriso que tomaba coma un vestido, e sempre o mesmo, para os seus amigos, para os simples coñecidos e para os estraños.

—Creo que son demasiado compracente deixando que me analice así —dixo aproveitando un momento no que eu a observaba en silencio.

—Ve —continuou rindo— que nunca tiveren estúpidas susceptibilidades na amizade. Moitas mulleres castigarían a súa impertinencia pechándolle a porta.

—Pode botarme da súa casa sen ter que dar-me a razón da súa severidade.

Dicindo isto, sentínome preparado para matala se me botaba:

—Está tolo! —exclamou sorrindo.

—Pensou algunha vez —pregunteille eu— nos efectos dun violento amor? É frecuente que un home desesperado asesine a súa amante.

—Máis vale morrer ca ser desgrazada —respondeu friamente—. Un home tan apaixonado seguramente, un día, abandona a súa muller e a deixa na ruína, despois de comerlle toda a súa fortuna.

Esta aritmética deixoume estupefacto. Vin claramente un abismo entre esta muller e eu. Nunca poderíamos comprendernos.

—Adeus —díxenlle friamente.

—Adeus —respondeu ela, inclinando a cabeza cun aire amigable—, ata mañá.

Observeina durante un momento, cravándolle todo o amor ao que eu renunciaba. Ela estaba de pé. lanzándome un sorriso banal, o detestable sorriso dunha estatua de mármore, seco e educado, que parecía expresar o amor, pero frío.

XXIV

Ah!, meu querido amigo, entenderás todas as dores que me asaltaron, volvendo á miña casa, baixo a chuvia e a neve, camiñando sobre o xeo dos paseos, durante unha legua e despois de perder todo. Saber que ela nin pensaba na miña miseria e cría que eu viaxaba en carroza... Cantas ruínas e decepcións! Xa non se trataba de diñeiro senón de todas as fortunas da miña alma.

Eu ía tan ao chou, discutindo comigo mesmo, as palabras daquela estraña conversa e perdéndome en mil comentarios que acababa por dubidar do valor nominal das palabras e das ideas. Amaba aquela muller fría cuxo corazón quería ser conquistado a cada momento e que, borrando as promesas do día anterior, se presentaba ao día seguinte coma unha nova amante.

Xirando baixo as ventás do Instituto, colleume un movemento febril. Acordeime entón de que estaba en xaxún e non posuía un denario. Para máis desgraza, a chuvia empapaba o meu chapeu e estragábao... Como poder achegarme a unha muller elegante e presentarme nun salón sen un chapeu decente?

Grazas a extremos coidados e maldicindo a moda boba e estúpida que nos condena a exhibir o forro dos nosos chapeus sosténdooos constantemente na man, mantivera o meu nun estado dubidoso.

Sen ser nin de todo novo nin de todo vello, pelado ou sedoso, podía pasar por un chapeu problemático; era o chapeu dun home coidadoso pero a súa existencia artificial chegaba ao seu último período: estaba ferido, combado, acabado, verdadeiro farrapo digno representante do seu dono.

Como non tiña trinta cadelas, perdía a miña elegancia.

Ah!, cantos sacrificios ignorados fixera por Foedora desde había tres meses. Con frecuencia, gastaba o diñeiro necesario para o pan dunha semana para ir vela un momento. Abandonar o meu traballo e xaxuar, non significaba nada pero atravesar as rúas de París evitando que me salpicasen, correr para evitar a chuvia, chegar á súa casa

tan elegante coma os fatuos que a rodeaban... Ah!, para un poeta namorado e distraído, era un labor de innumerables dificultades. A miña felicidade e o meu amor dependían dunha mancha de barro no meu único chaleco branco. Como tiña que renunciar a vela, se me manchaba de barro ou se me mollaba, como non posuía cinco chicas para que un limpabotas me limpase unha manchiña de barro no calzado, a miña paixón aumentara con todos estes pequenos suplicios ignorados pero inmensos para un home irritable.

Os desgrazados sofren abnegacións das que non lles poden falar ás mulleres que viven nunha esfera de luxo e de elegancia. Ven o mundo a través dun prisma que tinxe de ouro os homes e as cousas. Optimistas por egoísmo, crueis por bo ton, exímense de reflexionar, en nome dos seus gozos e absólvense, da súa indiferenza ante a desgraza e déixanse arrastrar polo pracer. Para ela, un céntimo nunca é un millón, é o millón o que lle parece un céntimo... Se o amor debe defender a súa causa mediante grandes sacrificios, tamén os debe cubrir delicadamente cun veo, sepultalos no silencio pero, prodigando a súa fortuna, a súa vida, ao entregarse, os homes ricos aproveitan os prexuízos mundanos que sempre lles proporcionan un certo brillo ás súas amorosas loucuras. Entón, para eles, o silencio fala e o veo é unha graza mentres que a miña horrorosa angustia me condenaba a espantosos sufrimentos sen que se me permitise dicir: —Eu amo ou morro. Era isto abnegación despois de todo? Non era sobradamente recompensado polo pracer que experimentaba en inmolar todo por ela? A condesa concedéralles extremos valores, atribuíralles excesivos praceres aos accidentes máis vulgares da miña vida. Antes era descoidado vestíndome e agora respectaba a miña roupa coma a min mesmo ata o extremo de que non dubidaría entre recibir unha ferida ou unha esgazadura no meu frac.

Ti debes comprender entón a miña situación e comprender os pensamentos de rabia, o frenesí crecente de que era vítima cando camiñaba e que quizais facían os meus pasos máis lixeiros. Experimentaba unha alegría infernal ao encontrarme no cume da infelicidade. Quería ver un presaxio de sorte nunha última crise pero o mal ten tesouros sen fondo.

A porta do meu domicilio estaba medio aberta e, a través das fendeduras en forma de corazón nas contraventás, vin unha luz que se proxectaba sobre a rúa. Pauline e a súa nai falaban mentres me esperaban. Oín que pronunciaban o meu nome e púxenme a escoitar.

—O señor Rafaël —dicía Pauline— vale máis ca o estudante do número sete. Ten o pelo dunha cor tan bonita... Non notas algo na súa voz, non sei, algo que remove o corazón? E, á parte, aínda que pareza un pouco altivo, é tan bo, ten unhas maneiras tan distinguidas. Oh, verdadeiramente é moi guapo. Estou segura de que todas as mulleres debe estar tolas por el.

—Falas del —dixo a señora Gaudin— coma se o amases.

—Ah!, ámoos coma a un irmán —respondeu ela rindo—. Non sería ingrata se non sentise afecto por el? Non me aprendeu música, debuxo, gramática..., e todo canto sei? Ti non lle prestas demasiada atención ao meu progreso, querida nai, pero estou aprendendo moito. En pouco tempo, poderei dar clases e, daquela, poderemos ter unha criada.

Retireime con cautela e despois, tras facer algún ruído, entrei na sala para coller a miña lámpada que Pauline quixo acender. A pobre rapaza acababa de botar un bálsamo delicioso sobre as miñas feridas. Este inxenuo eloxio da miña persoa devolveume algo de coraxe pois precisaba crer en min mesmo e recoller un xuízo imparcial sobre o verdadeiro valor das miñas virtudes.

As miñas esperanzas, así reanimadas, reflectíronse quizais sobre as cousas que me rodeaban ou quizais aínda non examinara con seriedade a escena que con bastante frecuencia aquelas dúas mulleres ofrecían ante os meus ollos na sala pero entón admirei, na súa realidade, o cadro máis delicioso da natureza modesta e doce tan inxenuamente reproducida polos pintores flamencos.

A nai, sentada na esquina dunha cheminea medio apagada, calcetaba medias e deixaba errar sobre os seus labios un sorriso. Pauline pintaba abanos e as súas cores, os seus pinceis expostos sobre unha mesiña, falábanlles aos ollos mediante picantes efectos. Ao abandonar o seu sitio e poñerse de pé para acender a miña lámpada, a súa branca figura recibiu toda a luz. Ah!, habería que estar subxugado por unha terrible paixón para non admirar as súas mans transparentes e rosas, a súa virxinal actitude e o ideal da súa cabeza. A noite, o silencio prestábanlle o seu encanto a esta laboriosa velada, a este apracible interior. Nos seus traballos había resignación, pero unha resignación relixiosa e chea de sentimentos elevados. Existía unha indefinible harmonía entre as cousas e as persoas naquel espazo.

Na casa de Foedora, o luxo era seco e espertaba en min malos pensamentos mentres que esta humilde miseria, esta natureza exquisita me refrescaba a alma. Talvez me sentise humillado diante do luxo e a carón destas dúas mulleres, no medio desta sala escura onde a vida se simplifica, onde parecía refuxiarse nas emocións do corazón, sen dúbida, reconciliábame comigo mesmo ao encontrar a protección que o home ten tanto celo de facer sentir.

Cando estiven cerca de Pauline, dirixiume unha mirada case maternal e gritou, coas mans tremendo, pousando de súpeto a lámpada.

—Deus, que pálido está! Está empapado! A miña nai vaille secar a roupa. Señor Rafaël, a vostede gústalle moito o leite e esta noite temos. Tome. Ten que probalo...

Saltou, coma un gatiño, sobre unha cunca de porcelana chea de leite e ofreceuma tan firmemente, púxoma debaixo do nariz dun xeito tan educado que vacilei.

—Non ma rexeitará —dixo cunha voz alterada.

As nosas dúas dignidades entendíanse: Pauline parecía sufrir pola súa pobreza e reprocharme a miña altiveza. Entenrecinme. Aquel leite quizais fose o seu almorzo do día seguinte. Aceptei. A pobre rapaza intentou ocultar a alegría que lle chispeaba nos ollos.

—Necesitábao —díxenlle sentándome.

Entón unha expresión de preocupación pasou pola súa fronte.

—Acórdase, Pauline, desa pasaxe na que Possuet nos describe a Deus, recompensando un vaso de auga con máis agradecemento ca unha vitoria?

—Si —dixo ela.

E o seu seo batía coma o dunha curuxiña apertada entre as mans dun neno.

—Ben, como nos imos separar dentro de pouco —engadín cunha voz con pouca seguridade—, déixeme testemuñarlle o meu recoñecemento por todos os coidados que vostede e a súa nai me dedicaron.

—Ah, iso non ten importancia —díxome rindo, pero o seu riso ocultaba unha emoción que me fixo mal.

—O meu piano —dixen eu, parecendo non escoitar as súas palabras—, é un dos mellores instrumentos de Érard..., acépteo. Cóllao sen escrúpulo. Non podería levalo na viaxe que conto de facer.

Iluminadas quizais polo acento de melancolía co que eu pronunciaba estas palabras, as dúas mulleres parecían terme comprendido e observáronme cunha curiosidade mesturada de espanto. O afecto que eu buscaba no medio das frías rexións do gran mundo, estaba alí, verdadeiro, sen fasto pero efusivo e quizais permanente.

—Non fai falta que se preocupe tanto —díxome a nai—. Déixese estar aquí. O meu home está de camiño neste momento —dixo ela—. Esta tarde, lin o Evanxeo de san Xoán mentres Pauline sostiña, colgada dos dedos, a nosa chave atada a unha Biblia e a chave xirou. Isto anuncia que Gaudin está ben e prospera. Pauline repetiu con vostede e co mozo do número sete pero a chave só xirou para vostede. Veña, seremos todos ricos. Gaudin volverá millonario. Vino en soños nun navío cheo de serpes pero felizmente a auga estaba revolta o que significa ouro e pedrerías de alén do mar.

Aquelas palabras amigables e baleiras, parecidas ás vagas cancións coas que unha nai apazuga as dores do seu fillo, devolvéronme unha especie de calma. Había no acento e na mirada daquela boa muller, unha doce cordialidade que non borra a pena, pero que a calma, que a mexe e a mitiga.

Pauline, máis perspicaz ca a súa nai, examinábame con inquietude, os seus ollos intelixentes parecían adiviñar a miña vida e o meu futuro. Deilles as grazas á nai e á filla e marchei, temendo entenrecerme.

Cando me encontrei só, so o meu teito, suminme na miña desgraza. A miña fatal imaxinación deseñoume mil proxectos sen base e ditoume resolucións imposibles. Cando un home se arrastra polos escombros do seu infortunio, encontra aínda algún recurso pero eu, eu estaba na nada. Amigo, acusamos moi facilmente a miseria. É o disolvente máis activo. Con ela, xa non existe nin pudor, nin crimes, nin virtudes, nin espírito. Eu estaba sen ideas, sen forza, coma un mozo que cae de xeonllos diante dun tigre. Un home sen paixón e sen diñeiro segue sendo dono da súa persoa, pero un desgrazado que ama, xa non se pertence. Non pode nin matarse. O amor dános unha especie de relixión para nós mesmos e nós respectamos en nós outra vida. É a máis

horrible das desgrazas, a desgraza cunha esperanza, unha esperanza que fai aceptar as torturas.

Eu quedei durmido coa idea de ir ao día seguinte contarlle a Rastignac a singular determinación de Foedora.

XXV

—Ah, ah —díxome Rastignac—, véndome entrar na súa casa ás nove da mañá. Sei por qué vés. Seguramente que Foedora te botou. Algunhas persoas, celosas do teu poder sobre a condesa, anunciaron a vosa voda e sabe Deus as loucuras que os teus rivais porían na túa boca e as calumnias das que fuches obxecto.

—Desta maneira, explícase todo —gritei.

Nese momento, acordándome de todas as miñas impertinencias, encontrei a condesa sublime e víame a min mesmo coma un infame que aínda non sufrira bastante. Xa non vin, na súa indulxencia outra cousa ca a paciente caridade do amor.

—Non camiñemos tan rápido —díxome o prudente gascón—. Foedora posúe a penetración natural das mulleres profundamente egoístas. Percibiría a túa intención, quizais xulgándote no momento no que ti só vías nela a fortuna e o luxo. É o bastante discreta como para non perdoar disimulo ningún.

—Creo —engadiu— que te metín nun mal camiño. A pesar da finura do seu espírito e dos seus modais, paréceme unha criatura imperiosa coma todas as mulleres que só gozan coa cabeza. Para ela, a felicidade xace toda no benestar da vida, nos gozos sociais e, para ela, o sentimento é un papel. Farate desgrazado e serás o seu principal criado.

Rastignac faláballe a un xordo. Interrompino expóndolle a miña situación financeira.

—Onte pola tarde —respondeume el— a mala sorte levou todo o meu diñeiro. Sen este vulgar infortunio, compartiría o meu diñeiro contigo de boa gana. Pero, vaíamos almorzar á taberna, quizais as ostras nos dean un bo consello.

Vestiuse, fixo enganchar o seu coche e despois, semellantes a dous millonarios, chegamos ao Café de París coa impertinencia deses audaces especuladores que viven sobre capitais imaxinarios. Ese demo de gascón confundíume coa soltura das súas maneiras e coa súa seguridade imperturbable.

No momento no que, acabando a delicada comida, tomabamos café, Rastignac, que lle distribuía acenos coa cabeza a unha multitude de xente nova, igualmente recomendable pola graza da súa persoa ca pola elegancia da súa postura, díxome, vendo entrar un deses *dandis*:

—Velaí o teu negocio.

E fíxolle un sinal a un xentilhome, que levaba unha gravata marabillosa e que parecía buscar unha mesa ao seu gusto, para que lle viñese falar.

—Ese bo mozo —díxome Rastignac á orella— está condecorado por ter publicado obras que non comprende. É químico, historiador, novelista, publicista; ten cuartos, terzos, metades, non sei en cantas pezas de teatro e é ignorante coma a mula de don Miguel. Non é un home, é un nome, unha etiqueta familiar ante o público. Se fose así, gardaríase ben de entrar neses gabinetes nos que hai a inscrición: Aquí, non ousaría escribir en público. Podería enganar todo un congreso, en dúas palabras: é un mestizo da moral, nin de todo íntegro nin completamente galopín. Pero, coidado, xa se bateu e o mundo non quere outra cousa e dixo del: *É un home honorable*.

—Meu excelente amigo, meu honorable amigo, como vai a súa intelixencia? —díxolle Rastignac, no momento no que o descoñecido se sentou na mesa veciña.

—Nin ben nin mal. Estou atafegado de traballo. Teño nas mans todo o material necesario para facer unhas memorias históricas, moi curiosas e non sei a quen atribuírlas. Iso atorméntame, porque, verdadeiramente, as memorias van pasar de moda.

—Son memorias contemporáneas ou antigas sobre a corte?

—Sobre o asunto do Colar.

—Non é un milagre? —díxome Rastignac, rindo, e volvéndose cara ao especulador:

—Preséntolle o señor de Valentin —respondeu sinalándome— un amigo e unha das futuras celebridades literarias máis eminentes. Tiña unha tía que frecuentaba a corte, marquesa ademais e, desde hai dous anos, traballa nunha historia realista da revolución.

Despois, inclinándose sobre o oído do singular negociante, díxolle:

—É un home de talento, pero un parvo. Pode facerlle as súas memorias, co nome da súa tía, por cen escudos por volume.

—Estou de acordo —respondeu o outro levantando a gravata—. Mozo, as miñas ostras, vamos.

—Si, pero darame vinte e cinco luíses de comisión e pagaralle un volume por adiantado— dixo Rastignac.

—Non, non. Non adiantarei máis ca cincuenta escudos para estar máis seguro de ter axiña o *meu* manuscrito.

Rastignac repetiume esta conversa mercantil en voz baixa e sen me consultar:

—Estamos de acordo —respondeulle—. Cando podemos ir visitalo para rematar este negocio?

—Vide cear aquí, mañá pola noite, ás sete.

Nós erguémonos, Rastignac tiroulle o diñeiro ao mozo, meteu a conta no peto e saímos. Estaba estupefacto pola lixeireza, pola indiferenza coa que vendera a miña respectable tía, a marquesa de Montbauron.

—Prefiro embarcarme para o Brasil e ensinarlle álgebra, da que non sei unha palabra, aos indíxenas antes ca manchar o nome da miña...

Rastignac interrompeume cunha gargallada.

—Es estúpido? Colle agora os cincuenta escudos e fai as memorias, despois, cando estean acabadas, rexeitarás poñer o nome da túa tía, imbécil. A señora de

Montbauron, morta nun cadafalso, cos seus polisóns, tan respectable, tan fermosa e distinguida, coas súas zapatillas, vale bastante máis de seiscentos francos. Se o libreiro non quere entón pagar pola túa tía o que vale, encontrará algún vello cabaleiro de Saint-Louis ou algunha abxecta condesa para asinar as memorias.

—Oh! —exclamei—, por que saín da miña virtuosa bufarda? O mundo ten un envés ben suciamente innobre...

—Ben —respondeu Rastignac— déixate de poesía, isto trátase de negocios... Es coma un neno. En canto ás memorias, xulgaraas o público. En canto ao meu proxeneta literario, non gastou oito anos da súa vida e non pagou por crueis experiencias, as súas relacións coa librería? Compartindo de xeito desigual con el o traballo do libro, a túa parte de diñeiro non é a mellor? Vinte e cinco luíses son unha suma ben máis grande para ti ca mil francos para el. Ben podes escribir memorias históricas, obras de arte, se Diderot fixo seis sermóns por cen escudos.

—En fin —díxenlle todo emocionado—, o diñeiro faime falta. Meu pobre amigo, teño que darche as grazas. Vinte e cinco luíses faranme moi rico.

—Máis do que pensas —dixo el rindo—. Se Marivault me dá unha comisión neste negocio, non te dás conta de que será para ti?

Aperteille a man.

—Vamos ao Bois de Boulogne —dixo el—, veremos alí a condesa e amosareiche a bonita viuviña coa que me debo casar: unha persoa encantadora, alsaciana e un pouco gorda. Le a Kant, Schiller, Jean Paul e unha loucura de libros hidráulicos. Ten a manía de preguntarme sempre a miña opinión polo que teño a obriga de aparentar comprender todo ese sentimentalismo alemán e coñecer un montón de baladas. Aínda non conseguín que perdese o seu entusiasmo literario. Chora a cachón cando le a Goethe e eu teño que chorar un pouco, por compracencia. Vinte e cinco mil libras de renda, querido, un pé bonitísimo e a man máis bonita da terra. Ah!, se pronunciase ben *anxo* e *rifar* sería unha muller perfecta.

Vimos a condesa. Ía elegantísima nunha brillante carruaxe e a coqueta saudounos afectuosamente botándome un sorriso que, entón, me pareceu divino e cheo de amor.

Ah!, era moi feliz. Críame amado, tiña diñeiro, tesouros de paixón e acabárase a miseria. Lixeiro, alegre, todo contento, encontrei a amante do meu amigo encantadora. As árbores, o aire, o ceo, toda a natureza parecía repetirme o sorriso de Foedora.

Cando volvemos dos Campos Elisios, fomos cabo do sombreireiro e cabo do xastre de Rastignac de forma que a miña roupa me permitiu abandonar o meu miserable pé de paz e pasar a un formidable pé de guerra. Desde este momento, podía sen temor competir en graza e en elegancia cos mozos que se arremuiñaban ao redor de Foedora.

Volvín á miña casa onde me pechei, tranquilo en aparencia, cerca do fachinelo do meu cuarto pero dicíndolle adeus para sempre aos meus tellados, vivindo no futuro, dramatizando a miña vida, gastando anticipadamente o amor e as súas alegrías. Ah!, que tormentosa se pode volver unha existencia entre os catro muros dunha bufarda. A alma humana é unha fada que metamorfosea unha palla en diamantes e baixo a súa vara, os palacios encantados despuntan coma flores baixo os raios quentes do sol.

XXVI

Ao día seguinte, cara ao mediodía, Pauline golpeou suavemente na miña porta e levoume, adiviñas que? Unha carta de Foedora!

A condesa rogábame que a viñese coller no Luxemburgo, para ir, desde alí, xuntos ao Museo e ao Xardín Botánico.

—Un mozo espera a resposta —dixo ela despois dun momento de silencio.

Esborrachei rapidamente unha carta de agradecemento que ela levou.

Vestinme pero, tan pronto acabei de vestirme, bastante contento polo meu aspecto, entroume un tremor glacial ao pensar de repente que Foedora necesitaría un coche e que eu non tería diñeiro ata a tarde. Coma nas crises da nosa xuventude, un poeta paga caro o poder cerebral co que o azar o investiu. Nun instante, atacáronme mil pensamentos vivos e dolorosos coma dardos. Podería alugar un coche para todo o día pero estaría tremendo todo o tempo, no medio da miña felicidade, por non encontrar pola noite, o señor de Marivault. Non me sentín o suficientemente forte como para

soportar tantos temores no seo da miña alegría e entón, coa certeza de non encontrar nada, emprendín unha minuciosa exploración a través do meu cuarto. Buscando escudos imaxinarios ata nas profundidades do meu colchón, rebusquei por todo, sacudín mesmo caixas vellas e, vítima dunha febre nerviosa, observaba os meus mobles cunha mirada azorada. Quizais só ti poderás comprender o delirio que me animou cando, abrindo o caixón da miña mesa que abrín con esa especie de indolencia na que nos lanza a desesperación, percibín, pegada contra unha prancha lateral, retranqueiramente tapada pero limpa, brillante, lúcida, coma unha estrela cando sae, unha bela e nobre moeda de cinco francos. Sen pedirlle contas do seu silencio, da crueldade da que era culpable por manterse así oculta, biqueina coma a un amigo fiel na desgraza, presto a consolarnos e saudeina cun grito.

O grito resoou e, sorprendido, vireime bruscamente e vin a Pauline completamente pálida.

—Crin —dixo cunha voz emocionada— que se encontraba mal. O mozo... —calou, coma se afogase—, pero a miña nai xa lle pagou —engadiu.

Despois fuxiu, infantil e aloucada, coma un capricho. Pobre nena! Eu desexáballe a miña felicidade. Nese momento, tiña na alma, todo o pracer da terra e quería restituírlles aos desgrazados a parte que cría que lles roubara.

Ver a Foedora, subila no meu coche, falar con ela reprimindo un secreto delirio que, sen dúbida, se formulaba sobre o meu rostro, nalgún sorriso bobo e detido. Chegar ao Xardín Botánico, percorrer as alamedas arboradas e sentir o seu brazo apoiado no meu. En todo isto houbo algo de fantasía: era un soño a pleno día.

Non obstante, os seus movementos, cando camiñabamos ou nos parabamos, non tiñan nada de doce, de amoroso, a pesar da súa aparente voluptuosidade. Cando buscaba unirme dalgún xeito á acción da súa vida, encontraba nela unha íntima e secreta inquietude, algo de brusco e de excéntrico. As mulleres sen corazón non teñen nada suave nos seus xestos. Por outra parte, nós non compartiamos nin unha mesma vontade nin un mesmo paso. Non hai palabras para transmitir este desacordo físico de dous seres, pois aínda non estamos habituados a recoñecer un pensamento no movemento e este fenómeno da nosa natureza séntese instintivamente, non se expresa.

Durante estes violentos paroxismos da miña paixón —dixo Rafaël tras un momento de silencio e coma se respondese a unha obxección que se fixese a si mesmo— non disequei as miñas sensacións nin analicei os meus praceres nin calculei os latexos do meu corazón, coma un avaro examina e pesa as súas moedas de ouro. Non, a experiencia bota hoxe todas esas tristes luces sobre os sucesos pasados e o recordo tráeme imaxes, coma as ondas do mar devolven caprichosamente á praia areosa, cando hai bonanza, os vestixios dun naufraxio.

—Pode facerme un favor moi importante —díxome mirándome cun aspecto bastante confuso— e, despois de confesarlle a miña antipatía polo amor, síntome máis libre para pedirlle un favor en nome da amizade. Non tería —díxome rindo— moito máis mérito se me complace hoxe?

Observeina con dor. Non sentindo nada por min, era coqueta pero non afectuosa, parecíame que xogaba un papel coma un actriz consumada e a continuación, de súpeto, o seu acento, unha mirada, unha palabra espertaban as miñas esperanzas. Se, entón, o meu amor reanimado se amosaba nos meus ollos, ela desafiaba os seus raios sen que a claridade dos seus se alterase, parecían os dun tigre que foron cubertos por unha capa de metal. Nese momento, eu detestábaa.

—A protección do duque de N*** —dixo ela continuando coas mecosas inflexións de voz— sería moi útil ante unha persoa moi poderosa en Rusia e cuxa intervención é necesaria para me facer xustiza nun asunto que, ao mesmo tempo, concirne a miña fortuna e a miña reputación. O duque de N*** non é o seu primo? Unha carta súa sería decisiva.

—Perténzolle —respondinlle—. Ordene...

—É vostede admirable —engadiu apertándome a man—. Veña cear comigo, contareille todo coma a un confesor.

Esta muller tan desconfiada, tan discreta e á que ninguén oíra dicir unha palabra sobre os seus intereses, íame pedir consello.

—Oh, como amo o silencio que me impuxo —exclamei—. Pero preferiría unha proba máis dura aínda.

Nese momento, acolleu a embriaguez das miñas miradas e non rexeitou a miña admiración.

Chegamos á súa casa e, felizmente, o fondo da miña carteira puido pagar o chofer. Pasei o día deliciosamente a soas con ela. Era a primeira vez que podía vela así. Ata ese día, o mundo e a súa molesta cortesía e as súas maneiras frías sempre nos separaran, mesmo durante as súas suntuosas ceas. Pero agora, eu estaba na súa casa, coma se vivise baixo o seu teito; posuíaa, por así dicir e a miña vagabunda imaxinación, rompendo as trabas, arranxando os sucesos ao seu xeito, botábame nas delicias dun amor feliz. Imaxinándome que era o seu esposo, admirábaa ocupada en pequenos detalles, sentíndome feliz, mesmo véndoa quitar o chal e o seu sombreiro. Deixoume só durante un momento e volveu, co pelo arranxado, encantadora. En fin, acicalárase para min. Durante a cea, prodigoume atencións. Oh!, que feminina era... Despregaba grazas infinitas en mil cousas que non parecían importantes e que, non obstante, son a metade da vida.

Cando estivemos os dous ante un fogar chispeante, sentados sobre a seda, rodeados das máis desexables creacións dun luxo oriental e a vin alí, tan cerca de min, esa muller cuxa beleza célebre facía palpitar tantos corazóns, esa muller tan difícil de conquistar, falábame, converténdome no obxecto de todas as súas coqueterías, a miña voluptuosa felicidade volveuse case sufrimento. Acordándome, para a miña desgraza, do importante asunto que debía concluír, quixen ir á cita que me deran a véspera.

—Como, xa marcha? —dixo ela ao verme coller o chapeu.

Amábame! Así o crin, polo menos, escoitándoa pronunciar esas palabras cunha voz acariciante. Entón, con tal de prolongar a miña éxtase tería perdido dous anos da miña vida por cada instante máis que o seu capricho me concedese. Ah!, a miña felicidade aumentaba con todo o diñeiro que eu perdía.

Era media noite cando me despediu.

XXVII

Non obstante, ao día seguinte, o meu heroísmo custoume moitos remorsos. Temendo ter perdido o negocio das memorias, que se volvera tan importante para min, fun correndo á casa de Rastignac e fomos sorprendidos, cando se estaba erguendo, o titular dos meus futuros traballos.

Marivaut leume un pequeno documento tras a sinatura do cal me entregou cincuenta escudos. Non me preguntou nada sobre a miña tía e almorzamos os tres xuntos.

Cando paguei o meu novo chapeu e liquidei as miñas débedas, non me quedaron máis ca trinta francos. Pero todas as dificultades da vida se achandaran por algúns días e, se entendera ben a Rastignac, podía obter tesouros adoptando o *sistema inglés*. Tratábase de abrirme un crédito e obrigarme a contraer empréstimos, que sosteían o crédito. Segundo el, o futuro era, de todos os capitais do mundo, o máis considerable e o máis sólido.

Hipotecando así as miñas débedas, sobre futuros continxentes, fíxome cliente do seu xastre, artista que, comprendendo o que era ser *mozo*, debía deixarme tranquilo ata que casase.

Desde ese día rompín coa vida monástica e relixiosa que levara durante tres anos. Ía moi asiduamente á casa de Foedora, onde trataba de superar en aparencia os impertinentes ou os heroes que alí se encontraban e, crendo que escapara para sempre da miseria, recobrei a miña liberdade de espírito, vencín os meus rivais e pasei por un home cheo de seducións, de prestixio e irresistible.

Non obstante, as persoas hábiles dicían cando falaban de min:

—Un rapaz tan espiritual só debe ter paixóns na cabeza.

Adulaban caritativamente a miña intelixencia á custa da miña sensibilidade.

—É feliz de non amar —exclamaban—. Se amase, non estaría tan alegre nin tan inspirado.

Con todo, comportábame moi amorosamente estúpido en presenza de Foedora. Cando quedaba a soas con ela, non sabía que dicir, ou se falaba, criticaba o amor, estaba tristemente alegre coma un cortesán que quere ocultar un cruel despeito.

En fin, intentei volverme indispensable para a súa vida, para a súa felicidade e para a súa vaidade. Estaba todos os días cerca dela; era o seu escravo, o seu xoguete, sempre ás súas ordes e volvía á miña casa para traballar durante toda a noite, sen durmir apenas máis ca dúas ou tres horas pola mañá.

Pero non tendo, coma Rastignac, o hábito do sistema inglés, quedei logo sen unha cadela. Entón, meu querido amigo, fatuo sen fortuna, elegante sen diñeiro e namorado anónimo, caín na vida precaria, no frío, na profunda desgraza coidadosamente oculta baixo as enganosas aparencias do luxo e volvíñ sentir os meus primeiros sufrimentos, pero menos agudos pois familiarizárame, sen dúbida, coas súas terribles crises. Con frecuencia, as pastas e o té, tan devagar ofrecidos nos salóns, eran o meu único alimento e algunhas veces, as suntuosas ceas da condesa sostíñanme durante dous días.

Empreguei todo o meu tempo, os meus esforzos e a miña capacidade de observación en penetrar máis alá o impenetrable carácter de Foedora.

Ata entón, a esperanza ou a desesperación influíran na miña opinión e vía, de cando en cando nela, a muller máis amable ou a máis insensible do seu sexo, pero esas alternancias de alegría e de tristeza volvéronse insoportables e quixen buscarlle un desenlace a esta loita horrorosa matando o meu amor. Unhas sinistras luces brillaban ás veces e facíanme albiscar abismos. A condesa xustificaba todos os meus temores pois aínda non sorprendera bágoas nos seus ollos. No teatro, unha escena entenrecedora deixábaa fría e riseira. Reservaba toda a súa finura para ela e non adiviñaba nin o sufrimento nin a alegría dos demais. En fin, xogara comigo. Feliz de ofrecerlle un sacrificio, case me envilecín por ela cando fun ver o duque de N***. O meu primo avergonzábase da miña miseria e ofendérame demasiadas veces como para non odiarme. Recibiume entón con esa fría cortesía que lles dá aos xestos e ás palabras a aparencia de insulto. A súa mirada inqueda excitou a miña compaixón. Sentín vergonza

por el da súa baixeza no medio de tanta grandeza e da súa pobreza no medio de tanto luxo. Faloume de perdas considerables que lle ocasionaba o tres por cento. Entón, díxenlle cal era o obxecto da miña visita. O cambio das súas maneiras que, de glaciais, pasaron a ser insensiblemente afectuosas, desgustoume. Pois ben, meu amigo, acudiu á casa da condessa e desprazoume. Ela dedicoulle atencións, prestixios descoñecidos, seduciuno e tratou sen min o seu asunto misterioso do que non souben unha palabra. En fin, eu só fora un instrumento para ela. Finxía non verme cando o meu primo estaba na súa casa e aceptábame entón con menos pracer quizais ca o día no que me presentaran. Unha noite, humilloume diante do meu primo cun deses xestos, cunha desas miradas que ningunha palabra sabería expresar. Saín chorando, formando mil proxectos de vinganza e combinando espantosas violencias.

Frecuentemente acompañábaa aos Bouffons. Alá, cerca dela, entregado por completo ao meu amor, contemplábaa entregándome ao encanto de escoitar a música, esgotando a miña alma no dobre gozo de amar e de encontrar os movementos do meu corazón admirablemente ben devoltos polos sons. A miña paixón estaba no aire, sobre a escena e triunfaba por todas partes, excepto sobre Foedora.

Entón, buscando a súa man, estudaba os seus trazos e os seus ollos, solicitando unha fusión dos nosos sentimentos, unha desas súbitas harmonías que, espertas pola música, fan vibrar as almas ao unísono. Pero a súa man estaba muda e os seus ollos non dicían nada. Cando o lume do meu corazón, emanando de todos os meus trazos, a golpeaba con forza no rostro, dirixíame ese sorriso estudado, convidado, en todos os retratos. Non escoitaba a música. As divinas palabras de Rossini, de Cimarosa, de Zingarelli, non lle inspiraban ningún sentimento, non lle traducían ningunha poesía e a súa alma era árida. Ela exhibíase coma un espectáculo dentro do espectáculo. Os seus antollos vagaban incesantemente de palco a palco. Estaba inqueda aínda que tranquila e, vítima da moda, o seu palco, o seu gorro, o seu coche, a súa persoa, para ela eran todo. Pódense encontrar con frecuencia persoas de colosal aparencia cuxo corazón é tenro, delicado baixo un corpo de bronce pero ela, ela tiña máis ben un corazón de bronce baixo un envoltorio miúdo e gracioso.

A miña fatal intelixencia arrincábame os veos. A pesar de toda a súa fineza, Foedora deixaba ver algúns vestixios da súa orixe plebea e adiviñar a frialdade da súa alma. Para ter o que se chama bo ton no mundo, non hai que entregarse aos outros e

poñer na voz e nos xestos unha inefable dozura? Pois nela o altruísmo era falsidade, a cortesía, servidume e as súas maneiras carecían desa facilidade que procede do corazón e que a cortesía primeira só pode suplir.

As súas palabras melosas eran para os outros, beneficencia e bondade; a súa esaxeración, calor, entusiasmo; pero despois de estudar os seus xestos e, unha vez despois do ser interior desta débil cortiza coa que se contenta o mundo, eu xa non era vítima das súas carantoñas pois coñecía ben a súa alma felina e cando un bobo a cumprimentaba e a adulaba, sentía vergonza por ela. A pesar de todo amábaa aínda e nada diso me asustaba xa que tiña a esperanza de fundir eses xeos baixo as ás dun amor de poeta e, se podía, unha vez abrir o seu corazón ás tenruras femininas, se lle facía comprender o sublime da abnegación, entón eu víaa perfecta. Convertíase nun anxo. Amábaa coma home, coma amante, coma artista, cando tiña que deixar de amala para obtela. Un fatuo ben teso e calculador, quizais triunfase. Va, artificiosa, entendería sen dúbida a linguaxe da vaidade, deixaríase enredar nas trampas dunha intriga e sería dominada por un home seco e frío.

Cando ela me revelaba inxenuamente o seu espantoso egoísmo entraban ata o centro da miña alma dores aceiradas. Eu víaa sufrindo un día soa na vida e sen saber a quen tenderlle a man e sen encontrar miradas amigas onde repousar as súas.

Unha noite, tiven a coraxe de describirlle, baixo cores vivas e animadas, a súa vellez solitaria, baleira e triste. Ante esta espantosa vinganza da natureza enganada, respondeume cunha palabra atroz:

—Sempre serei rica. Co ouro sempre podemos crear ao redor de nós os sentimentos necesarios para o noso benestar.

Eu erguinme e saín fulminado pola lóxica daquel luxo, daquela muller e daquel mundo que eu idolatraba coma un parvo. Do mesmo xeito que eu non amaba a Pauline pobre, Foedora, rica, tiña o dereito de rexeitar a Rafaël.

A nosa conciencia é un xuíz infalible, cando aínda non o asasinamos.

—Foedora —gritábame outra voz sofisticada— non ama nin rexeita a ninguén. É libre, pero entrégase ao diñeiro. Como amante ou esposo, o conde ruso posuíuna. Ten que ter unha tentación na súa vida. Espera.

Non era nin virtuosa nin frívola, vivía lonxe da humanidade, nunha esfera propia: inferno ou paraíso. A condesa, misterio feminino, vestido de caxemira e de adornos, poñía en xogo todos os sentimentos humanos no meu corazón: orgullo, fortuna, amor e curiosidade.

XXVIII

Un capricho da moda, ou o afán de parecer orixinal que nos tenta a todos, provocara a manía de gabar un pequeno espectáculo do bulevar e como a condesa manifestara o desexo de ver a figura enfariñada dun actor que deleitaba algunhas persoas intelixentes, eu obtivera o honor de a levar á primeira representación dunha mala farsa.

O palco non custaba máis de cinco francos pero eu non posuía un maldito céntimo. Como me quedaba medio volume das miñas memorias por escribir, non ousaba irlle mendigar axuda a Marivault e Rastignac, a miña salvación, estaba ausente.

Esta preocupación constante envelenaba a miña vida.

Xa unha vez, ao saír dos Bouffons, Foedora fixérame por culpa dunha horrible chuvia, alugar unha carruaxe, sen que puidese subtraerme á cortesía do luxo. Non admitiu ningunha das miñas escusas, nin o meu gusto pola choiva, nin a miña gana de ir xogar. Non adiviñaba a miña indixencia na miña actitude nin nas miñas palabras tristemente graciosas. Os meus ollos puxéronse rubios pero, podería comprender ela unha mirada?

Ah, a vida da xente nova é submisa a singulares caprichos.

Durante a viaxe, cada volta que daban as rodas espertaba na miña alma pensamentos que me queimaban o corazón. Intentei apartar unha prancha no fondo do coche para quedar na rúa. Despois, púxenme a rir convulsivamente e permanecín nunha calma morna, aparvado coma un home na picota.

Felizmente, á miña chegada á casa, Pauline, despois de eu balbucir as primeiras palabras, interrompeume dicíndome:

—Se non ten diñeiro...

Ah, a música de Rossini non era nada comparada coas palabras pronunciadas nese momento por esta rapaza.

Para poder conducir a condesa aos Funámbulos, pensei en empeñar o marco de ouro que rodeaba o retrato da miña nai. O Monte de Piedade estaba sempre presente no meu pensamento coma unha das portas do presidio pero valía máis vender a miña cama ca solicitar unha esmola. A mirada dun home ao que lle pedimos diñeiro fai moito dano e hai préstamos que nos custan o noso honor, como hai rexeitamentos que, nunha boca amiga, nos quitan unha última ilusión.

Encontrei a Pauline traballando soa. A súa nai estaba deitada. Botando unha mirada furtiva sobre a cortina lixeiramente apartada, supuxen que a señora Gaudin estaba profundamente durmida ao ver, na sombra, o seu perfil sereno e amarelo sobre a almofada.

—Está preocupado? —díxome Pauline ao tempo que deixaba o seu pincel.

—Escoite, miña pobre nena —respondinlle eu sentándome cerca dela—, vostede pode facerme un gran favor.

Observoume cun aire tan feliz que me fixo estremecer.

—Amame? —díxenme contemplándoa.

—Pauline?

Ela ergueu a cabeza e baixou a mirada. Entón examínea, pensando poder ler no seu corazón coma no meu, de tan inxenua e pura que era a súa fisionomía.

—Ámame? —díxenlle.

—Ben o creo —gritou rindo.

Non me amaba. O seu acento burlón e a xentileza do xesto que lle escapou describían só un xogo de rapaza. Entón, confeseille a miña angustia, o desamparo no que me encontraba e rogueille que me axudase a saír del.

—Como, señor Rafaël —dixo—, non quere ir ao Monte de Piedade e envíame a min?

Púxenme rubio, confundido pola lóxica dun neno.

—Iría de boa gana —dixo colléndome a man coma se quixese compensar cun aloumiño a franqueza da súa exclamación— pero o encargo é inútil. Esta mañá, cando limpaba o seu cuarto, encontrei detrás do piano, dúas moedas de cinco francos que esvararan sen vostede darse conta, entre a parede e a barra e púxenllos por riba da mesa.

—Como vai recibir logo diñeiro, señor Rafaël —díxome a nai amosando a cabeza entre as cortinas—, eu podoo prestarlle algúns escudos mentres espera.

—Oh, Pauline —griteille apertándolle a man—, gustaríame ser rico.

—Para facer que? —dixo sacudindo a cabeza cun xesto pícaro.

A súa man, tremendo na miña, respondía a todos os latexos do meu corazón. Retirou vivamente os dedos e despois, examinando os meus:

—Vostede casará cunha muller rica —dixo— pero que o fará sufrir moito. Ah, Deus, matarao. Estou segura.

Había na súa exclamación, unha especie de crenza nas tolas supersticións que adquirira da súa nai.

—Vostede é crédula, Pauline!

—Non! —dixo ela observándome con terror—. A muller que o ama matarao.

Dicindo isto, volveu coller o seu pincel, humedeceuno na cor deixando ver unha viva emoción e non me volveu mirar. Ah!, gustaríame crer en quimeras. Un home non é de todo miserable cando é supersticioso pois unha superstición é unha esperanza.

Cando estaba no meu cuarto, vin, en efecto, dous nobres escudos cuxa presenza me pareceu inexplicable.

No seo dos pensamentos confusos do primeiro sono, tratei de verificar os meus gastos para xustificarme este achado inesperado, pero quedei durmido en inútiles

cálculos. Ao día seguinte, Pauline veu verme, no momento no que saía para ir alugar o palco.

—Quizais non teña dabondo con dez francos, señor Rafaël —díxome pódose rubia aquela boa e amable rapaza—, a miña nai encargoume que lle ofrecese este diñeiro. Tome, tome—engadiu tirando tres escudos sobre a mesa e marchando.

Retívena e secando as bágoas que brillaban nos meus ollos díxenlle:

—Pauline, vostede é un anxo. Emocióname ben menos o diñeiro ca o admirable pudor de sentimento co que mo ofrece. Ah, desexaba unha muller rica, elegante, nobre pero agora gustaríame posuír millóns e encontrar unha moza pobre coma vostede e coma vostede rica de corazón, renunciaría a unha paixón fatal que me matará. Quizais teña razón.

—Basta —dixo.

Escapou cantando e a súa voz de rousinol e os seus trinos frescos resoaron na escaleira.

—Ela é feliz porque non ama aínda —díxenme pensando nas torturas que sufría desde había algúns meses.

Os quince francos de Pauline fóronme ben útiles.

Foedora, pensando nas emanacións populares da sala na que debiamos permanecer durante algunhas horas, tiña pena por non ter un ramo. Fun buscarlle flores e deille toda a miña vida e a miña fortuna. Sentín á vez remorsos e praceres dándolle un ramo cuxo prezo revelou todo o que a galantería superficial ao uso no mundo tiña de dispendioso.

—Grazas —dixo.

Axiña se queixou do cheiro un pouco forte de máis dun xasmín de México e despois, sentiu un intolerable desgusto vendo a sala por ter que sentarse en asentos duros. Queixouse de estar alí aínda que estaba ao meu lado. Quixo marchar e marchou.

Impuxérame noites sen durmir, disipara dous meses da miña existencia e non lle gustaba. Ah!, nunca este demo fora máis grácil nin máis insensible.

Durante o camiño, sentado cerca dela, nun estreito cupé, respiraba o seu alento, podía tocar o seu guante perfumado, vía claramente os tesouros da súa beleza e sentía un vapor doce coma o iris: todo e nada de muller.

Nese momento, un trazo de luz iluminou a súa vida. Pensei de súpeto na princesa de Brambilla de Hoffmann, en Fragoletta, caprichosas concepcións de artista, dignas da estatua de Policeto. Cría ver ese monstro que, tan pronto é oficial e doma un cabalo fogoso como tan pronto é moza e ponse a arranxarse e a desesperar os seus amantes ou ben, amante, desespera unha moza doce e modesta. Non podendo chegar doutro xeito a Foedora, conteille esta historia fantástica pero nada revelou nela ese parecido con esta poesía do imposible.

Ela divertiuse de boa fe, coma un neno escoitando unha fábula das *Mil e unha noites*.

—Entón —dicía eu soñando para resistir ao amor dun home da miña idade, á calor comunicativa dese fermoso sentimento da alma, a ese belo contaxio da alma—, Foedora debe ocultar algún misterio. Quizais, coma lady Delacour, sexa devorada por un cancro. A súa é sen dúbida unha vida artificial.

Ante este pensamento sentín un calafrío pero logo formei o proxecto máis extravagante e máis razoable, ao mesmo tempo, que un amante puido nunca soñar. Para examinar esta muller fisicamente como a estudara intelectualmente, para coñecela en fin, toda enteira, decidín pasar unha noite na súa casa, no seu cuarto, sen que ela o soubese.

Velaquí como levei a cabo esta empresa que me devoraba a alma e o pensamento do mesmo xeito que un desexo de vinganza morde o corazón dun monxe corso.

XXIX

Foedora reunía na súa casa, os días de recepción, unha asemblea demasiado numerosa coma para que lle fose posible ao porteiro establecer un balance exacto entre as saídas e as entradas. Tranquilo por esta reflexión de poder quedar na casa sen ser visto, esperei impacientemente, para cumprir o meu desingnio, a próxima velada da condesa.

Cando me vestín, metín no peto do meu chaleco, un pequeno canivete inglés, xa que non tiña puñal. Se mo encontraban, este instrumento literario non tiña nada de sospeitoso e non sabendo a onde me podía conducir a miña resolución novelesca, quería ir armado: unha lámina de canivete pode chegar ata o corazón.

Cando os salóns se comezaron a encher, fun ao dormitorio, para examinar os detalles. As persianas e as contraventás estaban pechadas o que era un bo indicio. Supondo que a criada viría desatar as cortinas colgadas das fiestras, fíxenas caer soltando os cordóns. Arrisqueime moito ousando facer así ese labor por adiantado pero sometérame a todos os perigos da miña situación e calculáraos friamente.

Cara á media noite, fun esconderme no van dunha fiestra e agocheime alí no recuncho máis escuro. Para que non se me visen os pés, intentei poñelos sobre o zócalo de madeira e manterme no aire coas costas apoiadas contra a parede enganchándome á falleba. Despois dun estudo profundo dos meus puntos de apoio, do espazo que me separaba das cortinas e do meu equilibrio, logrei familiarizarme coas dificultades da miña posición. Estaba seguro de poder permanecer alí sen ser descuberto, se as cambras, a tose e os espirros me deixaban tranquilo. Entón, para non fatigarme inutilmente, mantívenme de pé mentres esperaba o momento crítico no que debía permanecer colgado coma unha araña na súa tea. Como a seda branca e a muselina das cortinas formaban diante miña grosos pregues semellantes a tubos de órgano, practiquei nelas uns buracos co meu canivete e dispúxenos de forma que puidese ver todo por aquela especie de troneira.

Oín vagamente o murmurio dos salóns, os risos dos que charlaban e os seus gritos. O tumulto vaporoso e a xorda axitación disminuía por graos. Máis tarde, algúns homes viñeron coller os seus chapeus, colocados, cerca de min, enriba da cómoda da condesa. Cando rozaban as cortinas, eu tremía pensando nos azares, nas casualidades destas buscas feitas por persoas despistadas e con présa por marchar. Tiven moita esperanza do éxito da miña empresa ao non experimentar ningunha desgraza. O último chapeu foi levado por un antigo admirador de Foedora que, crendo que estaba só, observou a cama e soltou un sentido suspiro, seguido dunha exclamación bastante enérxica.

En fin, a condesa non tendo ao seu redor, no salonciño veciño do seu cuarto, máis ca cinco ou seis persoas íntimas, propúxolles tomar alí o té.

Entón, as calumnias para as que a sociedade actual reservou a pouca credulidade que lle queda mesturáronse cos epigramas, cos xuízos espirituais e co ruído das cuncas e das culleres. Rastignac trataba sen piedade os meus rivais e frecuentemente provocaba un riso franco coas súas ocorrencias.

—Rastignac é un home co que non convén levarse mal —dixo rindo a condesa.

—Eu tamén o creo —respondeu el inxenuamente—. Sempre teño razón nos meus odios e nas miñas amizades —engadiu—. Os meus inimigos quizais me sirvan tanto coma os meus amigos. Á parte, fixen un estudo bastante especial do idioma moderno e dos artificios naturais que se usan para atacar ou defender todo. A elocuencia ministerial é un avance social. Se un amigo voso carece de talento, falades da súa probidade e da súa franqueza; se a súa obra é pesada, é un traballo concienciado; se o libro está mal escrito, gabades as ideas; tal home non ten fe, nin constancia, nin opinións, bah!, é sedutor, prestixioso e atractivo. Se se trata do voso inimigo, botades sobre el os mortos e os vivos, invertedes os termos da vosa linguaxe e sodes tan perspicaces para descubrir os seus defectos coma hábiles para poñer de relevo as virtudes dos amigos. Esta aplicación das leis da óptica á vida moral é todo o segredo das nosas conversas, a arte do cortesán. Non querer usala é querer combater sen armas as persoas acoirazadas de ferro coma os cabaleiros adaís. E eu úsoa e mesmo abuso dela algunhas veces. Deste xeito respéctanme a min e os meus amigos.

Entón, un dos máis ferventes admiradores de Foedora, home novo cuxa impertinencia era célebre e que buscaba un medio de medrar, recolleu o guante tan desdeñosamente tirado por Rastignac e, falando de min, púxose a gabar sen medida os meus talentos e a miña persoa. Rastignac esquecera ese tipo de maledicencia.

Aquel eloxio sardónico enganou a condesa que me inmolou sen piedade abusando mesmo dos meus segredos para que os seus amigos risen das miñas pretensións e das miñas esperanzas:

—Ten futuro —dixo Rastignac—. Quizais chegue a ser un home que tome crueis represalias. O seu talento iguala polo menos a súa coraxe.

O profundo silencio que reinaba parecía non gustarlle á condesa:

—Coraxe ten moita —dixo ela—. Éme fiel.

Sentín a viva tentación de me amosar de súpeto, ante os que se rían, coma a sombra de Banquo en *Macbeth*. Eu perdía unha amante, pero tiña un amigo.

Non obstante, o amor soproume de golpe un dos seus covardes e sutís paradoxos cos que adormece todas as nosas dores.

—Se Foedora me ama —pensei—, non ten que disimular o seu afecto baixo unha burla maliciosa? Cantas veces o corazón desmente as mentiras da boca!

En fin, tan pronto o meu rival quedou só coa condesa, quixo marchar.

—Como, xa? —díxolle cun ton cheo de garatuxas e que me fixo palpitar—. Non queda un pouco máis? Non ten entón nada que dicirme e non me sacrificará algúns dos seus praceres?

El marchou.

—Ah! —gritou ela bocexando—, son todos moi aburridos.

E tirando con forza por un cordón fixo soar unha campá. A condesa entrou no seu cuarto cantaruxando unha frase do *Pria che spunti*. Nunca ninguén a oíra cantar e ese mutismo daba lugar a raras interpretacións. Segundo se dicía, prometéralle ao seu primeiro amante, fascinado polos seus talentos e celoso máis alá da tumba, non concederlle a ninguén un pracer que só el probara.

Entón, tendín as forzas da miña alma para aspirar os sons.

De nota en nota, a voz foise elevando. Despois, Foedora pareceu animarse, as riquezas da súa gorxa despregáronse e a melodía tivo algo de divino. A condesa tiña na voz, unha claridade viva, unha xusteza de ton, algo de harmónico e de vibrante que penetraba, removía e producía unha sensación agradable no corazón. As músicas case sempre están namoradas. Ah!, unha muller que cantaba así debía amar. A beleza da voz foi entón un misterio máis nesta muller xa tan misteriosa. Eu víaa entón como te vexo a ti. Parecía escoitarse a si mesma e sentir a voluptuosidade que a facía particular. Experimentaba coma un gozo de amor. Chegou ante a cheminea ao tempo que acababa o principal motivo dese rondó pero cando calou a súa fisionomía cambiou: os trazos descompuxéronse e a súa cara expresou a fatiga. Acababa de quitar unha máscara. Como actriz, o seu papel acabara e, non obstante, a especie de beleza murcha impresa, fose polo traballo de artista fose pola lasitude da tarde, tiña certo encanto.

—Velaí a verdade —díxenme.

Puxo, para quentarse, un pé sobre a barra de bronce que sobresaía do recipiente da cinza, quitou as luvas, desatou os brazaletes e quitou pola cabeza unha cadea de ouro no extremo da cal estaba colgado o seu perfumador adornado de pedras preciosas. Experimentaba un pracer inexplicable vendo todos os seus movementos impresos desa xentileza que amosan as gatas cando se asean ao sol. Mirouse no espello e gritou cun aspecto de mal humor:

—Non estaba guapa esta noite! A miña pel múrchase cunha horrorosa rapidez! Quizais debería deitarme máis cedo e renunciar a esta vida disipada. Pero Justine búrlase de min?

Chamou de novo e a doncela acudiu. Non sei onde se aloxaba esta pois chegou por unha escaleira interior. Eu tiña curiosidade por vela, xa que a miña imaxinación de poeta frecuentemente incriminara esta invisible serventa, unha moza morena, alta e ben feita.

—Chamou a señora?

—Dúas veces —respondeu Foedora—. Vas quedar xorda agora?

—Estaba preparando o seu leite de améndoas.

Justine axeonllouse, desatou os cordóns dos zapatos e descalzou a súa ama quen, indolentemente tombada nunha cadeira de brazos, fronte ao lume, bocexaba ou rañaba a cabeza. Todo nos seus movementos era moi natural e ningún síntoma me revelaba os sufrimentos secretos que eu lle supuxera.

—George está namorado —dixo ela—, despedireino. Aínda non arranxou as cortinas esta tarde? En que anda a pensar?

Ante esta observación, todo o meu sangue afluíu no meu corazón. Felizmente, non volveu falar das cortinas.

—Que baleira é a vida! —dixo a condesa—. Ten coidado de non me rabuñar como fixeches onte. Mira, fíxate—díxolle amosándolle un xeonlloño bonito e satinado— aínda levo as marcas das túas uñas.

Meteu os pés nus nunhas pantuflas de veludo forradas de penuxe de cisne e desatou o seu vestido mentres Justine collía un peite para arranxarlle o cabelo.

—Ten que casar, señora, e ter nenos...

—Nenos! Só iso me faltaba para acabar comigo —gritou—. Un marido. Cal é o home ao que eu me podería...? Estaba ben peiteada esta tarde?

—Non moi ben.

—Es unha parva.

—O pelo demasiado rizado non lle senta ben —dixo Justine—. Os bucles grosos ben alisados quédanlle moito mellor.

—É verdade.

—Pois si, señora, o pelo rizado e solto só lles queda ben ás louras.

—Casar?, non, non. O matrimonio é un negocio para o que non nacín.

Que espantosa escena para un amante. Sentín piedade ante esta muller solitaria, sen pais, sen amigos, atea no amor, que non cría en ningún sentimento e tan feble como para necesitar desafoego cordial, tan natural en toda criatura humana e reducida para satisfacelo a falar coa súa serventa e a dicir frases secas ou nada.

Justine espiuna axiña. Contempleina con curiosidade no momento no que o último veo se erguía. Tiña o corpo dunha virxe. Sentínme coma cativado e temín caer pois a condesa era adorabilmente bela. A través da súa camisa de batista e á luz das candeas, o seu corpo branco e rosa escintilaba coma unha estatua de prata que brilla baixo a gasa coa que un obreiro a revestiu. Ah, ningunha imperfección lle facía temer as miradas furtivas do amor.

—Apúrate —dixo—, teño frío.

Justine trouxo unha bata de batista que Foedora puxo por riba da súa camisa. A continuación, sentouse diante do lume, muda e pensativa, mentres a súa doncela acendía unha candeia da lámpada de alabastro colgada diante da cama. Justine foi buscar un quentador, preparou a cama, axudoulle á súa ama a deitarse e, tras un lapso de tempo bastante longo, pero empregado en minuciosos servizos cuxos detalles multiplicados acusaban a profunda veneración de Foedora por ela mesma, a rapaza marchou por fin e eu quedei a soas coa condesa.

Entón oína dar voltas na cama e bocexar. Estaba axitada, suspiraba e os seus beizos deixaron escapar un lixeiro ruído que, imperceptible ao oído, no silencio da noite, describía movementos de impaciencia. Levando a man ata a mesa, colleu un frasco e verteu no leite que contiña as gotas dun licor do que non distinguín a especie; bebeuno, e tras algúns suspiros penosos:

—Ah, meu Deus —exclamou.

Esta exclamación e, sobre todo, o seu acento rompéronme o corazón.

Quedou insensiblemente sen movemento e tiveron medo, pero ao pouco oín resoar a respiración igual e forte dunha persoa durmida. Entón, apartando a seda rechamante das cortinas, abandonei a miña posición e funme colocar ao pé da súa cama, observándoa cun sentimento indefinible. Estaba encantadora así. Tiña a cabeza debaixo do brazo, coma un neno, e o seu bonito rostro envolvido no encaixe e tranquilo, posuía unha suavidade que me acendeu. Esperando moito de min, non comprendera o meu suplicio: estar tan cerca e tan lonxe dela..., sentínme obrigado a sufrir as torturas que eu mesmo me preparara.

—Ah, meu Deus.

Esta frase cambiara de golpe as miñas ideas sobre Foedora e debía levar como única luz, este anaco dun pensamento descoñecido.

Estas palabras, insignificantes ou profundas, sen substancia ou cheas de misterios, podían interpretarse igualmente como felicidade ou sufrimento, coma dor corporal ou espiritual. Eran unha imprecación ou unha pregaría, un recordo ou un futuro, un arrepentimento ou un temor? Había toda unha vida nestas palabras, vida de indixencia ou de riqueza..., mesmo podían ocultar un crime. Sabendo que era adorabilmente guapa, o enigma oculto no seu bonito rostro de muller renacía nestas palabras, pero podía agora ser explicado de tantos xeitos que a condesa quizais fose inexplicable.

As fantasías do alento que pasaba entre os seus dentes, un pouco feble, un pouco forte, grave ou lixeiro, formaban unha especie de linguaxe á que eu lle atribuíña pensamentos e sentimentos. Soñaba con ela e esperaba iniciarme nos segredos da alma penetrando no seu sono. Flotaba entre mil decisións contrarias, entre mil ideas. En fin, ao ver aquel rostro bonito, sereno e puro, foime imposible negar que esta muller tiña corazón. Decidín facer aínda unha tentativa contándolle a miña vida, o meu amor e os meus sacrificios para espertar nela a piedade, para arrincarlle unha bágoa, a ela que non choraba nunca.

Cando o ruído da rúa me anunciou o día, puxera todas as miñas esperanzas nesta última proba. Houbo un momento no que me imaxinei a Foedora espertando nos meus brazos. Podía meterme suavemente ao seu lado, abrazala.

Esta idea tiranizoume tan cruelmente que, para resistir, escapei ao salón, sen tomar ningunha precaución para evitar o ruído e, afortunadamente, cheguei a unha porta secreta que daba a unha pequena escaleira.

Tal como o supuxera, a chave estaba dentro, na pechadura. Entón, tirando a porta con forza, descendín audazmente á rúa e sen mirar se me viran, saltei ao exterior en tres alancadas.

XXX

Dous días despois, como un autor ía ler unha comedia na casa da condessa, fun alá coa intención de quedar de último para facerlle unha petición bastante singular. Quería rogarlle que me concedese a tarde do día seguinte e que ma consagrara toda enteira, pechando a súa porta.

Cando me encontrei a soas con ela, o corazón falloume. Espantábame cada batemento do reloxo. Eran as doce menos cuarto da noite.

—Se non lle falo —díxenme— partirei a cabeza contra a esquina da cheminea.

Concedinme tres minutos de demora. Pasaron os tres minutos e non partín a cabeza contra o mármore pero o meu corazón inchaba e facíase pesado coma unha esponxa na auga.

—Vostede é extremadamente amable —díxome.

—Ai, señora —respondín—, se me puidese comprender...

—Que lle ocorre? —dixo—, está pálido.

—Dubido se pedirlle un favor.

Entón pedinlle a cita.

—Con moito gusto —dixo ela— pero, por que non me fala agora?

—Para non enganala, debo, señora, facerlle percibir a extensión do noso compromiso. Desexo pasar a tarde cerca de vostede coma se fósamos irmáns. Coñezo as súas antipatías pero vostede coñéceme bastante para estar segura de que non quero nada de vostede que lle poida desgustar. Por outra parte, os audaces non proceden así. Vostede deume mostras de amizade, é boa e está chea de indulxencia.

—Ben, saiba que mañá virei despedirme...

—Non se retracte —gritei véndoa preparada para falar.

Marchei.

O dous de maio pasado, cara ás oito da tarde, encontrábame a soas con Foedora, no seu salongiño gótico. Entón eu non tremía, estaba seguro de ser feliz: a miña amante debía pertencerme ou, se non, prometérame que me refuxiaría nos brazos da morte. Condenara o meu covarde amor e un home é moi forte cando confesa a súa febleza.

A condesa estaba tombada nun diván cun vestido de caxemira azul e cos pés sobre un coxín. Levaba unha boina oriental, toucado que os pintores lles atribúen aos primeiros hebreos, a cuxa sedución ela lle engadira algún picante atractivo. A súa figura estaba impregnada dun encanto fuxitivo que parecía probar que somos a cada instante seres novos, únicos, sen ningunha similitude co *nós* do futuro e do pasado. Nunca brillara tanto de beleza.

—Sabe —dixo rindo— que picou a miña curiosidade?

—Non a defraudarei —respondín friamente.

Sentei cerca dela e colléndolle unha man que me deixou moi amigablemente:

—Ten unha voz moi bonita para cantar —díxenlle.

Palideceu.

—Nunca me oíu —exclamou.

—Probareille o contrario cando sexa necesario. O seu canto delicioso é aínda un misterio? Tranquilícese, eu non quero desvelalo.

Permanecemos ao redor dunha hora falando familiarmente. Se adoptei o ton, as maneiras e os xestos dun home ao que Foedora non lle debía refusar nada, manifestei tamén todo o respecto dun amante. Actuando así, obtiven o favor de bicarlle a man, quitou as luvas cun movemento gracioso e estaba entón tan voluptuosamente afundido nunha ilusión na que quería crer, que a miña alma fundiuse e derramouse completamente con ese bico. Foedora deixouse adular e acariciar cun increíble abandono pero, non me acuses de necidade, se tivese querido dar un paso máis alá desta coquetería fraternal, tería sentido as súas uñas de gata.

Permanecemos ao redor de dez minutos, sumidos nun profundo silencio. Admirábaa e atribuíalle encantos que non tiña. Nese momento, era miña, só miña. Entón, posuín esta encantadora criatura, como estaba permitido posuíla, intuitivamente. Envolvina no meu desexo, tñíaa, abrazábaa e na miña imaxinación casaba con ela. Certamente entón, vencín a condesa polo poder dunha fascinación magnética e arreptinme sempre de non me someter enteiramente a esta muller. Nese momento, non quería o seu corpo. Quería unha alma, unha vida, esa felicidade ideal e completa, ese bonito soño no que cremos moito tempo.

A tarde avanzaba.

—Foedora —díxenlle en fin, sentindo que a última hora da miña embriaguez chegara—, escóitame: xa sabe que a amo porque llo dixen mil veces. Debía de verme escoitado pero como non quería o seu amor nin mediante as grazas dun fatuo, nin mediante afagos nin impertinencias, non me comprendeu. Cantos males sufrín por vostede! Non obstante, vostede é inocente, pero dentro dun pouco xulgarame.

Hai dúas miserias, señora, a que vai pola rúa en farrapos, que fai de Dióxenes, sen sabelo, alimentándose con pouco, reducíndose á vida simple, máis feliz ca a riqueza quizais, despreocupada polo menos, e tomando o mundo, onde os poderosos xa non o queren. Por outro lado, está a miseria do luxo, unha miseria española que oculta a mendicidade baixo un título. É orgullosa, coqueta e ten carrozas. É a miseria en chaleco branco, en luvas amarelas e que perde unha fortuna, por non ter un céntimo. Unha é a miseria do pobo, a outra a dos estafadores, a dos reis e a das persoas de talento. Eu non son nin do pobo, nin rei, nin estafador e quizais non teña talento. Así pois, son unha excepción. O meu nome ordéname antes morrer ca mendigar.

Tranquilícese, señora. Hoxe son rico. Posúo terra e todo o que fai falta— díxenlle vendo que a súa fisionomía tomaba a fría expresión que se pinta nos trazos cando somos sorprendidos por esmoleiros de boa sociedade.

Acórdase do día no que foi ao Gymnase sen min, crendo que eu non estaría alí? —fixo un xesto afirmativo coa cabeza—. Eu gastara o meu último escudo para ir vela. Acórdase do día no que fomos de paseo ao Xardín Botánico? O seu coche custoume unha fortuna.

Entón, conteille os meus sacrificios, describinlle a miña vida, non como cha recito hoxe coa embriaguez do viño senón cunha nobre embriaguez de corazón. A miña paixón desbordaba en palabras brillantes, en trazos de sentimento que esquecín e que ningunha arte nin o recordo mesmo poderían reproducir. Non se trataba da narración fría dun amor detestado, non, o meu amor na súa forza e na beleza da súa esperanza, o meu amor exaltado inspirábame as palabras que proxectan toda unha vida, eses gritos dunha alma rota e o meu acento foi o das últimas oracións feitas por un moribundo sobre o campo de batalla.

Ela botouse a chorar e eu detívenme.

Gran Deus! As súas bágoas eran o froito dunha emoción fáctica, comprada a cen cadelas á porta dun teatro.

—Se eu o soubese... —dixo.

—Non acabei —exclamei eu—. Aínda a amo bastante neste momento como para matala.

Quixo coller o cordón da campá.

—Non chame —dixen—. Deixarei que acabe tranquilamente a súa vida, pois será peor o odio ca matala. Non, non tema a violencia. Pasei toda unha noite ao pé da súa cama.

—Señor... —dixo pódose rubia.

Despois deste primeiro movemento provocado polo pouco pudor que pode ter unha muller insensible, botoume unha mirada de desprezo e díxome:

—Debeu de pasar moito frío.

—Crea Foedora que a súa beleza me parece preciosa —díxenlle adiviñando todos os pensamentos que a axitaban—e era, para min, a promesa dunha alma máis bela aínda. Señora, os homes que non ven nunha muller outra cousa ca unha muller, poden comprar odaliscas dignas do serrallo e ser felices a baixo prezo. Ah, eu era ambicioso, quería vivir de corazón a corazón con vostede, pero vostede non ten corazón. Agora seino. Se pertencese a outro home asasinaría, pero non, vostede amaríao e a súa morte causaríalle moita pena. Canto sufrín!—exclamei.

—Se lle serve de consolo —dixo rindo—, podo asegurarlle que ninguén...

—Daquela —respondín eu interrompéndoa— insulta a Deus mesmo e será castigada por iso. Un día, tombada quizais nun diván, non podendo soportar nin o ruído nin a luz, condenada a vivir nunha especie de tumba, sufrirá males inauditos. Cando busque a causa das súas lentas e vingativas dores, acórdese das desgrazas que foi tirando con profusión ao seu paso. Como só sementou por todas partes imprecacións, só recollerá odios. Nós somos os propios xuíces, os verdugos dunha xustiza que reina aquí na terra e que camiña por riba da dos homes e por riba de Deus.

—Ah, ah —dixo rindo—. Sen dúbida son culpable por non amalo, é culpa miña? Non, non o amo. Vostede é un home, nada máis. Son feliz soa, por que ía cambiar a miña vida, egoísta se vostede quere, polos caprichos dun amante? O matrimonio é un sacramento en virtude do cal só nos comunicamos penas. Ademais, os fillos abúrrenme. Eu aviseino lealmente do meu carácter. Por que non seu contentou coa miña amizade? Gustaríame poder consolalo das penas que lle causei ao non adiviñar que non tiña diñeiro. Aprecio os seus sacrificios. Só o amor podería pagar a súa abnegación, a súa dedicación pero eu non o amo e toda esta escena me afecta desagradablemente.

—Sei que resultado ridículo —díxenlle con dozura—, perdóeme.

Non puiden reter as bágoas.

—Ámoa bastante como para escoitar con delicia as crueis palabras que pronunciou. Gustaríame asinar o meu amor con todo o meu sangue.

—Todos os homes dinnos máis ou menos esas clásicas frases —dixo rindo—. Pero parece que é moi difícil morrer aos nosos pés pois encontro mortos deses por todas partes. É tarde, rógolle que me deixe deitar.

—E dentro de dúas horas dirá *Ah, meu Deus*.

Botouse a rir.

—Antonte, si. Estaba pensando no meu axente de cambio porque me esquecera de dicirlle que me convertese as miñas rendas de *cinco* en *tres* e, aquel día, os *tres* baixaron.

Contempleina cun ollo escintilante de rabia. Algunhas veces un crime pode ser todo un poema e entón eu comprendino.

Ela ría. Afeitada, sen dúbida, ás declaracións máis apaixonadas, xa se esquecera das bágoas e das miñas palabras.

—Casará cun par de Francia? —pregunteille friamente.

—Se é un duque, talvez.

Collín o meu chapeu e despedinme dela.

—Permítame —dixo— que o acompañe ata a porta.

Había unha ironía aguda no seu xesto, na postura da súa cabeza e no seu ton.

—Foedora.

—Señor...

—Non a verei nunca máis.

—Así o espero —respondeu inclinando a cabeza cunha impertinente expresión.

—Quere ser duquesa? —dixen, animado por unha especie de frenesí que o seu xesto iluminou no meu corazón—. Está tola polos títulos e honores?, ben, deixe que a ame eu só. Pídalle á miña pluma que non escriba, á miña voz que só fale para vostede, sexa o principio secreto da miña vida e a miña estrela. Acepte por esposo só a un ministro, un par de Francia, un duque... Serei todo o que vostede queira que sexa.

—Vostede —dixo sorrindo— aproveitou ben o tempo na casa do avogado, pois constrúe alegacións apaixonadas.

—Ti tes o presente —exclamei—, eu o futuro. Eu só perdo unha muller e ti perdes un home, unha familia. O tempo está cheo da miña vinganza. Ti encontrarás a fealdade onde eu encontrarei a gloria.

—Grazas pola peroración —dixo retendo un bocexo e testemuñando coa súa actitude o desexo de non me volver ver.

Esa palabra impúxome o silencio. Lanceille o meu odio nunha mirada e fuxín, amando aínda aquela horrible muller.

XXXI

Tiña que esquecer a Foedora, curarme da miña loucura, retomar a miña estudosa soidade e morrer. Entón, impúxenme traballos desorbitados, quixen acabar as miñas obras e durante quince días non saín da bufarda, consumindo as miñas noites en pálidos e tristes estudos. Pero, a pesar da miña coraxe e as inspiracións da miña desesperación, traballaba con dificultade e por tiróns pois a musa fuxira. Non podía espantar o fantasma brillante e burlón de Foedora. Cada un dos meus pensamentos incubaba outro pensamento enfermizo, un desexo, terrible coma un remorso. Ao mesmo tempo, imitei os anacoretas da Tebaida: comía pouco e, sen rezar coma eles, coma eles vivía nun deserto, cavando na miña alma en vez de romper unha rocha; en fin, necesitaba apertar os riles cun cinto armado de puntas, co fin de dominar a dor moral cunha dor física.

Unha noite, Pauline entrou no meu cuarto e cunha voz suplicante:

—Vostede mátase —díxome—, debería saír, ir visitar os seus amigos.

—Ah!, Pauline, a súa predición era verdadeira. A condesa Foedora mátame, quero morrer, a vida éme insoportable.

—Non hai máis mulleres no mundo? —dixo sorrindo— Por que pon tantas penas infinitas nunha vida tan curta?

Observei a Pauline con estupor. Deixoume a soas sen que eu me dese conta de que se retirara. Oíra a súa voz, sen comprender o sentido das súas palabras.

Enseguida tiven que levarlle o manuscrito das miñas memorias ao meu editor. Preocupado pola miña paixón, ignoraba como puidera vivir sen diñeiro, só sabía que os catrocentos cincuenta francos que me debían abondarían para pagar as miñas débedas e ía entón buscalos.

Ese día encontrei a Rastignac quen me encontrou cambiado, delgado.

—De que hospital saes? —díxome.

—Esta muller mátame —respondinlle—, non podo nin desprezala nin esquecerla.

—Vale máis matala e así non pensarás máis nela —exclamou rindo.

—Penseino —respondín—. Pero se por veces refrescaba a miña alma coa idea dun crime, violación ou asasinato, e mesmo as dúas cousas, son incapaz de levalo a cabo en realidade. A condesa é un admirable monstro que pediría a graza.

—É coma todas as mulleres que non podemos ter —dixo Rastignac interrompéndose.

—Estou tolo! —exclamei— Sinto a loucura á porta do meu cerebro. Roxe por momentos. Entón, as miñas ideas son coma fantasmas, bailan e non podo apreixalos. Prefiro a morte a esta vida e busco conscientemente o mellor medio de acabar esta loita. Xa non se trata da Foedora vivente, da Foedora do faubourg Saint-Honoré, senón da miña Foedora, da que está aquí —dixen golpeando a fronte—. Que pensas do opio?

—Bah, sufrimentos atroces —respondeu Rastignac.

—A asfixia?

—Canalla.

—O Sena?

—As redes e a depósito de cadáveres están sucios e son repelentes.

—Un disparo?

—E se te feres?

—Escoita, teño, coma todos os mozos, meditado sobre o suicidio. Quen de nós non se matou dúas ou tres veces na súa vida? Non encontrei nada mellor ca usar a existencia para o pracer. Súmete nunha disolución profunda e a túa paixón ou ti, morreredes. A intemperanza, querido, é a raíz de todas as mortes. Non manda a apoplexía fulminante? Agora ben, a apoplexía é un disparo que non falla. As orxías prodíganos todos os praceres físicos. Non é o opio en doses pequenas, o opio materializado? Forzándonos a beber sen tregua, o dilapidador lánzalle mortais desafíos

ao viño. As cubas de Malvasía do duque de Clarence teñen mellor gusto ca o ceno do Sena. En fin, cando caemos nobremente debaixo dunha mesa, non é unha pequena asfixia periódica? Despois, se a patrulla nos recolle, cando esteamos tombados sobre os leitos fríos do corpo de garda, gozaremos dos praceres do depósito de cadáveres, pero sen os ventres inflados, túrxidos, azuis e verdes.

—Ah, ah —dixo el— ese lento suicidio non é o mesmo ca a morte dun tendeiro na ruína. Os negociantes deshonoraron a ribeira. Agora bótanse á auga por especulación e para entenrecer os seus acredores. Eu, eu tratarei de morrer con elegancia. Se queres crear un novo xénero de morte debaténdote así contra a vida irei tras de ti. Abúrrome, estou decepcionado. A miña viúva fai, do pracer, un verdadeiro presidio. Por outra parte, descubrín que ten seis dedos no pé esquerdo e non podoo vivir cunha muller que ten seis dedos porque se acabará sabendo e riranse de min. Á parte non ten máis de dezaioito mil libras de renda: a súa fortuna diminúe e os seus dedos aumentan. Ao demo. Levando esta vida empedernida, quizais encontremos a felicidade por casualidade.

Rastignac arrastroume. Este proxecto facía brillar ilusións moi fortes e quizais algunhas últimas esperanzas e posuía unha cor demasiado poética para non gustarlle a un poeta.

—E o diñeiro? —díxenlle.

—Non tes catrocentos cincuenta francos?

—Si, pero débolle ao xastre, á miña caseira.

—Ti págaslle ao xastre? Nunca serás nada, nin sequera ministro.

—Pero que podemos facer con vinte luíses?

—Ir xogar.

Tremín.

—Ai! —dixo decatándose da miña hipocrisía—, ti quéreste lanzar no que eu chamo sistema de disipación e teslle medo a un simple tapete verde.

—Escoita —respondinlle—, prometinlle ao meu pai que nunca poría o pé nunha casa de xogo. Non só esta promesa é sagrada senón que experimento unha especie de

horror invencible cando paso por diante dunha timba. Vai ti só. Velaí cen escudos. Mentres ti arriscas a nosa fortuna, eu irei arranxar os meus asuntos e volverei esperarte á túa casa.

Así foi, meu amigo, como me perdín. A un mozo abóndalle con encontrar unha muller que non o ama ou que o ama demasiado para que toda a súa vida se altere. A felicidade engole todas as nosas forzas, como a desgraza fai calar as nosas virtudes.

Cando estaba xa na pensión de Saint-Quentin, contemplei moito tempo a bufarda na que levara a casta vida dun sabio, unha vida que sería quizais honorable, longa e que talvez non debería ter deixado pola vida apaixonada que me arrastraba cara a un abismo.

Pauline sorprendeume nunha actitude melancólica e esta doce rapaza, este xenio familiar, este anxo gardián observoume silenciosamente.

—Ben —dixo—, que lle pasa?

Erguinme friamente, contei o diñeiro que lle debía á nai e engadinlle o prezo do meu alugueiro por seis meses.

Ela examinábame cunha especie de terror.

—Déixoa, miña pobre Pauline.

—Xa o adiviñei —exclamou.

—Escoite, querida nena, non renuncio a volver aquí. Gárdeme o meu cuarto durante medio ano. Se non volvín cara ao quince de novembro, vostede, Pauline, herdará o que teño. Este manuscrito pechado —díxenlle amosándolle un paquete de papeis—, é a copia da miña grande obra sobre a *Vontade*. Deposítea na Biblioteca Real. En canto a todo o que deixo aquí, faga o que queira.

Botoume miradas que pesaban sobre o meu corazón. Pauline era coma unha conciencia viva.

—Xa non terei máis clases! —dixo amosándome o piano.

Non respondín.

—Escribirame?

—Adeus, Pauline.

Tirei dela suavemente cara a min e despois, sobre a súa fronte de amor virxinal coma a neve que non tocou a terra, deille un bico de irmán, un bico de vello.

Ela marchou.

Non quixen ver a señora Gaudin. Puxen a miña chave no sitio habitual e marchei.

Cando deixaba a rúa Cluny, oín detrás de min o paso lixeiro dunha muller.

—Tome —díxome Pauline—, bordeille esta bolsa, tamén a vai rexeitar?

Crendo percibir, á luz dos farois, bágoas nos ollos de Pauline, suspirei e entón, talvez empuxados polo mesmo pensamento, separámonos coa présa das persoas que foxen da peste.

XXXII

A vida de disipación á que me consagraba amosábase diante miña moi raramente expresada polo cuarto no que esperaba, cunha nobre despreocupación, o retorno de Rastignac.

No medio da cheminea elevábase un reloxo de parede corado por unha admirable Venus encrequenada sobre a súa tartaruga e que sostíña entre os brazos un cigarro a medio consumir. Había mobles elegantes, presentes de amor espaxados sen orde e vellos calcetíns arrastrándose sobre un voluptuoso diván. A deliciosa cadeira de resortes, na que estaba tombado, tiña cicatrices coma un vello soldado, ofrecendo ás miradas os seus brazos rotos e amosando incrustadas sobre o respaldo, a graxa antiga de todas as cabezas dos amigos. A opulencia e a miseria emparellábanse inxenuamente no leito, sobre as paredes, por todo. Diríase que eran os palacios de Nápoles cheos.

Tratábase dun cuarto de xogador ou vividor, cuxo luxo é todo persoal, cheo de sensacións e que apenas se preocupa das incoherencias. Había certa poesía naquel

cadro. A vida xurdía cos seus abelorios e os seus farrapos, de súpeto, incompleta, como realmente é, pero viva, fantástica, especie de parada onde o curioso saquea a gusto.

Alí, un Byron ao que lle faltaban páxinas servira para acender o lume do mozo, que arrisca no xogo mil cen francos e que non ten un leño, que viaxa en tálburi sen posuír unha camisa soa e válida. Despois, ao día seguinte, unha condesa, unha actriz ou o azar danlle un enxoval de rei. Había unha candeia fixa na funda dun acendedor fosforescente. Vida rica de oposicións e á que é quizais difícil de renunciar, porque ten irresistibles atractivos pois representa a guerra en tempos de paz.

Estaba case durmido cando, dunha patada, Rastignac, derrubando a porta do seu cuarto, exclamou:

—Vitoria, vitoria, podemos morrer ao noso gusto.

Amosoume o chapeu cheo de diñeiro. Púxoo enriba da mesa e bailamos coma dous caníbales, gritando, pateando, saltando, dándonos puñazos para matar un rinoceronte e cantando co aspecto de todos os praceres do mundo metidos nun chapeu.

—Doce mil francos! —repetía Rastignac engadindo algúns billetes ao noso montón de diñeiro— Este diñeiro, a outros, chegaríalles para vivir, pero a nós abondaranos para morrer. Si, si, expiraremos nun baño de diñeiro. Hurra!

E saltamos de novo. Compartimos o diñeiro coma irmáns, moeda a moeda, comezando polos dobres napoleóns e indo das moedas gordas ás pequenas, destilando a nosa alegría e dicindo durante moito tempo:

—Para ti, para min.

—Oh, non durmiremos —exclamou Rastignac—. Joseph, ponche!

E tirándolle algún diñeiro ao seu fiel criado:

—Velaí a túa parte —dixo.

Ao día seguinte, merquei mobles na tenda de Lesage, aluguei o apartamento no que me coñeciches, na rúa Taitbout e encargueille ao mellor tapiceiro que mo decorase. Conseguín coche e cabalos e lanceime nun remuíño de praceres ocos e reais á vez. Eu

gozaba, gañaba e perdía, pero no baile, cos meus amigos, nunca nas casas de xogo, polas que conservei o meu santo e primitivo horror.

Sen decatarme fixen amigos. Debinlles o seu apego ben ás querelas ben á facilidade confiada coa que libramos os nosos segredos degradándonos xuntos pois quizais só nos entendamos ben para os vicios. Despois expuxen algunhas composicións literarias polas que merecín cumprimentos, porque os grandes homes da literatura comercial, non vendo en min un rival que temer, gabáronme, sen dúbida, máis para degradar o mérito dos seus compañeiros ca polo meu mérito persoal.

En fin, para servirme da expresión pintoresca consagrada pola vosa lingua de orxía, convertinme nun vividor. Poñía amor propio en matarme rapidamente, en humillar as compañías máis alegres coa miña inspiración e co meu poder. Estaba sempre fresco e elegante. Pasaba —dise— por espiritual e nada descubría en min esta espantosa existencia que fai, dun home, un funil, un aparello a quilo, un cabalo de luxo.

O desenfreo apareceume axiña en toda a maxestade do seu horror e comprendino.

Certamente, os homes sabios e serios que etiquetan botellas para os seus herdeiros case non poden concibir nin a teoría desta folgada vida nin o seu estado normal. Faríalle vostede comprender a poesía á xente de provincia, para quen o opio e o té, tan pródigos de delicias, non son máis ca dous medicamentos? En París mesmo, capital do pensamento, non se encontran sibaritas incompletos? Incapaces de soportar o exceso de pracer, non marchan cansos, despois de escoitar unha nova ópera de Rossini, condenando a música e semellantes a un home sobrio que xa non quere comer patés de Ruffec, porque unha vez lle produciu unha indigestión? O desenfreo é certamente unha arte coma a poesía; quere almas fortes e para entender os seus misterios e saborear as súas verdades, un home debe, dalgún xeito, facer concienciados estudos.

Como todas as ciencias, é nun principio repulsiva e espiñenta, pois os grandes praceres do home están rodeados por inmensos obstáculos, non os seus gozos de detalle, senón os sistemas que erixen todas as súas sensacións raras en hábito, resúmenas, fertilízanas, créanlle unha vida dramática na súa vida e necesitan unha desmesurada e pronta disipación das súas forzas.

A guerra, o poder, as artes, son corrupcións postas tan lonxe do alcance humano, tan profundas coma o desenfreo e todas son de difícil acceso. Pero unha vez que o home subiu ao asalto deses grandes misterios, debe camiñar nun mundo novo. Os xenerais, os ministros, os artistas son todos máis ou menos levados cara á disolución pola necesidade de opoñer violentas distraccións á súa existencia tan distante da vida común. Despois de todo, a guerra é o desenfreo do sangue; a política, a dos intereses: todos os excesos son irmáns. Esas monstruosidades sociais posúen o poder dos abismos; atráennos coma Moscova a Napoleón, dan vestixios, fascinan e queremos ir ata o seu fondo sen saber por que.

Quizais exista a idea do infinito neses precipicios ou algunha adulación máis vasta para o home: e entón non é sempre o mesmo? Na guerra, é un anxo exterminador, o verdugo, pero un verdugo xigantesco. Como artista, crea e fai o descanso do domingo, ou un inferno, para contrastalo co paraíso das súas horas de estudo, coas delicias da concepción. O descanso de lord Byron non podía ser a partida de cartas de charlatáns, que fascina un rendeiro; como poeta, quería a Grecia loitando contra Mahmoud.

Non se necesitan extraordinarios encantamentos para facernos aceptar esas atroces dores, inimigas do noso miúdo envoltorio, que rodean as paixóns coma un cerco? Se se envorca convulsivamente e sofre unha especie de agonía, despois de ter abusado do tabaco, o fumador non asistiu, nalgunhas rexións, a deliciosas festas? Sen dar tempo de secar os pés, que se enterran no sangue á altura do torneceiro, Europa non recomezou sen cesar a guerra? O home en masa ten entón tamén a súa embriaguez, como a natureza ten accesos de amor.

Agora ben, para o home privado, para o Mirabeau inútil, ou que, vexetando nun reino apracible, aspira aínda ás tempestades, o desenfreo comprénde todo. É unha perpetua opresión en toda a súa vida ou un duelo cun poder descoñecido, cun monstro. En principio, o monstro asusta. Hai que collelo polos cornos e dá lugar a fatigas descoñecidas. A natureza deulle un estómago estreito e preguiceiro. Nós domámolo e ensanchámolo. Acostumámolo a resistir o viño, a embriaguez; pasamos as noites sen durmir e adquirimos entón un temperamento de coronel de coiraceiros e creámonos a nós mesmos unha segunda vez.

Cando o home se metamorfoseou así, cando, vello soldado, o neófito acostumou a súa alma á artillería, as súas pernas á marcha; entón, sen pertencerlle aínda ao monstro, pero sen saber, entre eles, cal é o amo, envólvense un no outro, agora vencedores, agora vencidos, nunha esfera no que todo é marabilloso, onde adormecen as dores da alma, onde reviven só formas e onde esta loita atroz se converteu en necesaria.

Creando esas fabulosas personaxes que, segundo as lendas, lle venderon a súa alma ao demo polo poder de facer mal, o dissipador cambiou a súa morte polos gozos da vida pero abundantes e fecundos. En vez de fluír moito tempo entre dúas ribeiras monótonas, no fondo dun mostrador ou dun estudo, a existencia arde e foxe coma un torrente.

En fin, o desenfreo é sen dúbida para o corpo, o que son para a alma, os praceres místicos. A embriaguez sómenos en soños cuxas fantasmagorías son tan curiosas coma as da éxtase. Temos horas agradables coma os caprichos dunha moza: charlas deliciosas cos amigos; despois, palabras que describen toda unha vida, alegrías francas e sen segunda intención, viaxes sen fatiga, poemas desenvolvidos nalgunhas frases. A brutal satisfacción do animal, en cuxo fondo a ciencia buscou unha alma, é seguida por entorpecementos encantadores polos cales suspiran os homes enfastiados da súa intelixencia, pois senten toda a necesidade dun repouso absoluto, completo e o desenfreo é coma un imposto que o xenio lle paga ao mal. Velaí todos os grandes homes. Se non son voluptuosos, a natureza fainos pobres. Burlón ou celoso, un poder vícialle a alma ou o corpo para neutralizar os esforzos do seu talento.

Durante esas horas borrachas, os homes e as cousas comparecen ante nós, vestidos coas nosas libreas. Rei da creación, transformámola ao noso antollo. Despois, a través deste delirio perpetuo, o xogo vértelle, ao seu gusto, o seu chumbo fundido nas veas. E en fin, un día, pertencémoslle ao monstro e ten, como eu tiven, un espertar rabioso: a impotencia sentada na súa cabeceira. Vello guerreiro, devórate unha tise; diplomático, un aneurisma fai que a morte penda do teu corazón por un fío; a min, sería quizais unha pulmonía quen me viñese dicir: Marchemos! e como dixera o artista Rafaël de Urbin, morrerá por algún exceso de amor.

Velaí como vivín. Eu chegaba ou demasiado cedo ou demasiado tarde á vida do mundo; a miña forza sería perigosa se eu non a amortecese así. Non se creou o Universo de Alexandre grazas á copa de Hércules, á fin dunha orxía? En fin, a certos destinos

enganados, fanlles falta o ceo e o inferno, o desenfreo ou o hospicio do monte Saint-Bernard.

Hai un pouco eu non tiña coraxe para moralizar sobre esas dúas criaturas —dixo sinalando a Euphrasie e a Aquilina— pois eran a miña historia personificada, unha imaxe da miña vida. Eu non podía acusalas, parecíanme coma xuíces.

XXXIII

No medio deste poema vivente, no seo desta turbadora enfermidade tiven, non obstante, dúas crises ben fértiles en acres dores.

Primeiro, algúns días despois de me botar, coma un vicioso, na miña fogueira, encontrei a Foedora baixo o peristilo dos Bouffons mentres esperabamos as carruaxes.

—Ai, aínda está vivo!

Estas palabras eran a tradución do seu sorriso, das maliciosas e xordas palabras que lle dixo ao seu acompañante. Contáralle, sen dúbida, a miña historia, xulgando o meu amor coma un amor vulgar. Alegrábase da súa falsa perspicacia. Oh, morrer por ela, adoralas aínda, vela nos meus excesos, na miña embriaguez, na cama das cortesás e sentirme vítima da súa burla cando eu morría vítima dela. Non poder abrir o meu peito e sacar o meu amor para tirarllo aos pés.

Axiña esgotei o meu tesouro, pero como tres anos de réxime me constituíran a máis robusta das saúdes, o día no que me encontrei sen diñeiro, encontreime de marabilla. Entón, para continuar a morrer, asinei letras de cambio a curto prazo e cuxo día de pagamento chegou.

Que crueis emocións e que efectos teñen sobre os corazóns mozos! Eu non estaba preparado para envellecer aínda. A miña alma era nova, forte e vigorosa. A miña primeira débeda reanimou todas as miñas virtudes. Viñeron a paso lento e aparecerónme tristes e desoladas, pero souben transixir con elas coma coas vellas tías que comezan por rosmarnos e acaban por consolarnos, dándonos bágoas e diñeiro.

Máis severa, a miña imaxinación amosábame o meu nome viaxando polas prazas de Europa, de cidade en cidade. Agora ben, *o noso nome, somos nós mesmos* dixo Eusèbe Salverte.

Despois de percorridos vagabundos ía coma o dobre dun alemán e volvía á miña casa de onde non saíra e espertaba sobresaltado.

Eses homes da banca, eses remorsos comerciais, vestidos de gris, que levan a librea do seu amo, unha placa de prata, antano non me dicían nada, pero agora... odiábaos. Unha mañá, un deles viría pedirme contas de once letras de cambio que eu esborranchara. A miña sinatura valía 3000 francos pero eu non valía tanto.

Os funcionarios, de caras indiferentes a toda desesperación, mesmo á morte, erguéronse diante de min, coma os verdugos que lle dín a un condenado:

—Van dar as tres e media.

Os seus esbirros tiñan o dereito de apoderarse de min, de esborranchar o meu nome, de manchalo e de burlarse de min.

Tiña débedas... e deber é pertencer. Outros homes podían pedirme contas da miña vida, preguntarme por que comera pudín á *chipolata*, por que bebía refrescos, por que durmía, camiñaba, pensaba e me divertía, sen pagarlles.

No medio dunha poesía, no seo dunha idea ou cando estaba almorzando, rodeado de amigos, de alegría, de amor e de alegres bromas, podía ver entrar un señor cun traxe marrón e co chapeu gastado na man. Será a miña débeda, será a miña letra de cambio, un espectro que murchará todo. Terei que abandonar a mesa para ir falarlle.

Quitárame a miña alegría, a miña amante, todo, ata a miña cama. O remorso é máis tolerable pois non nos pon nin na rúa nin en Saint-Pélagie; non nos some nesta latrina de vicio e de infamia, só nos tira no cadafalso onde o verdugo nos ennobrece. No momento do noso suplicio todo o mundo cre na nosa inocencia mentres que non se lle deixa unha virtude ao disoluto sen diñeiro.

Ademais disto, esas débedas con dúas patas, vestidas de verde, que levan lentes azuis ou paraugas chineses, esas débedas de carne e óso coas que nos encontramos cara

a cara na esquina da rúa, no momento no que sorrimos, esas persoas van ter o horrible privilexio de dicir:

—O señor de Valentin débeme e non me paga, pilleino. A ver se me pon mala cara.

Temos que saudar os nosos acredores pois somos os seus vasalos.

—Cando me pagará?

E vémonos na obriga de mentir, de implorarlle a outro home – polo diñeiro, de inclinarnos diante dun parvo sentado na súa caixa, de recibir a súa fría mirada, a súa mirada de samesuga, tan odiosa coma unha labazada e de soportar a súa moral de Barême e a súa crasa ignorancia. Unha débeda é unha obra de imaxinación. Eles non a comprenden. Fai falta ser arrastrado, subxugado, para endebedarse; a eles nada os subxuga, nada xeneroso os seduce. Viven no diñeiro, só coñecen o diñeiro. Eu sentía horror polo diñeiro.

En fin, a letra de cambio pode transformarse nun ancián cargado de familia, cheo de virtudes. Talvez eu lle debese a un vivente cadro de Greuze, a un paralítico rodeado de nenos, á viúva dun soldado e todos me tendían as mans suplicantes. Todos terribles acredores! Non hai que chorar con eles e despois de pagarlles, non debemos socorrelos?

A véspera do vencemento, deitárame coa calma falsa das persoas que dormen antes da súa execución, antes do duelo pois sempre hai unha esperanza que os arrola. Pero ao espertar, co sangue frío, cando sentín a miña alma aprisionada na carteira dun banqueiro, deitada nos estados de conta, escrita con tinta vermella, as miñas débedas brotaron coma saltóns. Estaban no meu reloxo, nas miñas cadeiras de brazos, incrustadas nos mobles que usaba con todo pracer. Eses escravos materiais serían entón o botín das harpías do Castelo. Levaríanmos os alguacís e serían brutalmente tirados na praza. Ah, eu mesmo era un despoxo. A campá do meu apartamento soaba no meu corazón e golpeábame onde deben golpearse os reis, na cabeza. Era un martirio, pero sen ceo por recompensa.

Si, para un home libre, xeneroso, unha débeda é o inferno pero o inferno cos alguacís e os axentes de negocios; unha débeda non pagada, é a abxección, o comezo da estafa, e peor aínda, unha mentira. É o principio dos crimes e xera o cadafalso.

XXXIV

Reclamáronme as letras de cambio e tres días despois pagueinas. Velaquí como: un especulador veu proporme que lle vendese a illa que posuía no Loira, onde estaba a tumba da miña nai e aceptei. Cando asinei o contrato ante o notario do meu comprador, sentín no fondo do estudo escuro, un frío parecido ao dun soto no que se acabase de abrir unha porta. Tremía recoñecendo o mesmo frío húmido que me colleu no bordo da fosa na que enterrara o meu pai. Aceptei esa sensación coma un funesto presaxio. Parecíame escoitar a voz da miña nai e ver a súa sombra; despois, non sei que poder fixo resoar vagamente o meu propio nome no meu oído, no medio dun ruído de campás.

O prezo da miña illa deixoume, tras pagar as débedas, dous mil francos.

Entón, puiden volver á apracible existencia do sabio, retornar á miña bufarda, despois de experimentar a vida, coa cabeza chea de observacións inmensas, e gozar xa dunha boa reputación. Pero Foedora non soltara a súa presa e encontráramonos frecuentemente, eu, aniquilándoa co meu luxo, facendo que os seus amantes cacarexasen o meu nome nas súas orellas, sorprendidos pola miña intelixencia, polos meus cabalos, polo meu éxito e polas miñas carruaxes e ela amosábase sempre fría e insensible, mesmo ante esta horrible frase:

—El mátase por vostede —dita por Rastignac.

Eu cargaba o mundo enteiro coa miña vinganza pero non era feliz. Enterrando así a miña vida na lama, sentira antes as delicias dun amor compartido e entón perseguía o seu fantasma nos azares da miña disipación, no seo das orxías e, para a miña desgraza, estaba equivocado nas miñas bonitas crenzas, castigado polas miñas boas accións e

recompensado polas miñas faltas por mil praceres. Sinistra filosofía, pero verdadeira para o disoluto.

Foedora pegárame a lepra da súa vaidade. Sondando a miña alma, encontraina gangrenada e podrecida. O demo imprimírame o seu esporón na fronte e sentía que de alí en diante me sería imposible evitar eses sobresaltos continuos e os execrables refinamentos da riqueza. Se fose rico, continuaría a xogar, a comer e a correr, non quería quedar só comigo mesmo; necesitaba cortesás, falsos amigos, viño e boa comida para atordarme. Todos os lazos que unen un home á familia se romperan en min para sempre. Presidiario do pracer, tiña que cumprir o meu destino de suicidio.

Durante os últimos días da miña fortuna, cometín execrables excesos pero cada mañá, a morte lanzábame sobre a vida. Parecido a un rendeiro vitalicio, podería morrer tranquilamente nun incendio. Cando cheguei a encontrarme só cunha moeda de vinte francos acordeime da felicidade de Rastignac.

—Eh, eh —exclamou Rafaël pensando de súpeto no seu talismán e tirando a *pel de lixa* do seu peto.

Fose porque, fatigado polas loitas desta longa xornada, non tivera a forza de dominar a intelixencia entre os chorros de viño e de ponche, ou fose porque estaba exasperado pola imaxe da súa vida e insensiblemente bébedo polo torrente das súas palabras, Rafaël animouse e exaltouse coma un home completamente privado de razón.

—Ao demo a morte! —exclamou esgrimindo a *pel*—. Quero vivir agora. Son rico. Teño todas as virtudes. Nada se me resiste. Quen non será bo cando posúe todo? Desexei duascenas mil libras de renda. Tereinas. Saudádeme, porcos que vos envorcades nas alfombras coma no esterco. Pertencédesme, rica propiedade. Son rico, podo comprarvos a todos, mesmo o deputado. Veña, canallada da alta sociedade, bendicídeme pois son papa.

Nese momento, as exclamacións de Rafaël, ata ese momento cubertas polo continuo rumor de todos os ronquidos, foron escoitadas e case todos os durmidos espertaron gritando pero, vendo que malamente se sostiña nas pernas, maldiciron cun concerto de xuramentos, unha borracheira tan ruidosa.

—Calen —dixo Rafaël—. Cans, aos vosos nichos. Émile, teño tesouros, dareiche cigarros da Habana.

—Xa te oio —respondeu o poeta—, *Foedora ou a morte*.

—Esquéctete dela. Esa melindrosa de Foedora enganoute. Todas as mulleres son fillas de Eva. A túa historia non é en absoluto dramática.

—Ah, durmías, hipócrita!

—Non. Foedora ou a morte, oínte.

—Esperta —gritou Rafaël golpeando a Émile coa *pel de lixa*, como se lle quixese transmitir un fluído eléctrico.

—Raios! —dixo Émile erguéndose e agarrando a Rafaël polo brazo—, meu amigo, es un maleducado. Pensa que estás diante de mulleres.

—Son millonario.

—Se non es millonario, estás ben borracho.

—Borracho de poder. Podo matarte. Silencio, son *Nerón*, Nabucodonosor.

—Pero, Rafaël, ten en conta a compañía que temos. Deberías, por dignidade, permanecer calado.

—A miña vida foi un silencio excesivamente longo. Agora, voume vingar do mundo enteiro. Non me divertirei disipando viles escudos, consumirei vidas humanas, intelixencias e almas. Velaí un luxo que non é mesquiño, é a opulencia da peste. Loitarei en poder coa febre amarela, azul, verde, coas armas, cos cadafalsos. Así poderei posuír a Foedora. Pero non, non quero a Foedora, ela é a miña enfermidade. Morro por Foedora. Ao demo Foedora!

—Se segues gritando, lévote ao comedor.

—Ti ves esta pel?, é o testamento de Salomón. Salomón, ese pequeno rei pedante, pertéceme. Teño a Arabia, mesmo a Pétreá. O universo é meu. Ti es meu, se quero. Se quero, ten coidado, podo comprar toda a tenda de poesía, os hemistiquios e

serás o meu criado. Farasme estrofas e raiarás o meu papel. Empregado, empregado, iso quere dicir que se porta ben porque non pensa en nada.

Ao oír isto, Émile levou a Rafaël ao comedor.

—Ben, si, meu amigo —díxolle—, son o teu empregado. Vas ser redactor xefe pero cala, sé decente por consideración comigo. Ti quéresme?

—Si, quérote. Terás cigarros da Habana con esta pel. Sempre a pel, meu amigo, a pel soberana. Excelente tópico, podo curar os calos. Ti tes calos? Quítochos.

—Nunca te vin tan estúpido.

—Estúpido, meu amigo? Non. Esta pel encolle cando teño un desexo. É unha antífrase. O brahmán, pois hai un brahmán nela, o brahmán entón, era un burlón, porque os desexos..., ves?

—Si.

—Dígoche...

—Si, é certo, penso coma ti.

—Dígoche...

—Si...

—Ti non me cres. Coñézote, meu amigo. Es mentireiro coma un rei.

—Como queres que acepte as divagacións da túa borracheira?

—Apóstoche... porque cho podo probar... Tomemos a medida.

—Vamos, non durmirá? —exclamou Émile vendo que Rafaël buscaba no comedor unha escribanía e un pano que encontrou, animado pola habilidade dun mono e grazas a esa singular lucidez cuxos fenómenos contrastan por veces, nos borrachos, coas obtusas visións da embriaguez.

Camiñaba dicindo:

—Tomémoslle a medida. Tomémoslle a medida.

—Ben, si —dixo Émile—, tomémoslle a medida, veremos mellor.

Os dous amigos estenderon o pano, sobre o que superpuxeron a pel de lixa. Émile, como tiña a man máis firme ca Rafaël, describiu coa pluma, cunha liña de tinta, os contornos do talismán mentres o seu amigo lle dicía:

—Desexei duascenas mil libras de renda, verdade? Pois ben, cando as teña, verás como diminúe a pel.

—Vale, pero agora durme. Queres que te poña nese sofá? Vamos, estás ben?

—Si, cachorro das musas. Ti entreterasme espantando as miñas moscas. Fuches o amigo na desgraza e tes dereito a ser o amigo no poder. Eu dareiche ci...ga...rros da Hab...

—Veña, incuba o teu ouro, millonario.

—E ti os teus hemistiquios. Boas noites. Dille entón boas noites a Nabucodonosor. Amor. Bebamos. Francia... gloria e rica... Rica.

Tan pronto quedaron durmidos, os ronquidos dos dous amigos uníronse á música que resoaba nos salóns.

As candeas apagáronse unha a unha, facendo estalar as arandelas de cristal. Despois, a noite envolveu cun crespón esta interminable esmorga, na que o recital de Rafaël fora coma unha orxía de palabras, de frases sen ideas e de ideas ás que as expresións lles faltaran frecuentemente.

XXXV

Ao outro día, cara ao mediodía, a bela Aquilina ergueuse, bocexando, cansa e coas meixelas denegridas polas marcas do asento de veludo pintado sobre o que repousara a súa cabeza.

Euphrasie, que espertou a causa do movemento da súa compañeira, ergueuse de súpeto soltando un grito rouco. A súa bonita figura, tan branca e tan fresca a véspera, estaba amarela e pálida coma a dunha moza enferma.

Pouco a pouco, os comensais espreguizáronse soltando xemidos sinistros e encontraron as pernas e os brazos entumecidos e mil fatigas diversas ao esperta

Un criado veu abrir as persianas e as ventás dos salóns. Entón, a assemblea púxose axiña de pé, chamada pola chegada dos quentes raios do sol que parecían oír o ruído dunha trompeta, chispeando sobre as cabezas dos durmintes.

Como os movementos do sono romperan o elegante edificio dos seus peiteados e engurraran os seus traxes, as mulleres, golpeadas pola luz do día, presentaban un horrible aspecto. Co pelo despeiteado, as súas fisionomías cambiaran de expresión e os ollos, antes tan brillantes, estaban embazados pola fatiga. As caras biliosas, que ante a claridade causaban horror, e os rostros linfáticos, tan brancos, tan brandos cando están descansados, puxéranse verdes. Todas as bocas, antes deliciosas e vermellas, agora secas e brancas, levaban os vergonzosos estigmas da embriaguez.

Os homes rexeitaban as súas amantes nocturnas ao velas así descoloridas, cadavéricas coma flores esmagadas nunha rúa despois de pasar unha procesión.

Pero aqueles homes desdeñosos eran máis horribles aínda. Tremerían se visen aqueles rostros humanos, cos ollos afundidos e cercados que parecían non ver nada, entumecidos polo viño, aparvados por un sono molesto, máis ben fatigante ca reparador. Aqueles rostros macilentos, onde aparecían ao descuberto todos os apetitos físicos sen a poesía con que os decora a nosa alma, tiñan algo de feroz e de friamente bestial.

Aquel espertar do vicio sen vestido e sen disfrace, aquel esqueleto do mal, todo farrapento, frío, baleiro e privado dos sofismas do espírito ou dos encantos do luxo, espantou aqueles intrépidos atletas, por moi habituados que estivesen a loitar contra os excesos. Artistas e cortesás gardaron silencio, examinando cos ollos extraviados a desorde do apartamento no que todo fora devastado e asolado polo fogo das paixóns.

De súpeto, ergueuse un riso satánico cando o banqueiro, oíndo o estertor xordo dos seus hóspedes, os intentou saudar mediante un aceno. O seu rostro cheo de suor e sanguinolento fixo planear sobre esta escena infernal a imaxe do crime sen remorsos e o cadro entón estaba completo.

Era a vida lamacentas no seo do luxo, unha horrible mestura das pompas e das miserias humanas, o espertar da disolución cando, coas súas mans fortes, colleu todos os froitos da vida para non deixar arredor dela máis ca innobres anacos ou mentiras nas que non cría. Poderíase dicir que era a morte sorrindo no medio dunha familia apestada. Nada de perfumes, nada de luces atordantes, nada de alegría, nada de desexos senón o noxo cos seus olores nauseabundos e a súa punzante filosofía, o sol brillando coma a verdade e un aire puro coma a virtude, que contrastaban cunha atmosfera quente, cargada de miasmas, as miasmas dunha orxía.

A pesar de estaren acostumadas ao vicio, algunhas daquelas rapazas pensaron no seu espertar doutro tempo, cando inocentes e puras, albiscaban, a través das ventás campestres adornadas de madre selvas e de rosas, unha paisaxe fresca, adornada polos alegres trinos da laverca, vaporosamente iluminada polas luces da aurora e polas fantasías da rosada.

Outras imaxináronse o almorzo da familia, a mesa ao redor da cal rían inocentemente os fillos e o pai, onde todo tiña un feitizo indefinible, onde os alimentos eran simples, coma os corazóns.

Un artista pensaba na paz do seu taller, na súa casta estatua e no gracioso modelo que o esperaba. Un mozo, acordándose do proceso do que dependía a sorte dunha familia, pensaba na transacción importante que reclamaba a súa presenza. O sabio, botando de menos o seu gabinete onde o esperaba unha nobre obra... Case todos se queixaban deles mesmos.

Nese momento, Émile fresco e colorado coma o dependente máis guapo dunha tenda de moda, apareceu rindo.

—Vostedes son máis feos ca os alguacís —exclamou—. Como hoxe non podemos facer nada e o día está perdido o mellor é almorzar.

Ante estas palabras, o banqueiro saíu para dar ordes. As mulleres foron, languidamente, restablecer a desorde dos seus vestidos perante os espellos. Todos se espreguizaron. Os máis viciosos déronlles recomendacións aos máis sabios. As cortesás burláronse dos que parecían non encontrar forza para continuar aquel rudo festín e nun momento, aqueles espectros animáronse, formaron grupos, interrogáronse e sorriron.

Algúns criados hábiles e áxiles colocaron rapidamente os mobles e cada cousa no seu sitio e foi servido un almorzo espléndido.

Os comensais abalanzáronse no comedor e, aínda que todo gardaba a marca indeleble dos excesos da véspera, tiña, polo menos, aparencia de existencia e de pensamento como nas últimas convulsións dun moribundo. Parecía o convoi do martes de Entroido, especie de saturnal enterrado polas máscaras fatigadas das súas danzas, bébedas e que queren convencerse do pracer da impotencia en lugar de confesar a súa.

No momento no que a intrépida asemblea bordeou a mesa do capitalista, o notario que, a véspera, desaparecera prudentemente despois da cea, amosou a súa figura oficiosa sobre a que erraba un doce sorriso. Parecía ter adiviñado algunha sucesión para degustar, para compartir, para inventariar, para redactar; unha herdanza con moitas actas, chea de honorarios, tan zumenta coma o filete no que o anfitrión enterraba nese momento o coitelo.

—Oh, oh, imos almorzar diante dun notario —exclamou o vodevilista.

—Chega xusto para numerar e rubricar todas as pezas —díxolle o banqueiro amosándolle a mesa.

—Non hai testamento para facer pero quizais haxa contratos de matrimonio.

—Oh, oh.

—Ah, ah.

—Un momento! —replicou o notario, enxordecido por un coro de malas bromas—, veño por un asunto serio. Tráíolle seis millóns a un de vostedes.

Houbo un silencio profundo.

—Señor —dixo el dirixíndose a Rafaël quen, nese momento, se ocupaba sen cerimonia, en secar os ollos coa punta do seu pano—, a súa nai era unha O'Flaharty?

—Si —respondeu Rafaël bastante maquinalmente—, *Barbe-Marie-Charlotte*, nacida en Tours.

—Ten vostede aquí —dixo o notario— a súa acta de nacemento e a da señora de Valentin?

—Si.

—Ben, señor, vostede é o único herdeiro do maior Martin O'Flaharty, morto en agosto de 1828, en Calcuta. O maior dispuxera no seu testamento, varias sumas en favor dalgúns establecementos públicos e a súa herdanza foille reclamada á Compañía de Indias polo Goberno francés. Agora é clara, palpable, líquida e desde hai quince días, buscaba infrutuosamente os sucesores de Barbe-Marie-Charlotte O'Flaharty, cando onte na mesa...

Nese momento Rafaël ergueuse, de súpeto, deixando escapar o movemento brusco dun home que recibe unha ferida. Houbo coma unha exclamación silenciosa, pois o primeiro sentimento dos comensais foi unha xorda e cruel envexa. Todos os ollos se volveron cara a el coma chamás. Despois, parecido ao dun patio de butacas que se enfurece, un rumor comezou, creceu e cada un dixo unha palabra para saudar esta fortuna inmensa achegada polo notario.

Recuperada a súa razón pola súbita obediencia da sorte, Rafaël estendeu rapidamente sobre a mesa o pano co que medira había pouco a pel de lixa. Sen escoitar nada, superpuxo nel o talismán e tremeu violentamente vendo unha distancia bastante grande entre o contorno trazado sobre a liña e o da pel.

—Ben, que hai entón? —exclamou o banqueiro.

—*Sosteno, Châtillon* —díxolle un pintor a Émile—, a alegría vaino matar.

Unha horrible palidez deixou percibir todos os músculos da figura alterada do herdeiro. Os seus trazos contraéronse, os pómulos puxéronse brancos, os cercos dos ollos escurecéronse, o seu rostro púxose lívido e os ollos fixos.

El vía a MORTE.

Aquel espléndido banquete, rodeado de cortesás murchas, de rostros saturados, aquela agonía do pracer, era unha vivente imaxe da súa vida. Observou tres veces o talismán, fixándose ben nas liñas desapiadadas e caprichosas impresas no pano; intentaba dubidar pero un presentimento negaba a súa incredulidade. O mundo pertencíalle, podía ter todo e non quería nada máis.

Coma un viaxeiro no medio do deserto, tiña un pouco de auga para a súa sede e medía a súa vida co número de tragos. Vía claramente cantos días lle ía custar cada desexo. Cría na *pel de lixa*. Escoitándose respirar, sentíase xa enfermo e preguntábase:

—Non teño unha pulmonía? Miña nai non morreu enferma do peito?

—Ah, Rafaël, vostede vaise divertir ben. Que me dará? —dicía Aquilina.

—Bebamos pola morte do seu tío, o maior Martin O'Flaharty.

—Será par de Francia.

—Vivirás nos Bouffons?

—Espero que nos obsequie a todos.

—Un *vividor* coma el sabe facer moi ben as cousas.

O hurra! desta asemblea riseira resoaba nas súas orellas sen que puidese comprender o sentido dunha soa palabra. Pensaba vagamente na existencia rutineira e *sen desexo* dun campesiño de Bretaña, cargado de fillos, traballando no seu campo, comendo trigo sarraceno, bebendo sidra a chorro, crendo na Virxe e no rei, comungando en Pascua, bailando o domingo sobre unha peluxe verde e sen comprender o sermón do cura.

Todo o que se lle ofrecía nese momento á súa mirada, os artesoados dourados, as mulleres, os manxares, todo aquel luxo lle provocaba a náusea.

—Quere espárragos? —gritoulle o banqueiro.

—*Non desexo nada* —respondeulle Rafaël cunha voz de trono.

—Bravo! —replicou o anfitrión— Vostede comprende a fortuna. Debe ser un título de impertinencia. Vostede é dos nosos. Señores, bebamos polo poder do diñeiro. O señor de Valentin agora seis veces millonario, chega ao poder. El é rei. Pode todo, está por riba de todo coma todos os ricos. Non obedecerá as leis senón que as leis obedeceranlle a el. Non hai cadafalso, nin verdugos para os millonarios.

—Si —dixo Rafaël— pois eles son os seus propios verdugos.

—Oh, oh, —gritou Rafaël metendo o talismán no seu peto.

—Que fas? —dixo Émile parándolle a man.

—Señores—engadiu dirixíndose á asemblea bastante sorprendida pola actitude de Rafaël—, aprendan do noso amigo Valentin, que digo eu? O MARQUÉS DE VALENTIN posúe un segredo para facer fortuna. Os seus desexos cúmprense no momento mesmo no que os formula. Agora ben, a menos que queira pasar por un coreño, por un home sen corazón, vainos enriquecer a todos.

—Ah, Rafaël quero un colar de perlas! —dixo Aquilina.

—Deséxeme cen mil libras de renda.

—Caxemiras.

—Pague as miñas débedas.

—Envíalle unha apoplexía ao meu tío.

—Rafaël, deixareite tranquilo por dez mil libras de renda.

—Cantas doazóns! —exclamou o notario.

—Podería curarme da gota.

—Faga baixar a bolsa —exclamou o banqueiro.

Todas estas frases partiron coma os chorros dun ramo que acaba un fogo de artificio, quizais aqueles furiosos desexos fosen máis en serio ca en broma.

—Meu querido amigo —dixo Émile cun aire grave—, contentareime con dous mil francos de renda. Veña, concédeme ese favor. Vamos.

—Émile—dixo Rafaël—, ti non sabes a que prezo?

—Bonita escusa! —exclamou o poeta—, non nos debemos sacrificar polos nosos amigos?

—Entón case me dan ganas de desexar a morte de todos vós —respondeu Valentin botando unha mirada sombría e profunda sobre os comensais.

—Os moribundos son furiosamente crueis —dixo Émile rindo.

—Es rico —engadiu seriamente—, ben, en dous meses serás un noxento egoísta. Es xa tan estúpido que non entendes unha broma. Só che falta crer na túa pel de lixa.

Rafaël, temendo as burlas desta asemblea, gardou silencio, pero bebeu outro grolo e emborrachouse para esquecer durante un momento o seu funesto poder.

XXXVI

A AGONÍA

Nos primeiros días do mes de decembro, un vello de polo menos setenta anos, ía, a pesar da choiva, pola rúa de Varenne, erguendo a cabeza á porta de cada casa e buscando o enderezo do marqués Rafaël de Valentin, coa inxenuidade dun neno e o aspecto absorto dun filósofo. Había no seu aspecto, acompañado de longos cabelos grises despeiteados e seco coma un vello pergameo que se retorce no lume, a marca dunha pena violenta, en conflito cun carácter despótico.

Se algún pintor vise este singular personaxe, vestido de negro, delgado e osudo, de volta no seu taller, transfiguraríao, sen dúbida, no seu álbum escribindo debaixo do retrato:

Poeta clásico en busca dunha rima.

Esta vivente *palinxénese* de Rollin, despois de verificar o número que lle indicaran, golpeou suavemente na porta dunha magnífica casa.

—O señor Rafaël está? —preguntoulle o bo home a un lacaiño con librea.

—O señor marqués non recibe a ninguén —respondeu o criado engulindo unha enorme sopa que retirara dunha grande cunca de café.

—A súa carruaxe está aí —respondeu o vello descoñecido sinalando unha espléndida carruaxe parada debaixo do dosel de madeira que representaba unha tenda de cutín e que abrigaba os chanzos da escalinata—. Se vai saír, esperareino.

—Pode esperar aquí ata mañá pola mañá —dixo o lacaiño— pois sempre hai un coche preparado para o señor. Pero marche, rógollo. Perderei seiscentos francos de renda se deixo entrar, unha soa vez e sen orde, un estraño.

Nese momento, un ancián, vestido de negro e cuxa roupa se parecía bastante á dun alguacil ministerial, saíu do vestíbulo e descendeu precipitadamente algúns chanzos examinando o vello que permanecía pasmado.

—Velaí o señor Jonathas —dixo o lacaiño—, fale con el.

Entón, os dous vellos, atraídos un cara ao outro por unha simpatía ou por unha curiosidade mutua, encontráronse no medio dun espazoso patio, nunha rotonda na que se cruzaban algunhas matas de herbas contra as pedras. Un silencio espantoso reinaba sobre a casa e, vendo a Jonathas vostede quería penetrar o misterio que planeaba sobre a súa figura e do que todo falaba nesta casa sombría.

A primeira preocupación de Rafaël, tras recoller a inmensa sucesión do seu tío, fora a de descubrir onde vivía o vello servente abnegado do que se separara despois do enterro do seu pai e con cuxo afecto podía contar. Jonathas chorou de alegría cando viu o seu novo amo e ao que pensara que lle dixerá un eterno adeus. Pero nada igualou a súa felicidade cando o marqués lle prometeu as eminentes funcións de administrador.

O vello Jonathas era un poderoso intermediario colocado entre Rafaël e o mundo enteiro. Ordenador supremo da fortuna do seu señor e o cego executor dun pensamento

descoñecido, era coma un sexto sentido a través do cal as emocións da vida chegaban ata Rafaël.

—Señor —díxolle o vello a Jonathas subindo algúns chanzos da escalinata para poñerse ao abeiro da choiva—, desexaría falar co señor Rafaël.

—Falar co señor marqués! —exclamou o intendente—. Apenas me dirixe a palabra a min e son o marido da súa ama de cría.

—Pero eu tamén son o seu pai nutricio —exclamou o vello—. Se a súa muller lle deu de mamar, eu deille o seo das musas. El é o meu neno, o meu fillo, o meu alumno, *carus alumnus*. Eu eduquei o seu cerebro, o seu entendemento, desenvolvín o seu xenio e ousou dicir, polo meu honor e gloria, que é un dos homes máis notables da nosa época. Tíveno ao meu cargo en sexto, en terceiro e en retórica. Son o seu profesor.

—Ah!, vostede é o señor Porriquet?

—Precisamente, pero o señor...

—Silencio, silencio—fíxolle Jonathas aos dous criados cuxas voces, demasiado altas, rompían o silencio claustral no que a casa estaba sumida.

—Pero, entón —dixo o profesor—, o señor marqués está enfermo?

—Meu querido señor —respondeu Jonathas—, só Deus sabe o que lle pasa ao meu amo. Vexa vostede: non hai en París dúas casas parecidas á nosa. Entende? Abofé que non. O señor marqués comprou esta casa que lle pertencía antes a un duque ou a un par. Gastou trescentos mil francos para amoblala, non ve? É unha boa suma, trescentos mil francos! Cada peza desta casa é un verdadeiro milagre.

Si, foi o que dixen eu vendo toda esta magnificencia “é coma na casa do seu defunto pai. O señor marqués vai recibir a vila e a corte”, pois non. O señor non quere ver a ninguén. Leva unha vida rara, señor Porriquet, entende?, unha vida rutineira.

Érguese todos os días á mesma hora. Ninguén máis ca min, só eu, fíxese, pode entrar no seu cuarto. Tanto no verán coma no inverno abro ás sete, así está singularmente pactado e, entón, cando estou dentro, dígolle:

—Señor marqués, ten que erguerse e vestirse.

Entón el érguese e vístese. Teño que darlle a bata, sempre a mesma. Teño que substituíla cando xa non serve, só para evitarlle que teña que pedir unha nova. Hai que ter imaxinación. Conto con mil francos para comer cada día. Eu fago o que este querido neno quere. Coñecino sendo neno. Se el me pedise que fixese algo máis difícil eu faríao, entende? Polo demais, encargoume un montón de minucias e sempre teño algo que facer. Quere ler os xornais? Pois teño que poñelos no mesmo sitio, sobre a mesma mesa. Veño, tamén, á mesma hora, afeitálo. O cociñeiro perdería mil escudos da renda vitalicia se o almorzo non estivese invariablemente servido diante do señor, ás dez, todas as mañás e a cea ás cinco en punto. Decidiu o menú dun ano enteiro, día por día. O señor marqués non ten que desexar nada. Ten amorodos cando quere amorodos e a primeira cabala que chega a París cómea el. O programa está impreso, el sabe pola mañá a súa cea de memoria. Polo demais, vístese á mesma hora coa mesma roupa, a mesma muda, colocadas sobre a mesma cadeira, sempre por min, entende?, sobre a mesma cadeira. Tamén teño que vixiar que teña sempre o mesmo pano e, en caso de necesidade, se a súa levita se estraga, unha suposición, teño que substituíla por outra.

Se fai bo tempo, entro e dígolle ao meu amo:

—Debería saír, señor.

El respóndeme si ou non.

Se ten idea de ir pasear, non ten que esperar os cabalos pois están sempre enganchados e o cocheiro está sempre, incondicionalmente, coa fusta na man, como vostede ve.

Pola noite, despois de cear, o señor vai un día á Ópera, aínda nunca foi aos Italianos porque non puiden conseguir un palco ata onte, e volve ás once en punto para deitarse.

Durante os intervalos da xornada, cando non fai nada, le, le sempre, ve? É unha idea que ten...

Teño a orde de ler con el o xornal da librería, a fin de comprar todas as obras novas que aparecen para que poida encontralas, o día mesmo da venda, sobre a cheminea. Teño a consigna de entrar a cada hora a xunto del, para vixiar o lume, todo, e ver que non lle falte nada.

Deume, señor, un caderno para que o aprendese de memoria e no que están escritos todos os meus deberes, un verdadeiro catecismo. No verán, debo manter a temperatura no mesmo grao de frescura, cun montón de xeo, e poñer a todo momento flores novas en todos os sitios. El é rico. Ten mil francos para comer por día e pode realizar as súas fantasías. Estivo privado durante moito tempo do necesario, pobre neno. Non atormenta a ninguén, é bo coma o bo pan, nunca se queixa de nada, só pide silencio completo na casa e no xardín. En fin, o señor marqués non ten un só desexo que formular, ve? Todo marcha á perfección e *recta*.

Son eu quen lle di todo o que debe facer e el escóitame. Non podería crer vostede ata que punto chegaron as cousas. Os seus aposentos están en fila e así, se abre, unha suposición, a porta do seu cuarto ou do seu gabinete crac!, todas as portas se abren elas soas por un mecanismo. Entón, pode ir dun extremo a outro da súa casa sen encontrar unha soa porta pechada. É cómodo e agradable para nós..., iso custounos moito.

Finalmente, señor Porriquet, díxome:

—Jonathas, ti coidarasme coma a un neno en cueiros, en cueiros, si señor, en cueiros—dixo el—. Pensarás nas miñas necesidades, por min.

—Son o amo, entende?, e el é case o criado. Por que?, só Deus o sabe. É inconcibible.

—Todo me confirma, Jonathas —dixo o profesor cunha gravidade maxistral que lle imprimiu un profundo respecto ao vello criado—, que o señor Rafaël está ocupado nunha grande obra. Está sumido en vastas meditacións e non quere ser distraído polas preocupacións da vida vulgar. No medio deses traballos intelectuais, un home intelixente esquece todo. Un día o célebre Newton...

—Newton? —dixo Jonathas—, non o coñezo.

—Newton, un gran xeómetra —dixo Porriquet—, pasou vinte e catro horas, co cóbado apoiado na mesa e cando saíu da súa meditación, ao día seguinte creu estar aínda no anterior, coma se durmise... Quero ver esta criatura, pode serlle útil.

—Un momento! —gritou Jonathas—, aínda que fose o rei de Francia, o novo, enténdese, non entraría a menos que forzase as portas e camiñase sobre min. Pero, señor Porriquet, eu vou correndo dicirlle que está vostede aquí e preguntareille.

—Fágoo subir?

El responderá si ou non. Nunca lle dixen:

—Desexa vostede? Quere vostede?

Estas palabras están excluídas da conversación. Unha vez escapoume unha:

—Quere matarme? —díxome, con cólera.

E Jonathas deixou sen cerimonia, no vestíbulo, o profesor todo estrañado.

XXXVII

Jonathas volveu bastante rápido cunha resposta favorable e conduciu o eminente ancián, a través de suntuosos apartamentos cuxas portas estaban todas abertas.

Porriquet percibiu, de lonxe, o seu alumno, ao lado dunha cheminea. Rafaël, envolto nunha bata de grandes deseños e sumido nunha cadeira de brazos, lía o xornal. A súa actitude enfermiza, o abatemento dos seus trazos e do seu corpo, deseñaban unha extrema melancolía, aínda máis enérxica quizais ca a palidez dunha flor murcha, impresa sobre a súa fronte e sobre o seu rostro. As súas mans, parecidas ás dunha guapa muller, tiñan unha brancura suave e delicada. Os seus cabelos louros, que enrareceran, formaban bucles ao redor das súas tempas cunha coquetería natural. Había en toda a súa persoa a graza efeminada e as rarezas particulares dos enfermos. Un bonito grego, arrastrado por unha borla demasiado pesada para a lixeira caxemira, colgaba dun lado da súa cabeza. A febleza xeral do seu corpo mozo contrastaba cos seus ollos azuis nos que parecía que se concentrara toda a vida, onde brillaba un sentimento extraordinario e cuxa expresión embargaba. Facía mal ver aquela mirada.

Uns podían ler desesperación, outros, adiviñaban un combate interior, tan terrible coma un remorso.

Era a mirada profunda do impotente afogando os seus desexos no fondo do seu corazón, ou a do avaro gozando por medio dos pensamentos de todos os praceres que o seu ouro lle procurara, pero refusándoos para non diminuír o seu tesouro ou a mirada de Prometeo encadeado, a de Napoleón caído, tomando o Elisio, en 1815, pola falta estratéxica cometida polos seus inimigos e pedindo, sen éxito, o mando por vinte e catro horas. Verdadeira mirada de conquistador e de condenado.

E, mellor aínda, era a mirada que, algún tempo antes, Rafaël botara sobre o Sena ou sobre a súa última moeda gastada no xogo.

Sometendo a súa vontade, a súa intelixencia ao basto criterio do campesiño, apenas civilizado por unha servidume de cincuenta anos, abdicara da vida para vivir, despoxando a súa alma de todas as poesías do desexo, e case feliz de converterse nunha especie de autómatas. Quería afrontar a morte e, para loitar co cruel poder cuxo desafío aceptara, fixérase casto á maneira de Oríxene, castrando a súa imaxinación.

Ao outro día de verse subitamente enriquecido por un testamento e ver diminuír a pel de lixa, encontrábase na mesa co notario e, alí, un médico bastante de moda contara, seriamente, na sobremesa, a maneira en que un suízo enfermo do peito se curara. Aquel home non dixerá unha palabra durante dez anos e sometérase a non respirar máis ca vinte veces por minuto no aire espeso dunha vaquería, seguindo un réxime alimentario extremadamente suave.

—Eu podería ser ese home —díxose a si mesmo Rafaël, que quería vivir fose como fose.

E, no seo do luxo, tomou unha vida estudosa, a vida dunha máquina de vapor.

Cando o vello profesor examinou este novo cadáver, tremeu porque todo lle parecía artificial naquel corpo delgado e débil.

Vendo o marqués cunha mirada devoradora, coa fronte cargada de preocupacións, non puido recoñecer o alumno de pel fresca e rosada e de membros xuvenís, do que se acordaba. Se o clásico bo home, crítico sagaz e conversador do bo gusto, lese a Byron crería ver a Manfred, alí onde quería encontrar a Childe Harold.

—Bos días, pai Porriquet —díxolle Rafaël ao seu profesor apertando os dedos xeados do vello cunha man queimante e húmida—. Como se encontra?

—Eu ben —respondeu o vello, asustado polo contacto daquela man febril—, e vostede?

—Oh, espero conservar a boa saúde!

—Seguro que está traballando nalgunha bonita obra.

—Non —respondeu Rafaël—. *Exegi monumentum*, pai Porriquet. Acabei unha parte e díxenlle adeus para sempre á ciencia. Case nin sei onde está o manuscrito.

—O estilo será puro, sen dúbida? —preguntou o profesor—. Espero que non adoptase, a lingua bárbara desta nova escola que cre facer unha marabilla inventando a Ronsard.

—A miña obra é unha obra puramente fisiolóxica.

—Oh, está todo dito —dixo o profesor—. Nas ciencias, a gramática debe prestarse ás esixencias das descubertas. Non obstante, meu fillo, o estilo claro, harmonioso, a lingua de Fenélon, de Buffon, de Racine, o estilo clásico en fin, nunca dana nada.

—Pero, meu bo amigo —dixo o profesor interrompéndose—, esquecía o obxecto desta visita que é unha visita interesada.

Rafaël, acordándose demasiado tarde da verbosa elegancia e das elocuentes perífrases ás que un longo profesorado habituara o seu mestre, case se arrepeniu de recibilo pero, no momento no que ía desexar botalo fóra, reprimiu rapidamente o seu secreto desexo botándolle unha furtiva mirada á pel de lixa, suspendida diante súa e pegada a unha tea branca na que os contornos caprichosos estaban coidadosamente deseñados por unha liña vermella que a encadraba exactamente.

Desde a fatal orxía, Rafaël, asfixiando o máis lixeiro dos seus caprichos, vivía pensando en non causarlle o menor estremecemento ao horrible talismán. A pel de lixa era coma un tigre co que había que vivir pero sen espertar a súa ferocidade.

Entón, escoitou pacientemente a exposición do vello profesor que estivo unha hora contándolle as persecucións das que era obxecto desde a Revolución de Xullo.

O bo home, como quería un goberno forte, emitira o desexo patriótico de deixar os tendeiros nos seus mostradores, os homes de Estado á fronte dos asuntos públicos, os avogados, no Palacio e os pares de Francia no Luxembourg, e, entón, un dos ministros populares do rei-constitucional botárao da súa cátedra, acusándoo de carlismo. Cousa bastante estraña.

Agora o vello encontrábase sen traballo, sen pensión e sen pan. E como lle tiña que axudar a un pobre sobriño cuxa pensión lle pagaba no seminario de Saint-Sulpice, viña, máis polo seu fillo adoptivo ca por el mesmo, rogarlle ao seu vello alumno que reclamase ante o novo ministro, non a súa reintegración senón o emprego de director nalgún colexio de provincia.

Rafaël era vítima dunha somnolencia invencible, cando a voz monótona do bo home deixou de resoar nos seus oídos. Obrigado, por cortesía, a mirar os ollos brancos e case inmóbiles daquel vello durante a conversación lenta e pesada, quedara pasmado, magnetizado por unha inexplicable forza de inercia.

—Ben, meu bo Porriquet —replicou sen saber precisamente a que interrogación respondía—, eu non podo facer nada, nada de nada. Desexo de todo corazón que teña éxito.

Nese momento, sen darse conta do efecto que produciran sobre a fronte amarela e engurrada do vello as súas banais palabras, cheas de egoísmo e de indiferenza, Rafaël ergueuse coma un cervo espantado. A continuación, vendo unha lixeira liña branca entre o bordo da pel negra e a liña vermella, soltou un grito tan terrible que o pobre profesor quedou espantado.

—Vale, vello estúpido —exclamou—, será nomeado provisor. Se me pedise unha renda vitalicia de dez mil escudos antes ca a miña protección a súa visita non me custaría nada. Hai cen mil empregos en Francia e eu só teño unha vida. A vida dun home vale máis ca todos os empregos do mundo. Jonathas!, Jonathas!

Jonathas apareceu.

—Mira que fixeches, imbécil! Por que me propuxeches recibir este señor? —dixo amosándolle o vello petrificado— Púxenche a miña alma nas mans para que a destrúas? Acabas de quitarme dez anos de existencia. Unha falta máis coma esta e

conducirásme a onde eu conducín o meu pai. Non preferiría posuír a bela lady Branston antes ca compracer esta vella carcasa, especie de farrapo humano? Teño diñeiro para darlle. Por outra parte, aínda que todos os Porriquet do mundo morran de fame, que me importa a min?

A cólera branqueara o rostro de Rafaël, unha lixeira espuma sucaba os seus beizos trementes e a expresión dos seus ollos era espantosa. Ante este aspecto, os dous vellos víronse sorprendidos por un estremecemento convulsivo, coma dous nenos en presenza dunha serpe.

O mozo caeu sobre a cadeira e entón tivo lugar unha especie de reacción na súa alma. Dos seus ollos resplandecentes fluíron lágrimas abundantes.

—A miña vida, a miña bonita vida—dixo—. Nada de bos pensamentos, nada de amor, nada máis.

Volveuse cara ao profesor.

—O mal está feito, meu vello amigo —respondeu cunha voz doce—. Poderei recompensalo polos seus coidados e a miña desgraza, polo menos, terá producido o ben dun bo e digno home.

Había tanto sentimento no acento que acompañaba as súas palabras case inintelixibles que os dous vellos choraron, como se chora cando se escoita unha doce melodía cantada nunha lingua estranxeira.

—É epiléptico —dixo Porriquet en voz baixa.

—Estoulle agradecido, meu amigo —respondeu docemente Rafaël—. Escúseme pero se a enfermidade fose só un accidente a inhumanidade sería un vicio, un crime.

—Déixeme, agora —engadiu—. Mañá ou pasadomañá, ou quizais xa esta tarde, recibirá o seu nomeamento. Adeus.

O vello retirouse, penetrado de horror e preso de vivas inquietudes pola saúde moral de Valentin. Aquela escena fora para el unha cousa sobrenatural. Dubidada de si mesmo e preguntábase coma se espertase despois dun pesadelo.

—Escoita, Jonathas —dixo o mozo dirixíndose ao seu vello servidor—, trata de comprender a túa misión.

—Si, señor marqués.

—Son coma un home situado fóra da lei común.

—Si, señor marqués.

—Todas as alegrías da vida se reúnen ao redor do meu leito de morte e bailan diante miña coma belas mulleres. Se as chamo, morro. Sempre a morte. Ti debes ser unha barreira entre o mundo e eu.

—Si, señor marqués —repetiu o vello criado secando as pingueiras de suor que mollaban a súa fronte engurrada—. Pero se vostede non quere ver mulleres belas, como vai facer esta noite nos Italianos? Unha familia inglesa que marcha para Londres cedeume o resto do seu abono e vostede terá un palco bonito e soberbio. Dos mellores.

Rafaël, que caera nun profundo soño, xa non escoitaba.

XXXVIII

Ve vostede ese fastoso coche? Ese cupé simple fóra, de cor escura, pero sobre cuxas portas brilla o escudo dunha antiga e nobre familia? Cando ese cupé pasa correndo, as costureiras admíranlo, envexando o satén amarelo, a seda ondulosa, o tapizado da Savonnerie, a pasamanería nova coma unha palla de arroz trenzada por mans brancas e virxes, os coxíns brandos e os espellos escuros. Un novo e bonito jockey leva en postillón dous cabalos de prezo, e dous lacaios con librea mantéñense de pé, na traseira deste coche aristocrático. No interior, sobre a seda, xace unha cabeza ardente e cos ollos rodeados por olleiras: Rafaël triste e pensativo, fatal imaxe da riqueza. Corre a través de París coma un foguete, chega á porta do teatro Favart, desprégase o estribo e os dous criados sostéñeno, mentres unha multitude o observa.

—Que fixo para ser tan rico? —dixo un pobre estudante de dereito que, por non ter un escudo, non podía oír os máxicos acordes de Rossini.

Rafaël camiñou lentamente polos corredores da sala, sen prometerse ningún gozo deses praceres tan fortemente desexados antano. Esperando o segundo acto da *Semíramis*, paseouse, errando a través das galerías, despreocupado polo seu palco, no que case nin entrara. O sentimento da propiedade xa non existía no fondo do seu corazón. Parecido a todas os enfermos, non pensaba noutra cousa ca no seu mal.

Apoiado sobre a campá da cheminea, ao redor da cal abundaban, os elegantes novos e vellos, vellos e novos ministros, pares sen título e títulos sen par, como consecuencia da Revolución de Xullo, en fin, todo un mundo de especuladores e xornalistas, Rafaël viu a algúns pasos del, entre todas as cabezas, unha figura estraña e sobrenatural. Avanzou pestanexando de forma insolente cara a este ser raro, co fin de contemplalo de máis cerca.

—Que admirable pintura! —dixo para si mesmo.

As cellas, o pelo e a perilla á *Mazarin* da que o descoñecido parecía alardear, estaban tinguidos de negro; pero como a cosmética se aplicara sobre unha cabeleira xa demasiado branca, esta producira unha cor violácea e falsa cuxos matices cambiaban segundo os reflexos máis ou menos vivos das luces. O seu rostro delgado e chato, cuxas engurras estaban culminadas por espesas capas de vermello e branco, expresaba á vez a astucia e a inquietude. A iluminación, que faltaba nalgúns sitios da cara, facía resaltar singularmente a decrepitude e a pel da cor do chumbo.

Por outra parte, era imposible non rir vendo esta cabeza de queixo aguzado, de fronte prominente, bastante parecida a esas grotescas figuras de madeira, esculpidas en Alemaña, polos pastores durante os seus momentos de ocio.

Examinando ás veces este vello Adonis e a Rafaël, un observador crería recoñecer, no marqués, os ollos dun mozo baixo a máscara dun vello e no descoñecido, os ollos tenros dun vello baixo a máscara dun mozo.

Valentin intentaba acordarse de en que circunstancia vira aquel vello seco, acicalado, ben calzado, que camiñaba facendo soar os esporóns e cruzaba os brazos coma se tivese todas as forzas dunha petulante mocidade para disipar. A súa forma de camiñar non acusaba nada de molesto nin de artificial. O seu traxe elegante, coidadosamente abotoado, disfrazaba unha vella e forte estrutura e dáballo o carácter dun vello fatuo que segue as modas.

Aquela especie de boneco cheo de vida, verdadeiro prodixio, tiña para Rafaël todos os encantos dunha aparición e contempláboo coma un vello Rembrandt borroso, acabado de restaurar, vernizado e metido nun marco novo.

Esta comparación fíxolle encontrar o rastro da verdade nos seus confusos recordos e, entón, recoñeceu o comerciante de curiosidades, o home ao que lle debía a súa desgraza.

Nese momento, a aquel fantástico personaxe escapáballe un riso satánico que se deseñaba sobre os seus beizos fríos, tirantes a causa dunha dentadura postiza. Ante aquel riso, a viva imaxinación de Rafaël amosoulle neste home, de fortes parecidos coa cabeza ideal que os pintores lle deron ao Mefistófeles de Goëthe.

Apoderáronse mil supersticións da alma de Rafaël e, nese momento, creu no poder do demo, en todos os sortilexios relatados nas fabulosas lendas da idade media e usadas polos poetas. Resistindo con horror á sorte de Fausto, invocou de súpeto o ceo e tivo, coma os moribundos, unha fe fervente en Deus e na virxe María. Radiante e fresca, unha misteriosa luz permitiulle percibir o ceo de Miguel Anxo e de Sanzio de Urbino: nubes, un vello de barba branca, cabezas aladas e unha fermosa muller sentada nunha auréola. Agora el comprendía, adoptaba esas admirables creacións das que as fantasías case humanas lle explicaban a súa aventura e lle permitían aínda unha esperanza.

Pero cando os seus ollos recaeron sobre o fogar dos Italianos, en lugar da Virxe, el viu unha radiante moza, a detestable Euphrasie, bailarina de corpo áxil e lixeiro quen, cun vestido cegador, cuberto de perlas orientais, chegaba con présa en busca do seu vello impaciente, e viña amosarse, insolente, coa fronte altiva e os ollos chispeantes, ante ese mundo envexoso e especulador, para dar fe da riqueza sen límites do negocio cuxos tesouros disipaba.

Rafaël, acordándose do desexo burlón polo que el acollera o fatal galano do vello, saboreou todos os praceres da vinganza contemplando a humillación profunda desta sabedoría sublime, cuxa caída parecía imposible había pouco.

O fúnebre sorriso do centenario dirixíase a Euphrasie, cuxa boca rosa respondía cunha palabra de amor. Despois, ofrecéndolle un brazo seco, o pequeno xudeu deu dúas ou tres voltas, recollendo, con delicias, as miradas de paixón e os cumprimentos que a

multitude lle dirixía á súa amante, sen ver os risos desdeñosos, sen oír as burlas mordentes das que era obxecto.

—En que cemiterio desenterrou ese cadáver esa moza vampiresa?
—exclamou o máis elegante de todos os románticos.

Euphrasie botouse a rir pois era un mozo de cabelos louros, ollos azuis e brillantes, esvelto, que levaba bigote e fusta, —toda a bagaxe do xénero— cun frac acurtado, o chapeu sobre a orella e a réplica viva...

—Cantos anciáns —dixo Rafaël para si— coroan unha vida de probidade, de traballo e de virtude cunha loucura. Este ten os pés fríos e aínda fai o amor.

—Ben, señor —exclamou Valentin parando o vello e lanzándolle unha ollada a Euphrasie—, non se acorda xa das severas máximas dos filósofos?

—Ah, ah —respondeu o comerciante cunha voz xa rota—. Son feliz coma un mozo. Vivín enganado pois hai toda unha vida nunha hora de amor.

Nese momento, os espectadores, oíndo o preludio da orquestra, deixaron o salón para colocarse nos seus sitios e, despois de o vello saudar a Rafaël, separáronse.

Entrando no seu palco, o marqués viu a Foedora, divinamente vestida e colocada no outro lado da sala precisamente en fronte del.

Sen dúbida, había pouco que chegara e botaba para atrás o chal, destapaba o colo, facendo mil pequenos movementos indescritibles cunha coquetería ocupada en colocarse. Todas as miradas estaban concentradas nela.

Acompañábaa un mozo par de Francia ao que a condesa lle pediu os anteollos que lle dera para que llos levase e, co xesto que fixo, pola maneira en que ela observou este novo pretendente, Rafaël adiviñou a tiranía á que o seu sucesor estaba sometido.

Fascinado sen dúbida como el o estivera, vítima coma el e coma el loitando con todo o poder dun amor verdadeiro contra os fríos cálculos daquela muller, debía sufrir as tormentas ás que Valentin, afortunadamente, renunciara.

Unha alegría inexpresable animaba o rostro de Foedora, cando, despois de fixar os seu anteollos sobre todos os palcos e examinar rapidamente os vestidos, tivo a

seguridade de superar, en adorno e en beleza, as máis bonitas e as máis elegantes mulleres de París.

Botouse a rir para amosar os seus dentes brancos e axitou a cabeza adornada de flores, para que admirasen o seu resplandor e o seu peiteado. A continuación, a súa mirada foi de palco en palco burlándose dun gorro mal colocado sobre a fronte dunha princesa rusa ou dun chapeu sen graza que lle quedaba horriblemente mal á filla dun banqueiro pero, de súpeto, palideceu ao tropezar cos ollos fixos de Rafaël.

O seu amante desdeñado fulminouna cunha intolerable mirada de desprezo. Cando ningún dos seus amantes desterrados ignoraban o seu poder, só Valentin no mundo estaba ao abrigo das súas seducións. Un poder impunemente desafiado conduce á ruína. Esta máxima está máis profundamente gravada no corazón dunha muller ca na cabeza dos reis e, entón, Foedora vía a morte do seu prestixio e da súa coquetería en Rafaël.

Unha palabra, dita por el, a véspera, na Ópera, xa se fixera célebre, nos salóns de París, e o fío deste horrible epigrama, producíralle unha ferida incurable á condesa. En Francia, sabemos cauterizar unha chaga pero non coñecemos aínda un remedio para o mal que produce unha frase.

No momento no que todas as mulleres observaban alternativamente o marqués e a condesa, Foedora querería botalo nos alxubes dalgunha Bastilla pois a pesar do seu talento para o disimulo, os seus rivais adiviñaron o seu sufrimento.

Perdía o último consolo que eran estas palabras deliciosas:

—Son a máis guapa.

Esta frase eterna, que calmaba todas as penas da súa vaidade, volveuse unha mentira.

No momento no que acababa a abertura do segundo acto, unha muller veu colocarse cerca de Rafaël, nun palco que, ata o momento, permanecera libre. O palco enteiro deixou escapar un murmurio de admiración. O océano de caras humanas, axitou a súa fibra intelixente e todas as cabezas observaron a descoñecida. Mozos e vellos fixeron un tumulto tan prolongado que, mentres se levantaba o pano, os músicos da orquestra volvéronse para reclamar silencio pero, compartindo o aplauso xeral, acabaron

por aumentar os confusos rumores. Establecéronse animadas conversas en cada palco. As mulleres estaban todas armadas cos seus anteollos e os vellos, rexuvenecidos, limpaban coa pel das súas luvas, os cristais das lentes. Despois, o entusiasmo, calmouse gradualmente, os cantos resoaron sobre a escena e todo entrou en orde. A boa sociedade, avergonzada de ter cedido a un movemento natural, entrou na frialdade aristocrática dos modais correctos. Os ricos non queren estrañarse de nada e deben recoñecer, á primeira vista dunha boa obra, o defecto que os dispensa da admiración, sentimento vulgar.

Non obstante, algúns homes quedaron inmóbiles, sen escoitar a música, perdidos nun encanto inxenuo, ocupados en contemplar a veciña de Rafaël.

Valentín viu nun palco, a innobre figura do banqueiro sanguento que, pegado a Aquilina, lle dirixía un xesto de aprobación. Despois, viu a Émile que, de pé onda a orquestra, parecía dicirlle:

—Pero mira esa preciosa criatura que tes cerca de ti.

Por último, Rastignac, sentado cerca dunha moza, unha viúva sen dúbida, retorcíaa as súas luvas coma un home desesperado por estar encadeado sen poder ir cabo da divina descoñecida.

A vida de Rafaël dependía dun pacto aínda non violado que se fixera a si mesmo. Prometérase non mirar nunca atentamente ningunha muller e para pórse ao abrigo dunha tentación, levaba unhas lentes cuxo cristal microscópico artisticamente disposto, destruía a harmonía dos trazos máis bonitos e lle daba un aspecto odioso.

Aínda vítima do terror que o dominara pola mañá, cando por simple desexo de cortesía, o talismán encollera tanto, Rafaël resolveu firmemente non volveuse cara á súa veciña.

Estaba sentado coma unha duquesa, non coma unha duquesa imperial, senón coma unha duquesa do faubourg Saint-Germain. Apoiando as costas na esquina do seu palco, tapáballe con impertinencia a metade da escena á descoñecida, con aire de desprezala, de non saber mesmo que unha bonita muller se encontraba detrás del.

A veciña, copiando con exactitude a postura de Valentín, apoiaba o cóbado sobre o bordo do palco e amosaba tres cuartos da cabeza para ver os cantantes, coma se

estivese diante dun pintor. Aqueles dous personaxes parecían dous amantes que están de costas pero que se van abrazar á primeira palabra de amor.

Nalgúns momentos, os lixeiros marabús e os cabelos da descoñecida rozaban a cabeza de Rafaël e causábanlle unha sensación de pracer contra a que loitaba con coraxe. Despois, sentiu o contacto dos encaixes que adornaban o colo do vestido. En fin, o vestido mesmo produciu o murmurio efeminado dos seus pregues, estremecemento cheo de suaves encantos. Finalmente, o movemento imperceptible imprimido pola respiración no peito, nas costas, na roupa, a vida suave desta bonita muller foille comunicada de súpeto a Rafaël coma un escintileo eléctrico, e o tule e a blonda transmitíronlle fielmente aos seus ombros a deliciosa calor daquelas costas de muller, sen dúbida brancas e núas. Por un capricho da natureza, estes dous seres desunidos polo bo ton, separados polos abismos da morte, respiraron xuntos e pensaron un no outro. O poderoso perfume de Vety-ver acabou por embriagar a Rafaël. A súa imaxinación, irritada por un obstáculo e que as trabas facían aínda máis fantástico, deseñoulle rapidamente unha muller en trazos de lume.

Entón, volveuse bruscamente e, como a descoñecida, sorprendida sen dúbida por encontrarse en contacto cun estraño, fixo un movemento semellante, os seus rostros, animados polo mesmo pensamento, quedaron en presenza un do outro.

—Pauline.

—Señor Rafaël .

Petrificados un e outro, observáronse durante un instante en silencio.

Rafaël vía a Pauline resplandecente de beleza, cunha roupa simple e de bo gusto. O seu encantador corpo, estaba castamente cuberto cunha gasa que deixaba percibir unha brancura de lirio e adiviñar as formas que un muller admiraría. Despois, a súa modestia virxinal, o seu candor, a súa graciosa actitude. O seu brazo branco, envolto nunha gasa transparente acusaba a emoción profunda que a dominaba, por un tremor nervioso que parecía facer palpar o seu corpo tan poderosamente coma o seu corazón.

—Veña mañá —dixo ela— veña á pensión Saint-Quentin para recoller os seus papeis. Ao mediodía, sexa puntual.

Despois, ergueuse precipitadamente e desapareceu.

Rafaël quería seguir a Pauline, pero, temendo comprometela, quedou, observou a Foedora, encontrouna fea e, logo, non podendo comprender unha soa frase de música, afogando nesta sala, co corazón cheo, saíu e volveu á súa casa.

—Jonathas —díxolle ao seu vello criado cando estivo na cama—, dáme media gota de láudano nunha pedra de azucre e mañá non me espertes ata as doce menos vinte.

XXXIX

—Quero que Pauline me ame! —exclamou, ao día seguinte, observando o talismán cunha indefinible angustia.

A pel non fixo ningún movemento, parecía ter perdido a súa forza contráctil.

—Ah —exclamou Rafaël sentíndose liberado coma dun abrigo de chumbo co que cargaba desde o día no que o talismán lle fora dado—. Mentos! Non obedeces? O pacto está roto, entón, e son libre. Vivirei. Só era unha broma de mal gusto.

Dicía estas palabras sen ousar crer no seu propio pensamento.

Igual ca o fixera antano, quixo ir a pé ata a súa vella morada, intentando transportarse mentalmente ata aqueles días felices, nos que podía entregarse sen perigo á furia dos seus desexos e onde aínda non saboreara os gozos humanos. Camiñaba vendo, non xa a Pauline da pensión Saint-Quentin, senón a Pauline da véspera, esa amante tan frecuentemente soñada, moza espiritual, amante, artista, que comprendía os poetas e a poesía e que vivía no seo do luxo, nunha palabra, Foedora dotada dunha bela alma, ou Pauline, condesa e dúas veces millonaria coma Foedora.

Cando se encontrou no limiar gastado, sobre a lousa partida da porta onde, tantas veces, se sentira desesperado, unha muller vella saíu da sala e díxolle:

—Non é vostede Rafaël de Valentin?

—Si, señora —respondeu el.

—Vostede xa coñece o seu aloxamento... Alguén o espera.

—Este hotel aínda o ten a señora Gaudin? —preguntou.

—Non, señor, agora, a señora Gaudin é baronesa. Vive nunha bonita casa propia na outra beira do río. O seu marido volveu, miña nai, trouxo miles e millares. Dise que podería comprar todo o barrio Saint-Jacques se quixese. Deume o seu fondo e o resto do arrendamento. É unha boa muller, pois non é máis orgullosa hoxe ca antes.

Rafaël subiu rapidamente á súa bufarda e cando chegou aos últimos chanzos da escaleira, escoitou os sons do piano.

—Pauline está aquí.

Abrindo suavemente a porta, viuna modestamente vestida cun vestido de percalina, pero a forma do vestido e as luvas, o chapeu, o chal negligentemente tirados sobre a cama, revelaban toda unha fortuna.

—Ah, xa está aquí, por fin —exclamou Pauline volvendo a cabeza e erguéndose cun movemento de inxenua alegría.

Rafaël foi sentarse cerca dela e, pódose rubio, tímido e feliz, observouna sen dicir nada.

—Por que nos abandonou? —dixo ela baixando a mirada, no momento no que o seu rostro se volveu púrpura—. Que foi feito de vostede?

—Pauline, fun e son moi desgrazado aínda.

—Adiviñei —exclamou ela con tenrura—iso cando o vin tan ben vestido, rico en aparencia pero en realidade..., eh?, señor Rafaël. Todo coma antes?

Valentin non puido reter algunhas bágoas que lle rularon nos ollos e entón exclamou:

—Pauline, eu...

Non acabou, os seus ollos escintilaban de amor e o seu corazón desbordaba na súa mirada.

—Oh, el ámame, ámame —exclamou Pauline.

Rafaël fixo un sinal coa cabeza, incapaz de dicir unha soa palabra, e ante este xesto, a moza colleulle a man apertándolla con forza e díxolle, un pouco rindo e outro pouco saloucando:

—Ricos, ricos, felices, ricos, a túa Pauline é rica. Pero hoxe debería ser moi pobre porque prometín moitas veces que pagaría todos os tesouros da terra por oír dicir estas palabras: ámame. Meu Rafaël, millóns, ti amas o luxo, pero debes amar o meu corazón tamén. Sabes? O meu pai volveu. Son unha rica herdeira e os meus pais déixanme dona da miña sorte. Son libre!

Vítima dunha especie de delirio, Rafaël collía as mans de Pauline e bicábaas tan ardentemente, tan avidamente que o seu xeito de bicar parecía unha especie de convulsión.

Pauline liberou as mans, botounas sobre as costas de Rafaël e abrazouno. Entón, apertáronse, abrazáronse e bicáronse con ese santo, ese delicioso fervor, libre de toda mala intención e que se sela cun bico, o novo, o primeiro bico, de dúas almas que se posúen mutuamente.

—Ah —exclamou Pauline caendo sobre a súa cadeira—, non quero deixarte.

—Non sei de onde me vén tanto atrevemento —dixo pódose rubia.

—Atrevemento, miña Pauline? Non temas nada, é do amor, do amor verdadeiro, profundo e eterno coma o meu, non?

—Oh, fala, fala, fala —dixo ela—. A túa boca estivo moito tempo muda para min.

—Ti amábasme entón?

—Deus, se te amaba! Non sabes cantas veces chorei arranxando o teu cuarto, deplorando a túa miseria e a miña. Daríalle a miña alma ao demo para evitarche as penas. Hoxe, meu Rafaël, es meu, meu, miña esta bonita cabeza, meu o teu corazón. Si, o teu corazón, sobre todo. Eterna riqueza.

—Ben, onde estou? —dixo ela— Ah, si, temos tres, catro, cinco millóns, creo. Se fose pobre, queredría levar o teu nome, ser nomeada a túa muller. Queredría sacrificar o mundo enteiro e ser aínda a túa serventa. Rafaël, ofrecéndoche hoxe o meu corazón, a

miña persoa e a miña fortuna, non che darei máis ca o día no que puxen aí—dixo ela amosando o caixón da mesa—unha moeda de cinco francos. Ah, que mal me fixo a túa alegría entón!

—Por que es rica? —exclamou Rafaël—. Por que non tes vaidade? Non podo ofrecerche nada!

El retorceu as mans de alegría, de desesperación, de amor...

—Cando sexas a señora marquesa de Valentin..., coñézote, alma celeste, ese título e a miña fortuna non valerán...

—Un dos teus cabelos —exclamou ela.

—Teño seis millóns, pero aínda que tivese trinta, que é agora a riqueza para nós? Teño a miña vida, pódochas ofrecer? Tómaa.

—Oh, o teu amor Rafaël, o teu amor vale un mundo. Se o teu pensamento é meu son a máis feliz das felices.

—Vannos oír —dixo Rafaël.

—Non hai ninguén —respondeu ela deixando escapar un xesto traveso.

—Vés? —exclamou Rafaël tendéndolle os brazos.

Saltou aos seus xeonllos e, pechando as mans ao redor do colo de Rafaël:

—Abrázame —dixo ela— por todas as penas que sufrín, para borrar a dor que as túas alegrías me causaron, por todas as noites que pasei pintando os meus abanos.

—Os teus abanos!

—Xa que somos ricos, meu tesouro, podo dicirche todo. Pobre neno. Que fácil é enganar os homes intelixentes! Poderías ter chalecos brancos e camisas limpas dúas veces por semana, por tres francos de lavandería ao mes? Ti bebías o dobre de leite do que che correspondía polo teu diñeiro. Axudábache en todo: no lume, no aceite, de onde saía o diñeiro, entón?

—Ah, meu Rafaël, non cases comigo —dixo ela rindo—, son unha muller demasiado astuta.

—Pero como facías entón?

—Traballaba ata as dúas da mañá —respondeu ela— e dáballa a miña nai a metade do prezo dos abanos e a ti a outra.

Observáronse durante un momento, ambos, aparvados de alegría e de amor.

—Oh —exclamou Rafaël—, pagaremos, sen dúbida, un día, esta felicidade con algunha espantosa pena.

—Estás casado? —exclamou Pauline—, eu non podo cederte a ningunha muller.

—Son libre, querida.

—Libre —repetiu ela—, libre e perténceme.

Ela deixouse esvarar de xeonllos e, unindo as mans, observou a Rafaël cun devoto ardor.

—Teño medo de volverme tola!

—Es moi guapo —dixo ela, pasando unha man polo pelo louro do seu amante—. A túa condesa Foedora é estúpida. Que pracer sentín onte ao ser saudada por todos os homes! Ela nunca foi aplaudida.

—Meu amor, cando as miñas costas tocaron o teu brazo, non sei que voz me gritou “El está aquí”. Dei a volta e vinte. Saín correndo porque sentía ganas de abrazarte, ante todo o mundo.

—Que sorte tes poder falar! —exclamou Rafaël—. Eu teño o corazón oprimido. Gustaríame chorar pero non podo. Non retires a túa man. Podería quedar así durante toda a miña vida, a observarte así, feliz, contento.

—Repíteme iso, dime meu amor.

—E que son as palabras? —dixo Valentin deixando caer unha bágoa quente sobre as mans de Pauline— Máis tarde, intentarei describirche o meu amor, neste momento só podo sentilo.

—Oh —exclamou ela—, a túa alma bela, o teu pensamento, este corazón que coñezo tan ben... todo para min, como eu para el.

—Para sempre, miña doce criatura! —dixo Rafaël cunha voz emocionada—
Serás a miña muller, o meu bo xenio... A túa presenza sempre disipou as miñas penas e
refrescou a miña alma... Neste momento, o teu sorriso anxélico purificou, por así dicir,
o meu corazón e parécese comezar unha nova vida. O pasado cruel e as miñas tristes
loucuras seméllanme pesadelos. Síntome puro cerca de ti. Sinto o aire da felicidade. Oh,
quero estar así sempre —engadiu el apertándoa santamente sobre o seu corazón
palpitante.

—Que veña a morte cando queira —exclamou Pauline en éxtase—. Eu vivín.

XL

—Oh, meu Rafaël —exclamou Pauline—, gustaríame que ninguén entrase nunca
máis nesta querida bufarda.

—Hai que tapiar a porta, poñerlle unha reixa ao fachinelo e comprar a casa
—respondeu o marqués.

—Iso —dixo ela.

Despois, tras un momento de silencio:

—Esquecémonos de buscar os teus manuscritos.

E botáronse a rir cunha doce inocencia.

—Bah, eu burlome de todas as ciencias —exclamou Rafaël.

—Ah señor, e a gloria?

—Ti es a miña única gloria.

—Eras desgrazado cando facías todos estes caldeiróns —dixo ela folleando os
papeis.

—A miña Pauline...

—Oh, si, son a túa Pauline, si.

—Onde vives agora?

—Na rúa Saint-Lazare, e ti?

—Na rúa Varennes.

—Como permaneceremos lonxe, un do outro ata que...

Ela parou, observou o seu amigo cun aire coqueto e malicioso.

—Per o—respondeu Rafaël— non temos que permanecer separados máis ca quince días...

—É certo, dentro de quince días casaremos.

Ela saltaba coma un neno.

—Oh, son unha filla desnaturalizada —dixo ela—. Xa non penso nin no meu pai, nin na miña nai, nin en nada no mundo. Ti non sabes, querido, o meu pai está moi enfermo. Volveu das Indias, enfermo, moi enfermo. Estivo a punto de morrer en Havre e nós fomos buscalo alá.

—Ah, Deus —exclamou vendo a hora nun pequeno reloxo— xa son as tres... Teño que estar ao seu carón cando esperte ás catro. Son a que manda na casa, a miña nai cumpre a miña vontade, o meu pai adórame, pero non quero abusar da súa bondade. Iso estaría mal. O meu pobre pai..., foi el quen me mandou aos Italianos onte. Ti virás velo mañá, non?

—A señora marquesa de Valentin quere facerme o honor de aceptar o meu brazo?

—Ah, querido, querido,...

—Vou levar a chave deste cuarto —respondeu ela—. Non é un palacio e o noso tesouro?

—Pauline, dáme outro bico!...

—Mil.

—Meu Deus! —dixo ela observando a Rafaël—, e será sempre así? Paréceme estar soñando.

Descenderon lentamente pola escaleira. Despois, xuntos, camiñaron co mesmo paso, tremendo xuntos baixo o pé da mesma felicidade e abrazándose coma pombas, chegaron logo á praza da Sorbona onde esperaba o coche de Pauline.

—Quero ir á túa casa! —exclamou ela—. Quero ver o teu cuarto, o teu gabinete e sentar á mesa na que traballas. Será coma antano —engadiu ela pódose rubia.

—Joseph —dixo dirixíndose a un criado—, vou á rúa de Varennes antes de volver á casa. Son as tres e cuarto e teño que estar de volta ás catro, que George faga correr os cabalos.

E os dous amantes, suavemente balanceados e transportados sobre voluptuosos coxíns, ambos radiantes de amor, estiveron en poucos instantes, na casa de Valentin.

—Estou contenta de ter examinado todo —exclamou Pauline apalmando a seda das cortinas que adornaban o leito de Rafaël—. Esta noite, cando durma, tratarei de estar aquí co pensamento. Imaxinarei a túa querida cabeza sobre esta almofada. Dime Rafaël, non lle pediches consello a ninguén para amoblar a túa casa?

—A ninguén.

-De verdade que non foi unha muller quen te...?

—Pauline!

—Oh, sinto uns celos horribles! Tes bo gusto... Quero ter mañá mesmo unha cama igual á túa.

Rafaël, ebrio de felicidade, agarrou a Pauline.

—Oh, o meu pai, o meu pai —dixo ela.

—Vou acompañarte entón, pois quero separarme de ti o menos posible— exclamou Rafaël.

—Es amable. Non ousaba proporcho.

—Acaso non es a miña vida?

—Non hai outro home coma ti debaixo do ceo...

Sería moi molesto reproducir esas adorables charlas de amor ás que só o acento, a mirada e un xesto intraducible lles dan o valor que teñen.

Valentin reconduciu a Pauline ata a casa dela e cando volveu co corazón tan cheo de pracer como é posible levar e sentir na terra, cando estivo sentado na súa cadeira de brazos, cerca da súa cheminea, pensando na súbita e completa realización de todas as súas esperanzas, atravesoulle a alma unha idea fría coma o aceiro dun puñal atravesando un peito.

Observou a pel de lixa que estaba lixeiramente encollida.

—Ah...

Pronunciou o xuramento francés, sen poñer as xesuíticas reticencias da abadesa das Andouillettes. Despois, reclinando a cabeza sobre a cadeira, quedou inmóbil e cos ollos fixos sobre unha pátera, pero sen vela.

—Gran Deus! —exclamou—. Todos os meus desexos, todos, pobre Pauline!

Colleu un compás e mediu a existencia que lle custara a mañá.

—Só teño para dous meses —dixo.

Unha suor xeada saíu dos seus poros e permaneceu coma perdido nos seus pensamentos. De súpeto, obedecendo un inexpressable movemento de rabia, colleu a pel de lixa exclamando:

—Son ben estúpido!

Saíu, correu, atravesou o xardín e tirou o talismán ao fondo dun pozo:

—Que veña o que veña! —dixo feliz—. Ao demo todas estas parvadas!

XLI

Desde había dous meses, Rafaël vivía en Pauline e Pauline en Rafaël. O seu casamento, atrasado por dificultades pouco interesantes para contar, debía celebrarse nos primeiros días de marzo, pero unha paixón forte e verdadeira fixéralles desprezar as leis sociais.

Puxeran a proba o seu amor, sen dubidar deles mesmos, e a felicidade reveláralles todo o poder do seu efecto pois nunca dúas almas nin dous caracteres estiveran tan perfectamente unidos. Canto máis se coñecían, máis se amaban.

Ambos compartían a mesma delicadeza, o mesmo pudor, a mesma voluptuosidade, a máis doce de todas as voluptuosidades, a dos anxos. No seu ceo non había nubes e os desexos dun eran a lei do outro.

Ricos os dous, non había caprichos que non puidesen satisfacer e, polo tanto, non tiñan caprichos. Un gusto exquisito, o sentimento da beleza e unha verdadeira poesía animaban a alma da esposa. A muselina, as flores éranlle encantadores adornos. Desprezaba os diamantes e todo o luxo, e un sorriso do seu amado parecíalle máis bonito ca todas as perlas de Ormuz.

Á parte disto, Pauline e Rafaël fuxían do mundo pois a soidade era para eles bonita e fecunda en praceres.

Os ociosos vían todas as noites aquela bonita parella de incógnito, nos Italianos ou na Ópera. E se, ao principio, algunhas maledicencias entretiveron os salóns, o torrente de sucesos que pasaba nese momento en París fixo que todos se esquecesen axiña de dous amantes inofensivos. Á fin, poderosa escusa para os prudentes, o seu matrimonio foi anunciado e a xente era, por casualidade, discreta. Entón ningunha maldade demasiado forte castigou a súa felicidade.

Cara á fin do mes de febreiro, época na que algúns bos días fixeron crer nas alegrías da primavera, unha mañá, Pauline e Rafaël almorzaban nun pequeno invernadoiro, especie de salón cheo de flores e á mesma altura ca o xardín.

O suave e pálido sol do inverno cuxos raios rompían por entre as árbores, facían que a temperatura fose morna. Os ollos distraíanse cos vigorosos contrastes das diversas follaxes, coas cores das matas de flores e coas fantasías da luz e da sombra.

Cando aínda todo París se quentaba diante dos tristes fogares, os dous mozos prometidos rían baixo unha pérgola de camelias, de lilas, de breixos e as súas cabezas felices, elevábanse por riba dos narcisos, dos lirios silvestres e das rosas de Bengala.

Neste invernadoiro voluptuoso e rico, os pés pisaban unha esteira africana chea de cores coma unha alfombra e que non tiña nin un gran de area. As paredes tendidas en cutín verde non ofrecían a menor traza de humidade. Os mobles eran de madeira en aparencia basta, pero brunidos e brillantes.

Un gatiño aniñado encol da mesa, atraído polo olor do leite, deixábase enzoufar de café por Pauline, quen, rebuldeira, xogaba con el, apartando a crema, e só lle permitía olfacteala co fin de entreter a súa paciencia e o combate. Ela ría ás gargalladas con cada un dos seus xestos e facía mil bromas para impedir que Rafaël lese o xornal que, dez veces xa, lle caera das mans. Había, naquela escena matinal, unha alegría inexpresable coma todo o que é perfectamente natural e sincero.

Rafaël, finxindo sempre ler a súa folla, contemplaba ás agachadas a Pauline e as súa pelexas co gato. A súa Pauline, envolta nunha longa bata que a cubría imperfectamente e co pelo en desorde, amosaba un pequeno pé branco con veas azuis dentro dunha pantufla de veludo negro. Encantadora así espida e deliciosa coma as fantásticas figuras de Westhall, parecía ser á vez nena e muller, e quizais incluso, máis nena ca muller, porque sen dúbida, gozaba dunha felicidade pura e non coñecía do amor máis ca as súas primeiras alegrías.

No momento no que, totalmente absorbido polo seu doce soño, Rafaël esquecera o xornal, Pauline colleuno, engurrouno e fixo con el unha bóla. Despois tirouno ao xardín e o gato correu tras a política que xiraba, coma sempre, sobre ela mesma. Cando Rafaël, distraído ante aquela escena infantil, quixo continuar a ler e fixo o xesto de erguer a folla cando xa non a tiña, riron abertamente, alegremente, renacendo deles mesmos coma os cantos dun paxaro.

—Teño celos do xornal —dixo ela enxugando as bágoas que lle provocara o seu riso infantil e volvendo a ser muller de golpe—. Non é unha felonía ler as proclamas

rusas na miña presenza e preferir a prosa do emperador Nicolás ás palabras, ás miradas de amor?

—Non lía, meu anxo amado, observábate.

Nese momento, o paso pesado do xardineiro cuxas botas facían soar a area do camiño resoaba cerca do invernadoiro.

—Perdóeme, señor marqués, se o interrompo e vostede tamén, señora, pero tráiolles unha curiosidade que nunca vira. Cando ía tirar, hai un momento, un caldeiro de auga, veu esta singular planta mariña. Mírena. Ten que ser impermeable á auga pois non está nin mollada nin húmida. Estaba seca coma a madeira. Non é nada flexible. Como o señor marqués é máis sabio ca min, pensei que debía traerlla.

E o xardineiro amosáballe a Rafaël a inexorable pel de lixa, espantosamente reducida e que non tiña máis dun pé de superficie.

—Grazas, Vanière —dixo Rafaël—. É moi curiosa.

—Que che pasa, meu anxo?, estás pálido —exclamou Pauline.

—Déixenos Vanière.

O xardineiro afastouse.

—A túa voz alterada espántame —respondeu a moza—. Que che pasa? Que sentes? Onde che doe? Estás enfermo... Un médico!—gritou—. Jonathas, socorro!

—Miña Pauline, cala!—respondeu Rafaël recobrando o sangue frío—. Saíamos, hai cerca unha flor cuxo perfume me molesta. Quizais esta verbena.

Pauline lanzouse sobre o inocente arbusto, colleuno polo talo e tirouno no xardín.

—Oh, meu anxo —gritou abrazando a Rafaël tan forte coma o seu amor e ofreceulle, cunha lánquida coquetería, os beizos vermellos para que a bicase—, véndote palidecer, comprendín que eu non te sobreviviría. Si, a túa vida é a miña vida. Meu Rafaël, pásame a túa man polas costas. Aínda sinto algo parecido á morte. Teño frío.

—Como queiman os teus labios! E a túa man está xeada —engadiu ela.

—Non sexas louca —exclamou Rafaël.

—Por que choras? —dixo ela—. Déixame que a beba.

—Oh Pauline, Pauline, ámasme demasiado.

—Pásache algo estraño, Rafaël. Dime a verdade, veña, saberei logo o teu segredo. Dáme iso.

Ela colleu a pel de lixa.

—Ti es o meu verdugo —gritou o mozo botando unha mirada de horror sobre o talismán.

—Oh, que voz!

Pauline deixou caer o fatal símbolo do destino e observando a Rafaël:

—Que dixeches meu anxo?

—Ti ámasme?

—Si, ámote. Que pregunta!

—Ben, pois déixame. Vaite.

Submisa, a pobre pequena foise pero chorando.

XLII

—Como! —exclamou Rafaël—, nun século no que aprendemos que os diamantes son cristais de carbón. Nunha época na que todo se explica, na que a policía faría comparecer un novo Mesías diante dos tribunais e sometería os seus milagres á Academia das Ciencias. Nun tempo no que xa non cremos máis ca nas rúbricas dos notarios... vou crer, eu, nunha especie de *Mané Thekel Pharès*.

Non, por Deus, non vou crer que o ser supremo poida encontrar pracer en atormentar unha honesta criatura. Vaiamos ver os sabios.

Pouco despois estaba entre o Mercado dos Viños, inmensa colección de toneis, e a Salpêtrière, inmenso seminario de bébedos, diante dun pequeno charco infecto no que chapuzaban patos tan notables pola rareza das especies coma pola diversidade das plumaxes.

As súas ondulantes cores, parecidas aos vidros dunha catedral, chispeaban baixo os raios do sol. E todos os patos do mundo estaban alí, gritando, chapuzando, formigando e formando unha especie de asemblea de patos reunidos contra a súa vontade, pero felizmente sen rei, sen principios e vivindo, sen a ameaza dos cazadores, baixo o ollo dos naturalistas que os observaban.

—O señor está alá —díxolle a Rafaël un garda.

O marqués viu un homiño de mediana idade e profundamente sumido nalgunha sabia meditación ante o aspecto dos patos. Tiña a fisionomía doce e o aire atento, pero reinaba en toda a súa persoa unha preocupación científica. A súa perruca, na que rañaba sen descanso, caprichosamente revolta polo colo do traxe, deixaba ver unha liña de cabelos brancos e acusaba o furor das descubertas que, coma todas as paixóns, nos aparta tan poderosamente das cousas deste mundo.

Rafaël, home de ciencia e de estudo, admirou concienciadamente ese naturalista que consagraba os desvelos a aumentar os coñecementos humanos e que, mesmo polos seus erros, servía aínda a gloria de Francia. Unha rapaza riría, sen dúbida, notando a solución de continuidade que existía entre o pantalón e o chaleco a raias do sabio. Esta abertura estaba, ademais, castamente cuberta por unha camisa que el engurrara caprichosamente, baixándose e erguéndose ao ritmo das observacións zoolóxicas.

Tras algunhas primeiras frases de cortesía, Rafaël creu necesario dirixirle ao señor Lacrampe un cumprimento banal sobre os seus patos.

—Estamos ricos de patos! —respondeu o naturalista—. É, polo demais, como vostede sabe, sen dúbida, o xénero máis fecundo da orde dos palmípedes. Comeza co *cisne* e acaba co *pato zinzin*, e comprende trinta e sete variedades de individuos ben distintos, cos seus nomes, os seus costumes, as súas orixes, as súas fisionomías, e non se parecen entre eles máis ca un branco a un negro.

A verdade, señor, cando comemos un pato, a maioría das veces, non nos damos conta da extensión...

Parou ao ver un bonito pato que subía polo noiro do estanque.

—Ese é o cisne de gravata. Pobre criatura do Canadá, que veu de lonxe para amosarnos a súa plumaxe marrón e gris, o seu colarciño negro... Ai, mire como se raña!

Velaquí o famoso ganso de penuxe ou pato *Eider*, baixo cuxo edredón dormen as nosas señoras. É bonito? Quen non admiraría ese pequeno ventre branco arrubiado e ese bico verde?

—Acabo, señor —dixo—, de ser testemuño dun emparellamento que ata o momento me desesperara. A unión fíxose moi felizmente e esperarei impaciente o seu resultado. Eu gábome de obter a cento trinta e oito especie á que quizais lle poñan o meu nome.

—Velaquí os novos esposos —dixo amosando dous patos—. É un *ganso riseiro* (*anas albifrons*) e o *gran pato asubiador* (*ana ruffina* de Buffon). Dubidei moito entre o pato asubiador, o pato de cellas brancas e o pato chufa (*anas clypeata*). Mire, velaí o está, é ese groso marrón e negro, co colo verde e tan coquetamente irisado. Pero, señor, o *pato asubiador* ten moño..., entón xa non dubidei máis. Só nos falta o pato variado de casquete negro.

Os meus colegas pretenden unanimemente que ese pato está emparentado co pato cerceta co bico encurvado pero eu... —fixo un xesto de admiración que describía á vez a modestia e o orgullo dos sabios, orgullo pleno de teima e modestia chea de suficiencia—, eu non penso así —engadiu—. Vostede pode ver, meu querido señor, que aquí non hai moita diversión. Neste momento ocúpome da monografía do xénero pato pero estou ás súas ordes.

Dirixíndose cara a unha casa bastante bonita da rúa Buffon, Rafaël someteu a pel de lixa ás investigacións de Lacampre.

—Coñezo isto —respondeu o sabio, despois de fixar a lupa sobre o talismán—. Debeu de ser o forro dalgunha caixa pero a lixa xa non se utiliza. Hoxe os que fan as

vañas prefiren usar *pel de peixe curtida*. A pel de peixe curtida é, como vostede sabe, sen dúbida, a pel do *Raja sephen*, un peixe do mar Vermello.

—Pero esta, señor, xa que é vostede tan amable...

—Esta! —respondeu o sabio—. Ben, entre a pel de peixe curtida e a lixa, hai, señor, toda a diferenza do océano á terra, do peixe aos cuadrúpedes e, con todo, a pel de peixe é máis dura ca a pel do animal terrestre.

—Este —dixo el amosando o talismán—é como vostede sabe, sen dúbida, un dos produtos máis curiosos da zooloxía.

—Vexamos —exclamou Rafaël.

—Señor —respondeu o sabio afundíndose na súa cadeira—, esta é unha pel de asno.

—Seino! —pensou o mozo.

—Existe en Persia —continuou o naturalista— un asno extremadamente raro, o *onagro* dos vellos, *Equus assinus*, o *koulán* dos tártaros. Pallas observouno e entregoullo á ciencia. En efecto, este animal pasou durante moito tempo por fantástico. É, como sabe, célebre na Sagrada Escritura e Moisés prohibiu emparellalo cos seus conxéneres. Pero o onagro era aínda máis famoso polas prostitucións das que era obxecto e das que falan frecuentemente os profetas bíblicos.

Pallas, como seguramente sabe, declara, nos seus *Act. Petro...*, tomo II, que esas estrañas prácticas son aínda relixiosamente acreditadas entre os persas e os nogais coma un remedio soberano contra as enfermidades dos riles e a gota ciática. Nós case non dubidamos diso, nós, pobres parisienses... o Museo non posúe un onagro nin sequera.

—Que soberbio animal! —dixo o sabio—. Ademais, está cheo de misterios. O seu ollo ten unha especie de cuberta protectora á que os orientais lle atribúen o poder da fascinación. O seu pelo é máis elegante e máis limpo ca o dos nosos belos cabalos, pois está sucado de bandas máis ou menos leonadas e parécese moito á pel da cebra. O pelo ten algo de suave e de ondulante, de brando ao tacto. A súa vista iguala en precisión a vista do home. É un pouco máis grande ca os nosos máis belos asnos domésticos, está

dotado dunha coraxe extraordinaria e cando por casualidade é sorprendido, deféndese cunha superioridade notable contra as bestas máis feroces. En canto á rapidez da súa marcha, só se pode comparar co voo dos paxaros. Un onagro, señor, mataría á carreira os mellores cabalos árabes ou persas. Segundo o pai do concienciado doutor Niebuhr —cuxa recente perda, como vostede sabe, deploramos aínda—, o termo medio do paso ordinario desas admirables criaturas é de sete mil pasos xeométricos por hora. Os nosos asnos dexenerados non poderían darnos unha idea deste asno independente e orgulloso. Ten un porte decidido, animado, o aire espiritual, fino, unha fisionomía graciosa e movementos cheos de coquetería: é o rei de Oriente.

As supersticións turcas e persas danlle incluso unha misteriosa orixe e o nome de Salomón mestúrase en todas as narracións que os autores de contos do Tíbet e de Tartaria fan sobre as proezas atribuídas a eses nobres animais. En fin, un onagro domesticado vale sumas inmensas; pero é case imposible collelos nas montañas onde brincan coma corzos e parecen voar coma paxaros. A fábula dos cabalos alados, do noso Pegaso naceu, con toda certeza, neses países, onde os pastores puideron ver frecuentemente un onagro saltando dunha rocha noutra.

Os asnos de montar, obtidos en Persia do emparellamento cun onagro amansado, están pintados de vermello, seguindo unha inmemorial tradición. Este costume deu lugar quizais ao noso proverbio: *malo coma un asno vermello*. Penso que, nunha época na que a historia natural estaba moi descoidada en Francia, un viaxeiro debeu levar un deses animais curiosos que soportan moi impacientemente a escravitude e de aí o dito.

—A pel que me amosa —dixo o sabio— é a pel dun onagro. Variamos sobre a orixe do seu nome. Uns pretenden que *chagri* é una palabra turca, outros que é o sitio no que esta pel zoolóxica sofre unha preparación química, bastante ben descrita por Pallas e que lle dá o gran particular que nós admiramos. Martellens escribume que *Châagri* é un arroio.

—Señor, agradézolle que me dea datos que fornecían un admirable informe dalgún Dom Calmet se os beneditinos existisen aínda pero teño o honor de facerlle observar que este anaco era primitivamente dun volume igual a..., a este mapa xeográfico —dixo Rafaël amosándolle a Lacrampe un atlas aberto— e desde hai tres meses encolleuse insensiblemente.

—Ben —respondeu o sabio—, comprendo pero, señor, todos os despozos de seres primitivamente organizados están suxeitos a unha deterioración natural, fácil de concibir e cuxo progreso está sometido ás influencias atmosféricas. Os metais mesmos dilátanse ou encóllense de forma sensible. Os enxeñeiros observaron desprazamentos bastante considerables de pedras moi pesadas, primitivamente unidas por barras de ferro. A ciencia é vasta e a vida humana curta e por iso, non debemos ter a pretensión de coñecer os fenómenos da natureza.

—Señor —respondeu Rafaël case confuso—, escuse a pregunta que lle vou facer: Está vostede ben seguro de que esta pel é submisa ás leis ordinarias da zooloxía e que pode alongarse?

—Certamente.

M. Lacrampe intentou estirar o talismán.

—Ah, peste! —exclamou—. Pero, señor, se quere ir ver a Planchette, o célebre profesor de dinámica, el encontrará un medio de actuar sobre esta pel, de abrandala, de estírala...

—Ah, sálvame a vida.

Rafaël despediuse do sabio naturalista e correu a onda Planchette, abandonando o bo Lacrampe no medio do seu despacho cheo de monstros, de fetos, de tarros, de plantas secas e levando desta visita, sen sabelo, toda a ciencia humana: unha nomenclatura.

Este bo home parecíase a Sancho Panza contándolle a don Quixote a historia das cabras. Divertíase contando ovellas, numerándoas e, chegado ao bordo da tumba, coñecía apenas unha pequena fracción dos inconmensurables números do gran rabaño, botado por Deus a través do océano dos mundos, cunha finalidade ignorada.

Rafaël estaba contento.

—Por fin vou suxeitar o meu asno pola brida —exclamou.

Sterne dixera antes ca el: *Aforremos o noso asno, se queremos chegar a vellos.*

Pero o animal é tan caprichoso!

XLIII

Planchette era un home alto e fraco, verdadeiro poeta perdido nunha perpetua contemplación, observando sempre o abismo sen fondo que é o movemento.

O vulgar trata de loucura eses espíritos sublimes, seres incomprendidos que viven nunha admirable despreocupación polo luxo e polo mundo e que permanecen días enteiros ocupados en fumar un cigarro apagado, ou que acoden aos salóns sen levar nunca ben emparellados os botóns da roupa cos ollais. Pero un día, despois de ter medido durante moito tempo o baleiro, ou amontoado x baixo Aa X gC, analizan algunha lei natural, descompoñen o máis simple dos principios e, de golpe, a multitude admira unha nova máquina ou algún artefacto cuxa fácil estrutura nos asombra e nos confunde.

E o sabio modesto sorrí dicíndolle aos seus admiradores:

—Que creei eu? Nada. O home non inventa unha forza, só a dirixe e a ciencia consiste en imitar a natureza.

Rafaël sorprendeu a Planchette inmóbil e apoiado sobre as pernas coma un aforcado colgado dunha forza. O matemático examinaba unha bóla de ágata que rulaba por unha esfera solar, esperando a que parase.

Planchette non fora nin condecorado nin tiña unha pensión. O pobre home non sabía iluminar os seus cálculos. Sentíndose feliz de vivir ao axexo dunha descuberta, non pensaba nin na gloria, nin no mundo, nin en si mesmo e vivía na ciencia e para a ciencia.

—O movemento é indefinible —exclamou el.

—Ah, ah, señor —dixo vendo a Rafaël—, son o seu servidor. Como vai a súa nai? Vaia ver a miña muller.

—Podería vivir así —pensou Rafaël. Despois, tirou o sabio da súa abstracción preguntándolle o medio de actuar sobre o talismán que lle amosou.

—Podería rirse da miña credulidade, señor —díxolle o marqués terminando—, pero non lle ocultarei nada. Esta pel parécese posuír unha forza de resistencia sobre a que nada pode prevalecer.

Planchette sorriu desdeñosamente.

—Mire —dixo—, a xente común trata sempre a ciencia bastante á lixeira e todo o mundo nos di máis ou menos o que un presumido lle dicía a Lalande ao presentarlle mulleres despois da eclipse:

—Teña a bondade de repetilo.

—Pero, vexamos, que efecto quere vostede producirille? A mecánica ten como obxectivo ou ben aplicar as leis do movemento ou neutralizalas. En canto ao movemento en si mesmo, confésolle con humildade que estamos lonxe da posibilidade de definilo.

Dito isto, notamos certos fenómenos constantes que rexen a acción dos sólidos e dos fluídos e nós podemos, reproducindo as causas xeradoras destes fenómenos, chegar a transportar os corpos, transmitirles unha forza locomotriz en relación cunha velocidade determinada, lanzalos, dividilos simplemente ata o infinito, rompelos, pulverizalos e despois, facelos xirar, imprimíndolles unha rotación, modificalos; comprimilos, dilatalos, estendelos...

E toda esta ciencia, señor, repousa sobre un único feito.

Vostede ve esta bóla? —dixo— Observe... Está aquí, sobre esta pedra. Véxaa agora alí. Que nome lle daremos a este acto tan fisicamente natural e, non obstante, tan moralmente extraordinario? Movemento, locomoción, cambio de lugar? Que inmensa vaidade se oculta baixo as palabras humanas? Un nome, é entón unha solución? Velaí a ciencia, non obstante. As nosas máquinas non fan outra cousa ca descompoñer este acto, este feito. Nós podemos, con este lixeiro fenómeno, operado sobre unha masa, facer saltar París. Podemos aumentar a rapidez á custa da forza e a forza á custa da rapidez. Pero que é a forza e a rapidez? A nosa ciencia é impotente tanto para definir coma para crear un movemento, pois un movemento calquera é un inmenso poder. E o home non inventa poderes! O poder é un, coma o movemento que é a esencia mesma do poder. Todo é movemento. O pensamento é un movemento. A natureza enteira repousa sobre o

movemento. A morte non é outra cousa ca a ausencia de movemento e, se Deus é eterno, el está sempre en movemento. Deus é o movemento, quizais. Velaí por que o movemento é inexplicable coma el, coma el, profundo, sen límites, incomprendible, intanxible... Quen tocou ou comprendeu ou mediu algunha vez o movemento? Nós sentimos os seus efectos sen velo. Nin podemos negalo como negamos a Deus. Onde está? Onde non está? De onde parte? Onde está o principio? Onde está a fin? Envólvenos, apértanos e escápanos. É evidente coma un feito, escuro coma unha abstracción e todo á vez efecto e causa. El necesita coma nós o espazo e, que é o espazo? Só o movemento nolo revela e, sen movemento, non é máis ca unha palabra. Problema sen solución, parecido ao baleiro, parecido á creación, ao infinito. Confunde o pensamento humano e todo o que lle está permitido concibir ao home, o que non concibirá xamais.

—Entre cada un dos puntos sucesivamente ocupados por esta bóla no espazo —dixo o sabio— hai un abismo para a razón humana, un abismo, señor, onde caeu Pascal.

Para alterar a substancia que vostede quere someter a unha forza descoñecida, hai que estudala primeiro pois segundo a súa natureza, romperá cun choque ou resistirá a el. Se parte e a súa intención non era esa non conseguiremos o obxectivo proposto.

Se quere comprimila hai que transmitirlle un movemento igual a todas as partes da substancia de forma que diminúa uniformemente o intervalo que as separa.

Se desexa estiralas deberemos tratar de imprimirlle a cada molécula unha forza excéntrica igual, pois sen a observación exacta desta lei, producirémoslle solucións de continuidade.

Existen, señor, xeitos infinitos, combinacións sen límites no movemento, cal prefire?

—Señor —dixo Rafaël impaciente—, desexo calquera presión o bastante forte para estirar indefinidamente esta pel.

—A substancia, sendo finita —respondeu o matemático—, non poderá ser estendida indefinidamente, pero a comprensión multiplicará necesariamente a extensión da superficie á custa da espesura e farase máis fina ata que non quede materia.

—Se obtén ese resultado, señor —exclamou Rafaël—, gañará millóns.

—Roubaríalle o seu diñeiro —respondeu o profesor coa flegma dun holandés—. Voulle demostrar en dúas palabras a existencia dunha máquina baixo a que Deus mesmo quedaría esmagado coma unha mosca. Reduciría un home ao estado de papel secante, un home con botas, armado, con gravata, chapeu, ouro, xoias, todo...

—Que horrible máquina!

En lugar de botar os seus nenos á auga, os chineses deberían utilizalos así —dixo o sabio sen pensar no respecto do home pola súa proxenie.

E, fiel á súa idea, Planchette colleu unha vasilla de flores baleira, con terra vermella, furada no fondo e púxoasobre a lousa do gnomon. Despois, foi buscar un pouco de arxila a un recanto do xardín. Rafaël, estupefacto, quedou *encantado* coma un neno escoitando algunha historia marabillosa contada pola súa ama de cría.

Planchette botou a arxila sobre a lousa e, a continuación, tirando do peto unha navalla xardineira, cortou dúas ramas de sabugo e púxose a baleiralas e, mentres preparaba a súa máquina, asubiaba e cantaba coma se Rafaël non estivese alí.

—Todo está preparado —dixo.

Entón, uniu moi habilmente, cun montón de arxila, un dos tubos de madeira no fondo da maceta, de maneira que o burato do sabugo coincidira co da maceta e parecía unha enorme pipa. Despois, estendeu sobre a lousa da esfera solar unha capa de arxila na que fixo a forma dunha pala, colocou a maceta de flores na parte máis ancha e fixou a rama de sabugo sobre a porción que representaba o mango. Finalmente, metendo un puñado de arxila no extremo do tubo de sabugo, plantou a outra rama oca, verticalmente, pero formando outro ángulo para unila á rama horizontal, de xeito que o aire, ou outro fluído, puidesen circular por aquela máquina improvisada e correr, desde a boca do tubo vertical a través do canal intermedio, ata a gran vasilla de flores baleira.

—Señor, este aparello —díxolle a Rafaël coa seriedade dun académico que pronuncia o seu discurso de recepción, é unha das leis máis belas do gran Pascal que tanto admiramos.

—Non comprendo.

O sabio sorriu.

Foi desatar dunha árbore froiteira unha pequena botella na que o farmacéutico lle enviara un líquido para exterminar as formigas; rompeulle o fondo para que quedase coma un funil, adaptouno coidadosamente ao burato da rama oca que fixara verticalmente na arxila, en oposición ao grande depósito formado pola vasilla de flores e, no medio dunha regadeira, verteu a cantidade de auga necesaria para que chegase ao bordo tanto na vasilla coma na pequena boca circular do sabugo.

Rafaël pensaba na súa pel de lixa.

—Señor —díxolle o mecánico—, a auga segue considerándose un corpo incompreensible. Non esqueza o principio fundamental. Non obstante, comprímese, pero tan lixeiramente que debemos contar a súa facultade contráctil coma cero.

—Vostede ve a superficie que presenta a auga que chega ao bordo da maceta?

—Si, señor.

—Ben, supoña que esta superficie é mil veces máis extensa ca o orificio da rama de sabugo polo que vertín o líquido. Mire, retiro o funil.

—De acordo.

—Ben, señor, se por un medio calquera aumento o volume desta masa introducíndolle auga polo orificio do tubiño, o fluído, obrigado a descender, subirá no reservorio formado pola maceta ata que o líquido chegue a un mesmo nivel nun e noutro.

—Iso é evidente —exclamou Rafaël.

—Pero hai diferenza —dixo o sabio—, se a delgada columna de auga engadida no tubiño vertical representa unha forza igual ao peso dunha libra, por exemplo, como a súa acción se transmitirá fielmente á masa líquida e actuará sobre todos os puntos da superficie da maceta, encontrará mil columnas de auga que, tendendo a elevarse coma se estivesen lanzadas por unha forza igual á que fai descender o líquido no bastón de sabugo vertical, producirán necesariamente aquí —dixo Planchette amosándolle a Rafaël a abertura da vasilla de flores— unha forza mil veces máis considerable ca a exercida alá —e o sabio indicáballe co dedo ao marqués o tubo cravado de pé na arxila.

—Iso é moi simple —dixo Rafaël.

Planchette sorriu.

—Noutros termos —dixo cunha tenacidade matemática—, para rexeitar a irrupción da auga, habería que desprezar, sobre cada parte da gran superficie, unha forza igual á forza actuante no conduto vertical pero, tendo en conta que a columna líquida ten a altura dun pé, as mil pequenas columnas da superficie grande non terán máis ca unha leve elevación.

—Agora —dixo Planchette dándolle un golpe aos bastóns—, substituíamos ese pequeno aparello grotesco por tubos metálicos dunha forza e dunha dimensión convenientes. Se sobre cunha forte platina móbil a superficie fluída do recipiente e, a esa platina lle opón outra dunha forte resistencia e solidez, e se me concede o poder de engadirlle auga sen parar polo tubiño vertical á masa líquida, o obxecto, collido entre os dous planos sólidos, debe necesariamente ceder á inmensa acción que o comprime indefinidamente.

Agora ben, introducir constantemente auga por un tubiño é unha parvada en mecánica así como o xeito de transmitirle a forza da masa líquida a unha platina: dous pistóns e algunhas válvulas son suficientes.

Entón, pense, meu querido señor —dixo collendo o brazo de Valentin— que apenas existe substancia que, collida entre dúas resistencias indefinidas, non sexa fatalmente obrigada a estenderse.

—Como!, o autor das *Cartas provinciais* inventou —exclamou Rafaël.

—El só, señor. A mecánica non coñece nada máis simple nin máis bonito. O principio contrario, a expansibilidade da auga creou a máquina de vapor. Pero a auga só é expansible ata un certo grao, mentres que a súa incompresibilidade, sendo unha forza dalgún xeito negativa, é necesariamente infinita.

—Se esta pel estira —dixo Rafaël— prométole unha estatua colosal na Blaise Pascal; fundar un premio de cen mil francos para o problema máis interesante de mecánica resolto cada dez anos, dotar os seus curmáns e primos segundos e construír un asilo destinado aos matemáticos que se volvan tolos.

—Iso sería moi útil —dixo Planchette.

—Señor —dixo coa mesma calma dun home que vive nunha esfera absolutamente intelectual—, mañá iremos á casa do gran mecánico Spieghalter que acaba de confeccionar, seguindo os meus plans, unha máquina perfeccionada coa que un neno pode meter cen feixes de feo nun chapeu.

—Ata mañá, señor.

—Ata mañá.

—Fáleme de mecánica —exclamou Rafaël—. Non é a máis bonita de todas as ciencias? O outro cos seus onagros, as súas clasificacións, os seus patos, os seus xéneros e os seus tarros cheos de monstros, serve como moito para marcar os puntos nun billar público.

XLIV

Ao día seguinte Rafaël, totalmente feliz, veu buscar a Planchette e foron xuntos pola rúa da Santé, nome de favorable agoiro.

Entrando na casa de Spieghalter, o mozo encontrouse nun establecemento inmenso, no que as miradas caeron sobre unha multitude de forxas acesas e que ruxían. Había alí unha chuvía de lume, un diluvio de cravos, un océano de pistóns, de parafusos, de pancas, de torcas, de limas e de aceiros en barras. As limaduras afectaban a gorxa. Había ferro no ambiente, os homes estaban cubertos de ferro e todo fedía a ferro. O ferro tiña unha vida, estaba organizado, fluidificábase, movíase, pensaba collendo todas as formas e obedecendo todos os caprichos.

En fin, a través dos ouleos dos foles, os crescendo dos martelos e os asubíos dos tornos que facían ruxir o ferro, chegou a unha gran sala, limpa e ben aireada, onde puido contemplar ao seu gusto a prensa inmensa da que Planchette lle falara. Admirou as barras metálicas e as xemelgas de ferro unidas por un núcleo indestrutible.

—Se xira sete veces esta manivela con rapidez —díxolle Spieghalter amosándolle un volante de ferro puído—, fará xurdir da prancha de aceiro milleiros de chorros que se lle cravarán nas pernas coma agullas.

—Peste! —exclamou Rafaël.

Planchette colocou el mesmo a pel de lixa entre as dúas platinas da infernal prensa e coa seguridade que dan as conviccións científicas, manobrou vivamente o volante.

—Agáchense todos. Estamos mortos —gritou Spieghalter cunha voz tronante botándose el mesmo ao chan.

Un asubío resoou nos talleres. A auga contida na máquina, fixo saltar a prancha, produciu un surtidor dunha increíble potencia e dirixiuse felizmente sobre unha vella forxa que derrubou, alterou e retorceu coma cando unha tromba envolve unha casa e a leva con ela.

—Oh, oh —dixo tranquilamente Planchette—, a lixa está intacta coma o meu ollo. Mestre Spieghlater, había unha palla na fundición ou un intersticio no tubo.

—Non, non, coñezo a miña fundición. O señor pode levar o seu útil. O demo está nel.

O alemán, furioso, colleu un martelo de ferreiro, tirou a pel sobre unha zafra e con toda a forza que dá a cólera, descargou sobre o talismán o golpe máis terrible que nunca bramou nos talleres.

—Nin sequera un sinal... —exclamou Planchette sorprendido e acariñando a lixa rebelde.

Os obreiros acudiron. O contramestre colleu a pel, somerxeuna sobre carbón cunha forxa e todos, colocados en semicírculo ao redor do lume, esperaron con impaciencia a acción dun enorme fol.

Rafaël, Spieghalter e o profesor Planchette ocupaban o centro daquela multitude negra e atenta. Ao contemplar os ollos brancos, as cabezas cheas do po do ferro, a roupa negra e brillante e os peitos peludos, Rafaël creuse transportado ao mundo nocturno e fantástico das baladas alemás.

O contramestre agarrou a pel con pinzas despois de deixala no lume durante dez minutos.

—Devólvama —exclamou Rafaël.

O contramestre deulla de broma a Rafaël quen a manipulou facilmente, pois baixo os seus dedos era suave e dúctil.

Elevouse de todas partes un grito de horror. Os obreiros fuxiron e Valentin quedou só con Planchette no taller deserto.

—É certo, hai algo de diabólico nela —exclamou Rafaël desesperado—Ningún poder humano poderá dar-me entón un día máis.

—Señor, equivoqueime —respondeu o matemático cun aire contrito—. Debemos someter esta pel singular á acción dun laminador. Onde demo tiña eu a cabeza cando lle propoñía unha presión?

—Fun eu quen llo pediu —replicou Rafaël.

O sabio respirou coma un culpable saldado polo xurado.

—Hai que tratar esta substancia descoñecida mediante reactivos —dixo friamente Planchette despois dun momento de silencio—. Vaíamos ver a Japhet. Quizais a química sexa máis sabia ca a mecánica.

Valentin puxo o seu cabalo a galope, coa esperanza de encontrar o famoso químico Japhet no seu laboratorio.

—Ben, meu vello amigo —dixo Planchette vendo a Japhet, sentado nunha cadeira de brazos e contemplando un precipitado—, como vai a química?

—Adormecida, nada novo. A academia recoñeceu, non obstante, a existencia da salicina, pero a salicina, a asperxina, a vauquelina, a dixitalina, non son descubrimentos...

—Dado que non poden inventar cousas —dixo Rafaël—parece que se ven reducidos a inventar nomes.

—Iso é certo, mozo.

—Mire —díxolle o profesor Blanchette ao químico—, intente descompoñer esta substancia. Se extrae de aí un principio calquera, nomeareino de entrada: a *diabolina*. Querendo comprimila acabamos de romper unha prensa hidráulica.

—Vexamos, vexámola —exclamou alegremente o químico—. Quizais sexa un novo corpo simple.

—Señor —dixo Rafaël—, é simplemente un anaco de pel de asno.

—Señor —dixo gravemente o célebre químico—, señor...

—Non estou de broma —replicou o marqués ensinando a lixa.

O barón Japhet aplicou, sobre a pel, as papilas e as borlas nerviosas da súa lingua tan hábil para degustar os sales, os ácidos, os álcalis, os gases e dixo despois dalgúns intentos:

—Non ten sabor. Vexamos, imos botarlle un pouco de ácido fotórico.

Sometida á acción deste principio, tan rápido a descompoñer os tecidos animais, a pel non sufriu ningunha alteración.

—Isto non é lixa —exclamou o químico—. Imos tratar este misterio coma un mineral e dominarémolo meténdoo nun crisol infusible onde teño precisamente potasa vermella.

Japhet saíu e volveu rápido.

—Señor —díxolle a Rafaël—, déixeme cortar un anaco desta singular substancia... É extraordinaria.

—Un anaco! —exclamou Rafaël—. Nin sequera o tamaño dun pelo! De todos os xeitos inténteo! —engadiu cun aire á vez triste e irónico.

O sabio rompeu unha navalla querendo encetar a pel. Entón intentou rompela mediante unha descarga eléctrica e despois someteuna á acción da pila voltaica pero, á fin, a súa ciencia fracasou contra o terrible talismán.

Eran as sete da tarde. Planchette, Japhet e Rafaël non se decataram do paso do tempo, esperando o resultado dun último experimento. A lixa saíu vitoriosa dun

espantoso choque ao que fora sometida grazas a unha cantidade razoable de pólvora fulminante.

—Estou perdido! —exclamou Rafaël—. Isto é cousa de Deus. Vou morrer.

Abandonou os dous sabios estupefactos.

—Gardémonos de contar esta aventura no Instituto pois os nosos colegas burlaríanse de nós —díxolle Planchette ao químico despois dunha longa pausa durante a cal se miraron sen ousar comunicarse os seus pensamentos.

Estaban coma dous cristiáns que saen das súas tumbas sen encontrar a Deus no ceo.

—A ciencia?

—Impotente!

—Os ácidos?

—Auga clara!

—A potasa vermella?

—Desacreditada!

—A pila voltaica e as chispas?

—Dous xoguetes!

—Unha prensa hidráulica fendida! —engadiu Planchette—. Fendida en mil anacos!

—Eu creo no demo —dixo o barón Japhet tras un momento de silencio.

—E eu en Deus! —respondeu Planchette.

Ambos cumprían o seu papel. O universo é unha máquina, a química a obra do demo que vai descompoñendo todo.

—Nós non podemos negar o feito! —dixo o químico.

—Bah, os doutrinarios crearon, para consolarnos, o nebuloso axioma *Tan absurdo coma un feito!*

—O teu axioma —dixo o químico— paréceme *tan absurdo coma un feito*.

Botáronse a rir e cearon coma persoas que non ven máis ca un fenómeno nun milagre.

XLV

Volvendo á casa, Valentin sentía unha rabia fría. Xa non cría en nada. As ideas mesturábanse no seu cerebro, xiraban e vacilaban coma as de todo home en presenza dun feito imposible. Crería de boa gana nalgún defecto secreto da máquina de Spieghalter. A impotencia da ciencia e do lume non lle estrañaban pero a flexibilidade da pel cando el a manexaba e a súa dureza cando os medios de destrución postos á disposición do home foran dirixidos sobre ela espantábano e este feito incontestable dáballe vertixe.

—Estou tolo! —dixo para si cando entraba na súa casa—. Non teño nin fame, nin sede, sinto no meu peito un lume que me queima.

Puxo a pel de lixa no cadro no que antes estivera pechada e, despois de percibir, de novo, mediante unha liña de tinta vermella, o contorno actual do talismán, sentouse na súa cadeira de brazos.

—Xa son as oito! —exclamou—. Este día pasou coma un soño.

Acobadándose sobre o brazo da cadeira, apoiou a cabeza na man esquerda e quedou perdido nunha desas meditacións fúnebres, neses pensamentos devoradores cuxo segredo levan á tumba os condenados a morte.

Nese momento oíu claramente, un suspiro afogado e recoñeceu por un deses sorprendentes privilexios da paixón, o alento de Pauline.

—Oh —díxose—, velaí a miña sentenza. Se estivese aquí, queredría morrer nos seus brazos.

Unha gargallada, franca e feliz, fíxolle xirar a cabeza cara ao seu leito e viu, a través das nubes das cortinas diáfanas, a figura de Pauline, sorrindo coma un neno, feliz dunha malicia que triúnfa. O seu fermoso pelo formaba milleiros de rizos que lle caían polas costas e parecía unha rosa de Bengala, sobre un leito de rosas brancas.

—Subornei a Jonathas —dixo ela— pois, esta cama non me pertence, a min que son a túa esposa? Non me rifes, querido, só quería durmir preto de ti, darche unha sorpresa. Oh, perdoa esta loucura.

Despois, saltando fóra da cama, cun movemento felino, amosouse radiante, vestida de muselina e, sentándose sobre os xeonllos de Rafaël:

—De que abismo falabas, meu amor? —dixo deixando ver sobre a súa fronte unha expresión preocupada.

—Da morte, miña querida.

—Ti fasme mal —respondeu ela—. Nós, pobres mulleres, somos débiles e hai certas ideas ante as que non nos podemos parar porque nos matan non sei se por causa do amor ou por falta de coraxe. Non obstante, a morte non me asusta —dixo ela rindo—. Morrer contigo, mañá pola mañá, xuntos, nun derradeiro bico, sería unha felicidade. Que importa o número de días, se, nunha noite, nunha hora, esgotamos toda unha vida de paz e de amor?

—Tes razón —exclamou Rafaël—, o ceo fala pola túa fermosa boca. Dáma para que a bique, e morramos.

—Morramos —dixo ela rindo.

XLVI

Cara ás nove da mañá, a luz, que pasaba a través das fendas das persianas, coloreaba feblemente a muselina das cortinas e permitía ver as brillantes cores dos tapices e o tapizado de seda do cuarto onde repousaban os esposos. Escintilaban algúns reflexos dourados e un raio de sol viña morrer sobre o edredón mol de seda amarela que os xogos de amor tiraran no chan. Colgada dun espello, a roupa de Pauline parecía unha vaporosa aparición e, por baixo, estaban tirados, con neglixencia, os seus bonitos zapatos de satén. O silencio profundo que reinaba naquel templo de amor foi turbado por un rousinol que se veu pousar sobre a varanda. Os murmurios repetidos e o ruído que fixeron as súas ás, repentinamente despregadas cando tomou voo, espertaron a Rafaël.

—Para morrer —dixo acabando un pensamento que comezara durante os soños—, cómpre que o meu organismo, este mecanismo de carne e de óso animado pola miña vontade e que fai de min un individuo *home*, teña unha lesión sensible. Os médicos deben coñecer os síntomas da vitalidade, da morte e poderán dicirme se estou san ou enfermo.

Contemplou a Pauline que, durmindo, collíalle a cabeza, expresando así, mesmo durante o soño, as tenras solicitudes do amor. Graciosamente estendida coma un neno e co rostro cara ao seu amigo, parecía observalo aínda e tenderlle a súa bonita boca entreaberta que deixaba pasar un alento compasado e puro. Os pequenos dentes de porcelana poñían de relevo o vermello dos seus labios frescos sobre os que erraba un sorriso. O encarnado da súa pel estaba máis vivo e tamén o branco, por así dicir, máis branco nese momento ca nas horas máis amorosas do día. O seu abandono, a súa graciosa postura pintaban una inocente confianza que unía ao encanto do amor, os adorables trazos da infancia adormecida. Mesmo as mulleres máis naturais obedecen aínda durante o día a certas convencións sociais que encadean a súa inxenuidade, as expansións vivas da súa alma e dos seus movementos; pero o sono parece devolvelas por graos á casta soltura, ao repentino da vida que decoran a primeira idade. Pauline

estaba así, sen ruborizarse por nada coma unha desas queridas e celestes criaturas ás que a razón aínda non lanzou nin pensamentos nos xestos nin segredos na mirada.

O seu divino perfil destacaba sobre a fina batista das almofadas e os encaixes, mesturándose cos seus cabelos en desorde, dábanlle un certo aire pícaro. Parecía ter quedado durmida no pracer. As súas longas pestanas miraban cara á meixela coma para protexer os seus ollos dunha luz intensa ou para axudarlle a ese recollemento da alma cando intenta reter unha voluptuosidade perfecta pero fuxitiva. A súa orella graciosa, branca e rosada, encadrada por un mecha de cabelos e deseñada nun gorriño de encaixes, volvería tolo de amor un artista, un pintor, un vello e podería devolverlle, quizais, a razón a algún insensato.

Oh, ver a súa amante durmida, pola mañá, rindo mentres soñaba, apracible baixo a súa protección, amándoo mesmo en soños, no momento no que a criatura parece deixar de ser e ofrecéndolle aínda unha boca muda que, en soños falan do último bico. Ver unha muller confiada, medio espida, pero envolvida no seu amor coma nun abrigo e casta no seo da desorde; admirar a súa roupa espaxada, unhas medias de seda rapidamente quitadas a véspera para compracer, un corsé desabrochado, cuxo bucle de ouro, tirado no chan, acusaba unha paixón e unha fe sen límites. Non é esta unha alegría sen nome? Este corsé é un poema enteiro: a muller que protexía xa non existe, pertécenos, ela fíxose nós e, no sucesivo, traizoala é ferirnos a nós mesmos.

Rafaël sentiuse entenrecido contemplando o cuarto ebrio de amor, cheo de recordos e no que o día tomaba matices voluptuosos, onde todo parecía misterioso. Aquela bela muller de formas puras, mozas, amante aínda e cuxos sentimentos lle pertencían... Desexou vivir eternamente.

Cando a súa mirada caeu sobre Pauline, esta abriu os ollos coma se un raio de sol a golpease.

—Bos días, meu amigo! —dixo sorrindo—. Que guapo estás, malo!

As dúas cabezas tiñan unha graza inexplicable, debida ao amor e á xuventude, ao mediodía e ao silencio. Representaban unha desas divinas escenas cuxa maxia pasaxeira pertence aos primeiros días da paixón, coma a inxenuidade e o candor son os atributos

da infancia. Si, as alegrías primaverais do amor e os risos da nosa xuventude deben fuxir e non vivir máis ca no noso recordo para, á vontade das nosas meditacións senís, desesperarnos ou tirarnos algún perfume consolador.

—Oh, por que espertaches? —dixo Rafaël—. Gustábame tanto verte durmir que case choraba!

—Eu tamén —respondeu ela— esta noite chorei contemplándote durmido, pero non de alegría. Escoita, meu Rafaël, escóitame: cando dormes, a túa respiración altermase e no teu peito hai algo que resoa. Dáme medo. Tes, mesmo durante o soño, unha tosiña seca moi semellante á do meu pai que morreu de tise e no ruído dos teus pulmóns, recoñecín algúns dos raros síntomas desta enfermidade. Ademais, tiñas febre. Estou segura. A túa man estaba húmida e fervía.

—Querida, ti es nova —dixo el tremendo—. Aínda poderías curarte se por desgraza...

—Non —exclamou alegremente—, non hai desgraza, pois a enfermidade contráese din os médicos.

E abrazou a Rafaël; despois, aspirando o seu alento nun bico cálido de amor, un deses bicos nos que está a alma enteira...

—Non desexo chegar a vella! —dixo ela—. Morrer novos os dous e ir ao ceo coas mans cheas de flores...

—Eses plans fanse cando se ten boa saúde —respondeu Rafaël despregando as mans polo cabelo de Pauline para acariñarlle a cabeza.

Nese momento Rafaël sufriu un terrible acceso de tose, unha desas graves e sonoras toses que parecen saír dun ataúde, que fan palidecer a fronte dos enfermos e que nos deixan a tremer e a suar, despois de remover todo o sistema nervioso, sacudir as costas, fatigar a medula espiñal e imprimir non sei que gravidez nas veas.

Rafaël, abatido e pálido, deitouse lentamente, atafegado coma un home cuxa forza foi disipada nun último esforzo.

Pauline, observándoo cunha mirada fixa e agrandada polo medo, permanecía inmóbil, pálida e silenciosa.

—Non fagamos máis loucuras, meu anxo! —dixo ela á fin, querendo ocultarlle a Rafaël os horribles presentimentos que a axitaban.

Despois tapou o rostro coas mans, pois percibía o odioso esqueleto da morte.

A cabeza de Rafaël estaba lívida e afundida coma un cranio arrincado das profundidades dun cemiterio para ser útil para os estudos dun sabio.

Pauline, acordándose da exclamación que lle escapara na véspera a Valentin, dixo para si:

—Si, hai abismos que o amor non pode franquear pero debe enterrarse neles.

Os dous esposos gardaban silencio. Xa non xogaban. Pauline convertérase nunha nai para o seu marido.

XLVII

Algúns días despois desta escena de desolación, Rafaël encontrábase, nunha mañá do mes de marzo, sentado nunha cadeira de brazos, rodeado de catro médicos que o puxeran á luz, diante dunha fiestra do seu cuarto e, volta a volta, tenteábanlle o pulso, apalpábano, interrogábano cunha aparencia de interese e de sagacidade.

O enfermo, pálido e triste, axexaba os seus pensamentos, interpretando tanto os seus xestos coma os menores pregos que se formaban na súa fronte.

Aquela consulta era a última esperanza. E aqueles homes, xuíces supremos, ían pronunciar unha sentenza de vida ou de morte.

Para arrincarlle á ciencia humana a súa última palabra, Valentin convocara os oráculos da medicina moderna. Grazas á súa fortuna e ao seu nome, estaban ante el os representantes dos tres sistemas entre os que flotan os coñecementos humanos.

Tres daqueles doutores levaban con eles toda a filosofía médica e representaban admirablemente ben o combate que libraban, naquel momento, a espiritualidade, a análise e non sei que eclecticismo burlón.

En canto ao cuarto médico, era un home cheo de futuro e de ciencia, quizais o máis distinguido dos alumnos internos do Hotel Deus, honesto e modesto deputado da estudiosa xuventude que se prepara para recoller a herdanza dos tesouros amasados desde hai cincuenta anos pola Universidade de París e que talvez construíra o monumento para o cal os séculos precedentes achegaron materiais diversos.

Amigo do marqués e o seu colega de colexio, coidábo desde había unha semana e axudáballo a responder ás preguntas dos tres profesores aos que lles explicaba por veces, e con insistencia, algúns diagnósticos que lle sorprendían e que lle parecían revelar os progresos dunha tise pulmonar.

—Vostede debeu cometer moitos excesos, levou unha vida disipada ou entregouse a intensos traballos intelectuais? —díxolle a Rafaël un dos tres célebres doutores cuxa cabeza cadrada, ancho rostro e forte complexión lle parecían anunciar un xenio superior ao dos antagonistas.

—Quixen matarme pola disolución, despois de traballar durante tres anos nunha vasta obra da que quizais un día se ocupe —respondeulle Rafaël.

O gran doutor sacudiu a cabeza en sinal de satisfacción e coma se o dixese para si mesmo: "Estaba seguro".

Aquel doutor era o ilustre Brisset, o xefe dos organistas, o sucesor dos Cabanis e dos Bichat, o médico dos espíritos positivos e materialistas que ven no home un ser finito, suxeito ás leis da súa propia constitución e cuxo estado normal ou anomalías deleterias se poden explicar ben por causas evidentes, ben por desordes físicas.

Ante esta resposta, Brisset mirou silenciosamente un home de talle medio cuxo rostro púrpura e mirada ardente parecían pertencer a algún sátiro antigo e que, coas costas apoiadas sobre o ángulo da parede, no couzón da ventá, contemplaba atentamente a Rafaël sen dicir unha palabra.

Este, home de exaltación e de crenza, era o doutor Caméristus, xefe dos vitalistas, o Vítor Cousin ou, mellor dito, o Ballanche da medicina, poético defensor das doutrinas abstractas de Van Helmont. Vía, na vida humana, un principio elevado, secreto, un fenómeno inexplicable que se burla dos bisturís, que engana a cirurxía, que escapa dos medicamentos da farmacéutica, dos X da álgebra, das demostracións da

anatomía, que se ri dos nosos esforzos, especie de chama impalpable, intanxible, invisible, sometida a algunha lei divina e que queda frecuentemente no medio dun corpo condenado por un diagnóstico, ou abandona os organismos máis viables.

Un sorriso sardónico erraba sobre os beizos do terceiro. Era o doutor Maugredie, de espírito distinguido pero escéptico, burlón que non cría máis ca no escalpelo, que lle concedía a Brisset a morte dun home que se encontraba de marabilla e que recoñecía con Caméristus que un morto podía vivir moito tempo. Encontraba algo bo en todas as teorías, pero non adoptaba ningunha e pretendía que o mellor sistema médico era o de non ter que someterse aos feitos. Era o Panurge da Escola, o rei da observación, o grande explorador, o gran burlón, o home das tentativas desesperadas.

Examinaba a pel de lixa.

—Gustaríame ser testemuño da coincidencia que existe entre os seus desexos e o seu encollemento—díxolle ao marqués.

—Para que? —preguntou Brisset.

—Para que? —repetiu Caméristus.

—Ah, vostedes están de acordo? —dixo Maugredie.

—Esta contracción é moi simple —engadiu Brisset.

—É sobrenatural —dixo Caméristus.

—En efecto —replicou Maugredie adoptando un aire grave e devolvéndolle a Rafaël a súa pel de lixa—, o encollemento das peles é un feito inexplicable e, non obstante, natural que desde a orixe do mundo, xera a desesperación da medicina e das mulleres bonitas.

A forza de examinar os tres doutores, Valentin non descubriu neles ningún interese polos seus males. Gardando silencio coma resposta, apalpándoo mesmo con indiferenza, preguntábanlle, pero sen compadecelo. Había indolencia na súa educación e, fose certeza, fose reflexión, as súas palabras eran raras, indolentes e, por momentos, Rafaël creu que estaban distraídos.

Só Brisset respondía de vez en cando “Ben, ben” a todos os síntomas alarmantes cuxa existencia confirmaba o médico novo.

Caméristus permaneceu sumido nunha profunda meditación.

Maugrédié parecía un autor cómico que estuda os orixinais para transportalos fielmente á escena.

Pero a expresión de Prosper traizoaba unha pena profunda, unha compaixón chea de tristeza. Como era médico desde había pouco tempo, aínda non se voviera insensible ante a dor nin impasible a carón dun leito fúnebre, e non sabía apagar nos seus ollos as lágrimas amigas que lle impiden a un home ver claro e coller, coma un xeneral armado, o momento propicio á vitoria, sen escoitar os gritos dos moribundos.

Despois de estar media hora a tomarlle, dalgunha maneira, a medida á enfermidade e ao enfermo, coma un xastre lle toma a dun traxe a un mozo que lle pide a roupa para o casamento, dixeron algúns lugares comúns, falaron mesmo de asuntos políticos e deseguido, quixeron pasar ao despacho de Rafaël para discutir as súas ideas e redactar a sentenza.

—Señores —díxolles Valentin—, non podo asistir ao debate?

Ante isto, Brisset e Maugredie protestaron e a pesar das instancias do enfermo, negáronse a deliberar na súa presenza. Rafaël someteuse ao costume pensando que podería agocharse nun corredor desde onde oiría facilmente as discusións médicas ás que os tres profesores se ían entregar.

—Señores —dixo Brisset entrando—, permítanme que lles dea rapidamente a miña opinión. Non quero nin impórrela nin vela controvertida: primeiro, porque é clara, precisa e resulta dunha similitude completa entre un dos meus enfermos e o caso para o que fomos chamados para examinar; despois, porque me esperan no hospital. A importancia do feito que reclama a miña presenza, escusarame de coller, o primeiro a palabra. *O suxeito* que nos ocupa está igualmente fatigado polo esforzo intelectual.

—Que fixo entón, Prosper? —dixo dirixíndose ao novo médico.

—Unha teoría da vontade.

—Ah, demo! Ese é un tema amplo...

Despois dixo:

—Está canso, digo, polos excesos do pensamento, polos extravíos do réxime e polo emprego repetido de estimulantes demasiado enérxicos. A acción violenta do corpo e do cerebro viciou o funcionamento de todo o organismo.

É fácil, señores, recoñecer, nos síntomas da cara e do corpo, unha irritación grave no estómago, a neurose do gran simpático, a viva sensibilidade do epigastrio e a contracción dos hipocondrios. Vostedes notaron o grosor e a protuberancia do fígado. En fin, o señor Prosper observou constantemente as dixestións do seu enfermo e díxonos que eran difíciles, laboriosas...

Para falar con propiedade, xa non existe estómago. Desapareceu o seu ser corpóreo. O intelecto está atrofiado porque o home xa non dixire. O epigastrio é o centro da vida. A súa alteración progresiva viciou todo o sistema e de aí as irradiacións constantes e flagrantes. A desorde afectou o cerebro polo plexo nervioso de onde vén a irritación excesiva deste órgano. Padece monomanía, é dicir, o enfermo está baixo o peso dunha idea fixa.

Para el, esta pel de lixa encóllese realmente, quizais sempre foi coma a vimos nós, pero, que se contraía ou non, esta *lixa* é para el coma a mosca que certo gran visir tiña sobre o nariz.

Métanlle enseguida samesugas no epigastrio, calmen a irritación deste órgano básico, poñan o enfermo a réxime e a monomanía cesará.

Non lle direi nada máis ao doutor Prosper, el debe determinar o conxunto e os detalles do tratamento. Quizais haxa complicacións, as veas respiratorias están igualmente irritadas, pero creo que o tratamento do aparello dixestivo é moito máis importante, máis necesario e máis urxente ca o dos pulmóns. O estudo tenaz de materias abstractas e das paixóns violentas produciron graves perturbacións no mecanismo vital. Non obstante, aínda é a tempo de endereitar os nervios; nada está demasiado adulterado.

—Vostede pode entón salvar facilmente o seu amigo —díxolle a Prosper.

—O noso sabio colega toma o efecto pola causa —respondeu Caméristus—. Si, as alteracións, tan ben observadas por el, existen no enfermo pero o estómago non estableceu gradualmente as radiacións no organismo e no cerebro, coma as que forma

unha fisura nun vidro. Tivo que haber un golpe para romper o vidro. E este golpe, quen o deu?, sabémolo?, observamos suficientemente o enfermo?, coñecemos todos os accidentes da súa vida?

Señores, o principio vital, o *principio da vida* de Van Helmont está afectado nel, a vitalidade mesma está atacada na súa esencia. O escintileo divino, a intelixencia transitoria que lle serve de unión á máquina, que produce a vontade, a consciencia da vida, cesou de regularizar os fenómenos cotiáns do mecanismo e as funcións de cada órgano e de aí proveñen as desordes tan ben apreciadas polo meu douto colega. O movemento non vai do epigastrio ao cerebro senón do cerebro ao epigastrio.

—Non —dixo el golpeándose con forza no peito—, non, non son un estómago feito home. Non, non todo está aí. Non me sinto con coraxe para dicir que se eu teño un bo epigastrio, o resto está en forma.

—Non podemos —dixo el suavemente— someter a unha mesma causa física e a un tratamento uniforme as desordes graves que lle acaecen aos diferentes suxeitos máis ou menos gravemente afectados. Ningún home se parece. Todos temos órganos particulares, diversamente afectados, diversamente desenvolvidos e propios para desempeñar misións diferentes, para desenvolver temas necesarios nunha orde de cousas que nos é descoñecida. A parte do gran todo que opera grazas a unha vontade superior e mantén en nós o fenómeno da animación, fórmulase dunha maneira distinta e fai dun home, un ser en aparencia finito, pero que, por un momento, coexiste nunha causa infinita. Do mesmo xeito, debemos estudar cada suxeito separadamente, penetralo, recoñecer en que consiste a súa vida, cal é o poder dela.

Desde a moleza dunha esponxa mollada ata a dureza dunha pedra pómez, hai matices infinitos. Velaí o home. Entre os organismos esponxosos dos linfáticos e o vigor metálico dos músculos dalgúns homes destinados a unha vida longa, cantos erros non cometerá o sistema único, implacable, da cura polo abatemento, pola prostración das forzas humanas que vostede supón sempre irritadas?

Aquí entón, requiriríase un tratamento completamente moral, un exame profundo do ser íntimo. Imos buscar a causa do mal nas entrañas da alma e non nas entrañas do corpo. Un médico é un ser inspirado, dotado dun xenio particular, a quen Deus lle concede o poder de ler na vitalidade como lles dá aos profetas ollos para

contemplan o futuro, ao poeta a facultade de evocar a natureza e ao músico, a de arranxar os sons nunha orde harmoniosa, cuxo modelo se encontra nas alturas...

—Iso é medicina absolutista, monárquica e relixiosa —murmurou Brisset.

—Señores —dixo rapidamente Maugredie afogando con prontitude a exclamación de Brisset—, non perdamos de vista o enfermo...

—Velaí entón a onde chegou a ciencia —exclamou tristemente Rafaël—. A miña cura flota entre un rosario e unha restra de samesugas, entre o bisturí de Dupuytren e a oración do príncipe Hohenlohe. Maugredie está aí, dubidando sobre a liña que separa o feito da palabra, a materia do espírito,... O *si* e o *non* humano perséguenme por todos os sitios. Sempre o *Carymary*, *Carymara* de Rabelais. Estou espiritualmente enfermo?, *carymary!*; ou materialmente enfermo? *carymara!* Vivirei? Eles non saben nada. Polo menos Planchette era máis franco cando me dixo “non sei”.

Nese momento, Valentin oíu a voz do doutor Maugredie.

—O enfermo é monomaniático! Ben, de acordo —exclamou—, pero ten duascenas mil libras de renda, estes monomaniáticos son moi raros e debémoslle polo menos unha opinión. En canto a saber se o seu epigastrio actuou sobre o seu cerebro ou o cerebro sobre o epigastrio, quizais poidamos verificar o feito cando estea morto. Resumamos entón: está enfermo, o feito é incontestable. Agora ben, necesita algún tratamento. Deixemos as doutrinas. Metámoslle as samesugas para calmar a irritación intestinal e a neurose sobre a existencia das cales estamos de acordo, a continuación enviémolo a un balneario e así actuaremos á vez sobre os dous sistemas. Se sofre pulmonía, non podemos salvalo así que...

Rafaël abandonou rapidamente o corredor e volveu colocarse na cadeira de brazos. Ao momento, en efecto, os catro médicos saíron do despacho e Prosper, tomando a palabra, díxolle:

—Estes señores recoñeceron unanimemente a necesidade dunha aplicación inmediata de samesugas no estómago e a urxencia dun tratamento á vez físico e moral.

—Nun principio un réxime dietético co fin de calmar a irritación do seu organismo.

Aquí Brisset fixo un sinal de aprobación.

—Despois, un réxime hixiénico para actuar sobre a súa moral polo que lle aconsellamos unanimemente ir ás augas de Aix, en Savoia, ou do Mont-d’Or, en Auvernia, se vostede prefire. O aire e as paraxes de Savoia son máis agradables ca os do Cantal. En fin, escolla vostede.

Aí, o doutor Cameristus deixou escapar un xesto de asentimento.

—Estes señores —dixo Prosper—, despois de recoñecer lixeiras alteracións no aparello respiratorio, estiveron de acordo na utilidade das miñas anteriores prescricións. Pensan que a súa cura é fácil e que dependerá do emprego sabio e alternativo deses diversos medios e...

—E velaí por que a súa filla é muda —dixo Rafaël sorrindo e levando a Prosper ao seu despacho para pagarlle a inútil consulta.

—Eles son lóxicos —respondeulle Prosper—. Caméristus sente, Brisset examina e Maugredie dubida. O home, non ten unha alma, un corpo e unha razón? Unha das tres causas primeiras actúa en nós con máis ou menos forza, e sempre haberá algo do home na ciencia humana. Creme, Rafaël, nós non curamos, nós axudamos a curar ou a morrer. Entre a medicina de Brisset e a de Caméristus encóntrase aínda a medicina expectante pero para practicar esta con éxito, habería que coñecer o enfermo desde hai dez anos. No fondo da medicina hai unha negación coma en todas as ciencias. Trata de vivir con prudencia e intenta viaxar a Savoia; pois o mellor é e será sempre confiar na natureza.

Rafaël marchou para as augas de Aix.

XLVIII

Á volta do paseo e nunha bonita tarde de primavera, todas as persoas que viñeran ás augas de Aix se encontraban reunidas nos salóns do Casino.

Sentado cerca dunha fiestra e de costas ao grupo, Rafaël permaneceu moito tempo só, sumido nunha desas meditacións maquinais, durante as cales os nosos

pensamentos nacen, se encadean e se esvaecen sen revestir formas, pasando en nós coma lixeiras nubes apenas coloreadas. Entón, a tristeza é doce, a alegría vaporosa e a alma está case adormecida.

Deixándose levar pola sensualidade, abandonándose ao aire puro e perfumado das montañas, Valentin bañábase na tibia atmosfera da tarde, feliz de non sentir ningunha dor e de ter por fin reducido ao silencio a súa ameazante pel de lixa.

No momento no que as tintas vermellas do ocaso se extinguiron sobre as cimas, a temperatura comezou a refrescar e entón, abandonou o seu sitio empuxando a fiestra.

—Señor —díxolle unha vella señora—, faría vostede o favor de non pechar a ventá? Aquí afogamos.

Esta frase rompeu o tímpano de Rafaël polas disonancias dunha acritude singular. Foi coma a palabra imprudentemente pronunciada por un home cuxa amizade queremos crer e que destrúe unha doce ilusión de sentimento ao traizoar un egoísmo abismal.

O marqués botou sobre a anciá a fría mirada dun diplomático impasible e, despois, chamando un criado, díxolle secamente cando chegou:

—Abra esa ventá.

Ante estas palabras, unha sorpresa insólita estalou sobre todos os rostros. A asemblea enteira púxose a bisbar observando a Rafaël cun aire máis ou menos expresivo, coma se cometese algunha grave impertinencia e, sen terse despois aínda da súa primitiva timidez de mozo, encontrouse moralmente nunha situación bastante parecida a aquela na que estamos, cando nun pesadelo, nos vemos totalmente espidos no medio dalgunha festa suntuosa. Pero sacudindo a súa curtidade, recobrou enseguida a súa enerxía e pediuse contas a si mesmo sobre esta escena estraña.

De súpeto, un rápido movemento animou o seu cerebro. O pasado apareceu nunha visión distinta onde as causas do sentimento que el inspiraba tomaron relevo como as veas dun cadáver no que, con algunha sabia inxección, os naturalistas inxectaron algún colorante.

Recoñeuse a si mesmo naquel cadro fuxitivo e seguiu a súa existencia, día a día e pensamento a pensamento: véndose, non sen sorpresa, sombrío, pensativo, distraído no seo deste mundo riseiro; sempre pensando no seu destino, preocupado polo seu mal; parecendo desprezar a leria máis insignificante; fuxindo destas intimidades efémeras que se establecen rapidamente entre os viaxeiros porque contan sen dúbida con non volver encontrarse; brusco, pouco preocupado polos outros e parecido en fin aos penedos insensibles tanto aos aloumiños coma á furia das vagas ruidosas.

Despois, por un raro privilexio de intuición, puido ler en todas as almas.

Percibindo baixo a luz dun candelabro o cranio amarelo, o perfil sardónico dun vello, acordouse de que lle gañara o seu diñeiro e que lle negara o desquite; máis alá, recoñeceu unha muller bonita cuxas carantoñas recibira friamente. En fin, cada rostro aproximábao a un deses erros inexplicables en aparencia, pero cuxa ofensa subsiste e xace sempre na invisible ferida feita no amor propio. El ferira involuntariamente todas as pequenas vaidades que gravitaban ao seu redor. Os convidados das súas festas ou aqueles aos que lles ofrecera os seus cabalos, estaban irritados polo seu luxo así que, sorprendido pola súa ingratidade, evítáralles esta especie de humillación e desde entón, créndose desprezados, acusábanos de aristócrata.

Sondando así os corazóns, véndoos con lupa e descifrando os pensamentos máis secretos, sentiu horror pola sociedade e pola súa cortesía hipócrita. Rico e intelixente, tiña envexa e odio; o seu silencio burlaba a curiosidade e a súa modestia era tomada coma altiveza entre esas persoas mesquiñas e superficiais. Entón adiviñou o crime latente, irremisible, do que el era culpable: escapaba da xurisdición da mediocridade. Rebelde ante o seu despotismo inquisidor, sabía prescindir deles. Entón, querendo vingarse desta realeza clandestina, os outros estaban instintivamente unidos para facerlle sentir o seu poder, sometelo a algún ostracismo e ensinarlle que eles tamén podía prescindir del.

Sentindo piedade nun principio ante esta vista do mundo, tremeu logo pensando no débil poder que lle erguía así o veo corporal baixo o cal está enterrada a natureza moral e pechou os ollos, para non volver ver nada. De súpeto, unha cortina negra foi tirada sobre esta sinistra fantasmagoría da verdade e encontrouse nun horrible illamento sen encontrar ningún rostro amigo. A sociedade nin sequera se dignaba a maquillarse para el.

Nese momento, sufriu un violento acceso de tose. Lonxe de recoller unha soa desas palabras indiferentes en aparencia, pero que polo menos simulan unha especie de compaixón educada entre as persoas ben educadas reunidas polo azar, oíu as exclamacións hostís e as queixas murmuradas en voz baixa.

—A súa enfermidade é contaxiosa!

—O doutor debería prohibirlle entrar no salón.

—É de moi mala educación tusir así.

—Cando un home está tan enfermo, non vén aos baños!

—Fará que marche de aquí!

Rafaël ergueuse para subtraerse á maldición xeral e paseou polo salón. Despois, intentando rehabilitarse, volveu xunto á moza desocupada á que tiña intención de dirixirlle algunhas adulacións pero, cando se achegou, ela deulle as costas finxindo observar as cartas dos seus veciños.

Rafaël, temendo ter xa usado, durante aquela tarde, o seu talismán, non sentiu nin a vontade nin a coraxe de iniciar a conversa e, deixando o salón de xogo, refuxiouse na sala de billar. Alá, ninguén lle falou, nin o saudou, nin lle botou nin a máis lixeira mirada de benevolencia.

Entón, o seu espírito naturalmente meditativo reveloulle, por instinto, a causa xeral e racional da aversión da que se convertera en obxecto. Aquel pequeno mundo obedecía, sen sabelo quizais, á grande lei que rexe a alta sociedade e da que Rafaël acababa de comprender a moral implacable. Unha mirada retrospectiva amosoulle a actitude en Foedora. El non ía encontrar máis simpatía para os seus males aquí ca para as miserias do seu corazón naquela.

O mundo alegre rexeita do seu seo os desgrazados do mesmo xeito que un home de saúde vigorosa expulsa do seu corpo un principio mórbido, aborrece as dores e os infortunios, témeos, redúceos ao igual dos contaxios e non dubida nunca entre eles e os vicios: o vicio é un luxo. Por moi maxestoso que sexa un desgrazado, a sociedade sabe reduci-lo, ridiculizalo nun epigrama. Esta deseña caricaturas para tirarlles ás cabezas dos reis caídos as afrontas que recibiran antes igual ca os mozos romanos no circo, que

nunca lle perdoaban ao gladiador vencido. Vivir do ouro e da mofa. *Morte para os febles!* é o desexo desta especie de orde ecuestre. Esta sentenza está escrita no fondo de todos os corazóns opulentos.

Acórdanse dos nenos nun colexio? Esta imaxe en poucas palabras da sociedade, imaxe máis verdadeira canto máis inxenua e franca, ofrécelles sempre pobres ilotas, criaturas destinadas ao sufrimento e á dor, incesantemente colocadas entre o desprezo e a piedade. O Evanxeo promételles o ceo!

Descendan na escala dos seres organizados. Se algunha ave está ferida entre as dun curral, as outras perséguen a picadas, desplúmana e asasínana.

Fiel a esta lei do egoísmo, o mundo prodiga os seus rigores nas miserias bastante intrépidas coma para vir afrontar as súas festas e para amargar os seus praceres. Calquera que sofre física ou moralmente, por falta de diñeiro ou de poder, é un paria acurrallado nun deserto cuxo límite está prohibido pasar so a ameaza de encontrar o inverno baixo os seus pasos: frialdade nas miradas, frialdade no trato, nas palabras e no corazón e será afortunado se non colleita o insulto, onde esperaba un consolo. Moribundos, quedade nos vosos leitos abandonados! Vello, permaneced sós nos vosos fríos fogares! Pobres mozas sen dote, quedade á calor e ao frío das vosas bufardas solitarias!

Se o mundo tolera un desgrazado, é para formalo á súa maneira, tirar del proveito, pórle unha albarda, meterlle unha sela, unha funda, montalo e divertirse con el.

Caprichosas señoritas de compañía, compoñede alegres rostros; soportade o mal humor da vosa pretendida benfeitora, levade os seus cans e rivais dos seus grifóns ingleses, divertídea, comprendédea e despois calade.

E ti, rei dos criados sen librea, parasito descarado, deixa o teu carácter na casa: dixire como dixire o teu anfitrión, chora coas súas bágoas, ri co seu riso, ten por agradables os seus epigramas e, se queres falar mal del, espera a súa caída.

Así é como o mundo honra o desgrazado: mátao, bótao fóra, enviléceo ou cástrao.

Estas reflexións xurdiron do corazón de Rafaël coa prontitude dunha inspiración poética. Logo, mirando ao seu redor, sentiu, de súpeto, ese frío sinistro que a sociedade destila para afastar as miserias e que afecta a alma aínda con máis forza ca o cerzo de decembro cando deixa xeados os corpos.

Rafaël cruzou os brazos, apoiou as costas sobre a parede e sumiuse nunha melancolía profunda pensando na pouca felicidade ofrecida ao mundo, como prezo desta espantosa póliza: diversións sen praceres, delirio sen voluptuosidade, en fin toda a leña dun fogar, pero sen a chispa da chama.

Cando ergueu a cabeza, viuse só, os xogadores fuxiran e entón dos seus ollos escaparon algunhas bágoas.

—Para facer que adoren a miña tose, abondaría con revelarlles o meu poder—dixo el.

Ante este pensamento, botou o desprezo coma un manto entre o mundo e el.

Nese momento, o médico dos baños veu ao seu carón cun aire afectuoso e preocupouse pola súa saúde. Rafaël experimentou un movemento de alegría oíndo as palabras amigas que aquel lle dirixiu. Encontrou a fisionomía do doutor impresa de dozura e de bondade. Os bucles da súa perruca loura respiraban a filantropía; o corte do seu traxe cadrado, os pregues do seu pantalón e os zapatos amplos coma os dun cuáquero, todo, ata o po circularmente sementado pola súa pequena cola sobre unhas costas lixeiramente encurvadas, revelaba un carácter apostólico, expresaba a caridade cristiá e a abnegación dun home que, por celo dos seus enfermos, se obrigaba a xogar admirablemente ben ao *whist* e ao *chaquete*.

—Señor marqués —díxolle despois de falar moito tempo con Rafaël—, vou disipar a súa tristeza, sen dúbida. Agora, coñezo a súa constitución para afirmar que os médicos de París, cuxo talento non discuto, certamente, están completamente enganados sobre a súa enfermidade. A non ser que haxa un accidente, pode vivir a vida de Matusalén. Os seus pulmóns son tan fortes coma os foles dunha zafra e o seu estómago faría que se avergonzase o dunha avestruz *ma*, se permanece cunha temperatura elevada,

arríscase a estar en pouco tempo en terra santa. O señor marqués vaime comprender en dúas palabras.

A química demostrou que a respiración constitúe no home unha verdadeira combustión cuxa maior ou menor intensidade depende da influencia ou da rareza dos principios floxísticos amasados polo organismo particular de cada individuo: en vostede o floxístico é abundante. Vostede está, se me permite expresarme así, superosixenado pola súa complexión ardente, propia de todos os homes destinados ás grandes paixóns. Respirando o aire vivo e puro, que acelera a vida nos homes de fibra branda, a vostede cáusalle unha combustión xa demasiado rápida. Entón, unha das condicións da súa existencia é a atmosfera espesa das cortes, dos vales, o aire vital do home devorado polo talento está nos pastos fértiles de Alemaña, en Baden-Baden, en Toeplitz. Se non lle desgusta Inglaterra, a súa esfera brumosa calmará a súa incandescencia, pero para vostede Italia só é a *aria cattiva*.

—Tal é a miña opinión —dixo deixando escapar un xesto de modestia— e douna contra os nosos intereses dado que, se vostede a segue, teremos a desgraza de perdelo.

Sen esas últimas palabras, Rafaël quizais se sentise seducido pola falsa bondade do rancio médico pero era demasiado bo observador para non adiviñar no acento, no xesto e na mirada coa que cada frase docemente burlona foi acompañada, a misión coa que o homiño fora cargado pola asemblea dos seus alegres enfermos.

Entón, todos aqueles ociosos de boa cor, aquelas vellas aburridas, aqueles ingleses nómades e aquelas mullerciñas que escaparan dos seus maridos e que foran conducidas aos baños polos seus amantes, tiñan a intención de botar un pobre moribundo, feble, en aparencia incapaz de resistir a una persecución diaria...

Rafaël aceptou o combate vendo unha diversión nesta intriga e, entón, respondeulle ao doutor:

—Dado que sentirán que marche, vou intentar aproveitar o seu consello quedando aquí. Desde mañá, farei construír unha casa na que condensaremos o aire seguindo as súas instrucións.

O italiano, interpretando o sorriso amargamente burlón que veu errar sobre os beizos de Rafaël, contentouse con saudalo, sen encontrar nada que replicarlle.

XLIX

Ao día seguinte, despois de bordear o lago Bourget facendo o paseo habitual, Valentín sentárase ao pé dunha árbore desde onde podía contemplar o seu punto de vista favorito, a abadía melancólica de Haute-Combe, sepultura dos reis de Sardeña, prosternados diante das montañas, ao bordo do lago, coma peregrinos chegados ao termo da súa viaxe.

De golpe, un estremecemento igual e cadencioso de remos, que fendían ao lonxe as augas, turbou o silencio da paisaxe e deulle unha voz monótona, parecida aos salmos dos monxes.

Estrañado de encontrar xente paseando naquela parte do lago, ordinariamente solitario pola mañá, o marqués examinou, sen saír da súa reflexión, as persoas sentadas na barca. Recoñeceu, detrás, a vella señora que tan duramente o interpelara na véspera. Cando a barca pasou diante de Rafaël, saudouno unha soa persoa: a señorita de compañía da dama, pobre moza nobre que lle parecía ver por primeira vez.

Despois dalgúns instantes e cando xa se esquecera daquela xente, que desaparecera rapidamente detrás dun promontorio, oíu cerca súa o rozamento dun vestido e o ruído de pasiños lixeiros. Sorprendeuse de ver, ao dar a volta, a señorita de compañía e adiviñando no seu aire violento que ela quería falarlle, avanzou cara a ela.

Cunha idade aproximada duns trinta e seis anos, alta e delgada, seca e fría, estaba coma todas as solteironas, bastante incómoda ante a súa mirada que xa non era acorde cun paso indeciso, molesto e sen encanto. Ao mesmo tempo vella e nova, expresaba por unha certa dignidade de actitude o alto valor que lles daba aos seus tesouros e perfeccións. Polo resto, tiña os xestos discretos e monásticos das mulleres habituadas a amarse a elas mesmas, sen dúbida para non malograr o seu destino amoroso.

—Señor —díxolle a Rafaël—, a súa vida está en perigo. Non volva ao Casino.

Despois, retrocedeu algúns pasos, coma se a súa virtude se encontrase xa comprometida.

—Pero, señorita —respondeulle Valentin sorrindo—, por favor, explíquese claramente, posto que se dignou a vir ata aquí.

—Ah —respondeu ela—, sen o poderoso motivo que me trae, non me arriscaría a desgustar a señora condesa. E se chega a saber que lle avisei...

—E quen llo vai dicir, señorita? —preguntou Rafaël.

—É verdade —respondeu a solteirona botándolle a mirada tremente dunha curuxa ao sol—. Pero pense en vostede —dixo ela— pois varios mozos prometeron provocalo e forzalo a que se bata en duelo. Queren expulsalo dos baños... Así..

A voz da vella dama resoou ao lonxe.

—Señorita —díxolle o marqués—, grazas.

Pero ela xa escapara ao oír a voz da súa ama que, de novo, chiaba nas rochas.

—Pobre moza! As miserias enténdense e socórrense sempre! —pensou Rafaël sentándose ao pé da súa árbore.

A clave de todas as ciencias é, sen dúbida, o punto de interrogación. Debémolle a maior parte dos grandes descubrimentos ao *Como?* e a sabedoría da vida consiste quizais en preguntarse con respecto a todo *Por que?* Pero esta ficticia presciencia destrúe as nosas ilusións. Así, Valentin, despois de coller sen premeditación filosófica, a boa acción da moza como tema dos seus vagabundos pensamentos, encontrouna chea de amargura.

—Que me ame un señorita de compañía —dixo para si— non ten nada de extraordinario pois teño vinte e sete anos, un título e duascenas mil libras de renda pero que a súa ama, que lle disputa ás gatas a palma da hidrofobia, a levase a preto de min en barco, non é estraño e marabilloso? Estas dúas mulleres que viñeron a Savoia para durmir coma marmotas e que preguntan a mediodía se é día, erguéronse hoxe ás oito para facer por casualidade o mesmo percorrido ca min. Ca!

Axiña a solteirona e a súa inxenuidade cuadraxenaria adquiriron, aos seus ollos, unha nova transformación deste mundo artificioso e enredador, unha artimaña mesquiña, un complot torpe, unha manobra de cura ou de muller.

O duelo era unha fábula ou só quería meterlle medo?

Insolentes e molestas coma as moscas, aquelas almas cativas conseguiran picar a súa vaidade e, divertido quizais por este pequeno drama, foi ao Casino esa mesma tarde.

Manténdose de pé, acobadado sobre o mármore da cheminea, permaneceu tranquilo no medio do salón principal, procurando non chamar a atención sobre el, pero examinando os rostros e desafiando dalgún xeito a asemblea coa súa circunspección. Era coma un dogo seguro da súa forza que espera o combate na súa casa, sen ladrar inutilmente.

Cara á fin da velada, paseou polo salón de xogo e, indo da porta da entrada á do billar, botáballe de vez en cando unha ollada aos mozos que xogaban a partida.

Despois dalgunhas voltas, oíu que o nomeaban e, aínda que falasen en voz baixa no momento no que el chegaba á sala, adiviñou facilmente que se convertera no obxecto dun debate. Por fin, acabou por coller algunhas frases ditas en voz alta:

—Ti?

—Si, eu.

—Desafíote!

—Apostamos?

—El irá.

No momento no que Valentin, curioso por coñecer o tema da aposta, se parou para escoitar atentamente a conversa, un mozo, alto e forte, de bo aspecto pero coa mirada fixa e impertinente das persoas que se apoian nos poderes materiais, saíu do billar e dirixiuse a el:

—Señor —díxolle cun ton calmo—, teño que dicirlle unha cousa que vostede parece ignorar: o seu aspecto e a súa persoa moléstanlle aquí a todo o mundo e a min en

particular. Vostede é demasiado cortés para non sacrificarse polo ben xeral e rógolle que non apareza máis ao casino.

—Esta broma —respondeu Rafaël—, xa usada en tempos do Imperio en varias guarnicións, considérase hoxe de mal gusto.

—Non estou de broma —dixo o mozo— e repítollo: a súa saúde sufrirá moito se segue aquí. A calor, as luces, o ambiente do salón e a compañía prexudican a súa enfermidade...

—Onde estudou vostede medicina? —preguntou Rafaël.

—Señor, recibín o bacharelato no campo de tiro de Lepage en París e licencieime con Bertrand, o rei do barreno.

—Quédalle un último grao por conseguir —replicou Valentin—. Se le o código da boa educación será un perfecto xentilhome.

Nese momento, os amigos do mozo, sorrindo ou silenciosos, saíron do billar e os outros xogadores, atentos, deixaron as cartas para escoitar unha querela que alegraba todas as súas paixóns.

Só no medio daquel mundo inimigo, Rafaël tratou de conservar o sangue frío e non cometer ningún erro pero o seu antagonista, despois de permitirse un sarcasmo no que a aldraxe se envolvía dunha forma eminentemente incisiva e enxeñosa, respondeulle gravemente.

—Señor, hoxe non está permitido darlle unha labazada a un home, pero non sei con que palabra nomear unha conduta tan covarde coma a súa.

—Basta, basta! Mañá daranse explicacións... —dixeron varias voces confusas ao mesmo tempo que algúns mozos se meteron entre os dous rivais.

Rafaël saíu do salón quedando coma o ofensor, despois de aceptar unha cita cerca da abadía de Haute-Combe, e sabendo que, fose cal fose o resultado, tiña que deixar o balneario de Aix. A sociedade triunfaba.

Ao día seguinte, sobre as oito da mañá, o adversario de Rafaël, acompañado por dúas testemuñas e un cirurxián, chegou de primeiro ao campo.

—Estaremos moi ben aquí —exclamou alegremente—. Está un tempo soberbio para baterse.

E observou a bóveda azul do ceo, as augas do lago e as rochas sen ningunha segunda intención de dúbida e de loito.

—Con que lle toque o ombro —dixo el continuando—, metereino na cama para un mes, non é doutor?

—Polo menos —respondeu o cirurxián—. Pero deixe ese salgueiriño tranquilo ou cansaráselle a man e non poderá dominar o pulso. Matará o home en vez de o ferir.

—Aí o está —dixeron as testemuñas ao oír o ruído dun coche.

E, ao momento, viron unha carruaxe, xunguida por catro cabalos e dirixida por dous postillóns.

—Que estilo tan peculiar! —exclamou o adversario de Valentin—. Véñse facer matar en posta.

Nun duelo, coma no xogo, os incidentes máis lixeiros inflúen sobre a imaxinación dos actores fortemente interesados polo éxito dun disparo. Deste xeito, o mozo esperaba cunha especie de inquietude a chegada do coche.

O vello Jonathas descendeu del lentamente. Os seus movementos e os seus xestos eran pesados. Axudoulle a Rafaël a saír e sostívoo nos seus débiles brazos, prodigándolle os coidados minuciosos que un amante lle prodiga á súa amada. Entón, os catro espectadores desta singular escena experimentaron unha emoción profunda vendo a Valentin aceptar o brazo do seu servente para poñerse no lugar do combate. Pálido e descomposto, camiñaba gozoso, baixaba a cabeza e non dicía unha palabra. Parecían dous vellos igualmente avellentados, un polo tempo e o outro polo pensamento, o primeiro tiña a idade escrita nos cabelos brancos e o novo xa non tiña idade.

—Señor, non puiden durmir —díxolle Rafaël ao seu adversario.

Estas palabras glaciais e a terrible mirada coa que foi acompañada, fixeron tremer o verdadeiro provocador. Foi consciente da súa equivocación e sentiu vergonza secreta pola súa conduta. Había na actitude, na voz e no xesto de Rafaël algo estraño.

O marqués fixo unha pausa e todos imitaron o seu silencio. A inquietude e a atención chegaran ao máximo.

—Aínda está a tempo —dixo— de darme unha lixeira satisfacción, pero déama, señor, ou morrerá. Vostede aínda conta neste momento coa súa habilidade, sen renunciar á idea dun combate no que vostede cre que ten toda a vantaxe. Ben, son xeneroso e aviso da miña superioridade. Posúo un terrible poder para aniquilar a súa habilidade, para velar a súa mirada, para facer tremer as súas mans e facer palpitar o seu corazón, mesmo para matalo, abonda con que o desexe. E eu non quero verme obrigado a exercer dúas veces o meu poder pois cústame moi caro usalo. Se vostede se nega a pedirme desculpas, a súa bala irá parar ao lago a pesar de estar habituado a matar e a miña, dereita ao seu corazón sen que apunte cara a el.

Nese momento, interromperon a Rafaël unhas voces confusas. Pronunciando estas palabras, dirixira sobre o seu adversario a insoportable claridade da súa mirada fixa e despois, erguérase amosando un rostro impasible, implacable, parecido ao dun tolo friamente malintencionado.

—Faino calar —dixéralle o mozo á súa testemuña—, a súa voz retórceme as entrañas.

—Señor, pare. As súas palabras son inútiles—gritáronlle a Rafaël o cirurxián e as testemuñas.

—Señores, cumpo un deber. Desexa este cabaleiro expresar a súa última vontade?

—Basta, basta.

Entón o marqués permaneceu de pé, inmóbil, sen perder un instante de vista o seu adversario e este, dominado por un poder case máxico, estaba, coma un paxaro perante unha serpe, obrigado a sufrir esa mirada homicida: ía e viña sen cesar.

—Dáme auga, teño sede —díxolle á súa testemuña.

—Tes medo?

—Si —respondeu—, a mirada deste home é ardente e fascíname.

—Quéreslle pedir desculpas?

—Xa é tarde!

Os dous adversarios foron colocados a dez pasos un do outro. Cada un tiña, cerca, un par de pistolas e podían tirar dous tiros cando quixesen, unha vez que as testemuñas desen o sinal. Tal era o programa desta cerimonia.

—Que fas Charles?—gritou o mozo que lle servía de segundo ao adversario de Rafaël—. Metes a bala antes da pólvora.

—Estou morto —respondeu murmurando—. Puxéstesme fronte ao sol.

—Está detrás súa —díxolle Valentin cunha voz grave e solemne.

E cargaba a súa pistola lentamente, sen inquietarse polo sinal xa dado, nin pola actitude coa que o seu adversario lle apuntaba. Había naquela seguridade sobrenatural algo de terrible que afectaba mesmo os dous postillóns, levados alí por unha curiosidade cruel. Xogando co seu poder ou querendo probalo, Rafaël faláballe a Jonathas e mirábo no momento no que o seu inimigo lle disparou. A bala de Charles deu no salgueiro e rebotou na auga, mentres que a de Valentin, tirada ao chou, o feriu no corazón.

Sen poñer atención no mozo que caeu morto no acto sen soltar ningún grito, Rafaël buscou rapidamente a súa pel de lixa para ver canto lle custara unha vida humana e, vendo que lle quedaba apenas o tamaño dunha folla de álamo, deixou saír do seu peito unha especie de estertor.

—Que está a mirar aí? En marcha —dixo o marqués.

Esa tarde mesma chegou a Francia, colleu logo ruta de Auvernia e dirixiuse ao balneario do Mont-d'Or.

L

Nas augas do Mont-d'Or, Rafaël reencontrou ese mundo que se afastaba del coa présa que os animais poñen en fuxir dun deles, morto, despois de telo cheirado de lonxe. Pero o odio era recíproco. A súa última aventura producíralle unha aversión profunda pola sociedade.

Entón, a súa primeira preocupación foi a de buscar un lugar apartado nos arredores dos baños. Sentía instintivamente a necesidade de achegarse á natureza, ás emocións verdadeiras e á vida vexetativa á que nos abandonamos con tanta compracencia no campo.

Ao día seguinte da súa chegada, escalou non sen esforzo, o pico de Sancy e visitou os vales superiores, as paraxes aéreas, os lagos ignorados, as rústicas chozas do Mont-d'Or, cuxos ásperos e salvaxes atractivos comezan a tentar os pinceis dos nosos artistas. Ás veces, en efecto, el encontraba alí admirables paisaxes cheas de graza e de frescura que contrastan vigorosamente co aspecto sinistro das áridas montañas.

A pouco máis de media legua da vila, Rafaël encontrou un sitio no que, coqueta e alegre coma un neno, a natureza, parecía ter pracer por esconder tesouros. Vendo este retiro pintoresco e inxenuo, Valentin decidiu vivir alí. Alí a vida debía ser tranquila, espontánea e frutífera, coma a dunha planta.

Imaxínese un cono invertido, pero un cono de granito longamente ensanchado, especie de copa inmensa cuxos bordos estaban debuxados por estraños saíntes; que presentaba aquí, mesetas chás, sen vexetación, unidas, azuladas, e sobre as que os raios solares esvaraban coma sobre un espello; alá, rochas abertas en anacos polas roturas, engurradas polos barrancos, de onde pendían anacos de lava cuxa caída estaba lentamente preparada polas augas da choiva e frecuentemente coroada por algunhas árbores raquílicas e inclinadas que eran torturadas polos ventos. Despois, nun sitio e noutro, extensións escuras e frescas de onde se elevaba un pequeno bosque de castiñeiros altos coma cedros, ou grutas amareladas, que amosaban unha boca negra e profunda cerrada de silvas, de flores e precedida por unha mata de herba.

No fondo desta fendadura, o vello cráter dun volcán quizais, encontrábase un pequeno estanque cuxa auga pura posuía o brillo dun diamante. Ao redor desta conca profunda, bordeada de granito, de salgueiros, de gladiolos, de freixos e de mil plantas aromáticas entón en flor, reinaba unha pradería verde coma un campo de céspede inglés, pero cuxa herba era fina e bonita, sempre mollada sen dúbida polas infiltracións que chorreaban brillantes entre as fendas das rochas, e fertilizada polos despoños vexetais que as tormentas arrastraban sen pausa desde as altas cimas cara ao fondo.

Irregular, caprichosamente tallado en dentes de lobo coma o baixo dun vestido, o lago podía ter tres fanegas de extensión e segundo as distancias das rochas e da auga, a pradería tiña unha ou dúas fanegas de ancho. Nalgúns sitios, apenas quedaba espazo para que pasasen as vacas.

A certa altura, a vexetación cesaba e o granito adoptaba no aire as formas máis raras e adquiría esas cores variadas, esas belas tintas que lles dan, a todas as montañas moi elevadas, vagas semellanzas coas nubes do ceo.

Ante o doce aspecto do pequeno val, as rochas nús e peladas, opoñían as súas amargas belezas: eran as imaxes estériles e salvaxes da desolación, dos derrubamentos temibles e das formas tan fantásticas que unha das rochas era denominada *o Capuchino*, pola súa semellanza cun monxe.

Pero tamén os picoutos aguzados, as moles audaces e as cavernas aéreas se iluminaban sucesivamente, seguindo o curso do sol ou as fantasías da atmosfera e tomaban os matices do ouro, tinxíanse de púrpura, volvíanse por veces dun rosa vivo, ou apagado, ou gris: había no alto un espectáculo continuo e cambiante coma os reflexos irisados da gorxa das pombas.

Por veces, entre dúas ondas de lava que calquera separaría por medio de golpes de machado, filtrábase, á aurora e ao ocaso do sol, un bonito raio de luz e penetrando ata o fondo desta riseira vagoada, metíase nas augas da conca, parecida á raia de ouro que atravesaba a fenda dun postigo dun cuarto español, coidadosamente pechado para durmir a sesta.

Despois, cando o sol planeaba por riba do vello cráter, cheo de auga por unha revolución antediluviana, os flancos rochosos quentábanse, o vello volcán acendíase e

esa rápida calor fecundaba a vexetación, espertaba os xermolos, coloreaba as flores e maduraba os froitos deste pequeno recuncho de terra ignorado.

Cando Rafaël chegou alí, viu algunhas vacas pacendo na pradería e, cando deu algúns pasos cara ao lago, viu, no sitio no que o terreo era máis ancho, unha modesta casa construída en granito pero cuberta de madeira. Esta vella choza estaba en harmonía coa paraxe. O teito, adornado de carriza, de hedreiras e de flores, revelaba unha grande antigüidade. Da cheminea en ruínas escapaba un fume feble que xa non espantaba os paxaros. Á porta, había un banco grande, colocado entre dúas madresevas enormes, vermellas de flores e que cheiraban a lavanda. Apenas se vían os muros baixo os pámpanos da viña e baixo as grilandas de rosas e de xasmín, que crecían á aventura e sen apuro. Indiferentes ante este adorno campestre, os habitantes non tiñan ningún coidado e deixábanlle á natureza a súa graza virxe e caprichosa. Uns cueiros atados a un groselleira secaban ao sol. Había un gato estendido sobre unha máquina de triturar o cânabo e, debaixo, un caldeiro amarelo, recentemente fregado, xacía no medio dalgunhas peles de patacas.

Do outro lado da casa, Rafaël viu un valo de espiñeiros secos, destinado sen dúbida a evitar que as galiñas devastasen os froitos e o horto.

O mundo parecía acabar alí, e esta casa parecíase a eses niños de paxaros tan inxenuamente fixos nos ocos dunha rocha, ben empallados, cheos de enxeño e de negligencia todo xunto. Era unha natureza inxenua e boa, unha rusticidade verdadeira pero poética, porque florecía a mil leguas das nosas poesías adornadas, e non tiña analoxía con ningunha idea, procedía dela mesma, única, verdadeiro triunfo do azar.

No momento no que Rafaël chegou, o sol proxectaba os raios de dereita a esquerda e facía resplandecer as cores da vexetación, pondo de relevo e decorando todos os prestixios da luz e da sombra, os fondos amarelos e agrisados das rochas, os diferentes verdes das follas, os macizos azuis, vermellos ou brancos das flores, as plantas rubideiras e as súas campás, o veludo tornasolado das carrizas, os acios púrpuras do breixo e, sobre todo, a capa de auga clara onde se reflectían fielmente as cimas graníticas, as árbores, a casa e o ceo.

Era un cadro delicioso no que todo tiña o seu lustre, desde a mica brillante ata a mata de herba loura escondida nun doce claroscuro. A alma gozaba vendo a vaca

salpicada de manchas, co pelo brillante, as fráxiles flores acuáticas estendidas coma franxas e colgando por riba da auga, nun afundimento onde murmuraban uns insectos vestidos de azul e de esmeralda. A continuación, víanse as raíces das árbores, especie de cabeleiras areentas que coroaban unha informe figura de pedras. Os mornos olores das augas, das flores e das froitas que perfumaban este reduto solitario, causáronlle a Rafaël unha sensación case voluptuosa.

O silencio maxestoso que reinaba nesta fraga, esquecida quizais nos roles do receptor, foi entón interrompida polos ladridos de dous cans. As vacas, volvendo a cabeza cara á entrada do pequeno val, amosáronlle a Rafaël os seus morros húmidos e, despois de contemplalo estupidamente, volvéronse poñer a pacer filosoficamente. Suspendidos nas rochas coma por maxia, unha cabra e o seu cabrito brincaron e viñéronse colocar por riba dunha mesa de granito cerca de Rafaël, coa aparencia de interrogalo.

Por fin, os ladridos dos cans atraeron ao exterior un neno gordo que permaneceu coa boca aberta; despois, veu un vello de cabelos brancos e de talle mediano. Eses dous seres estaban en relación coa paisaxe, co aire, coas flores e coa casa. A saúde desbordaba naquela natureza fértil e a vellez e a infancia eran belas alí. En fin, había en todos estes tipos de existencia un abandono primordial, unha rutina na felicidade que lle facía un desaire aos nosos sermóns filosóficos e que curaba o corazón das súas paixóns paralizadas.

O vello pertencía aos modelos dos enérxicos pinceis de Schnetz: un rostro moreno cuxas abundantes engurras parecían rudas ao tacto, un nariz recto, pómulos saíntes e con veas vermellas coma un folla de viña vella, contornos angulosos, todos os caracteres da forza, mesmo onde a forza desaparecera. As súas mans estaban cheas de calos aínda que xa non traballasen e conservaban un pelo branco e raro e a actitude de home verdadeiramente libre, que en Italia chegaría a ser quizais salteador por amor á súa preciosa liberdade.

O neno, verdadeiro montañés, tiña os ollos negros que podían ver o sol sen pestanexar, a pel da cor do fume e os cabelos castaños despeiteados. Era listo e decidido, natural nos seus movementos coma un paxaro. Ía mal vestido pero deixaba ver unha pel branca e fresca a través das roturas da roupa.

Ambos permaneceron de pé e en silencio, un ao lado do outro, movidos polo mesmo sentimento, ofrecendo sobre a súa fisionomía, a proba dunha identidade perfecta na súa vida igualmente ociosa. O vello abrazara todos os xogos do neno e o neno o xenio do vello, especie de pacto entre dúas feblezas, entre unha forza presta a acabar e unha forza presta a moverse.

Por último, unha muller duns trinta anos e que fiaba mentres camiñaba, apareceu no limiar da porta. Aquela muller colorada era unha personificación de Auvernia: o talle, o peiteado e a roupa, os seos redondeados, o seu falar, os seus costumes laboriosos, a súa ignorancia, economía, cordialidade, todo nela era típico de Auvernia.

Saudou a Rafaël e puxéronse a conversar. Os cans entón apazugáronse. O vello sentou nun banco ao sol e o neno seguiu a súa nai por onde esta ía, silencioso, pero escoitando e examinando o estranxeiro.

—Vostede non ten medo aquí, boa muller?

—E de que haberíamos de ter medo, señor? Cando atrancamos a entrada, quen podería pasar? Non temos medo.

Saíndo da casa, Rafaël percibiu, no medio das rochas, un home que tiña unha aixada na man, inclinado, curioso e observando a casa.

—Señor, este é o meu home —dixo a muller deixando escapar un sorriso propio dos campesiños—, está traballando alá arriba.

—E ese vello é o seu pai?

—Desculpe, é o avó do meu home. Tal como o ve, ten cento dous anos. Hai pouco levou a pé o noso rapaz a Clermont. Foi un home forte pero agora non fai máis ca durmir, beber e comer. Entretense sempre co pequeno. Algunhas veces o pequeno lévao alá arriba e el vai.

Valentin enseguida decidiu vivir entre aquel vello e aquel neno, respirar a súa atmosfera, comer do seu pan, beber a súa auga, durmir co seu sono, meter o seu sangue nas veas. Capricho de moribundo!

Ser unha das ostras daquela rocha, salvar a súa cuncha uns días máis, adormecendo a morte, foi, para el, o arquetipo da moral individual, a relixión da

personalidade, a verdadeira fórmula da existencia humana, o bonito ideal de vida, a única vida, a verdadeira vida.

Veulle á mente un profundo pensamento de egoísmo onde se enterraba o universo. Aos seus ollos, xa non houbo universo ou, mellor dito, o universo estaba todo nel.

Do mesmo xeito que para os enfermos o mundo comeza na cabeceira e acaba nos pés do seu leito aquela paisaxe foi o leito de Rafaël.

LI

Quen non esprou, algunha vez na súa vida, os pasos e os camiñares dunha formiga? Quen non lle introduciu palleiras polo único orificio polo que respira un caracol? Quen non estudou as fantasías dunha señorita delicada? Quen non admirou as mil veas, coloradas coma un rosetón de catedral gótica, que se desatan sobre o fondo arrubiado das follas dun carballo novo? Quen non observou deliciosamente durante moito tempo o efecto da choiva e do sol sobre un teito de teas marróns, ou contemplou as gotas da rosada, os pétalos das flores, os debuxos variados dos seus cálices? Quen non se sumiu nesas fantasías materiais, sen fin, indolentes e ocupadas? Quen, por fin, non levou a vida do salvaxe, agás os seus traballos, a vida da infancia, a vida preguiceira?

Así viviu Rafaël durante algúns días, sen preocupación e sen desexos, experimentando unha melloría sensible, un benestar extraordinario que calmou as súas inquietudes e calmou os seus sufrimentos. Escalando as rochas, ía sentarse nun pico desde onde os seus ollos abranguían algunha paisaxe dunha inmensa extensión e quedaba alí xornadas enteiras coma unha planta ao sol, coma unha lebre no tobo ou ben se familiarizaba cos fenómenos da vexetación, coas vicisitudes do ceo, espindo o progreso de todas as obras, na terra, nas augas e no aire.

Intentou asociarse ao movemento íntimo da natureza e identificarse no posible coa súa pasiva obediencia, para caer baixo a lei despótica e conservadora que rexe as existencia instintivas. El xa non quería encargarse de si mesmo e, semellante a eses

criminais doutro tempo que, perseguidos pola xustiza, se salvaban á sombra dun altar, intentaba escorrerse no santuario da vida. Chegou a ser parte integrante daquela ancha e poderosa frutificación: esgotara as intemperies do aire, habitara todos os buratos das rochas, aprendera os costumes de todas as plantas, estudara o réxime das augas, os seus xacementos e coñecera os animais. En fin, unírase tan perfectamente a aquela terra animada que, dalgún xeito, captara a súa alma e penetrara os seus segredos. Para el, as formas infinitas de todos os xéneros, eran os desenvolvementos dunha mesma substancia, as combinacións dun mesmo movemento, vasta respiración dun ser inmenso que actuaba, pensaba, camiñaba, crecía e el quería crecer, camiñar, pensar, actuar con el, coma el. El mesturara fantásticamente a súa vida á vida desta pena, era a súa casa, a súa cuncha e implantárase alí.

Grazas a este misterioso iluminismo, convalecencia ficticia, parecida aos benfeitores delirios concedidos pola natureza como momento de paz na dor, Valentin probou todos os praceres dunha segunda infancia durante os primeiros momentos da súa estadía no medio daquela riseira paisaxe. Ía alí descubrindo cousas pequenas, emprendendo mil accións sen acabar ningunha, esquecendo ao día seguinte os proxectos da véspera; despreocupado e distraído. Era feliz e creu que estaba salvado.

Unha mañá quedara por casualidade na cama ata mediodía, sumido nese estado mesturado de vixilia e de soño que lles presta ás realidades as aparencias da fantasía e lles dá ás quimeras o relevo da existencia, cando, de súpeto, sen saber en principio se continuaba a soñar, escoitou, por primeira vez, o boletín da súa saúde que a patroa lle deu a Jonathas, quen viñera, coma cada día, pedilo.

A auvernesa, crendo sen dúbida que Valentin aínda durmía, non baixara o diapasón da súa voz montañesa.

—Non mellora, non empeora... —dicía ela—. Toda a noite tusiú a morrer... Tose, esputa, sofre este querido señor que dá mágoa. Nós preguntámonos, eu e o meu home, de onde tira a forza para tusir como tose, que parte o corazón. Que maldita enfermidade ten? Non está nada ben. Temos medo de encontralo morto na cama unha mañá. Está pálido coma un Xesús de cera. Miña nai, eu véxoo cando se ergue e o seu pobre cadáver está tan fraco coma un puñado de cravos. Incluso parece que cheira mal. Pero ten ben coraxe para non queixarse. Verdadeiramente estaría mellor en terra ca en prado, dado que sofre a paixón de Deus. Eu non o desexo, señor, non é o meu interese,

pero aínda que non nos dese o que nos dá non lle queredamos máis: non é o interese o que nos guía.

—Ah, meu Deus —dixo ela—, sempre son os parisienses os que teñen esas malditas enfermidades. Onde as collerán? Pobre mozo, seguro que non acaba ben. A febre, sabe, consómeo, cávao, arruínao... Non hai dúbida. El non o sabe, señor, el non se dá conta de nada, Hai que chorar por iso, señor Jonathas? O que hai é que pensar que será feliz de non sufrir máis. Debería ofrecer unha novena por el pois vimos bonitas curacións polas novenas e eu ofrecería de boa gana un cirio para salvar unha criatura tan doce e tan boa. É un cordeiro pascual.

A voz de Rafaël fixérase demasiado feble para que se puidese oír e tivo que sufrir esta espantosa conversa ata que a impaciencia o fixo saír do leito e aparecendo no limiar da porta:

—Vello perverso —gritoulle a Jonathas—, ti queres ser o meu verdugo!

Crendo que era un espectro, a campesiña escapou:

—Prohíboche —dixo Rafaël seguindo— que fagas ningunha pregunta sobre a miña saúde!

—Si, señor marqués —respondeu o vello servidor secando as bágoas.

—E farás moi ben, de hoxe en diante, en non vir aquí sen orde miña.

Jonathas quixo obedecer pero, antes de se retirar, botou sobre o marqués unha mirada fiel e compasiva na que Rafaël leu a súa sentenza de morte.

Sen valor, volto de súpeto ao sentimento verdadeiro da súa situación, Valentin sentou no limiar da porta, cruzou os brazos sobre o peito e baixou a cabeza.

Jonathas asustado achegouse ao seu amo.

—Señor!

—Marcha! Marcha! —gritoulle o enfermo.

Durante a mañá do seguinte día, Rafaël, despois de escalar as penas, sentárase nunha fenda chea de carriza, desde onde podía ver o camiño estreito polo que viña do

balneario ao seu cuarto. Ao pé do barranco, viu a Jonathas conversando de novo coa aldeá. Un malicioso poder interpretoulle os movementos de cabeza, os xestos desesperantes, a sinistra inxenuidade da muller, e lanzoulle mesmo no vento e no silencio as fatais palabras.

Penetrado polo horror, refuxiouse nas cimas máis altas das montañas e quedou alí ata a tarde, sen poder expulsar os sinistros pensamentos, tan desgrazadamente espertos no seu corazón polo cruel interese do que se convertera en obxecto.

De súpeto a auvernesa foi cabo del coma unha sombra da tarde e, por unha fantasía de poeta, quixo encontrar na súa saia de raias negras e brancas, unha vaga semellanza coas costelas disecadas dun espectro.

—Está caendo o relente, meu querido señor —díxolle—. Se permanece aquí, váise engurrar coma un figo paso. Hai que volver. Non é san respirar a rosada, e ademais está sen comer nada desde esta mañá.

—Pola ira de Deus —exclamou el—, vella bruxa, ordénolle que me deixe vivir ao meu xeito ou marchado de aquí! Abonda con que cavedes a miña fosa todas as mañás, pero polo menos non a removades pola tarde.

—A súa fosa, señor! Cavar a súa fosa! Onde está a súa fosa? Eu quereda velo coma o noso pai, non na fosa. A fosa. Non se vai tan rápido para a fosa

—Abonda! —dixo Rafaël.

—Agárrese ao meu brazo.

—Non.

O sentimento que o home soporta con máis dificultade é a piedade cando a merece. O odio é un tónico porque fai vivir, inspira a vinganza, pero a piedade mata, fai aínda máis feble a nosa febleza. É o mal convertido en garatuxeiro, é o desprezo na tenrura, ou a tenrura na ofensa.

Rafaël encontrou no centenario unha piedade triunfante, no neno, unha piedade curiosa, na muller, unha piedade molesta e no marido, unha piedade interesada pero, fose cal fose a forma que este sentimento amosase, estaba sempre cheo de morte. Un poeta fai de todo, un poema, terrible ou alegre, seguindo as imaxes que o golpean. A súa

alma exaltada rexeita os matices e escolle sempre cores vivas e cortadas, agora ben, esta piedade producía no corazón de Rafaël un horrible poema de dó e de melancolía.

El non pensara, sen dúbida, na franqueza dos sentimentos naturais, cando se desexa achegarse á natureza.

Cando cría que estaba só baixo unha árbore e se enfrontaba cun ataque de tose obstinada, que nunca vencía sen saír abatido pola loita, vía os ollos brillantes e diáfanos do neno, colocado en primeiro plano, agochado nunha mata de herba, coma un salvaxe e que o examinaba con esa infantil curiosidade na que había tanto de burla coma de pracer, e un interese mesturado de insensibilidade.

O terrible *Irmán, hai que morrer!* dos cartuxos estaba sempre escrito nos ollos dos campesiños cos que vivía Rafaël e el non sabía que temía máis, as súas palabras inxenuas ou o seu silencio. Todo neles o amolaba.

Unha mañá, viu dous homes vestidos de negro que se movían ao seu redor, que o cheiraban e que o estudaban ás agachadas. Despois, finxindo que viñeran alí paseando, fixéronlle preguntas banais ás que el respondeu brevemente.

Recoñeceu neles o médico e o cura do balneario, sen dúbida enviados por Jonathas, consultados polos seus hóspedes ou atraídos polo cheiro dunha morte próxima.

Entón, entrevistou o seu propio acompañamento fúnebre, oíu o canto dos abades, contou os cirios e só viu a través dun crespón, a beleza desta rica natureza, no seo da cal cría ter reencontrado a vida. Todo o que antes lle anunciaba unha longa existencia, profetizáballe agora un fin próximo.

Ao día seguinte, partiu para París, despois de ser colmado dos desexos melancólicos e cordialmente compasivos que os seus anfitrións lle dirixiron.

LII

Despois de ter viaxado durante toda a noite, Rafaël espertou nun dos máis riseiros vales do borbonesado cuxas paraxes e puntos de vista se arremuiñaban ante el, rapidamente levados coma as imaxes vaporosas dun soño. A natureza despregábase ante os seus ollos cunha cruel coquetería.

Tan pronto se vía unha perspectiva do Allier desenvolvendo a súa cinta líquida e brillante coma varias aldeas modestamente ocultas no fondo dunha garganta de rochas amarelas e que amosan a punta dos seus campanarios, como se descubrían de súpeto tras viñedos monótonos os muíños dun pequeno val, e sempre castelos riseiros, vilas colgadas ou algunhas rutas bordeadas de álamos maxestosos. O Loira e as súas ondas coma diamantes, reluciron no medio das súas areas douradas. Seducións sen fin.

A natureza axitada, vivaz coma un neno, contendo con esforzo o amor e o zume do mes de xuño, atraía fatalmente as miradas apagadas do enfermo.

Ergueu as persianas do seu coche e volveu durmir.

Cara á tarde, despois de ter pasado Cosne, espertou cunha música alegre e encontrouse diante dunha festa. Como a posta estaba situada cerca da praza, viu, durante o tempo que os postillóns tardaron en substituír o seu coche, aquela poboación alegre, os bailes, as mozas engalanadas de flores, alegres, provocativas e os mozos animados. Despois, as caras coloradas, vivas e alegres polo viño e os vellos campesiños vestidos de festa. Os neníños gritaban, as vellas rían, todo tiña unha voz e o pracer adornaba mesmo os traxes e as mesas erguidas. A praza e a igrexa tiñan en fin unha fisionomía de felicidade e os tellados, as fiestras, as portas mesmas da vila parecían estar endomingadas.

Parecido aos moribundos impacientes ante o menor ruído, Rafaël non puido reprimir unha sinistra exclamación e o desexo de imporlles silencio aos violíns, de aniquilar o movemento, de enxordecen os clamores e de disipar aquela festa insolente.

Todo aflixido, subiu no seu coche e cando mirou a praza, viu a alegría apagada, os campesiños fuxindo e os bancos desertos. Sobre o estrado da orquestra, un violinista cego continuaba a tocar unha rolda escandalosa no seu clarinete. Esta música sen bailadores, este vello solitario con perfil de estudante, en farrapos, cos cabelos espaxados e oculto na sombra dun tileiro, era coma unha imaxe fantástica do desexo de Rafaël.

Caía a cachón unha desas fortes choivas que as nubes eléctricas do mes de xuño verten tan bruscamente e que acaban enseguida.

Era unha cousa tan natural que Rafaël, despois de observar no ceo algunhas nubes brancas arrastradas polo vendaval, sen pensar en observar a súa pel de lixa, volveu situarse no recuncho do seu coche, que ao momento se puxo en camiño.

Ao día seguinte encontrouse na súa casa, no seu cuarto, xunto á cheminea. Pedira que lle acendesen un bo lume pois tiña frío. Jonathas tróuxolle as cartas. Todas eran de Pauline. Abriu a primeira sen présa, desdobrándoa coma se fose o papel agrisado dun *requirimento sen gastos* enviado polo recadador. Leu a primeira frase:

“Marchado! pero foi unha fuxida, meu Rafaël?” “Como, ninguén pode dicirme onde estás. E se non o sei eu, quen o vai saber, entón?”

Sen querer continuar, colleu friamente todas as cartas e tirounas no lume, observando cunha mirada tenra e sen calor, os ollos da chama que retorecía o papel perfumado, o endurecía, o revolvía e o esnaquizaba. Entón uns fragmentos rularon sobre as cinsas, aquí e alá; deixándolle ver os comezos das frases, das palabras, dos pensamentos a medio queimar, e que el se entretiña en collelos entre as chamas por xogo, pero case maquinal.

Agarrada á túa porta... esperado... capricho... obedezco... Rivais, eu!... non... a túa Pauline... ama... xa non máis Pauline, entón?... Se querías deixarme, non me terías abandonado... Amor eterno... Morrer!

Esas palabras producíronlle unha especie de remorsos, colleu as pinzas e salvou das chamas un último anaco de carta.

“Murmurei —dicía Pauline— pero non me queixei, Rafaël. Deixándome lonxe de ti, sen dúbida quixeches ocultarme o peso dalgunha pena. Un día, matarasme quizais,

pero es demasiado bo para facerme sufrir. Ben, non marches máis así. Veña. Eu podó afrontar os suplicios máis grandes, pero preto de ti. A pena que ti me impoñas xa non será unha pena. Sinto aínda moito máis amor por ti do que amosei. Podó soportar todo... agás chorar lonxe de ti e non saber o que ti...”

Rafaël colocou sobre a cheminea aquel anaco de papel ennegrecido polo fogo e despois, de golpe, volveu tiralo rapidamente ao lume porque era unha imaxe demasiado viva do seu amor e da súa fatal vida.

—Vai buscar o señor Prosper —díxolle a Jonathas.

Prosper veu e encontrou a Rafaël na cama.

—Meu amigo, podés comporme unha bebida lixeiramente opiácea que me manteña nunha somnolencia continua, sen que o consumo constante desa beberaxe me faga mal?

—Iso é ben doado —respondeu o novo doutor— pero será necesario, non obstante, que permanezas algunhas horas do día de pé, para comer...

—Algunhas horas? —interrompeuno Rafaël—. Non, non, só quero estar levantado unha hora como moito.

—Cal é entón o teu desexo? —preguntou Prosper.

—Dormir é seguir vivindo —respondeu o enfermo.

—Non deixes entrar a ninguén, nin sequera a señorita Pauline de Vistchnau —díxolle Valentin a Jonathas mentres o médico escribía a súa ordenanza.

—Ben, señor Prosper, hai algún remedio? —preguntoulle o vello criado ao novo doutor ao que reconducira ata a escalinata.

—Pode vivir aínda moito tempo ou morrer esta tarde! Nel, as posibilidades de vida e de morte son iguais. Non comprendo nada —respondeu o médico deixando escapar un xesto de dúbida—. Hai que distraelo...

—Distraelo! Señor, vostede non o coñece. O outro día matou un home sen dicir *uf!* Nada o distrae.

LIII

Rafaël permaneceu durante algúns días sumido na nada do seu soño ficticio. Grazas ao poder material exercido polo opio sobre a nosa alma pretendidamente inmaterial, este home de imaxinación tan poderosamente activa elevouse ata a altura dos animais preguiceiros que podrecen no seo dos bosques, baixo a forma dun despoxo vexetal, sen dar un paso, mesmo para coller unha presa fácil. El apagara a luz do ceo, o día xa non entraba na súa casa.

Cara ás oito da tarde, saía da cama e sen ter unha consciencia lúcida da súa existencia, satisfacía a fame, cunha comida lixeira que o esperaba. A continuación, deitábase axiña. As súas horas frías e engurradas só lle achegaban confusas imaxes, aparencias, sombras sobre un fondo negro. Enterrárase nun profundo silencio, nunha negación de movemento e de intelixencia.

Unha noite, espertou moito máis tarde de costume e como non encontrou a cea servida, chamou enseguida a Jonathas.

—Podes marchar —díxolle—, fíxente rico, serás feliz na túa vellez, pero non quero que xogues máis coa miña vida. Como, miserable, espertei pola fame? Onde está a miña cea? Responde.

Jonathas deixou escapar un sorriso de satisfacción, colleu unha candeia cuxa luz tremía na escuridade profunda dos inmensos cuartos e levou o seu amo, convertido en máquina, a unha vasta galería cuxa porta abriu bruscamente.

Ao momento Rafaël foi inundado por un espectáculo inaudito: viu as súas arañas cargadas de candeas, as flores máis raras do seu invernadoiro artisticamente dispostas, unha mesa escintilante de prata, de ouro, de nácara, de porcelanas, unha comida rexia, rica de pratos apetitosos, todo fumeando e irritando o padal polos sabores.

Viu os seus amigos reunidos, mulleres engalanadas e encantadoras, co colo nu, os ombros descubertos, as cabeleiras cheas de flores, os ollos brillantes e de belezas diversas, e provocativas baixo voluptuosas roupas. Unha deseñara as súas atraentes

formas cunha chaqueta irlandesa, outra levaba a vasquiña lasciva das andaluzas, esta, medio espida coma unha Diana cazadora, aquela, modesta e amorosa baixo a roupa da señorita de La Vallière, estaban igualmente consagradas á embriaguez, coma todos os seus anfitrións, pois nas súas miradas brillaban a alegría, o amor e o pracer.

No momento no que a morta figura de Rafaël se amosou na abertura da porta, unha aclamación súbita estalou, rápida e penetrante coma os raios daquela festa improvisada.

As voces, os perfumes, a luz e cerca del, dúas mulleres dunha exquisita beleza golpearon todos os seus sentidos e despertaron o seu apetito. Despois, unha deliciosa música, oculta nun salón veciño, cubriu, cun torrente de harmonía o tumulto embriagador e completou aquela estraña visión.

Rafaël, sentindo que lle apertaba a man unha man bonita, unha man de muller cuxos brazos frescos e brancos se erguían para abrazalo, receou de horror comprendendo que aquel cadro non era vago e fantástico coma as fuxitivas imaxes do seus sonhos sen cor. Entón, soltando un grito sinistro, pechou bruscamente a porta e reprobou o seu vello servidor pegándolle na cara.

—Monstro! Propuxécheste matarme —gritou.

Despois, palpitando polo perigo que acababa de correr, encontrou forzas para chegar ata o seu cuarto, bebeu unha boa dose do fármaco e deitouse.

—Que demo —dixo Jonathas erguéndose—, o señor Prosper ordenárame, con todo, que o distraese.

Era ao redor da media noite e a esta hora, Rafaël, por un deses caprichos psicolóxicos, estrañeza e desesperación das ciencias médicas, resplandecía de beleza no seu soño. Unha cor rosa viva coloreaba as súas meixelas brancas e a súa fronte graciosa coma a dunha moza, estaba chea de encanto. Sobre este rostro tranquilo e repousado a vida estaba en flor. Diríase que parecía un neniño durmido baixo a protección da súa nai. E o seu soño era un bo soño, a súa boca vermella deixaba escapar un alento compasado e puro. Rafaël sorría, transportado sen dúbida por un soño, a unha vida bela. Quizais el fose centenario, os seus fillos desexábanlle aínda longos días, e desde o seu

banco rústico, sentado ao sol, baixo as ramas, percibía, coma o profeta, no alto da montaña, nunha distancia prestixiosa, a terra prometida.

—Por fin!

Esas palabras, pronunciadas por unha voz arxentina, disiparon as figuras nebulosas do seu soño e, á luz da lámpada, viu, sentada sobre o seu leito, a súa Pauline, pero Pauline embelecida pola ausencia e pola dor.

Rafaël permaneceu estupefacto ante o aspecto daquela figura branca coma os pétalos dunha flor das augas e que, adornada con longos cabelos negros, parecía aínda máis branca na sombra. Unhas lágrimas trazaran unha ruta brillante sobre as meixelas, e quedaban alí suspendidas, preparadas a caer co menor movemento. Vestida de branco, coa cabeza inclinada e comprimindo un pouco a cama, parecía un anxo descendido dos ceos, aparición que un sopro podía facer desaparecer.

—Ah, esquecín todo! —exclamou ela no momento no que Rafaël abriu os ollos—. Só teño voz para dicirte: son para ti. Si, cerca de ti, o meu corazón é todo amor... Ah, nunca, anxo da miña vida, nunca estiveches tan guapo. Os teus ollos brillan. Eu adiviño todo. Ti fuches buscar a saúde sen min porque me temías... Ben...

—Vaite, vaite, déixame —respondeu por fin Rafaël cunha voz xorda—, vaite dunha vez. Se estás aquí, eu morro. Queres verme morrer?

—Morrer! —repetiu ela—. Acaso podes morrer sen min? Morrer! Es novo e guapo! Morrer! Eu ámote. Morrer! —engadiu cunha voz profunda e gutural.

Ela colleulle as mans cun movemento de loucura.

—Frías! —dixo ela—. É unha ilusión isto?

Rafaël tirou de debaixo da súa cabeceira o anaco da pel de lixa, fráxil e pequena coma unha folla de salgueiro e amosándolla:

—Pauline, digámonos adeus.

—Adeus? —repetiu ela cun aire sorprendido.

—Si. Isto é un talismán que cumpre os meus desexos e representa a miña vida. Mira o que me queda. Se continuas mirándome, vou morrer.

A moza, crendo que Valentin se volvera tolo, colleu o talismán e foi buscar a lámpada. Despois, iluminada pola luz vacilante, que se proxectaba sobre Rafaël, examinou moi atentamente o rostro do seu amante e o último anaco da pel máxica.

Pero el, véndoa así, bela de terror e de amor, non foi dono do seu pensamento. Entón, os recordos das escenas de aloumiños e das alegrías delirantes da súa paixón triunfaron na súa alma e, desde había moito tempo adormecidas, espertaron coma un fogo mal apagado.

—Pauline, ven, Pauline.

Da gorxa da moza saíu un grito terrible, os seus ollos dilatáronse e as súas cellas, estiradas violentamente por unha dor inaudita, apartáronse con horror. Ela lía nos ollos de Rafaël un deses desexos furiosos, antes a súa gloria e, a medida que o desexo medraba, a pel contraíase facéndolle cóxegas na man.

Sen reflexionar, fuxiu ao salón veciño e pechou a porta.

—Pauline, Pauline —gritou o moribundo, correndo tras dela—, ámote, adórote, quérote, maldígote se non me abres. Quero morrer contigo!

Entón cunha forza singular, último estalido de vida, botou a porta abaixo dunha patada e viu a súa amada, medio espida, ás vorcalladas nun canapé. Pauline intentara en van abrir o seo e para matarse axiña, buscaba estrangularse co seu chal.

—Se morro eu, el vivirá —dicía ela.

E trataba de atar o nó rebelde.

Tiña os cabelos espaxados, os ombros espidos, a roupa en desorde e nesta loita coa morte, os ollos cheos de bágoas, o rostro aceso, retorcéndose baixo unha horrible desesperación, amosáballe a Rafaël, ebrio de amor, mil belezas que aumentaron o seu delirio.

Lixeiro coma unha ave de rapina, tirouse sobre ela, de xeonllos, rompeu o chal e quixo collela nos brazos. Buscou, na súa gorxa, palabras para expresar o desexo que devoraba todas as súas forzas pero non encontrou máis ca os sons estrangulados do estertor, e cada respiración profunda parecía partir das súas entrañas. Á fin, non podendo axiña formular xa sons, mordeu o seo de Pauline.

—Que quere vostede? —díxolle ela a Jonathas quen, espantado polos gritos, aparecera e quería arrincarlle o cadáver sobre o que ela estaba deitada nun recuncho.

—É meu, eu mateino. Non o predicira xa?

Pauline ría e os seus ollos estaban secos.

CONCLUSIÓN

—E Pauline?

—Ah, Pauline!

Vostede quedou algunha vez, durante unha doce tarde de inverno, diante dun fogar doméstico, voluptuosamente entregado aos recordos de amor ou de xuventude, contemplando as raias producidas polo lume, sobre un anaco de carballo?

A combustión, caprichosa, tan pronto deseña as casas vermellas dun taboleiro de damas, como reflicte uns veludos. Despois, de súpeto, pequenas chamas azuis corren, brincan e xogan sobre o fondo ardente do braseiro.

Un pintor descoñecido serviríase desta chama e por un artificio único, no seo desas tintas violetas, púrpuras e resplandecentes, traza unha figura sobrenatural e dunha delicadeza nunca vista, fenómeno fuxitivo que o azar non repetirá nunca.

Si, é unha muller, cos cabelos ao vento, e cuxo perfil solta unha paixón deliciosa! É lume, no lume! Ela sorrí, ela suspira! Xa non a volveredes ver! Adeus, flor da chama, adeus principio incompleto, inesperado, que chegou demasiado cedo ou demasiado tarde para ser un diamante puro.

Paso libre! Paso libre que vén ela! Velaí, a raíña da ilusión! A muller que coma un bico, a muller viva coma un relampo, coma el brota do ceo e queimante, o ser non creado, todo espírito, todo amor. Ela revestiuse non sei de que corpo de chama ou, quizais a chama se animou nela. As liñas das súas formas son dunha pureza celeste. Ela vén do ceo sen dúbida? Non resplandece coma un anxo? E vostede pode case oír o estremecemento aéreo das súas ás. Máis lixeira ca un paxaro, ela abátese cerca súa e os seus terribles ollos fascínano. O seu doce e poderoso alento atrae os seus beizos por unha forza máxica; pero ela foxe e arrástrao e vostede xa non sente máis a terra. Quereriamos acariñar coa nosa man apaixonada ese corpo de neve, engurrar eses cabelos de ouro, bicar eses ollos escintilantes. Un vapor embriágao, unha música encantadora fascíno. Vostede treme todo, é todo desexo, todo sufrimento... Oh,

felicidade sen nome! Vostede tocou os beizos desta muller! De repente, unha dor atroz o esperta.

Ah, ah, a vosa cabeza golpéase coa esquina da cama. Abrazastes a caoba escura, os dourados fríos, algún bronce, un amor de cobre.

Unha bonita mañá, partindo de Tours, un mozo embarcado sobre *a Ville d'Anger*, levando pola man unha guapa muller, admirou durante moito tempo, por riba das longas augas do Loira, unha figura encantadora e branca, artificialmente nacida no seo da néboa coma un froito das augas e do sol, das nubes e do aire; sílfide, ondina a cada volta pero cos pés, áxiles e flotantes nos aires coma unha palabra buscada en van, que está no pensamento sen deixarse agarrar... A descoñecida estaba entre dúas illas, axitaba a cabeza a través dos álamos e despois, facéndose longa e xigante, facía brillar os mil pregues da súa roupa, ou brillar a auréola debuxada polo sol ao redor do seu rostro. Planeaba sobre os casaríos, sobre as lombas máis próximas, e parecía prohibirle ao barco de vapor que pasase diante do castelo de Ussé. Vostede diría que era a Dame des Belles Cousines protexendo o seu país.

—Ben, comprendo, e Foedora?

—Ah, Foedora! Vostedes volverán encontrala!

Estaba onte nos Bouffons e esta noite irá á Ópera.